



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 84

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 11 de novembro de 2014

Presidencia da Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 29229, 09/PL-000021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 21.10.2014

Publicación ampliación da prórroga do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 364, do 30.10.2014

Publicación emendas á totalidade, BOPG nº 367, do 4.11.2014

Publicación emendas ao articulado, BOPG nº 370, do 07.11.2014

Punto 2. Solicitudes de creación de comisións de investigación

Solicitud de creación dunha Comisión de investigación, a proposta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o uso de subvencións e fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia (doc. núm. 29375, 09/SCI-000009).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 07.11.2014

Punto 3. Comparecencias en pleno

29662 (09/PPP-000253)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por petición propia, para informar da evolución, situación actual e previsións do Plan de transporte metropolitano de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

Punto 4. Mocións

4.1 29659 (09/MOC-000094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axudar o sector industrial galego a saír da crise e crear emprego.

(Moción a consecuencia da Interpelación nº 25900, publicada no BOPG nº 336, do 09.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 28.10.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

4.2 29660 (09/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a xestión dos recursos públicos dirixidos a cursos de formación.

(Moción a consecuencia da Interpelación nº 27951, publicada no BOPG nº 353, do 09.10.2014, e debatida na sesión plenaria do 28.10.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

4.3 29661 (09/MOC-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras publicas.

(Moción a consecuencia da Interpelación nº 24583, publicada no BOPG nº 316, do 15.07.2014, e debatida na sesión plenaria do 28.10.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 23466 (09/PNP-001661)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o emprego do investimento destinado á ampliación da autoestrada do Atlántico (AP-9) en Vigo para educación e sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 297, do 28.05.2014

5.2 25253 (09/PNP-001810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o decreto que desenvolve o 'paquete lácteo' e harmonizar un plan para a xestión dos últimos meses de vixencia do sistema de cota láctea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 324, do 11.08.2014

5.3 26556 (09/PNP-001937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o sector do transporte de mercadorías por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 339, do 11.09.2014

5.4 27037 (09/PNP-001965)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

5.5 27071 (09/PNP-001968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre as medidas e actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

5.6 27302 (09/PNP-001987)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego á Administración Tributaria estatal relativa á consideración do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto dos pactos sucesorios de mellora e apartación no IRPF

Publicación da iniciativa, BOPG nº 346, do 24.09.2014

5.7 29045 (09/PNP-002090)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Resolución pola que se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña de alta tensión entre O Irixe e Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

5.8 29264 (09/PNP-002114)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de plans de ensino coeducativo nos centros escolares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

5.9 29381 (09/PNP-002128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda polo Goberno galego a RTVE de reposición das emisións en onda curta de Radio Exterior de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

Punto 6. Interpelacións

6.1 27556 (09/INT-001019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis
Sobre o coñecemento e actuación da Xunta de Galicia en relación
con feitos obxecto de investigación xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

6.2 27717 (09/INT-001031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas das
comunidades de montes con consorcio e/ou convenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 09.10.2014

6.3 28288 (09/INT-001048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 29685 (09/POPX-000099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre as eventuais vantaxes que poidan derivar da proximidade per-
soal ao Sr. presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

7.2 29692 (09/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a asunción de responsabilidades na xestión dos cursos de
formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

7.3 29702 (09/POPX-000101)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a resposta prevista pola Xunta de Galicia á presunta rede de
corrupción político-empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 28679 (09/POP-002657)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia, e de dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento
do acordo parlamentario adoptado na VIII lexislatura en relación co
asentamento de Ence na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

8.2 29387 (09/POP-002664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o cumprimento da lexislación vixente en materia de contratos
do sector público na execución da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 30.10.2014

8.3 28420 (09/POP-002593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa viabilidade eco-
nómica da Fábrica de Armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

8.4 29701 (09/PUP-000149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a
privatización dos estaleiros públicos da ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

8.5 25244 (09/POP-002257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento
da *World Music Expo 2014* en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 12.08.2014

8.6 27507 (09/POP-002504)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva, e Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre a ampliación do Hospital Comarcal do Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

ORDE DO DÍA

8.7 29699 (09/PUP-000148)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Martínez-Sierra López, Vidal, e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á atención aos pacientes oncolóxicos da Mariña lucense no Hospital da Costa, en Burela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 369, do 06.11.2014

8.8 28385 (09/POP-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación de desprotección en que se atopan as persoas discapacitadas do Centro San Francisco, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Proposta de modificación da orde do día

O señor Méndez Romeu solicita a palabra e, logo da súa concesión por parte da señora presidenta, intervéñ para propoñer a inclusión dun novo asunto na orde do día. (Páx. 10.)

A señora presidenta somete a votación a modificación da orde do día coa inclusión, para o seu debate, do documento número 29356 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 10.)

Votación da inclusión na orde do día deste pleno da solicitude de comparecencia do Sr. presidente da Xunta, por petición dos dezaoito deputados/as do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da coñecida como operación Zeta, que investiga a trama de recursos públicos para, teoricamente, formar parados e outros colectivos de difícil inserción laboral: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 10.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz).* (Páx. 10.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 13.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 18.) e *Sr. González Santín (S).* (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Fariñas Sobrino (P).* (Páx. 22.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 25.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 26.) e *Sr. González Santín (S).* (Páx. 27.)

Votación do texto lexislativo

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 29638: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 28.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, doc. núm.29627: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 28.)

Votación da emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 29637: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 29.)

Solicitude de creación dunha Comisión de investigación, a proposta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o uso de subvencións e fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención dos grupos parlamentarios propoñentes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 29.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios non propoñentes para fixar posicións: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 31.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 31.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)* (Páx. 33.)

Rolda de réplica dos grupos propoñentes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 35.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 35.)

Votación da solicitude

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o uso de subvencións e fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por petición propia, para informar da evolución, situación actual e previsións do Plan de transporte metropolitano de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)* (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 39.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 41.), *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 44.) e *Sr. Gómez Alonso (P)* (Páx. 46.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)* (Páx. 48.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 50.) *Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 50.), *o señor Ron Fernández (AGE)* (Páx. 51.), *o señor Fernández Fernández (S)* (Páx.52.), *o señor Gómez Alonso (P)* (Páx. 53.) e *a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle).* (Páx. 55.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as cuestións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axudar o sector industrial galego a saír da crise e a crear emprego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 59.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 60.) e *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 61.)

Nova intervención do señor Losada Álvarez (S). (Páx. 62.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a xestión dos recursos públicos dirixidos a cursos de formación. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 65.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 67.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 68.)

Nova intervención da señora Prado Cores (S). (Páx. 69.)

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta minutos da tarde.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras públicas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 73.) e *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 74.)

O señor Fernández Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 76.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axudar o sector industrial galego a saír da crise e crear emprego: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a xestión dos recursos públicos dirixidos a cursos de formación: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras publicas: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o emprego do investimento destinado á ampliación da autoestrada do Atlántico (AP-9) en Vigo para educación e sanidade. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 81.) e *Sr. Dorado Soto (P).* (Páx. 82.)

O señor Fajardo Recouso (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 83.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta comunica un cambio na orde do debate das proposicións non de lei. (Páx. 84.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o sector do transporte de mercadorías por estrada. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 86.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 87.) e *Sr. Gómez Alonso (P).* (Páx. 88.)

Nova intervención do señor Fernández Fernández (S). (Páx. 89.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez González (P).* (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 93.) e *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE).* (Páx. 95.)

O señor Rodríguez González (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 96.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D^a María do Carmen Adán Villamarín e tres deputadas máis, sobre as medidas e actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de loita contra a violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 98.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Oubiña Solla (P).* (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 102.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 103.) e *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 103.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervéñ para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 105.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Arias Veira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego á Administración tributaria estatal relativa á consideración do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto dos pactos sucesorios de mellora e apartación no IRPF. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 108.) e *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. González Santín (S).* (Páx. 110.)

O señor Puy Fraga (P) intervéñ para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Resolución pola que se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña de alta tensión entre O Irixe e Lalín. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. García García (S)* (Páx. 115.) e *Sr. Rodríguez González (P).* (Páx. 116.)

O señor Fajardo Recouso (AGE) intervéñ para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 118.)

Suspéndese a sesión ás oito e media da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Proposta de modificación da orde do día

A señora PRESIDENTA: Non se xustificaron inasistencias e antes de entrar na orde do día ten a palabra o portavoz do Grupo Socialista, o señor Méndez Romeu.

¿Para que quere a palabra, señor Méndez Romeu?

O señor MÉNDEZ ROMEU: Para a inclusión dun novo asunto, na orde do día, de acordo co artigo 73.1.

A señora PRESIDENTA: ¿Cal é o asunto?

O señor MÉNDEZ ROMEU: O asunto é o documento 29356. Solicitamos a comparecencia do señor presidente da Xunta, para dar conta dos escándalos sobre os fondos de formación na Consellería de Traballo, a coñecida como operación Zeta.

A señora PRESIDENTA: Se lle parece, entón teríamos que votar esa incorporación na orde do día. Polo tanto, antes de comezar o desenvolvemento da orde do día votamos a solicitude de inclusión, a petición do Grupo Socialista, do documento número 29356. Votamos.

Votación da inclusión na orde do día deste pleno da solicitude de comparecencia do Sr. presidente da Xunta, por petición dos dezaoito deputados/as do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da coñecida como operación Zeta, que investiga a trama de recursos públicos para, teoricamente, formar a parados e outros colectivos de difícil inserción laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude de modificación da orde do día.

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, entramos na orde do día co punto primeiro, que é o de textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Elena Muñoz Fonteriz.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2015, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos, tamén actualmente en tramitación parlamentaria.

O Goberno aprobou este texto co obxectivo de incluír medidas que doten a Administración de maior eficacia, maior eficiencia, maior simplificación e racionalización dos procedementos e mellora dos mecanismos para o incentivo económico e a viabilidade empresarial. E faíno a través deste proxecto de lei e con base na doutrina do Tribunal Constitucional, que fixa que cando hai diferentes medidas executivas e normativas que pola súa natureza deben adoptar rango de lei non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos, senón en leis específicas como a que hoxe presento. Ademais, quero lembrar que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo. Deste xeito, o Alto Tribunal configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador, e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa de goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, este proxecto de lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que con vocación de permanencia no tempo contribúen á

consecución de determinados obxectivos de orientación pluri-anual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da súa execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, se ben tamén se incorpora noutras de carácter técnico ou organización administrativa orientadas aos obxectivos antes citados.

Deste xeito, esta norma consta de dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo ás medidas de carácter administrativo. Dentro do apartado das medidas fiscais, cómpre resaltar en materia de tributos cedidos as medidas incluídas no IRPF, que buscan dous obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, incentivar a natalidade e tamén, en segundo lugar, impulsar a innovación e a utilización das enerxías renovables.

Incentivar a natalidade como primeiro obxectivo complementando con medidas fiscais o paquete de medidas que se inclúen no Plan demográfico de Galicia, un dos principais problemas que ten a nosa Comunidade Autónoma e que afronta para os vindeiros anos. Para iso modificamos a dedución xa existente por nacemento e adopción de fillos, ampliando o importe da dedución a 1.200 euros e 2.400 euros segundo se trate do segundo ou terceiro fillo, respectivamente, para o caso de que a base imponible, menos os mínimos persoal e familiar, do contribuínte fose menor ou igual a 22.000 euros, e mantendo esta dedución non só durante un ano, senón durante os tres primeiros anos de vida do neno. Ademais, para os que non teñan obriga de presentar a declaración da renda, a Consellería de Traballo e Benestar fará extensiva esta dedución fiscal a través dunha orde de subvencións específica. Estas axudas, ademais, veranse incrementadas nun 20 % no caso de rexistrarse o nacemento en concellos de menos de 5.000 habitantes. Tamén aumentamos a dedución por coidados de fillos menores no caso dos contribuíntes con dous ou máis fillos, incrementando o límite desde 400 ata os 600 euros. E ampliamos a dedución por aluguer de vivenda, duplicándoa no caso de que o contribuínte tivese dous ou máis fillos menores de idade.

Con este conxunto de incentivos Galicia convértese na Comunidade Autónoma con máis axudas á natalidade. E completamos tamén un conxunto de bonificacións fiscais, que, sumadas ás do Estado, permiten que unha familia galega que teña o seu segundo fillo poida beneficiarse de ata

9.100 euros ao ano en deducións. Unha cantidade que roza-rá os 12.000 euros en caso do terceiro fillo e seguintes.

O segundo obxectivo das deducións fiscais no IRPF é impulsar a innovación e utilización de enerxías renovables. Deste xeito, introdúcese unha dedución por doazóns para impulsar a investigación e desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica. E, ademais, introdúcese unha dedución para fomentar a utilización das enerxías renovables, cunha nova dedución para as familias que instalen na súa vivenda habitual sistemas de climatización ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables.

Outro obxectivo desta Lei de medidas é mellorar tamén a competitividade do noso sector do transporte. Para iso modificamos o alcance das devolucións do imposto sobre hidrocarburos, para permitir ao sector do transporte profesional obter a devolución da totalidade do imposto satisfeito, eliminando, por tanto, a tributación efectiva para este sector desde que no ano 2004 se establecera o tramo autonómico do imposto de hidrocarburos. Esta medida beneficiará ao 80 % do total dos transportistas, porcentaxe que se incrementa ata o 94 % no caso de vehículos pesados. Ademais, mantemos o tipo cero á exención de tributación para o caso do gasóleo que utilice o sector primario e o gasóleo de uso de calefacción.

Finalmente, no que respecta aos tributos cedidos, no caso dos tributos sobre o xogo, nesta Lei de medidas revísase a normativa vixente con modificacións de carácter técnico para unificar os criterios na aplicación das diferentes figuras que gravan o xogo cando as circunstancias concorrentes no desenvolvemento do mesmo son coincidentes ou semellantes.

En materia de tributos propios achegamos melloras na xestión, tentamos facilitar a xestión e presentación de declaracións e autoliquidacións no imposto de contaminación atmosférica.

En materia de taxas administrativas modifícase a Lei 6/2003, de taxas e prezos, para crear novas taxas ou modificar as taxas existentes. Polo seu impacto económico, destacan a creación dunha licenza única interautonómica en materia de pesca continental e unha licenza única interautonómica en materia de caza, ademais de determinadas actuacións en materia de taxas dos nosos portos.

En relación co canon da auga introducimos un cambio para non aplicalo sobre consumos involuntarios derivados de avarías na rede interna. A modificación consiste no establecemento para o caso de fugas de auga dun sistema tarifario diferente ao que rexe para usos domésticos e asimilados, coa finalidade de non penalizar ese consumo involuntario.

Finalmente, aínda no que atinxe as medidas tributarias, nesta Lei de medidas créase o imposto compensatorio ambiental mineiro. Este imposto configúrase como un tributo propio da Comunidade Autónoma, de carácter ambiental e orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos. Por tanto, non ten afán recadatorio e é un imposto ambiental finalista, co obxecto de internalizar o custo do uso que do ambiente fai a actividade mineira que se desenvolve no territorio galego, incentivar a aplicación das mellores técnicas, ferramentas e prácticas de xestión ambiental polo sector mineiro galego, favorecer a investigación e desenvolvemento de procesos mineiros máis eficientes desde o punto de vista ambiental e promover a aceleración na restauración das superficies e solos afectados.

Estas son, señorías, as medidas tributarias incluídas no proxecto de lei, que, como se ve, están orientadas ao fomento e ao incentivo da natalidade, ao fomento da competitividade dos sectores produtivos, á innovación e á protección do noso medio ambiente e fomento da utilización das enerxías renovables.

Pero este proxecto de lei tamén recolle un conxunto de medidas administrativas que buscan afondar na simplificación administrativa, na racionalización, incentivar a actividade económica e a viabilidade empresarial e seguir co compromiso de sustentabilidade das contas públicas e o control do déficit.

Simplificación administrativa en materia de urbanismo, reducindo os prazos dos informes sectoriais en materia urbanística de dezaioito a tres meses. O obxectivo é sistematizar e unificar con respecto aos informes que debe emitir a Administración autonómica o fomento da súa solicitude, o prazo para a súa emisión e, se é o caso, os efectos derivados do silencio administrativo. Esta proposta, implementada xunto co instrumento do informe único previsto na nova Lei do solo –actualmente en tramitación–, reducirá nun 50 % o

tempo empregado na tramitación dos planeamentos urbanísticos.

No ámbito do comercio modificamos a Lei de comercio interior de Galicia para adaptala tamén á simplificación de trámites administrativos que fixa o Real decreto lei 8/2014.

No ámbito da minería modifícase a Lei de ordenación da minería de Galicia coa pretensión de acadar unha maior simplificación administrativa nos procedementos de outorgamento de títulos para desempeñar actividades extractivas mineiras, para conseguir un procedemento administrativo unitario e integrado.

Tamén se incorporan nesta lei materias e actuacións en materia de racionalización no ámbito das cámaras de comercio. Con este proxecto de lei adaptamos a normativa estatal á realidade galega e sentamos as bases para o novo mapa cameral, mantendo a existencia dunha cámara por provincia e permitindo que as súas funcións poidan ser desempeñadas por outra, e permitindo a fusión e integración entre cámaras de distintas provincias, abrindo así as vías á vontade empresarial. Agora o Goberno galego inicia o proceso, xunto coas cámaras, para elaborar unha nova Lei de cámaras galega co fin de fortalecer estes organismos a través do autofinanciamento dos mesmos.

No ámbito dos servizos sociais de dependencia modificamos a disposición adicional sexta da Lei 13/2008, de servizos sociais, e engádense dúas novas disposicións adicionais. A razón é incluír as consecuencias da falta de resolución expresa no procedemento de elaboración do programa individual de atención, no do recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas solicitantes falecidas e no procedemento de declaración e cualificación do grao de discapacidade. O obxectivo é facer máis clara esta regulación no marco da Lei de servizos sociais xa existente.

Tamén no ámbito de servizos sociais, neste caso no de colaboración na prestación deses servizos a través da Axencia Galega de Servizos Sociais, buscamos facilitar a liquidación dos convenios do consorcio cos concellos de cara á súa disolución. Inténtase evitar desta forma que se converta nun impedimento á hora de asinar os novos convenios coa Axencia para incorporar as escolas infantís e os centros de día. E,

polo tanto, permítese a plena operatividade da Axencia Galega de Servizos Sociais desde o seu primeiro momento.

No ámbito tamén das medidas de racionalización e en relación co transporte escolar racionalízanse os contratos para axilizar as modificacións que se producen todos os anos en relación co transporte, e que son consecuencia da aparición de novos usuarios e da variación da reestruturación de rutas. En ningún caso estamos falando de redución do servizo, estamos falando de racionalizar e axilizar esas modificacións para un mellor funcionamento do servizo público.

No ámbito das infraestruturas adáptase a solución xuridicamente máis correcta e tecnicamente máis eficiente para executar a autovía da Costa da Morte. Con esta solución retomáranse as obras a finais deste mesmo ano e priorizáranse a execución e posta en servizo no ano 2016 do treito entre Carballo e Baio, así como a variante de Baio. Medida que provocará un aforro en gasto orzamentario de 128 millóns de euros e que suporá que ás concesionarias só se lles vai pagar o gasto incorrido, en ningún caso o gasto no que non se incorra.

Tamén medidas de racionalización eficaz en materia de xestión de fondos europeos, no ámbito das emerxencias, dotando de maior eficacia e eficiencia o réxime sancionador en materia de protección civil, e tamén en materia de caza, levando a cabo unha modificación lexislativa en aras a evitar inxustizas e dotar de maior seguridade xurídica os cidadáns na súa aplicación.

Finalmente, tamén se adapta á normativa estatal básica a Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha norma na que quero recordar que Galicia foi pioneira. O marco estatal establecido ten tres obxectivos: garantir a sustentabilidade financeira de todas as administracións públicas, fortalecer a confianza na estabilidade da economía española e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria. Obxectivos recoñecidos e recollidos na liña do artigo 135 da Constitución española.

En consonancia con este marco, este capítulo adapta a determinación do principio de estabilidade orzamentaria, que queda vinculado á situación de equilibrio ou superávit estrutural, e modifícase a instrumentación dese principio,

permitindo a situación de déficit estrutural restrinxida cando haxa reformas estruturais con efectos a longo prazo ou supostos de excepción por catástrofes naturais, recesión económica grave ou supostos de emerxencia extraordinaria. Como consecuencia do anterior elimínase o déficit tradicional por investimentos produtivos que permitía a normativa anterior.

Señorías, remato xa reiterando que estas medidas incluídas neste proxecto de lei que hoxe presento son necesarias e convenientes neste momento, e apostan pola utilización da política fiscal como instrumento de política económica, favorecendo a natalidade, a competitividade das nosas empresas e o equilibrio medioambiental, afondando na simplificación, na racionalidade, na eficacia e eficiencia da Administración autonómica, e incentivando a economía e a viabilidade empresarial. Por este motivo, solicito o apoio desta Cámara a este proxecto de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Ten a palabra polo Bloque Nacionalista Galego don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados, deputadas, no debate da Proposición de lei do Grupo Popular para reformar a Lei electoral de Galiza, e reducir os escanos deste Parlamento, afirmabamos que o tamaño do Parlamento debe estar en relación coas competencias que ten que desenvolver, para poder desenvolver, polo tanto, con normalidade a función lexislativa, o control do Executivo e a relación directa entre os representantes e os representados. E por ese motivo denunciabamos que aqueles que queren un autogoberno anano necesitan un Parlamento anano. Porque se non se acredita no autogoberno sobra o Parlamento; se o Goberno galego non exerce as súas competencias, se permite a invasión sistemática das súas competencias por parte do Estado, se non ten vontade real de autogoberno e fica reducido a unha delegación do Goberno central, sóbralle o Parlamento.

Preguntarase que ten que ver isto co que hoxe se debate. Pois ten moito que ver, señoras e señores deputados. Porque este proxecto de lei é unha nova mostra da degradación da democracia e do propio Parlamento na que está empeñado o Goberno do Partido Popular, e tamén da súa complicidade coa deriva centralista que existe no Estado español, da súa renuncia a exercer como un Goberno galego merecente de tal nome para oficiar como un simple recadeiro obediente dos ditados do Goberno central.

Dunha banda, o Goberno galego desenterra unha vella e mala práctica lexislativa: presentar xunto á Lei de orzamentos unha lei de acompañamento, tramitada, ademais, por vía de urxencia. Unha auténtica lei ómnibus que introduce multitude de cambios nun gran número de leis. Modificacións legais que deberían ser obxecto dun trámite parlamentario específico que permitise un debate reflexivo e pausado. Deste xeito, tamén nas formas o Goberno galego imita o Goberno central, abusando do recurso a medidas lexislativas urxentes. E o resultado é un caixón de xastre que non busca outra cousa que favorecer a inclusión de medidas pola porta de atrás; unhas discutíbeis, outras claramente perniciosas para o interese público, e todas elas merecedoras dun debate específico, que con este xeito de proceder se nos coarta.

Pero, ademais, esta norma, en boa medida, reproduce no ámbito das nosas competencias moitas das normas ditadas polo Goberno do Estado. O Goberno galego en vez de opoñerse a que se invadan as nosas competencias e a que o Goberno central, sen consultar sequer coas comunidades autónomas, governe a golpe de decreto en materias que afectan competencias compartidas, o que fai é asumir as normas do Goberno do Estado acriticamente, aínda que sexan prexudiciais para o noso país, articulando un procedemento excepcional para garantir a súa aplicación en Galicia.

As reformas tributarias que se propoñen neste proxecto non están orientadas á mellora da equidade e da progresividade do sistema fiscal. Son só un feixe inconexo de medidas electoralistas de curto alcance, unha batería de deducións segundo a estratexia definida, sen estaren realmente incardinadas en políticas que loiten de verdade contra a queda demográfica, impulsen a creación de emprego, potencien a efectividade do dereito á vivenda ou desenvolvan outras políticas sectoriais. Pero, en calquera caso, das medidas fiscais tere-

mos oportunidade de falar e debater devagar no trámite do Proxecto de lei de orzamentos.

Por iso permítanme que centre a miña intervención no título II, De medidas administrativas, pois nel concéntranse boa parte das propostas do Goberno, que fan que rexeitemos de plano este proxecto de lei.

Así, no eido comercial, na liña do establecido na Lei de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, aprobada polo Congreso dos Deputados, afóndase na liberalización disfrazada de redución burocrática no sector comercial. Dáse un paso máis, en definitiva, para favorecer a concentración no sector e a aniquilación do comercio tradicional e de proximidade.

Revístese tamén de simplificación administrativa restar aos concellos capacidade de intervención á hora de outorgaren autorizacións mineiras, ao suprimir o carácter vinculante dos informes municipais. Unha medida que, ademais de atentar contra a autonomía local ou de atacar a potestade dos concellos de ordenaren as actividades económicas no seu territorio, abre máis as portas á colonización de Galiza con instalacións de megaminería.

Na mesma liña tamén se devalúan os informes sectoriais na tramitación do planeamento urbanístico, ao transformar en positivo o silencio administrativo, abrindo as portas, por tanto, ás agachadas, a unha maior desprotección do patrimonio e do dominio público.

Medidas, todas elas, que representan un retorno a un modelo de ordenamento territorial insensíbel coa defensa do patrimonio e do medio ambiente.

No capítulo X redúcese de seis a tres meses o prazo para o recoñecemento das situacións de dependencia e do dereito á prestación. Tendo en conta que o silencio administrativo significa desestimar a solicitude do demandante, a consecuencia será que máis cidadáns ficarán sen prestación. Pero, iso si, a Xunta de Galiza conseguirá con esa medida maquillar de novo pola porta de atrás as cifras das solicitudes sen resolver.

En turismo faise translación da modificación da Lei de arrendamentos urbanos de 2013, desenvolvendo a regula-

ción do uso turístico de vivendas para estadias ocasionais, pese á fonda preocupación e rexeitamento que causou nos sectores afectados.

Aprovéitase a regulación das licenzas audiovisuais para conceder prórrogas irregulares aos titulares das adxudicacións que reiteradamente incumpriron os seus compromisos. Déixase así en papel mollado as normas que rexeron as adxudicacións de emisoras audiovisuais, favorecendo a operadoras privadas incumpridoras, e non o interese público.

Este caixón de xastre inclúe a posibilidade de ampliar o número de casinos a través de salas auxiliares na mesma provincia, o que pode provocar na práctica a duplicación destes establecementos con base en autorizacións de hai anos. E todo isto sen a posibilidade de avaliarmos e debatermos a súa conveniencia, señora conselleira. Tendo en conta, por exemplo, as condutas adictivas e outros problemas vencellados ao xogo.

E así poderíamos seguir. Neste proxecto tamén se traslada a normativa orzamentaria e financeira galega, o dogma fanático do déficit cero; dogma fanático porque non cabe definilo doutro xeito.

Todos os datos indican que as chamadas políticas de consolidación fiscal só contribúen a alimentar unha espiral perversa, porque dificilmente pode haber crecemento renunciando a políticas anticíclicas que contribúan á recuperación da demanda interna. E o Goberno galego empéñase en dar rango legal a unha política de estabilidade orzamentaria total e absolutamente fracasada, e ademais, particularmente lesiva para Galiza, señora conselleira e señores deputados, porque se estas políticas son contraindicadas para o conxunto de Europa, sono moito máis nun país cunha economía atrasada e dependente como a nosa, moito máis necesitada, por tanto, do investimento público como elemento tractor do seu desenvolvemento.

Pero iso non parece importarlle ao simulacro de Goberno galego que temos. Un Goberno galego que no artigo 85, referido ao transporte escolar, sitúa entre os motivos para a resolución ou modificación de contratos –e cito textualmente–: a optimización de servizos, sempre que teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. En definitiva, o cumprimento do dogma por riba do

interese social da función social que desempeña o transporte escolar.

Por último, pero non menos importante, señorías, permítanme que me refira máis detidamente á disposición adicional quinta, referida á autovía da Costa da Morte. Unha disposición que ten o rimbombante título de “Articulación dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no réxime contractual da concesión da obra pública da autovía da Costa da Morte”. Miren, por fin, sabemos o que vostedes entenden por estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira: asegurar a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira de empresas amigas a custa de saquear os recursos públicos, porque iso é o que están facendo, señores do Goberno, con esta disposición. A través dunha lei ad hoc pretenden modificar a Lei de contratos de Galiza para beneficiar á concesionaria da autovía da Costa da Morte. É escandaloso que non só non a penalicen por incumprir as condicións de adxudicación, senón que incluso a indemnicen.

Miren, a concesionaria incumpriu todos os seus compromisos. A autovía tiña que estar feita ata Baio no ano 2013 e a adxudicataria só executou a quinta parte do total da obra por non acadar o financiamento a que se comprometera. E a Xunta, en vez de penalizala, procede a resolver parcialmente o contrato de concesión á medida dos intereses da concesionaria. A concesionaria fará agora só 25 dos 42 quilómetros aos que estaba obrigada; fica eximida de facer o tramo entre Baio e Berdoias. E, aínda por riba, a Xunta compensará a concesionaria polos traballos iniciados neste segundo tramo. ¡Marabilloso! Está claro de que iso de que non se pode gastar o que non se ten non reza para todos.

Miren, señora conselleira e señores do Partido Popular, o BNG discrepa radicalmente do recurso á colaboración público-privada, que fará que unha autovía que ten un custo real de 200 millóns vai custar ás arcas públicas bastante máis do triplo. Pero discrepamos aínda máis de revisións contractuais que sacrifican o interese público para beneficiar a intereses privados. O anterior Goberno da Xunta de Galiza adxudicou 60 quilómetros de autovía en 584 millóns de euros, cun custo, por tanto, de 9.700.000 por quilómetro. O primeiro Goberno Feijóo anulou aquel concurso, fixo un concurso novo para adxudicar 42 quilómetros en 979 millóns de euros, cun custo, por tanto, de 23 millóns/quiló-

metro, máis do duplo. Diante da alarma social tivo que retroceder e adxudicala finalmente en 17.700.000 euros/quilómetro. E agora modifican o contrato e reducen a obra, e a consecuencia será que o custo por quilómetro, ¡oh, casualidade!, volve rondar os 23 millóns/quilómetro, máis do duplo que no concurso inicial. A obra redúcese nun 55 % e o prezo multiplícase nun 235 % respecto do concurso inicial.

En definitiva, unha modificación do contrato á medida dos intereses do contratista, non do contribuínte, non do interese xeral. E, ademais, evitando a libre concorrència doutras empresas. Insisto, señoras e señores: ¡marabilloso! Como dicía o cantautor Fausto: “*E assim se faz Portugal, uns vão bem e outros mal*”. *Assim se faz Portugal*, así se fai Galiza, neste caso.

Miren, señores do Partido Popular, se non é prevaricación, paréceselle moito. E vostedes mirarán o que fan, vostedes mirarán o que fan porque teñen unha responsabilidade se vostedes votan a favor disto. E anúnciolles xa que se isto non se modifica, que se se legaliza este auténtico saqueo aos recursos públicos, o BNG vai poñer estes feitos en coñecemento da Fiscalía, porque estamos ante un caso de corrupción ao que se lle pretende dar cobertura legal. (*Aplausos.*)

Cousas como estas, señorías, señores do Partido Popular, son as que nos pretenden colar de rondón pola porta de atrás con este proxecto de lei tramitado pola vía exprés. Por esa razón presentamos esta emenda de devolución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra dona Yolanda Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días a todos e a todas.

Vou comezar citando o voceiro do Partido Popular, que nestes días dicía algo que tiña sentido común, sentido común en termos gramscianos. Dicía o señor Puy que, efectivamente, as chamadas leis de acompañamento, esta Lei de modificación de medidas administrativas e fiscais, que el sabía –e leo literalmente– que a nivel teórico e de xuristas era unha lei moi controvertida. Certamente, señor Puy, é unha lei moi

controvertida e combatida, na que a comparecente, a señora conselleira de Facenda, de maneira nesgada citou o Tribunal Constitucional, pero obviando que o Tribunal Constitucional, como refiren todas e cada unha das súas sentenzas, non emite neste caso xuízo de técnica lexislativa, senón xuízo de constitucionalidade. Por tanto, son leis que di ese tribunal que son constitucionais, pero que cuestionan o que atinxe a técnica lexislativa, porque, segundo refire o Tribunal Constitucional e as distintas ocasións nas que o Tribunal Supremo se pronunciou, son unha fraude, unha estafa democrática. E son unha estafa e unha fraude democrática por xustamente isto que sinalou o señor Puy. Son moitísimos os académicos, eu vou citar un que é clásico e que, dende logo, non é un revolucionario, o señor García de Enterría, que fala alto e claro na súa doutrina do que non se debe de facer en democracia. E di así: Semella completamente insoportable esta técnica de legislar en bloque. Unha técnica en bloque asistemática, sen motivación ningunha visible. Un simple froito aparente de arbitrio –di o señor García de Enterría– e non de razón lexislativa, que parece que é o que debían de manifestarse no debate das cámaras segundo a propia teoría democrática. Por tanto, señora conselleira, é evidente que vostedes están a cometer un atropelo democrático e unha estafa ao conxunto do pobo galego.

E ¿por que é combatida esta técnica deficiente lexislativa? Pois, efectivamente, porque é unha lei ómnibus. Unha lei ómnibus que no que caso de hoxe é un proxecto de lei que ataca, cuestiona e muda máis de quince normas lexislativas, no que supón un esforzo inxente avaliar cada unha delas, e con mudanzas de fondo que cambian o carácter substancial das mesmas. E, ademais, señora conselleira, como sabe, na praxe lexislativa é unha norma que vén sendo empregada polos grupos lobbistas para pola porta de atrás acadaren os resultados que se pretenden.

O exemplo da autovía da Costa da Morte nesa disposición adicional quinta é magnífico, é o exemplo paradigmático para o que serven as leis de acompañamento. É esa porta de atrás na que se demostra unha vez máis que o Partido Popular goberna para as empresas, e, dende logo, as construtoras, para a banca e para eses que non se presentan ás eleccións. Son eles os que están dirixindo a política do noso país.

Non vou citar sentenzas do Tribunal Constitucional, son claras. O único no que xustifican a existencia destas nor-

mas é que só cando se dediquen á parte de previsión de ingresos e gastos terían sentido. Todo o que exceda dese marco, dende logo, é combatido nun sistema democrático. Insisto: é un *modus operandi* que é unha auténtica estafa para o noso país.

E é unha auténtica estafa, señora conselleira, porque vostede convirá comigo en que incorporar a doutrina reaccionaria do Opus Dei e da Redmadre na Lei de acompañamento deste orzamento non é correcto. E eu voulle poñer un exemplo. Por exemplo, a disposición derradeira primeira, señora conselleira, que é moi interesante. A min gustaríame saber por que o Partido Popular se empeña en combater as parellas de feito. Pois neste caso, segundo esta norma, a partir de agora as parellas de feito no caso do silencio administrativo, no caso de que non se responda respecto da exixencia do artigo 42 da Lei 30/1992, pois aí o silencio opera con carácter negativo. É dicir, que se non se lle contesta a unha parella de feito de calquera municipio do noso país vanse ver na obriga de acudir aos tribunais, gastando diñeiro desas familias, para exixiren algo tan sinxelo como é recoñecer un feito social, e é que hai parellas que non acceden a ese sacramento, que o é para vostedes, como é o matrimonio.

Pero tamén é o caso, por exemplo, de xustamente esas equiparacións que vostedes fan na parte de ingresos; son moi xenerosos cos *nasciturus* e son absolutamente brutais contra as clases populares. Explíquenos, señora conselleira, con racionalidade por que o *nasciturus*, o concibido, por que a doutrina do Opus Dei se incorpora no debate da lei de acompañamento destes orzamentos, xustamente en moitos dos preceptos que vostede trae aquí, porque –insisto– non son defendibles.

Que vostede presuma aquí desas mudanzas, e xa llo dixen na súa comparecencia no debate de globalidade na Comisión 3ª, que vostede presuma de que estamos na superliga das políticas de natalidade dá vergoña, señora conselleira, dá vergoña. Salvo que vostede me queira dicir a min que por esa bonificación de 1.200 euros, ou mesmo duplicada no caso de que teñan tres fillos, iso vai servir para que as familias poidan ter fillos ou poidan sobrevivir. Mire, a compañeira Eva Solla e mais eu reunímonos nestas pasadas semanas cos representantes das familias numerosas do noso país –coído que non son de extrema esquerda–, e combateron as súas políticas.

Pero –insisto– mesmo aproveitan esta norma para destacar ese ideario reaccionario do Opus Dei e mesmo tamén da Igrexa católica na lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Pero esta lei ten cuestións profundamente inxustas. Fíxese no que atinxe os ingresos e gastos. ¿Quéreme explicar tamén que ten que ver a mudanza da Lei de dependencia nesta lei de acompañamento? E explícome: o que lle faltaba para o destrozo da Lei de dependencia no noso país, que, segundo o informe do Observatorio Estatal de Violencia, dende que vostedes gobernan estamos na peor posición do Estado, é dicir, destruíron o que había, o que lle falta a esta situación terrible no noso país é que agora neste caso cando unha persoa inste o recoñecemento dunha prestación da Lei de dependencia, o silencio tamén vai ser negativo. ¡Oh casualidade!, aquí é negativo, co custo que ten, señora conselleira. Porque cando a unha familia, a unha persoa se lle nega ese dereito –insisto– ten que acudir aos tribunais, pagar as taxas xudiciais para permitir algo tan sinxelo como é unha función do Estado, dese Estado de benestar que vostedes se están a cargar. Curiosamente aquí tamén, como nas parellas de feito, o silencio é negativo. Pero, efectivamente, para as concesións mineiras e para actividades que son máis que cuestionables, aí rapidamente o silencio é positivo. Velaí o Partido Popular, a dobre vara de medir, para os seus amigos, para os que financian irregularmente o Partido Popular –e non o digo eu, con carácter presunto, dío o xuíz Ruz, e ademais fala no seu auto dunha trama, dunha asociación ilícita, dunha mafia, non o digo eu, dío o xuíz Ruz–, pois, efectivamente, aí o silencio é positivo, para espoliar o noso país.

Nós –supoño que as coñece– presentamos 43 emendas a esta norma. Estas 43 emendas teñen que ver xustamente con moitas desas materias inxustas do silencio negativo; pero tamén presentamos emendas que teñen que ver co ICAM, con ese novo imposto que vostedes crean, no que nós –como sabe–, dende logo, o primeiro que xa combatemos é que supriman a capacidade de inspección e de xestión e mesmo de recadación de imposto da Xunta de Galicia. Sabe que vostedes suprimen ese precepto e nós exiximos o mantemento dese precepto, porque o que lle faltaba ao noso país é xustamente perder esa capacidade. Pero tamén exiximos que a Comisión Galega de Medio Ambiente, que ata o de agora tiña que expedir un informe, manteña ese informe.

E tamén, señora conselleira, aínda que vostede presume delo, primeiro, combatemos a Lei de augas, porque por primeira vez é a lei de privatización das augas, dun recurso natural que nunca debería de estar privatizado, e moito menos nas mans dunha S.A. Pero é que ademais xa está estudada, señora conselleira, a pobreza que están a irrogar en moitas poboacións xustamente estes fenómenos de privatización da auga. Pero tamén nesta emenda que lle presentamos, e que vostedes fixan neses consumos involuntarios fugas, por falar claro, vostedes sinalan que se ten que producir cinco veces máis de consumo na facturación para verse –digamos– matizadas esas penalizacións. Nós na nosa emenda pedímoslle que cando haxa o dobre de consumos na facturación, obviamente, xa sexa entendido como que hai un consumo involuntario e, dende logo, non achacable ás persoas usuarias.

No que atinxe a todos os impostos contaminantes, dende logo, instamos a que se incremente o prezo que teñen que pagar as distintas empresas que contaminen. E tamén incorporamos moitos matices no ICAM coas emendas 5, 6 e seguintes, xustamente nos artigos 12, 14 e seguintes, porque nós queremos que se incorporen tamén nesa base imponible as empresas pizarreiras e de extracción de áridos. E tamén, señora conselleira, no que atinxe o artigo 17, pedímoslle, efectivamente, no caso de residuos altamente perigosos, altamente contaminantes e demais, que se penalice ou se tribute no dobre do que se ten sinalado.

Tamén, señora conselleira, no que atinxe eses favores que lles fan ás empresas, nós presentamos unha emenda. É dicir, non compartimos que no caso de empresas que estean asistidas por un concurso de acredores elas poidan percibir subvencións. Porque é o caso do que ten pasado no hospital privatizado de Vigo, é o exemplo senlleiro; é dicir, empresas quebradas que, ademais por estafas, que despois se vai demostrar, van poder seguir recibindo, non nese caso concreto pero si no caso de concursos de acredores, subvencións. Ben, eu preguntolle: no caso dun concurso de acredores culpable que como tal sexa decidido así e instado polo ministerio público, e tamén defendido pola xustiza, ¿vostede vai permitir que as empresas concursadas reciban recursos públicos? Nós dicimos que non. Insisto, e gustaríame que nos contestara se no caso de ser declarado culpable ese concurso de acredores, pois vostedes seguen dicindo que hai que darlles recursos públicos nese transvase ou saqueo

–como lle chamamos– de recursos públicos ás empresas do noso país.

Mire, Lei de xogo e apostas: apertura de salas adicionais de casino. O seu modelo social, e ademais eu escoitei tamén con atención ao señor Rueda, é de verdade o patio traseiro dos Estados Unidos de América. Vou ser fina porque pola mañá non debo dicir cousas obscenas. Pero ese é o modelo social do Partido Popular, o modelo Eurovegas, e niso é no que nos queren converter. Nós combatémolo.

Efectivamente, atacan a Lei de comercio interior de Galicia, e exixemos o mantemento da lexislación tal e como está, con todas as prevencións que tiña, salvo que o modelo tamén Marinaleda se expanda e aniquilen todo o comercio do noso país.

Efectivamente, no que atinxe a toda a Lei de patrimonio cultural de Galicia exiximos que se manteñan tal e como estaba.

A Axencia Galega de Servizos Sociais, e-galabia, combatémolo. Privatizan servizos e ademais fan un agasallo, porque estamos en tempada de eleccións e vostede faille un regalillo aos municipios amigos do 50 % de condonación da débeda.

Capítulo XII, o señor Jorquera referiuse a el, as políticas criminais do déficit. Efectivamente, pedimos a supresión do capítulo enteiro, porque esa é a causa de que esteamos como estamos, e, dende logo, non o imos permitir.

E, efectivamente, a disposición adicional quinta. Señora conselleira, a autovía da Costa da Morte, a verdade, ten demasiadas aristas, é demasiado groseiro o que vostedes van facer, e están non só cometendo unha fraude democrática, senón que están nas ringleiras do dereito penal. E falo claro: están sabendo, a consciencia están cometendo un delito, con carácter presunto. Maticen o que vai nesa disposición quinta, porque poden ter un problema máis que severo. Efectivamente, grave o que se incorpora.

E, señora conselleira, eu remato xa. Dende logo, gustaríanos que a partir de agora nunca máis volvan as políticas da reacción nas que se teñen convertido dende que vostedes gobernan, acudindo a esta lei omnibus para facer agasallos aos seus amigos e ás súas amigas. E explíquenos por que das 43

emendas que presenta Alternativa Galega de Esquerda nunha vai ser nin sequera escoitada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Socialista, señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Primeiro, iniciarei a miña comparecencia dicíndolle, señora conselleira, que vostede pasou unha parte da súa intervención xustificando esta lei de acompañamento. Normalmente, cando vimos a esta tribuna presentando unha emenda á totalidade é porque non estamos de acordo co fondo ou co contido dunha norma. Eu dígolle que hoxe o Partido Socialista non só non está de acordo co fondo desta norma, senón tamén coa forma desta norma.

Estamos ante unha lei de acompañamento dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, unha lei que se tramita como unha lei ordinaria. Este tipo de normas, tamén denominadas lei ómnibus –como xa se dixo aquí–, denomínanse así porque abarcan unha universidade de materias cun contido absolutamente heteroxéneo. Poucas cuestións teñen unha crítica tan unánime na doutrina como este tipo de leis, xa se falou aquí. E ¿por que é isto? Porque aproveitan a axilidade procedemental das leis de orzamentos sen verse afectadas polas súas restricións, perfectamente expresadas na Sentenza do Tribunal Constitucional número 76/1992, que vetaba certas materias nas leis de orzamentos.

As leis de acompañamento respectan as formas, o que se soe dicir, a letra da Constitución e da doutrina do Tribunal Constitucional, pero non así o seu espírito. Así, a doutrina afirma que as leis de acompañamento serían no fondo un trozo da Lei de orzamentos, que se tramita de forma paralela á propia Lei de orzamentos e que leva a forma dunha lei ordinaria, pero que vai seguir o mesmo procedemento e os mesmos pasos e tempos que esta Lei de orzamentos.

Tras esta exposición entenderá que cheguen as acusacións de fraude de lei destas normas, que son consideradas un mero expediente técnico dedicado a sortear as limitacións de contido que se expresan nas leis de orzamentos. Así, autores como o profesor De Castro conclúen que as leis de medidas constitúen unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucio-

nal en materia de límites ao contido das leis de orzamentos. Ao falar de límites do contido nas leis de orzamentos hai que ter en conta, sobre todo, a fundamental restrición, a que impón o artigo 134.7 da Constitución española, que impide a creación de tributos nas normas de orzamentos ou a modificación destes tributos se unha lei tributaria expresa non o autoriza de tal xeito.

Con esta lei impídese coñecer con rigor e profundidade o que ocorre nesta lei de acompañamento, xa que as cuestións incluídas nelas non se poden tratar coa fondura que se precisaría neste Parlamento.

Estas normas son contrarias á transparencia e mostran o retroceso democrático que está a ter o Goberno da Xunta de Galicia. Esta norma modifica máis de vinte leis no noso ordenamento e crea un tributo novo, o imposto de compensación medioambiental mineiro, –como lle digo– que non se podería crear na Lei de orzamentos pola prohibición do artigo 134.7 da nosa Constitución. Ademais, ao non tramitar estas normas de forma independente, límitase a calidade lexislativa, pois os grupos parlamentarios teñen que facer nunha exposición –como é o meu caso– de quince minutos máis outros cinco para debater a totalidade das normas que aparecen nesta lei ómnibus, en vez de ter este tempo para cada unha das materias que debería tratar. A isto hai que engadir que, ao non termos leis específicas para cada tema, faltan desde informes preceptivos, como pode ser o informe preceptivo do Consello Económico e Social, ata a tan necesaria participación sectorial ou a participación dos concellos e da propia Fegamp, que serían aconsellables en moitos dos temas que trata esta macrolei.

Polo tanto, xa lles digo: non nos gusta a forma e tamén pola forma pedimos a devolución desta lei.

Pero entrarei agora no fondo da norma, e empezarei como fixo vostede polo título I, Das medidas fiscais. Boa parte destas medidas fiscais, a excepción do novo imposto de compensación medioambiental mineiro, que, evidentemente, tería que ser redactado de forma expresa nunha norma específica, o resto podería terse incluído, como xa se fixo en anos anteriores, na propia Lei de orzamentos.

Entrando nalgunhas medidas que vostede comentou aquí nesta tribuna, falaba vostede das deducións do IRPF. As

modificacións que fai neste imposto son de escaso calado e límitanse a incluír unha serie de deducións que, como é o lóxico, non se poderían aplicar ata a declaración do ano 2015, é dicir, do ano que vén, do que se fará a declaración da renda no 2016, que lle recordo que é ano electoral.

Vostede falaba da dedución por nacemento de fillo, e poñíao como un exemplo de incentivación da natalidade e para mellorar o Plan demográfico da nosa Comunidade. Trátase duns beneficios fiscais, segundo vostede mesma cuantifica, de 5 millóns de euros, o que afectará aproximadamente a 13.500 familias da nosa comunidade, é dicir, un 1,5 % das familias de Galicia.

Na outra dedución por coidado de menores, valoran vostedes uns beneficios fiscais de 1,2 millóns de euros, o que afectará a unhas 4.000 familias da nosa comunidade, é dicir, o 0,5 % das familias galegas.

Con respecto á dedución polo aluguer da vivenda no caso de dous ou máis fillos, valoran os beneficios fiscais en 700.000 euros, co que estaríamos a falar aproximadamente de 3.000 familias.

E, por último, na dedución por doazóns para investigación están valorando vostedes uns beneficios fiscais doutros 700.000 euros, o que afectaría ao redor de 2.500 contribuíntes.

Todo isto sobre o que é o imposto, o volume sobre a recadación do imposto do IRPF, é unha porcentaxe de -0,5 %, unha repercusión moi cativa, desde logo, para esperar que teña efectos económicos tanto na natalidade –como vostede dicía– como no devir económico.

Para máis inri, no ano 2012 en Galicia fixéronse 1.250.000 declaracións do IRPF. Segundo os datos da propia Xunta, as deducións afectaron só a 30.000 destas declaracións, é dicir, un 2 %. Nós propoñemos, á parte de modificacións dos tipos do IRPF –como xa fixemos en anos anteriores–, aumentar o volume e o número destas deducións.

Para entrar noutros temas que vostede tocou na súa exposición, sobre o imposto sobre hidrocarburos cremos que é necesario garantir e acelerar a devolución aos profesionais do transporte do chamado “céntimo sanitario”. E o proxecto

de lei nada di neste tema; habería que marcar prazos e formas de devolución deste imposto.

Falaba vostede tamén dos impostos medioambientais e de que querían fomentar as renovables. ¡Home!, eu aquí de verdade dígolle que boto de menos que vostedes bloqueen o autoconsumo no tema de renovables e que non faciliten que a xente poida utilizar as enerxías renovables nos seus fogares e despois o exceso vendelo á rede.

Vostedes, no imposto de contaminación atmosférica, eliminan o informe da Comisión Galega de Medioambiente para a modificación de determinados elementos do mesmo e crean o xa famoso imposto compensatorio medioambiental mineiro. Calcúlase unha recadación de pouco máis dun millón de euros ao ano por este importe. Desde logo, este imposto –creo que coincidirá vostede comigo–, señora conselleira, merecería unha lei propia e específica. Nosoutros propoñemos un incremento do 25 % nos seus tipos, algo moi, moi cativo.

Pero vaime permitir vostede que faga algunhas reflexións sobre este imposto, xa que non imos ter ocasión de facelo nunha lei propia. Antes da Lei de orzamentos a Xunta anunciaba un novo canón co fin, supostamente, de paliar e compensar o impacto que teñen estas actividades no medio ambiente. Este impacto determínase en función das hectáreas alteradas e non restauradas, o tipo sería de 100.000 euros cada hectárea, ou do volume de residuos medido en toneladas depositadas, ata un máximo de 0,1 euros/tonelada. O que se vendeu como unha medida estrela acaba sendo testemuñal; como lles dicía a recadación esperada é de pouco máis dun millón de euros. Pero a min chamoume moito a atención unha nota da Consellería de Facenda do 17 de outubro, que di: que o novo canon será entre o 1 e o 1,5 % dos ingresos –e digo ben, digo “ingresos” e non “beneficios”– das empresas. Isto si que sería un imposto que recadaría cantidades suficientes. Por contra, un mes despois isto cambiouse. A verdade é que me pregunto por que e, sobre todo, a quen beneficia este cambio.

Tamén me gustaría falar de algo que non aparece nesta norma, que é o tema de Sogama. Este proxecto de lei, igual que a Lei de orzamentos, a diferenza da do ano pasado, non establece o canon de residuos que aboan os concellos a Sogama, non di nada, a pesar de ter anunciado por parte do

Goberno unha rebaixa do 10 %. ¿Que pasa?, ¿olvidóuselles meter este canon?, ¿ou o ano pasado cando había que subilo o meten e este ano que hai que baixalo –como digo– se lles olvidou?

Entrando no título II, Medidas administrativas, ao que tamén facía vostede referencia, aquí, desde logo, atopámonos de todo, absolutamente de todo. Voume centrar nalgúns temas porque sería imposible intentar abarcalos todos:

Primeiro, o tema dos casinos. A lei do ano 85 estipula que só se poden establecer casinos, un casino por provincia, e ademais que deberá en todo caso contar nun radio de 25 quilómetros cun asentamento de poboación de máis de 300.000 habitantes. Na práctica isto impide que dúas provincias galegas, Ourense e Lugo, pois poidan ter un casino. Pero agora modifícase esta norma, e mete unha particularidade, o que lle chaman “sala adicional”, que se introduce neste proxecto de lei e que implica que estas empresas que xa están establecidas na nosa comunidade poidan estar fóra do seu recinto ou o complexo onde está situado o casino, e sempre, por suposto, dentro da mesma provincia. Esta lei, señora conselleira, é un traxe á medida feito pola Xunta para beneficiar a determinadas empresas particulares que xa están establecidas na nosa comunidade. Estas salas adicionais, en realidade, son casinos novos que se adxudican sen concurso público e sen ningún tipo de control, pois só poden acudir a estas salas adicionais aquelas empresas que xa están establecidas na comunidade.

E tamén lle digo unha cousa: creo que coa que está caendo hoxe en día teñen que ter coidado a quen lle asignan estes posibles beneficios, porque algunha destas empresas aparece na trama Gürtel como aportadora de 100.000 euros. Por iso lles digo que deberían ter coidado co que están a facer.

Tamén se regulan as vivendas turísticas ou a Lei do chan. Con respecto á Lei do chan falouse moito neste Parlamento nos últimos tempos, e é unha lei que, desde logo, está en trámite, como vostede ben dicía, neste Parlamento. Sen embargo, aparecen nesta lei de acompañamento ata seis novos informes obrigatorios nos procesos de elaboración do planeamento; algo que, desde logo, parece alonxado de calquera lóxica administrativa, pero que, desde logo, tampouco conta con ningún informe nin dos concellos nin da Fegamp; como

se isto non fora con eles, métena vostedes sen nin sequera consultarlles a eles.

Modifican tamén a Lei do emprendemento, unha lei que dicían hai pouco menos dun ano que era perfecta, que era unha norma perfecta.

E acométense tamén profundos cambios –vostede dicíao– nas cámaras de comercio, industria e navegación de Galicia, como se anunciaba polo Goberno galego por un proxecto de lei. Pero, claro, non por un proxecto de lei específico, méteño vostedes nesta famosa lei ómnibus.

Por certo, non consta a participación destas institucións de dereito público no proxecto de lei, non figura o ditame preceptivo do CES –que, por certo, si aparecía na norma orixinal–, e regulan curiosamente o artigo 7 –ámbito territorial–, no que aparece –no apartado 2– o que vostede dicía na súa intervención, que di: “En cada provincia existe alomenos unha cámara oficial de comercio, industria, servizos e, no seu caso, navegación, sen prexuízo de que as súas funcións e servizos poidan desempeñarse por outras das cámaras oficiais da Comunidade Autónoma”. É dicir, que as funcións dunha cámara poden ser asumidas por calquera das restantes. A propia Confederación de Empresarios de Lugo alertaba do que podería pasar por meter nesta norma este artigo aquí de tapadillo.

O documento refírese a supostos de disolución, liquidación e extinción, pero se temos en conta a situación na que se encontra a Cámara de Lugo, tamén a de Ferrol e a de Pontevedra, podería abrirse a porta para que a Cámara de Comercio da Coruña aterre en Lugo a prestar os servizos aos empresarios de Lugo.

Non podo deixar de falar de algo que xa faláron todos os meus compañeiros e creo que vai traer moita cola, da disposición adicional quinta, que se titula “Articulación dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no réxime contractual da concesión de obra pública da autovía da Costa da Morte”. Para que nos entendamos, aquí do que se está a falar é de que pasamos a regular por lei unha resolución parcial dun contrato de concesión de obra pública. É o que estamos a facer, regular por lei a resolución parcial dun contrato de obra pública. Digo eu: ¿que pasa coa Lei de contratos? ¿Derrogárona nos últimos tempos e eu non me

enterei, ou non se cumpre? Porque aí está regulado como se teñen que facer este tipo de modificacións.

O que di de feito esta disposición quinta é que, por razóns de interese xeral e por razóns de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a Axencia Galega de Infraestruturas procederá á resolución parcial do contrato de concesión de obra pública da autovía da Costa da Morte. Isto, en realidade, é unha modificación contractual de forma unilateral, que eu non vou a entrar en se hai que facela ou non hai que facela. Pero falando de legalidade, aparece regulada na Lei de contratos, e aplicárase o artigo 92 bis da citada Lei de contratos, que di: *“Los contratos del sector público sólo podrán modificarse cuando así se haya previsto en los pliegos o en el anuncio de licitación, o en los casos y con los límites que se establecen en el artículo 92 quáter”* –non é o caso, xa llo digo eu–. *“En cualquier otro supuesto, si fuese necesario que la prestación se ejecutase en forma distinta a la pactada inicialmente, deberá procederse a la resolución del contrato en vigor y a la celebración de otro bajo las condiciones pertinentes”*. Cousa que, desde logo, non se vai facer. Aquí o que se vai facer é meterse nunha lei, co cal se impide ao resto das concesionarias que poidan recorrer, terían que ir ao Tribunal Constitucional.

Pregúntome: ¿existe informe xurídico desta disposición adicional? Ou dito doutra maneira: ¿no informe xurídico da lei estaba metida a disposición adicional cando lle fixeron o informe xurídico? Porque realmente a min paréceme imposible, porque incumpre unha lei específica de contratos –por certo, é unha lei estatal, como vostede ben sabe, que a Xunta non ten competencias, para variar, e tampouco este Parlamento, e é unha transposición dunha directiva comunitaria–.

Segundo, regula algo inaudito: unha resolución parcial dun contrato de concesión de obra pública pero só do lado da obra, porque a concesión parece que non se varía.

Por último, volvendo á realidade, ¿que é o que temos? Temos unha obra que se iniciou con 60 quilómetros –que era o que se ía facer– por un custo de 540 millóns de euros. E hoxe temos que se van facer 27 quilómetros –un 55 % menos– que van custar 617 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Xa remato, presidente.

É dicir, un 14,25 % máis. E ademais imos ter que pagar, durante vinte e cinco anos, 25 millóns de euros ao ano. Tendo en conta que por alí pasan de media –está calculado–, 2,5 millóns de coches ao ano, imos ter que pagar todos os galegos, cada vez que pase un coche por alí, 10 euros por vehículo. Algo inaudito.

E xa lle anticipo que, dado que esta norma a min me parece fóra de toda lóxica –desde logo xurídica–, imos pedir desde o Partido Socialista que os servizos da Cámara informen se esta norma está axustada á legalidade. Por certo que creo que está en contra da Lei de contratos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor González Santín.

Posicionamento sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, presentou hoxe a conselleira de Facenda o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para a tramitación nesta Cámara, cun tratamento que imos facer nesta Cámara con este proxecto de lei exactamente igual que co resto dos proxectos de lei que entran a tramitación nesta Cámara. E hoxe trázase o primeiro paso co debate de totalidade, no que os grupos da oposición e o que sustenta o Goberno expresamos a nosa opinión sobre o que nos parece o contido desa lei.

E atopámonos con que a meirande parte da oposición, salvo o Grupo Mixto, todos presentan emendas de devolución no seu trámite adecuado, emendas de devolución que imos rexeitar, todas e cada unha delas, polos motivos que despois explicarei. E, en todo caso, imos apoiar decididamente a tramitación e aprobación deste proxecto de lei.

Despois, como en todas as leis, virá o seu paso por comisión, o tratamento das emendas parciais en ponencia, que se incorporarán ao ditame da comisión para finalmente votarse

de novo neste pleno. É dicir, nada novo, todo exactamente igual que calquera outro proceso de aprobación de calquera outro proxecto de lei que presente o Goberno nesta Cámara. En calquera caso, señorías, nada do que se puxo en solfa hoxe dende esta tribuna respecto da Lei de medidas, que, como xa apuntou algún dos comparecentes, foi aplicada e aprobada por primeira vez no ano 1993 para os orzamentos do ano 1994 do Estado, a raíz dunha sentenza e da doutrina do Tribunal Constitucional respecto das limitacións que ten a lei de orzamentos para incluír certas cuestións que non pode regular, e tamén da vixencia temporal dunha lei, como é a de orzamentos, que ten un ano salvo aqueles casos nos que se prorrogue.

Señorías, unha lei, en calquera caso, que seguen a empregar e empregaron todos os gobernos do Estado e os gobernos das comunidades autónomas, un instrumento lexislativo absolutamente constitucional, democrático e lexítimo na acción política do Goberno de cara á adopción de medidas eficaces, para dar axilidade e cumprimento aos obxectivos económicos da lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

Ningunha falta de lexitimación, pois, se lle pode imputar nin ao seu exercicio nin ao seu resultado, como sinalan diversas sentenzas tamén do Tribunal Constitucional, sentenzas que sinalan que non hai precepto normativo ningún que impida ou desaconselle aos gobernos ditar normas, a través das cámaras lexislativas, de carácter multisectorial, ou cun contido heteroxéneo, pois aínda sendo así, o seu obxecto está perfectamente delimitado e determinado cando se presenta nesta Cámara. Ademais coa publicación posterior nos boletíns oficiais. E aquí entra en escena outra das cuestións que se apuntaba aquí hoxe nas intervencións dos diversos parlamentarios, que é a seguridade xurídica, coñecemento e certeza do dereito e confianza do cidadán.

O Consello Consultivo do Estado, con base na doutrina tamén do Tribunal Constitucional, en interpretación das súas sentenzas e baseándose nelas, ditamina que o principio de seguridade xurídica non pode erixirse nun valor absoluto, por canto que daría lugar á conxelación do ordenamento xurídico existente. O único límite constitucional relativo aos aspectos xurídicos ou formais nos que se conteñen estas normas básicas é que estean contidas nunha lei votada na cámara correspondente, como vai ser esta lei, señorías.

Estamos a falar, ademais, hoxe aquí nunha cámara lexislativa, e debemos defender as nosas competencias na orde de aprobación, redacción e presentación de propostas de lei, ou de modificación das mesmas, e debemos deixar noutro ámbito, no ámbito das competencias xurídicas, que xulguen sobre a capacidade, non a capacidade senón a cualidade, das normas e do tratamento procesual e regulamentario que se lle dá a cada unha delas dentro desta Cámara.

Señorías, recorremos de novo á doutrina constitucional para afirmar que a metodoloxía lexislativa máis ou menos eficiente non equivale en si mesma a unha vulneración do principio de seguridade xurídica. Porque cabe preguntarse, señorías, por que é máis democrático e outorga maior seguridade xurídica aprobar 19 leis nos orzamentos xerais do Estado e non esta lei de medidas fiscais e administrativas. ¿Por que, señorías, é máis democrático e de mellor técnica lexislativa aprobar na disposición derradeira décima da Lei de almacenamento xeolóxico do dióxido de carbono a modificación da Lei do imposto de sociedades? ¿Por que, polo mesmo motivo, é máis democrático e de mellor técnica lexislativa derrogar unha lei orgánica por medio dun real decreto, furtándolle a unha cámara lexislativa o seu dereito básico, que é o de debate das iniciativas? ¿Por que é máis democrático aprobar unha máis que heteroxénea Lei de economía sostible, aquela que nos ía sacar da *champions league*, que unha lei de medidas fiscais e administrativas, señorías?

A resposta é nidia, pero aquí o asunto é montar balbordo e espectáculo contra o Goberno a ver quen o fai máis grande e sonoro e rexeitar, como rexeitan, leis de medidas, ou leis ómnibus, como se chamaron hoxe aquí, precisamente lei ómnibus, terminoloxía que foi empregada por primeira vez en Cataluña coa aprobación dunha lei de medidas fiscais e administrativas por un goberno no que tamén forma parte o partido da señora voceira que fixo referencia en primeiro lugar ás leis ómnibus.

Digo que a resposta é nidia. Esta é unha lei necesaria, señora conselleira, necesaria porque nace un novo imposto, como é o imposto compensatorio ambiental mineiro. Cousa que sabe a oposición, porque cae nunha contradición, dado que nas emendas parciais ao articulado xa presentadas no rexistro desta Cámara eles tamén presentan novos impostos para aplicar, curiosamente aproveitan a Lei de medidas fiscais e administrativas para propoñer a creación de dous novos

impostos. O que si non nos din é como pretendían tramitalo, non nos din cal sería o método que van empregar, se nos van furtar o debate ou simplemente o van presentar nunha lei de medidas, que é o que recomenda o Tribunal Constitucional (*Aplausos.*)

Nós, señora Muñoz, estamos convencidos de que o que máis os molesta non é a forma, o que máis molesta os partidos da oposición é o fondo, é o contido desta lei, porque vai acompañando uns orzamentos –por iso o título de “lei de acompañamento”–, uns orzamentos que representan o inicio do crecemento e a creación de emprego neto. E isto que debería de ser un motivo de ledicia para todos os presentes nesta Cámara, parece ser que é un motivo de xenreira ou de desgusto para aqueles que se senten prexudicados porque se adoptan medidas que favorecen a todos os galegos, e creo que ese fondo é o que máis os molesta.

Pero nós valoramos moi positivamente este proxecto, e ímoslle dar o noso apoio a unha lei que non só é substantiva, señora conselleira, é que, ademais, é adxectiva e adverbial, porque é necesaria de cabo a rabo, porque ademais de ser imprescindible para o desenvolvemento da política económica e fiscal, e para equilibrar os gastos aos ingresos do orzamento, cumpre sobradamente os requisitos para a súa tramitación.

Pero queremos destacar a constatación dunha forma de facer política que algúns chaman “ideolóxica”, e refírome ás baixadas de impostos. De electoralista táchana algúns. Nós cremos que a baixada de impostos é a forma de dicir que a economía medra e que se xera emprego, benestar e prosperidade. Rebaixas fiscais ou redución de impostos para a oposición é ideoloxía. Pois si, deixar máis cartos nos petos dos galegos e das galegas é unha decisión ideolóxica que toma o Partido Popular desde a responsabilidade. O mantra recorrente de axudar os ricos pois efectivamente tivo que escoitarse aquí esta vez, pero eu só me pregunto cal é a estimación de riqueza para estes voceiros, ¿22.000 euros é riqueza ou non é riqueza –para unha persoa de base imponible–?. Para dúas que tributan xuntas, ¿31.000 euros é ser ricos?

Señora conselleira, nós debemos de ser bichos raros, porque nós cremos que non. Nós cremos que eses pertencen á clase media, o que Summer chamaba *O home esquecido*, aquel

que está sempre no medio e que todos se olvidan del. A eles van dirixidas estas medidas e reducións fiscais que xa relatou, sobrada e claramente, a conselleira na súa exposición.

Señorías, quero facer algunhas puntualizacións, tamén, dalgunhas das cousas que se dixeron aquí hoxe. Falouse moito da autovía da Costa da Morte, e tivemos que escoitar cousas novidosas, como dicir que era prevaricación votar nesta Cámara leis que consideramos que deben de levar o voto positivo. Isto é inaudito, ou sexa, nunca na vida escoitamos cousa semellante. Pero, bueno, votar nun Parlamento parece ser que se vai converter, a partir de agora, nun esperpento.

Delito, pero non reclamaron delito ningún os mesmos que agora si o fan cando unha decisión do Goberno central rematou con aquel coñecido –¿como era?– Plan Galicia de mier..., que contemplaba a autovía, precisamente, da Costa da Morte, e suprimírona dun plumazo; tamén sen debate, señorías, tamén sen debate. Pero se aquela obra estivera contemplada e vixente, hoxe non estaríamos falando disto. E teño que dicir que en lugar de rir a graza ben puideron opoñerse aos que pretendían e conseguiron eliminar esta obra e o plan, pero que non contaban cunha maioría absoluta, senón que necesitaron apoios por parte da oposición.

E respecto da propia licitación da obra, digamos que incorreron vostedes nunha baixa temeraria do 53 %, porque licitaron a obra en 975 millóns e adjudicárona en 545. Mentres, pola porta de atrás, negociaban as baixas de canon no plan económico e financeiro. Puxeron tres primeiras pedras, efectivamente, que foron tres estafas para o pobo e para os bolsillos dos galegos. Nós tratamos de garantir a continuidade da prestación dun servizo público axustando o gasto plurianual a un novo escenario orzamentario. Facer firme esta garantía é imprescindible para facer revisar os contratos, como dicía o señor Santín, pero nin un euro se vai devolver, señor Jorquera, que non estea investido; nin un euro vai ir a quebranto de beneficio, nin un euro.

Sen embargo, os compromisos orzamentarios futuros van implicar que a consellería aforre 127 millóns de euros de todos os galegos, que van poder ser destinados a outras infraestruturas. É unha medida, ademais, tecnicamente eficiente, pois converte en actuación viable unha que no día de hoxe non o é.

Pero ademais é que conta, aínda que aquí se dixo o contrario, con todos os avais xurídicos necesarios para saír adiante. E non mereceu comentario especial ningún pola asesoría xurídica xeral, pois non atopou, textualmente, aspectos que formulen dúbidas, e considera adecuada tanto a técnica xurídica como a normativa, como así lle contestou ao Bloque Nacionalista Galego a unha pregunta escrita o día 30 de outubro. Iso si, solicitaron despois, outra vez, outro informe, cando xa estaba este incorporado á documentación.

Con isto, señorías, queremos dicir que son unhas normas necesarias, como necesario é, e novidoso, o imposto de compensación ambiental mineiro, que constitúe un feito impositivo sen precedentes, nin en España nin en Europa, só co obxectivo de facer disuasión de todos aqueles proxectos que non presenten un plan de restauración e de rehabilitación compensatorio polo dano que poida crear a extracción de produtos metálicos da minería. Só os metálicos, dos que van quedar excluídos as pizarras, a extracción de áridos e o granito; aínda que algúns queren que isto tamén estea contemplado na reforma da lei.

Señorías, non hai motivo ningún para non apoiar, desde o noso punto de vista, esta medida. Contención do gasto público, rebaixa de impostos, aposta polas persoas e polos sectores produtivos para xerar emprego serán os eixes para un escenario de maior liberdade para todos. Hoxe tamén iniciamos ese debate de contrastes de modelos, por un lado, o conxuntural e errático, catastrofista, de balbordo continuo,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...en contra de todo o que solicita o presidente, incluso que incumpra as leis, porque cumprilas parece ser que conduce a un camiño contrario á soberanía. E, por outro lado, atopará vostede a comprensión dun grupo parlamentario, ademais do seu apoio, para un modelo rigoroso, para un modelo solvente e apoiado pola maioría dun pobo que sempre nos terá ao seu lado para mellorar o seu benestar.

Polo tanto, nada máis.

Moitas grazas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariñas.

Réplica dos grupos emendantes. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Fariñas, está claro que vostede e eu no único que coincidimos é no deportivismo e na análise dos problemas que nestes momentos está atravesando este equipo. Pero, mire, eu na miña intervención non falei en ningún momento de ilegalidade, agás para referirme á disposición adicional quinta. O que falei é de calidade da democracia, ou de degradación da democracia, de posta en valor deste Parlamento, ou de devaluación e degradación deste Parlamento. Se a vostede lle parece normal, desde un punto de vista democrático, que, por poñer un exemplo, eu na miña intervención inicial falese de política fiscal, medidas tributarias, comercio, minería, urbanismo, servizos sociais, turismo, licenzas audiovisuais, casinos e autovías, porque todo iso está contido neste proxecto de lei —e deixei moitas cousas no tinteiro—, se a vostede lle parece normal ese xeito de legislar e, polo tanto, ese xeito de furtar un debate profundo, reflexivo e demorado deste Parlamento, desde logo, ao BNG non. Parécelle un exemplo de degradación da democracia e de ninguneo e devaluación deste Parlamento.

Pero, dito isto, quería centrar no aspecto que nós consideramos máis escandaloso deste proxecto de lei. E non vou reiterar datos que xa aportamos na nosa intervención inicial e que aportaron tamén outros portavoces. Simplemente quero dicirlle á señora conselleira que eu, efectivamente, son de letras, pero aínda sendo de letras vostede na súa intervención aportou o dato de que esta revisión do contrato e rescisión parcial do contrato vai significar un aforro de 128 millóns de euros. Bueno, entón non fago contas, claro, entón vostede está dicindo que a concesionaria desta autovía queda eximida de facer un 40 % dos quilómetros previstos no concurso que agora se modifica a cambio dun aforro dun 17 %. Bueno, pois a min isto paréceme saquear os recursos públicos.

Logo, o señor Fariñas di que non vai ser indemnizada por nada que non se investise, ¿a que se refire?, ¿ao movemento de terras?, ¿ao destrozo entre Baio e Berdoias?, ¿que vai ficar así polos incumprimentos dunha empresa que incumpre

total e absolutamente, de xeito reiterado, as condicións contractuais? ¿E quen se vai facer cargo da reposición desa desfeita, de todos os movementos de terras e explanacións entre Baio e Berdoias? ¿Pódenolo aclarar?, ¿quen se vai facer cargo?

Insisto, volvendo ao argumento inicial, eu non son de números, eu son de letras, pero os números o que demostran é que vostedes están apostando por unha fórmula que vai significar triplicar o custo que tería significado que esta autovía fose executada directamente pola Administración pública.

E quero rematar cun emprazamento moi claro, dirixido á señora conselleira, que sabe que me merece todos os respectos, pero, desde logo, discrepamos profundamente do que entendemos unha clara ilegalidade que se pretende introducir a través desta disposición adicional quinta. Señora conselleira, se non se compromete o Goberno da Xunta a retirar esta disposición adicional acudiremos á fiscalía. Estou falando en serio, señora conselleira. Se non hai ese compromiso tallante de retirar esta disposición adicional acudiremos á fiscalía.

O BNG non está a favor da xudicialización da política, pero ao que non está disposto é a que se utilicen os recursos públicos para beneficiar intereses privados á custa do interese xeral, e a que se cometan ilegalidades, aínda que se lle pretendan dar un marchamo legal. Por ese motivo, se non se retira, se non hai ese compromiso taxativo, acudiremos á fiscalía.

E insisto, señoras e señores do Partido Popular, vostedes verán o que fan, porque teñen unha responsabilidade, tamén, como deputados e como deputadas. E non vaia ser que ao final, por este asunto, acabe imputado todo o Grupo Popular e todo o Consello da Xunta de Galicia; non sería raro, hai precedentes: Concello de Santiago de Compostela. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Fariñas, a verdade, si que a súa reflexión –con todo o cariño tamén que lle teño– é preocu-

pante. Interrogarnos tantas veces sobre por que non era democrático facer isto é gravísimo cando nesas preguntas, que vostede se esforzaba a facer, estaba a resolución da problemática. E é que non é o mesmo o trámite de urxencia no que aquí se están a atacar –insisto– máis de quince normas que exirían un debate, primeiro, sereno, e segundo, cun trámite ordinario de debate desas normas, pero o máis importante en democracia, coñecido por este Parlamento, é tamén en democracia coñecido con absoluta transparencia pola cidadanía do noso país, que é o que están a cuestionar todos os tribunais, incluído o Tribunal Constitucional.

Eu non vou discutir con vostede do que din as distintas sentenzas, pero insístolle en que están a sinalar que non hai razóns nestas normas de falta de constitucionalidade, pero si que hai razóns de auténtico ataque á técnica correcta nunha democracia, á técnica lexislativa, e falan as sentenzas de fraude á democracia. Entón, que vostedes nos pregunten aquí sobre isto é gravísimo.

Segunda cuestión, señor Fariñas, non se trata de balbordo, o balbordo estou creando o Partido Popular cando incorpora esta norma, que é definida como lei omnibus polos tribunais, non por esta voceira, polos tribunais. E esa lei omnibus que, ademais, lle volvo dicir, é aproveitada para cumprir cos agasallos ou coas peticións dos grupos lobbistas, señor Fariñas. O balbordo vén provocado polas ringleiras do Partido Popular, insisto, caso senlleiro a autovía da Costa da Morte.

E volvemos insistir, imos ver como acaba esta cuestión, vostede aduciu unha praxe terrible –que así nos vai– na democracia, que é o “ti máis”, e ademais mirar cara a atrás, poñer o espello retrovisor. A verdade, se vostede aducía aos gobernos anteriores sinalando que podería haber algún tipo tamén de irresponsabilidade ou vulneración normativa, o que debeu facer vostede, de ser así, era acudir aos tribunais. Como non o fixeron, dende o Partido Popular a cousa está zaxada, señor Fariñas.

Pero, mire, o máis preocupante da reflexión que vostede fixo aquí é que máis alá da discusión académica que hai sobre se existen as clases medias ou non existen –unha discusión para longo–, no que todos os académicos están de acordo nestes intreos é que o que están a provocar as políticas dos neocóns, singularmente en Galicia do señor Alberto Núñez Feijóo, é que se están cargando, cepillándose, as chamadas clases

medias. Xa non hai clases medias, señor Fariñas, hai pobres. Xa os traballadores e traballadoras non son mileuristas, son pobres.

E segunda cuestión, señor Fariñas, na segunda intervención, por favor, explíquenos por que exclúen –ou a conselleira– a extracción de pizarra e outros áridos dese novo tributo que crean. Porque, ¿quéreme dicir vostede que a extracción de pizarra e doutros áridos non é altamente contaminante? A min pásame como ao señor Jorquera, son de letras, pero ata iso eu sei que a extracción de pizarra é altamente contaminante. ¿Atenden vostedes os intereses dos pizarristas de Valdeorras que actúan, ás veces, presuntamente como unha auténtica mafia? ¿A quen están defendendo vostedes, señor Fariñas?

Remato con outra cousa –que non tiven tempo na primeira intervención–, que tamén é moi grave, e que xa discutín con vostede nun debate. Artigo 85, “Racionalización dos contratos do transporte escolar”. Agora vostedes, como defenden as clases medias, van atacar tamén o transporte escolar, porque, efectivamente, en Galicia temos unha poboación dispersa e saímos moi caros. E vou ler o que di a proposta da Lei de acompañamento, artigo 85: “Para os efectos do disposto na lexislación de contratos aplicable aos contratos de transporte escolar da Xunta de Galicia, considerarase que concorren motivos de interese público para a súa resolución e/ou modificación nos supostos” –aquí falan vostedes eufemisticamente– “de actuacións de racionalización e estruturación derivadas de cambios nas condicións dos trazados e infraestruturas viarias, no número e características dos pasaxeiros e na rede de centros de ensino, así como de necesidades de optimización dos servizos, sempre que estas últimas teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Señor Fariñas, xa discutimos unha vez sobre isto, que o seguinte paso que van facer vostedes é cargarse o transporte escolar do noso país.

Por tanto –insistimos–, instamos a devolución deste proxecto de lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Socialista, señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Bueno, señor Fariñas, fixo vostede na súa intervención, desde logo, certas aseveracións que, cando menos, son curiosas. Decía vostede que o que se aproba nesta Cámara é legal. Será legal, supoño, se é que temos competencias para facelo, ese será o primeiro requisito, para ver, da legalidade. Despois, á parte de ser legal, o que se aproba nesta Cámara, señor Fariñas, creo que tamén ten que ser transparente, creo que é unha cousa fundamental, e creo que tamén ten que ser democrático. Entón, non chega só con ser legal.

Tamén se preguntaba vostede algo que a min me chamou moitísimo a atención, porque vostede é un deputado que xa leva aquí tempo. Decía, corríxame... (*O señor Fariñas pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Coma min? Bueno, pois entón, ben. Xa temos, logo, a suficiente experiencia para saber que non é o mesmo –como vostede decía– aprobar unha lei con dezanove puntos que dezanove leis.

Vostede dixo que a legalidade era a mesma. Non, mire, a legalidade pode ser a mesma, pero o debate e a discusión non ten nada que ver, porque con dezanove leis, vostede estaría aquí dezanove veces discutindo de cada unha das normas, e deste xeito vostede ten que vir unha vez a discutir das dezanove. Esa é a diferenza.

Tamén lle digo outra cousa, isto que vostedes chaman normalidade da lei omnibus –porque se chama así, chámanlle así–, quérolle dicir que o fixo este Goberno, o Goberno anterior, ao que tanto critican, non o fixo nunca, o Goberno do bipartito nunca utilizou estas normas.

Tamén me gustaría facerlle outra pequena apreciación con respecto ao tema da autovía da Costa da Morte. Mire, esa autovía –como vostede ben dixo– adjudicouse na época do bipartito por 540 millóns e 60 quilómetros, ¿vale? Foi unha adjudicación feita por estes tramos, 60 quilómetros e 540 millóns. Cando chegou este Goberno fixo unha resolución deste contrato, non vou entrar no tipo de resolución, pero fíxoa. Sacou de novo a concurso a mesma licitación; curiosamente, curiosamente, foi a mesma empresa adjudicataria a que volveu coller este concurso, pero agora as condicións xa cambiaron, eran 45 quilómetros e 745 millóns de euros, e agora, pola porta de atrás –porque é a través dunha lei–, esta-

se metendo unha modificación que vai implicar que sexan 27 quilómetros e 617 millóns de euros.

Pero o grave disto, ¿sabe que é o grave disto? O grave disto é que todas as empresas que queiran recorrer este contrato, porque é un contrato público, non van poder, non van poder, porque está nunha lei. Polo tanto, estamos aquí, como vos-
tede comprenderá, incumprindo, como mínimo, o respecto que teñen todas as empresas a ter o mesmos dereitos de ir a unha adxudicación pública, ¡cando menos!

Mire, a lei esta é a unha lei, a Lei de acompañamento, eu dicíallo... Non lle dicía que era unha lei ilegal, dicía que era unha lei en fraude de lei, porque o di a doutrina; é unha lei en fraude de lei porque o que se está intentando é quitar todos aqueles temas que o Tribunal Constitucional prohibiu nas leis de orzamentos e metelos nunha lei paralela. Por iso lle dicía eu que era unha lei non ilegal, pero si en fraude de lei.

Mire, permítame que lle diga só dúas cousas. Estas leis, estas leis omnibus, paralelas á lei de orzamentos, o que permiten é negociar con certos lobbies para conseguir certos apoios ás leis de orzamentos e certos apoios a certas medidas do Goberno.

Mire, co imposto de compensación mineira, este do que vos-
tede falaba, eu pregúntome, que se cambie de que sexa o 1 ou o 1,5 % dos ingresos das empresas a que sexa unha porcentaxe das hectáreas ou do que se deposita, dos residuos, ¿a quen beneficia?, ¿ao medio ambiente, aos cidadáns ou ás empresas mineiras, esta rebaixa? Contésteme vostede, eu creo que aos cidadáns non.

O tema que lle falaba eu dos casinos, que estes casinos só poidan meter salas, é dicir, outros casinos, os que están na comunidade, ¿a quen beneficia?, ¿a todas as empresas que se dedican ao xogo ou só ás empresas ou empresa que está radicada aquí? Dígame vostede.

¿A quen beneficia, por exemplo, o artigo 7 das cámaras de comercio —esa modificación—, que poida vir a Cámara de Comercio da Coruña a Lugo, a quen beneficia?, ¿ás cámaras de comercio de Lugo ou á da Coruña?

Por último, o tema da autovía da Costa da Morte, esta modificación que mete vostede nesta disposición, ¿a quen benefi-

cia?, ¿á libre concorrência, a todas as empresas do sector ou á empresa que ten a concesión?

Señor Fariñas, aquí, neste Parlamento, non podemos beneficiar a uns en contra doutros, temos que velar polo interese xeral de todos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos á votación do texto lexislativo. Votamos, en primeiro lugar, a emenda á totalidade de devolución, presentada polo Bloque Nacionalista Galego, documento número 29638.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo Bloque Nacionalista Galego, documento número 29638.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, a emenda á totalidade de devolución, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 29627.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 29627.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número de rexistro 29637.

Votamos.

Votación da emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 29637.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, rexeitadas as emendas, o proxecto de lei continúa a súa tramitación parlamentaria.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 2.

Solicitud de creación dunha Comisión de investigación, a proposta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o uso de subvencións e fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Comezamos a rolda dos grupos parlamentarios solicitantes para defender a súa proposta.

Ten a palabra, en primeiro lugar, polo Bloque Nacionalista Galego, don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

O levantamento do secreto do sumario da operación Zeta está permitindo coñecer datos sumamente preocupantes sobre a presunta fraude na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia. Os detalles xa os coñecen: unha trama de entidades ficticias creadas para beneficiarse de subvencións para organizar cursos de formación, cursos de formación que moitas veces nin se chegaron a realizar; unha trama que tiña en nómina a cargos públicos que arraxaba contratos con responsábeis de organismos da

Xunta de Galicia, que desviaba diñeiro das subvencións para pagos en negro ao Partido Popular –segundo o que di o sumario–, que tiña relacións privilexiadas con dirixentes do Partido Popular, comezando polo señor Feijóo.

Como só dispoño de cinco minutos para debater unha cuestión tan importante, non me vou estender en comentar todos os detalles. Mañá mesmo volveremos preguntarlle ao señor Feijóo se vai seguir sen asumir responsabilidades pese a que o xefe da trama admitise que tivo en nómina, como “abreportas”, o seu amigo íntimo, o señor Pachi Lucas, que sei que dorme moitas veces en Monte Pío, e dixese, tamén, que foi o propio presidente da Xunta quen advertiu ao señor Lucas dos pinchazos. Mañá teremos oportunidade de debater sobre esta cuestión.

Pero simplemente, dado que dispoño, insisto, só de cinco minutos para debater unha cuestión tan importante, quero aproveitar o pouco tempo de que dispoño para compartir con vostedes, señores do Partido Popular, unha reflexión, se é que lles queda algo de conciencia democrática.

Eu non sei se vostedes se dan conta de que están sobre un auténtico volcán, non sei se son conscientes da dimensión, da indignación social ante os continuos casos de corrupción. Miren, á sociedade xa non lle valen boas palabras, nin facer que se fai, e moito menos o que lle vale á sociedade é que a resposta sexa tapar, agochar as vergoñas intentando botar tinta de calamar. A sociedade quere feitos, e un feito é comprender que a raíz profunda da corrupción leva á vampirización do público, do que é de todos para servir a intereses privados.

Por iso, señoras e señores do Partido Popular, hai que blindar de verdade, non de boquilla, o público, hai que acabar coa desamortización do que é patrimonio de todos para que uns poucos fagan negocio á custa do que é de todos. Acabamos de debater o escándalo, por exemplo, do que está pasando coa autovía da Costa da Morte.

A sociedade quere feitos, e un feito é comprender que unha cousa son as responsabilidades penais e outra cousa son as responsabilidades políticas. Porque a xustiza é lenta, pero a inxustiza, por desgraza, é rápida. Ademais, pode haber feitos que non constitúan un ilícito penal, pero que politicamente sexan totalmente reprobables, totalmente inadmisibles,

incompatibles co servizo público. Por iso hai que investigar, tamén, no plano político para depurar responsabilidades.

A sociedade quere feitos, señoras e señores do Partido Popular. O escándalo dos cursos de formación revela, no mellor dos casos, que fallaron os mecanismos de control, e esa xa é razón suficiente para investigar, porque ademais o BNG non lle pon couto á investigación. Nós non temos ningún medo á verdade nin á transparencia, pero, ademais, hai claros indicios de que estamos ante unha trama coñecida, consentida, con complicidades ao máis alto nivel. E se de verdade son demócratas, esa é unha razón de máis para investigar, non para tapar, señoras e señores do Partido Popular.

E a sociedade non entende, señoras e señores do Partido Popular, que vostedes reclamen –e parécenos lóxico, parécenos moi ben– en Andalucía que se cree unha comisión de investigación, para investigar o escándalo dos ERE, e que en Galiza, en cambio, se neguen a esta investigación.

Por esa razón, señoras e señores do Partido Popular, fágolles unha recomendación, porque “obras son amores”. Deixen de pedir perdón, asuman as súas responsabilidades e creen os mecanismos para introducir a transparencia na vida pública, e un mecanismo é crear esta comisión de investigación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Juan Manuel Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

Estas cousas só pasan no parlamentarismo, iso de que un dos grupos presente unha iniciativa e teña cinco minutos para defendela e o resto dez para contestar; é desas cousas que só pasan nestas realidades paralelas nas que se converte a veces o parlamentarismo.

Nós plantexamos a necesidade da rexeneración democrática, non se pode plantexar que se queren facer pactos contra a corrupción e acabar de votar en contra da comparecencia do presidente, ou ser incapaces de apoiar esta petición dunha comisión de investigación. Non se pode facer iso salvo que

vostedes sexan o *remake* dos Soprano en Galicia. E parafraseando os Soprano, o presidente da Xunta aparece no sumario, a conselleira aparece no sumario, os amigos do presidente aparecen no sumario, o Partido Popular aparece no sumario. Talvez é que dentro do Partido Popular e do Goberno galego sexan vostedes o suficientemente vagonetas para facer calquera outra cousa. Porque o Goberno galego debería estar preocupado de solventar o desemprego, a situación dos nosos maiores, dos nosos dependentes, pero, en cambio, o Goberno galego está inmerso sempre en sumarios de casos de corrupción.

Polo tanto, non serve de nada falar de que se trata de acadar acordos contra a corrupción, cando o Partido Popular está no centro de todas as tramas, cando teñen convertido a corrupción nunha forma de goberno e teñen permitido que a corrupción sexa un deses mecanismos polos que o poder económico controla o poder político.

Polo tanto, é unha responsabilidade hoxe do Partido Popular dotar esta institución dun mecanismo de investigación da corrupción que se ten dado na trama Zeta. Porque ten algunhas casualidades, ou polo menos coincidencias, con casos anteriores que non debemos esquecer. Porque aquí parece que o Partido Popular esquece aquel *affaire* na ría de Arousa: hai conseguidores que dormen en Monte Pío e hai presidentes que dormen en iates de narcotraficantes.

Polo tanto, deberíamos de telo en conta, porque cando miramos os personaxes hai algunhas casualidades que dan certo medo. Cando se falaba da amizade con Marcial Dorado, polo medio aparecía Manuel Cruz, e despois de Manuel Cruz, Romay Beccaría. Na operación Zeta aparece Romay Beccaría, aparece Feijóo e, outro amigo intermediario, o señor Pachi Lucas.

Polo tanto, son mecanismos moi parecidos que non asimilan a que sexan unha cuestión allea á realidade do Partido Popular. Máis ben todo o contrario, máis ben parece que o Goberno e o Partido Popular están dentro destas tramas. Porque estas tramas non son casualidades para que catro listos se fagan de ouro, son redes de intercambio de favores.

Eu amoseino nesta Cámara, correos onde dirixentes do Partido Popular lle pedían á trama que colocara amigos de Romay Beccaría nas súas empresas, e despois dicíanlle que

moitas grazas por facernos caso. Con diñeiro público financiábanse empresas que logo colocaban a amigos do Partido Popular, e ao contrario.

Polo tanto, aquí hai unha relación que debe de estar xa clara e que a cidadanía ten dereito a coñecer. E por iso fronte á corrupción o pobo o único que podemos facer é revelarnos e dicir que xa está ben, que non aturamos máis e que queremos claridade. E a primeira claridade é a dun goberno que compareza para dicir que está pasando nesta situación.

Miren, porque ademais vostedes son un goberno en fraude. Todos recordamos o famoso contrato de Feijóo con Galicia, aquel contrato que foi dos contratos máis papel mollado da historia deste país. O último punto daquel contrato dicía literalmente: “Gobernaremos para todos, independentemente das súas preferencias, eliminaremos prácticas clientelares e aplicaremos con capacidade de reacción a asunción de responsabilidades por supostos que correspondan”.

¿A que asunción de responsabilidades se referían vostedes?, ¿a que imputados ou persoas que reciben “*regalos de la hostia*” seguen no Parlamento galego? ¿Refírense vostedes na asunción de responsabilidades a asumir que a propia consellería está implicada nunha trama de subvencións e cursos opacos e non pase nada? ¿E que ademais esa trama vaia saltar, porque vai saltar á Consellería do Medio Rural e do Mar? Esa é a realidade, ¿onde está esa asunción de responsabilidades? ¿De que serven os programas e os contratos coa cidadanía do Partido Popular? De nada, o único que pretenden é perpetuar ese poder polo cal se drenan cartos públicos a institucións opacas.

Eu espero que por dignidade asuman esta comisión, sendo tamén claros que asumir a comisión sen responsabilidade para que saia unha solución tampouco serve de nada; porque todos recordamos a falta de documentación que todavía hai na Comisión das Caixas, ou todos recordamos, tamén, como seguimos esperando aqueles papeis dos contratos con Marcial Dorado, que casualmente afogaron, seica, nunha nave.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Fajardo, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Co que está chovendo estou seguro que moitos outros contratos comprometedores ou

visitas comprometedoras a Monte Pío estarán a punto de afogar nalgunha caixa do Partido Popular. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Representante do Grupo Mixto, ten a palabra dende o escano.

Déanlle voz á representante do Grupo Mixto.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bos días.

Moitas grazas, señora presidenta.

Aínda que as comisións non son unha ferramenta para acadar a solución do problema, non sei por que lles teñen medo e non as votan a favor, porque sería un xesto de que teñen vostedes a vontade de limpar o sistema político partidista da corrupción, desta lacra que xa a cidadanía está demandando por activa e por pasiva.

Polo tanto, esta deputada vai apoiar esta solicitude de comisión.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, anunciamos xa o voto favorable á creación desta comisión de investigación, e non o facemos de maneira gratuíta. O noso grupo ten presentado —eu creo que xa perdín a conta, de información polo artigo 9— preguntas por escrito, temos pedido... Eu creo que non hai ningunha Xunta de Portavoces desde que iniciamos esta lexislatura que o noso grupo non pedira a comparecencia do señor presidente da Xunta, e no caso que nos ocupa tamén da señora conselleira de Traballo, e a resposta sempre foi a mesma. E a proba evidente de que aquí non hai vontade ningunha de dar explicacións produciuse neste mesmo Pleno hai escasamente unha hora.

Aquí non estamos falando de calquera cousa, incluso podemos falar da concepción que temos do sistema democrático. Eu estou convencida que na República Centroafricana que dimita un membro do goberno e que ao día seguinte entre nunha comisaría, e que en días posteriores ata cinco persoas acaben dimitindo ou sendo cesadas en relación cunha denuncia, unha investigación, que todos sabemos ou intuimos por onde vai, en vista do que se publica nos medios de comunicación, insisto, creo que na República Centroafricana non merecería que o goberno fora dar ningunha explicación.

Pero a min cústame moito crer que en calquera dos parlamentos que estiveron esta fin de semana reunidos aquí, nesta casa, de toda Europa, que nun goberno rexional ou nacional que acontecera o mesmo o goberno non pedira xa, *motu proprio*, a comparecencia para dar explicacións.

Estamos falando dun director xeral que se nomea no Consello da Xunta, noméase nun consello de goberno democrático, que se publica no boletín oficial, e este señor dimite tal como hoxe pola tarde por motivos persoais, e ao día seguinte, parece que non por motivos persoais, entra nunha comisaría a prestar declaración. E resulta que un goberno democrático interpreta que non ten ningunha obrigaón democrática nin ética de dar explicacións.

E volvo utilizar o mesmo símil que xa teño utilizado en máis dunha ocasión neste debate, de dar explicacións ao consello de administración da empresa: ou sexa, Galicia. Porque os propietarios non son o goberno, nin sequera o grupo maioritario da Cámara, son o conxunto dos cidadáns, e os cidadáns merecen unha explicación; porque, señorías, nós nesta Cámara temos pedido facturas do Sergas en relación co *affaire* Marcial Dorado. Estamos esperando. Estamos esperando por facturas de hoteis, de onde se foi de vacacións e quen pagou esas vacacións. Seguimos esperando.

Xorde o problema Gürtel, resulta que non calquera, senón un secretario de organización, ex secretario de organización do Partido Popular de Galicia, fai acusacións gravísimas e aparecen nos papeis de Bárcenas desde financiamento ilegal ata dicir que en Galicia se entregaban sobres con sobresoldos de diñeiro negro, porque non está falando doutra cousa. Iso dí, está publicado. E o grupo, o Partido Popular, non o desmente, nin sequera o denuncia, e cando preguntamos non se nos contesta.

Operación Zeta. Hai dimisións, xa o dixen antes, polas que non se dá ningún tipo de explicación. Incluso se asegura que se utilizan recursos públicos para financiar o Partido Popular, ¡ningunha explicación! Dinse cousas gravísimas da primeira institución do país. Dise que o presidente da Xunta informou a unha persoa de escoltas da policía que investiga un posible delito. En calquera país o presidente dá explicacións e denuncia o calumniador, se é calumnia, ou non é calumnia. E en todos os casos, tanto se é certo como se non é certo, democraticamente o que procede é comparecer e dar explicacións.

Claro que aquí temos un problema, incluso de concepción ética da realidade. ¿Por que? Porque, señorías, unha, que xa leva un tempo nesta Cámara –eu diría que case, case, incluso de máis– pasou por moitas fases, e entón tiven que asistir nesta Cámara a que navegar cunha persoa perseguida, acusada, metida no cárcere e metida no mundo criminal, parece ser que para unha persoa natural dos Peares só exige pedir desculpas; cando o que navega nun barco na mesma zona cun amigo empresario, que non está perseguido nin pola lei nin pola policía, naqueles tempos se pedía a dimisión. Este é o mundo ao revés, ¿onde está a escala, onde está a liña de corte? Pois, sinceramente, eu sigo sen enténdelo.

Polo tanto, o noso grupo apoia que se cree a comisión de investigación, aínda que eu teño as miñas dúbidas, tamén, como manifestou a voceira do Grupo Mixto, porque temos tamén antecedentes nesta casa, onde o grupo maioritario bloquea, cando quer e como quer, e, se me apuran, antes de constituír a comisión xa están as conclusións feitas.

Pero miren, aínda así os grupos temos a capacidade de poñer comparecentes e que a xente diga o que ten que dicir. E dígolles máis –e eu creo que nisto o meu grupo me vai apoiar–, pois eu teño o compromiso persoal, se calquera destas persoas que dixo unhas cousas tan terribles do Partido Popular e dalgúns membros do Partido Popular, e do presidente da Xunta, nunha comisión de investigación comparecen e se demostra que é falso, quen vai á comisaría a denuncialo son eu. Porque estamos poñendo en cuestión o mesmo modelo, e vostedes calan, consenten e permiten que se poña a podre todo o sistema. ¿Entenden?

E non se pode ir pontificar a Estremadura sobre as viaxes do presidente de Estremadura cando o presidente de Galicia

aínda non nos deu explicacións das súas vacacións, das súas viaxes con persoas que están na cadea. ¿Vostedes cren que iso é natural? Polo tanto, señorías, deberían reflexionar, porque isto non afecta só o Partido Popular, afecta o propio sistema, e ¡alá vostedes! Vostedes son o primeiro partido de Galicia e o primeiro partido de España. Se pensan que tapan-do a porquería iso non vai soltar olor, perdan toda esperanza.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

Grazas, señora presidenta.

Señora Soneira, di vostede que leva aquí vostede moito tempo, pero o certo é que leva moito tempo e ten bastante pouca memoria, porque entre o 2005 e o 2009 o bipartito bloqueou –Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego– sete peticións de comisión de investigación. Polo tanto, entendo que vostede utiliza hoxe argumentos que non se corresponden cos que utilizaban entre o 2005 e o 2009.

En primeiro lugar, o que cómpre sinalar é que a Xunta de Galicia actuou en relación con este caso, que foi a Xunta de Galicia quen denunciou ante a Fiscalía en marzo de 2012 as irregularidades ás que agora vostedes fan referencia e que, polo tanto, cómpre non confundir entre denunciante e denunciado. Este goberno –o do Partido Popular, e non outro– foi quen introduciu os mecanismos de control que hoxe hai nos procesos de formación, nos cursos de formación, e nomeadamente nos programas integrados de emprego; mecanismos de control que non existían durante o goberno anterior. E foron precisamente eses mecanismos de control os que permitiron detectar as irregularidades das que estamos a falar.

Señorías, os mecanismos de control funcionaron pese ao que diga o señor Jorquera, e como resultado desas investigacións a Xunta bloqueou o pago de 500.000 euros que corresponderían a eses cinco plans integrados que se están investigando. Eses son feitos, señor Jorquera; eses son feitos.

Permítame que lle faga a cronoloxía dos feitos que vostede reclama: 11 de febreiro de 2012, iníciase a inspección de 26 entidades beneficiarias dos programas integrados de emprego; 7 de marzo de 2012, Trballo remite informe completo á Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia con esas cinco irregularidades detectadas; 13 de marzo de 2012, responde a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia; 30 de marzo de 2012, a Consellería de Trballo e Benestar pon en coñecemento os feitos denunciados ante a Fiscalía. O Goberno foi o primeiro en denunciar estes feitos ante a Fiscalía, e fíxoo por iniciativa propia, señor Jorquera, por iniciativa propia. Eses son feitos.

A Xunta demostrou colaboración plena coa xustiza dende o primeiro momento, e isto é así porque é o Goberno o primeiro interesado en que se esclarezan as circunstancias, e por iso a Xunta xa se personou nesta causa e por iso a Xunta se considera prexudicada ou damnificada. Na nosa opinión non procede a creación da comisión de investigación por distintos motivos. En primeiro lugar, non procede porque xa hai unha investigación xudicial en marcha; non procede porque na nosa opinión cómpre non poletizar este asunto, porque, como vostedes saben, a formación é unha peza clave para saírmos da crise; e non procede, por tanto, para non desprestixiar a formación.

Neste punto, nós queremos reivindicar o traballo dos funcionarios e do persoal laboral do departamento de emprego da Xunta de Galicia, queremos reivindicar a súa honradez, a súa profesionalidade e a súa independencia, que vostedes, coas afirmacións que fan aquí, poñen en dúbida. Nós, dende logo, queremos defender os funcionarios, o persoal laboral da Consellería de Trballo e Benestar, porque eles son os que avalían as distintas propostas de adxudicación.

Nós xa sabemos que a estratexia de oposición é enlamar este asunto e, dende logo, non imos colaborar nesa estratexia. O presidente da Xunta e a conselleira de Trballo e Benestar xa deron explicacións pertinentes no pleno pasado e volverán facelo sempre que así o demanden os grupos da oposición. O presidente da Xunta estará mañá neste pleno contestando as preguntas que formulen os distintos grupos. Sen embargo, o que vostedes pretenden é cousa distinta, o que vostedes pretenden é facer un xuízo sumarísimo. Vostedes pretenden ser xuíz e parte, abrir unha causa xeral contra a formación porque vostedes hoxe queren ser os inquisidores do século

XXI. E debo lembrarlles que a xustiza só a imparten os xuíces, non a imparten nin o Bloque Nacionalista Galego nin Alternativa Galega de Esquerda nin o Grupo Mixto nin o Partido Socialista.

O que vostedes pretenden é axustizar un goberno a sabendas de que neste caso o Goberno é o denunciante e non o denunciado, e vostedes sábeno. Nós, dende logo, imos respectar a actuación da xustiza en todo caso e nós non imos interferir nas súas actuacións.

Señor Jorquera, dende o Grupo Popular nós non comportamos o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego, non compartimos tampouco o posicionamento da excisión do Bloque Nacionalista Galego e non compartimos tampouco o posicionamento da excisión da excisión do Bloque Nacionalista Galego; non compartimos ningún dos tres posicionamentos.

En relación con AGE, a verdade é que teñen que entender que nos sorprenda que en Andalucía Izquierda Unida teña votado ata en tres ocasións en contra da comisión de investigación sobre o escándalo dos ERE e que aquí, sen embargo, teñan tanto interese en crear esa comisión que vostedes en Andalucía negan; é realmente sorprendente.

Sorprende tamén a actitude do Partido Socialista, que pide a comisión de investigación, pero aínda non foi quen de explicar os correos electrónicos que figuran na causa onde un dos implicados pide favores concretos ao anterior conselleiro de Traballo e Benestar, ao señor Ricardo Varela, secretario de organización do Partido Socialista naquelas datas, e como ademais aos cinco días de recibirse ese correo electrónico precisamente se producen as adxudicacións que o investigado solicita nese correo. ¿Como é posible, señora Soneira? É sorprendente. Nestes días de marzo de 2009 resolveu o bipartito en funcións 1.200.000 euros en favor das empresas do principal investigado. É, dende logo, sorprendente.

Permítanme que lles lea un correo electrónico que figura na causa: “*Estimado Ricardo*” –di o señor Gerardo Crespo– “*lo primero, quiero agradecer tu buena disposición al brindarme la oportunidad de colaborar con vosotros durante estos años. Ha sido para mí una experiencia enriquecedora y gratificante. Siento muchísimo lo que supone el 1 de marzo. En estos momentos me siento algo huérfano, y además, por los*

meses en los que estamos, el año 2009 para mis empresas puede quedar en blanco. Espero que esto no ocurra, puesto que por ahora estoy en vuestras manos. Me presentaré ante Pastor... Están sin resolver órdenes de orientación laboral, órdenes de programa de integración laboral, orden FIP, etc. La necesidad de mi empresa y de las personas que formamos está en juego. Por eso recurro a ti. Quiero que sepas que siempre me tendrás a tu disposición para poder ayudarte en todo lo que esté en mi mano.”

A verdade, é normal que este señor se sentira huérfano, normal que dixera o que di o investigado, porque con vostede recibía un 30 % máis das axudas. (*Aplausos.*) E logo deste correo electrónico recibiu en funcións 1,2 millóns de euros do bipartito.

Nós, señorías, actuamos e actuaremos sempre de acordo coa legalidade, en todo momento, sen medias tintas, e así o ten demostrado o Goberno da Xunta de Galicia, a quen non lle temblou o pulso cando tivo que actuar, “*caiga quien caiga*”, como ben dixo xa o presidente da Xunta de Galicia.

Vostedes veñen hoxe pedir explicacións, en novembro de 2014; nós actuamos en marzo de 2012. Iso é o que diferencia a oposición deste goberno. Esa é a diferenza.

Falan vostedes de convivencia coas empresas e de presunto financiamento ilegal do Partido Popular. ¿Pero cren sinceramente que se houbera algo diso sería a Xunta do Partido Popular quen denunciase o caso? ¿Pero cren sinceramente iso? ¿E dende o BNG, señor Jorquera, atrévese a falar de financiamento ilegal cando non foron quen de explicar quen e por que lles ingresaron 6.000 euros na conta corrente da Coruña en relación coa operación Pokemon? ¿Cal é a conciencia democrática á que vostede aludía? ¿Cal é a conciencia democrática do Bloque Nacionalista Galego, cando vostedes nin sequera pediron aínda perdón? Esa é a realidade.

Falan dende o Partido Socialista de amizades do presidente da Xunta de Galicia cando o xefe en Lugo do seu secretario xeral está imputado por corrupción, cando o seu antecesor na secretaría xeral tamén está imputado e implicado nunha causa de prevaricación continuada e cando o señor Besteiro era amigo e compañeiro de escano do señor Liñares, corrupto confeso na trama Pokemon. ¿Pero de verdade vostedes nos piden explicacións a nós do que ten acontecido? ¡É sin-

ceramente inaudito! Como inaudito é que dende determinados grupos da oposición se pida a dimisión de deputados que nin sequera están imputados e que agora garden silencio cando un membro do Grupo Parlamentario Socialista está imputado. Iso é dobre moral.

Nós, señorías, confiamos no Estado de dereito, confiamos na xustiza, por iso a Xunta de Galicia actuou e por iso a Xunta de Galicia puxo este asunto en coñecemento da Fiscalía, e por iso a Xunta colaborou e seguirá colaborando dende o primeiro momento coa Administración de xustiza. Nós cremos na separación de poderes e cremos que o poder político non debe interferir na investigación xudicial en marcha, e por iso cremos que non debe constituírse esta comisión de investigación que vostedes hoxe propoñen.

Vostedes queren facer unha causa xeral contra a formación, unha causa xeral contra un goberno, unha causa na que a Xunta de Galicia é a denunciante e non a denunciada. Vostedes tratan, sencillamente, de sacar tallada política dun asunto que, por moito que lles doa, vostedes non atallaron cando gobernaban, porque eses controis que permitiron detectar a fraude con vostedes non existían.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E esas empresas investigadas con vostedes recibían un 30 % máis de axudas. Vostedes queren converter a política galega nunha lameira e nós, dende logo, non imos colaborar nesa estratexia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Rolda de réplica. Grupos propoñentes.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Si.

Quero dicirle ao señor Tellado, en primeiro lugar, que aplica de maneira sistemática un refrán que é: “minte, que algo queda”. Mire, señor Tellado, quen denunciaron foron ex traballadores desas empresas. *(Aplausos.)* O Bloque Nacionalista Galego xa presentou unha pregunta ao Goberno no ano 2010 na que denunciaba trato de favor a esa trama, na que

dicía explicitamente de qué se beneficia esa trama porque está vencellada ao Partido Popular e que non está habendo unha supervisión a respecto deses cursos. Xa o dicía o Bloque Nacionalista Galego nunha pregunta ao Goberno no ano 2010, e vostedes contestaron que todo marabilloso. E a Xunta de Galiza nada máis que se incorporou á denuncia cando viu que había un escándalo político en ciernes, e para lavar a cara, señor Tellado. Polo tanto, non minta, non falsifique os feitos.

En segundo lugar, ¿vostedes queren que se investigue a concesión de cursos de formación tamén durante o que vostedes chaman reiteradamente o Goberno bipartito? O Bloque Nacionalista Galego non ten ningún problema, señor Tellado, non ten ningún problema, porque non temos medo á transparencia. Pero, mal que lles pese, en todas as revelacións do sumario o que se fala é de pago en sobres en negro ao Partido Popular. Eu lémbrolle unha cousa, señor Tellado: os pagos en negro non se fan con ingresos en conta, é unha cuestión elemental, e no sumario fálase de traer diñeiro para pagos en sobres en negro ao Partido Popular; fálase do vencello deste señor co señor Carlos Negreira –que, que eu saiba, milita no seu partido, ¿verdade señor Tellado?–; fálase do vencello deste señor co señor Romay Beccaría, que, eu saiba, milita no seu partido, ¿verdade, Tellado?; fálase do vencello deste señor co abreportas que dorme seica en Montepío, amigo íntimo do señor Feijóo... *(Aplausos.)*

Polo tanto, deixen de eludir as súas responsabilidades, deixen de botar tinta de calamar. ¿Queren que se investigue toda concesión dos cursos de formación neste período e no período anterior? Non hai ningún problema, nós non temos medo á transparencia, pero vostedes o único que están facendo é tapar as súas vergoñas. Vostedes loitan contra a corrupción de boquilla; de boquilla, señor Tellado, porque na práctica están demostrando que son corresponsables porque está instalada de xeito estrutural no seu partido.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Fajardo Recousó.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi ben, eu non quero descualificar as intervencións do voceiro do Partido Popular pero

os sinvergüenzas son, entre outras cousas, aqueles que teñen a habilidade para enganar, e enganar é dicir que inicia o proceso de investigación a Xunta, porque é falso. O proceso iníciase por denuncias de ex traballadores das empresas da trama corrupta, e o que fai a Xunta é iniciar un proceso para encubrir as súas actividades. ¿Como pode explicar o Partido Popular que a conselleira entregue a dedo catro accións formativas sabendo que non se van realizar para automaticamente despois ir investigar esas catro accións formativas e aparecer como quen investiga? Iso é un acto de encubrimiento dunha realidade da que eran cómplices, igual que son cómplices de saquear as arcas públicas para entregarllas a unha trama corrupta.

Pero o grave desta situación non é que se faga unha trama corrupta como tal, senón que, ademais, o fan ao mesmo tempo que están perseguindo aos desempregados. Poño un exemplo: estanse poñendo enriba da mesa moitos máis inspectores para controlar o que fan os traballadores que reciben o subsidio de desemprego, pónense enriba da mesa máis inspectores e vaise cada tres meses ás casas das persoas que reciben a Risga, (*Aplausos.*) pero ao mesmo tempo saqueáanse os cursos de formación e entréganse eses cartos ás empresas amigas dos seus conseguidores.

E mire, dende Alternativa Galega non temos ningún medo á investigación, non podemos ser doutra forma, fagamos unha comisión de investigación, que compareza todo o mundo nesa comisión de investigación, que poidamos preguntarlle a esa persoa que dorme en Monte Pío qué facía nesas conversas, qué estaban tratando de conseguir cando tiñan tanta afinidade co presidente. ¿Alguén ten medo a que un amigo do presidente que acostuma a pernoctar en Monte Pío compareza perante este Parlamento? Dende logo, Alternativa Galega de Esquerda non lle ten medo a esas intervencións, ao que lle ten medo o Partido Popular é a que unha vez máis quede claro que unha trama de corrupción acaba pagando sobres en negro ao Partido Popular. Son xa demasiados casos de sobres en negro, para financiar as súas sedes, para financiar a sede de Pontevedra, para financiar tamén o Partido Popular de Galicia.

Polo tanto, non podemos pasar por riba disto coma se non pasase nada, porque isto é a raíz da corrupción. E insístolles nunha realidade. O Partido Popular ten dúas opcións: rexeñar a vida política, actuar con contundencia, ou seguir per-

mitindo que a corrupción forme parte do modelo de goberno deste país, algo que dende Alternativa Galega de Esquerda temos que denunciar, porque pon en risco o futuro do país. Cada vez que se destapa un novo caso de corrupción e non se actúa con contundencia estanse poñendo as pedras para esa revolución necesaria para mudar as cousas e que dunha vez por todas a dignidade governe este país, e non gobernen aqueles que reciben “regalos de la hostia”, ou bolsos, como a conselleira, onde veñen os sobres en negro do Partido Popular. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación desta solicitude de creación de comisión de investigación.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o uso de subvencións e fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a creación desta comisión de investigación.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por petición propia, para informar da evolución, situación actual e previsións do Plan de transporte metropolitano de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a súa intervención, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, señora presidenta.

Señorías, comparezo ante esta Cámara para dar conta da situación e previsións do Plan de transporte metropolitano, e fágoo co convencemento de poder falar dun proxecto que funciona, un proxecto útil e que beneficia directamente os galegos e as galegas. Un sistema que ten demostrado a súa eficiencia na mellora da mobilidade das persoas, facilitándolles o seu día a día, sen dúbida un obxectivo estratéxico deste goberno, e máis, se cabe, nestes tempos de dificultades. Estou a falar, polo tanto, dun exemplo de éxito baseado na colaboración das distintas administracións e as empresas de transporte, e cun amplo apoio dos cidadáns.

Na recente comparecencia para presentar os orzamentos do ano 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas tiven a oportunidade de explicar que as nosas contas procuran –un fin último da xestión pública– facer de Galicia un lugar mellor para vivir, un lugar mellor para os nosos fillos. E a mellora da mobilidade e da comunicación das persoas ocupa un lugar principal nos eixos de actuación e no traballo diario da Consellería, unha mellora que ten no Plan de transporte metropolitano un dos seus mellores expoñentes. Este plan supón unha aposta da Xunta pola promoción do uso do transporte público, facéndoo máis económico e, polo tanto, máis atractivo para o cidadán.

Os servizos de transporte resultan clave no esqueleto sobre o que se constrúe unha gran cidade. Ninguén pode negar que os maiores beneficios das cidades derivan de estar preto dos lugares de traballo, de compras ou de ocio, é dicir, pola proximidade. E esta proximidade ten que gardar un equilibrio con elementos como a conexión do tráfico e as excesivas aglomeracións de persoas. Pero, para que cadaquén escolla con máis liberdade como quere atopar este equilibrio, precisa de conexións cómodas cos seus destinos máis habituais.

E nas grandes cidades de hoxe en día, os límites municipais non poden ser unha fronteira que poña freo a estas conexións. Hoxe xa ninguén pensa en Madrid ou Londres sen o seu metro, cercanías, ou liñas de autobús metropolitano.

Hai que ter en conta que o maior uso dos medios colectivos de transporte, o autobús, o barco ou o ferrocarril, favorece unha mobilidade sostible e a desconxestión dos accesos ás nosas cidades. Supón unha mellora da calidade de vida, e os habitantes das zonas nas que está implantado xa o teñen

comprobado a través dos beneficios sociais, económicos e ambientais.

Non podemos esquecer que o autobús equivale a cincuenta ou sesenta coches, e os atascos son responsables da perda de calidade de vida, da perda de tempo e, en consecuencia, de cartos. Tamén está a mellora da calidade do aire, posto que se consegue un maior respecto ambiental ao deixar de emitir dióxido de carbono á atmosfera; e a mellora económica, ao conseguir aforrar unhas cantidades importantes de cartos nun momento de dificultade.

Con este plan, vivir ás aforas das cidades non está penalizado polo custo do transporte, e está condicionado unicamente ao desexo de cadaquén. Todo iso nun transporte máis rápido e máis seguro.

É unha idea que naceu sendo Alberto Núñez Feijóo conselleiro de Política Territorial e que se forxou o 2 de marzo de 2005, mediante a sinatura do primeiro convenio. A iniciativa convenceu tamén os sucesivos responsables políticos dos diferentes gobernos, e a día de hoxe evolucionou de xeito moi positivo, rexistrando un importante punto de inflexión a finais de 2010 e principios de 2011, coa sinatura dos convenios que redeseñaron o sistema nas tres áreas en marcha, Santiago, Ferrol e A Coruña, e a posta en marcha posteriormente na cuarta área, que foi Lugo.

O Plan de transporte metropolitano naceu co obxectivo principal de facilitar a todos os galegos a posibilidade de realizar os seus desprazamentos en transporte público en Galicia a través de autobús urbano e interurbano, e integrando tamén o tren e o transporte por ría. Estamos a falar dunha auténtica intermodalidade.

Trátase de mellorar a mobilidade e a accesibilidade no contorno das áreas metropolitanas e, polo tanto, que os cidadáns dispoñan dun maior servizo do transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

Xira, en primeiro lugar, sobre o programa de integración tarifaria. A aplicación deste programa supón a bonificación por parte das administracións públicas das tarifas dos desprazamentos dentro das áreas de transporte metropolitano –a Xunta de Galicia participa en máis dun 80 % deste financia-

mento— e a aplicación dun sistema tarifario zonal, onde non se paga por quilómetros, senón que se paga por saltos entre as zonas de transporte que ten a viaxe.

Existe tamén unha simplificación e universalización dos medios de pagamento que se poden empregar, destacando a Tarxeta Metropolitana de Galicia, xa que a ela van vinculadas vantaxes adicionais ás xerais previstas no plan, consolidándose día a día como unha auténtica tarxeta universal autonómica. Estoume referindo a cuestións como os transbordos gratuítos, as bonificacións do 15 % aos usuarios que fagan corenta viaxes ao mes ou ás bonificacións sociais adicionais.

Ademais, estas tarifas son iguais en toda Galicia; é dicir, calquera persoa pagará o mesmo con independencia da área metropolitana na que viaxe. Así, por exemplo, por 84 céntimos podemos ir de Oleiros á Coruña, de Touro a Santiago, de Fene a Ferrol, e do Corgo a Lugo, e esperamos que pronto sexa así en Vigo, Ourense e Pontevedra.

Á simplificación das tarifas debe engadirse do mesmo xeito a integración do transporte urbano coa bonificación dos transbordos, unha das novidades máis importantes incorporadas no ano 2010. Nos desprazamentos metropolitanos seguidos dun transbordo urbano ou viceversa, as persoas usuarias non terán que facer pagamentos adicionais. Por exemplo, unha persoa que veña de Vedra a Santiago e colla o urbano para chegar á universidade ou ao hospital, pagará a tarifa metropolitana dun salto –84 céntimos–, e non terá que pagar o transporte urbano. Estamos a falar de que se non existise o Plan de transporte metropolitano subvencionado polas administracións, esa mesma viaxe custaría 2,4 euros, e polo tanto tres veces máis.

E o plan conta con outras bonificacións especiais, como a tarifa social, que no caso dos concellos adheridos na área de Santiago son para os xubilados maiores de 65 anos, desempregados ou discapacitados; ou o acordo asinado o pasado venres para beneficiar as familias numerosas, que supón que dende o 1 de decembro teñan descontos de ata o 50 % nas tarifas metropolitanas. Ademais, nas vindeiras semanas prevese tamén a posta en marcha dun sistema de bonificacións sociais noutros concellos de Galicia. E tamén, por último, as bonificacións a estudantes que empreguen o transporte metropolitano por parte da Universidade da Coruña.

Ademais do programa de integración tarifaria, acadáronse tamén outros fitos que tenden a optimizar a calidade do transporte público colectivo: distribución de 206 marquesiñas e 209 postes de parada informativos, ou a mellora da coordinación entre o transporte metropolitano e o urbano incrementando frecuencias e puntos de parada nos núcleos urbanos.

Na liña da mellora continua da mobilidade, e en concreto do transporte por estrada, a Xunta de Galicia ten en marcha a contratación do sistema de axuda á explotación da mobilidade, unha ferramenta que permitirá unha mellor xestión da frota e unha eficiente atención aos viaxeiros. A incorporación deste sistema –que denominamos SAE– está establecida no plan de modernización das concesións de transporte público para toda a frota regular de viaxeiros. O obxectivo é implantar en 2015 unha plataforma tecnolóxica para a xestión do transporte público de viaxeiros, que fará posible que os usuarios accedan directamente en tempo real á información sobre os horarios a través de múltiples soportes. Unha vez operativo, por exemplo, será posible que calquera persoa desde o seu *smartphone* saiba que bus vai pasar pola parada na que se atopa e canto vai tardar. Como poden imaxinar, será un salto cualitativo importantísimo, facendo do autobús un verdadeiro sistema de transporte.

Ademais, o SAE permitirá ás empresas concesionarias a localización e o posicionamento dos seus vehículos, ou trasladar en tempo real ao centro operativo de mobilidade de Galicia información como a velocidade e o número de viaxeiros por parada en cada momento. Ademais, o sistema posibilitará a comunicación bidireccional entre o autobús e o centro de control.

En resumo, unha optimización da explotación do servizo que permitirá ás empresas planificar mellor o seu traballo grazas á información recollida sobre os quilómetros percorridos, o desfase da ruta e do tempo establecido, o número de viaxeiros e os parámetros de funcionamento dos vehículos. E toda esta información tamén estará á disposición dos cidadáns e da propia Xunta de Galicia, que a poderá empregar loxicamente para ser garante dun bo servizo.

Como dicíamos, hoxe en día o Plan de transporte metropolitano é unha realidade, e funciona desde o ano 2011 nas áreas de Ferrol, A Coruña, Santiago, e desde o 2012 en Lugo; 45

concellos xa integrados, que contan cunha poboación de 924.000 beneficiarios potenciais. Nestas áreas lévanse repartidas 226.000 tarxetas; é dicir, un de cada catro veciños das áreas que contan co plan é un usuario real. E este usuario beneficiase dos descontos e da mellora da mobilidade que outorga o plan. Por exemplo, un veciño da Laracha que traballe na Coruña e colla o metropolitano e o urbano todos os días laborais estimamos que aforrará uns 1.000 euros ao ano.

Para facer isto posible, as administracións públicas efectuaron un investimento total no Plan de transporte metropolitano desas catro áreas de 33 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia achega máis de 27 millóns de euros; é dicir, algo máis do 80 %. E máis de 27 millóns investidos por este goberno para facer realidade estes catro anos do Plan de transporte metropolitano é unha auténtica aposta pola mobilidade sostible, unha aposta que se reforza día a día e ano tras ano, como amosa o noso orzamento para o vindeiro exercicio destinado a este plan, 8,6 millóns de euros, o que supón un 42,5 % máis que este ano para o mantemento das áreas de transporte metropolitano, a integración de novos concellos nelas e a creación de novas áreas en Vigo, Ourense e Pontevedra. No caso da área de Vigo –o que se atopa máis avanzado– suporá a adhesión de catorce novos concellos e unha poboación de máis de 480.000 habitantes, uns cidadáns que experimentarán importantes aforros nos seus desprazamentos habituais. Por exemplo, un vigués que traballe no Porriño e colla o urbano e o metropolitano poderá aforrar preto de 900 euros ao ano coa entrada en funcionamento do plan; e un veciño de Moaña que habitualmente colla o barco para ir a Vigo a traballar e teña que subir ao autobús urbano para chegar ao seu posto de traballo podería aforrar preto de 1.000 euros ao ano empregando o transporte metropolitano, que no caso de Vigo sería intermodal. E en Vigo a necesidade é clara, hai que ter en conta que o número de usuarios de transporte público na área metropolitana de Vigo descendeu entre 2007 e 2013 un 35 %. E este dato contrasta cos incrementos medios do 20 % rexistrados nas outras áreas nos anos de vixencia do plan.

En definitiva, fomentárase a mobilidade, con menor uso dos vehículos privados, o que permitirá unha maior fluidez do transporte público colectivo, así como doutros sistemas de transporte público, como o taxi, e unha maior seguridade viaria dos cidadáns. E cremos firmemente no dereito de que estas vantaxes estean ao alcance de todos os veciños das sete áreas

metropolitanas. Por iso confiamos en acadar acordos e avances que fagan que as persoas que viven nas áreas de Vigo, Ourense e Pontevedra teñan acceso a estes aforros. Estou a falar, pois, de que nun futuro próximo redimensionaremos o Plan de transporte metropolitano, que duplicará o número de concellos adheridos e tamén a poboación beneficiada.

Señorías, a creación de infraestruturas urbanas é absolutamente necesaria. Pero para dar un verdadeiro beneficio aos galegos e ás galegas precisamos complementalos con servizos axeitados, e o Plan de transporte metropolitano responde a esa necesidade. Para iso, a Dirección Xeral de Mobilidade conta con preto de 18 millóns de euros para o ano 2015, dos que practicamente a metade é destinada á promoción do transporte público colectivo. E en 2015 a cantidade destinada para este fin son 8,6 millóns de euros, o que significa un incremento do 42,5 % se o comparamos con este ano, para contar coa entrada do Plan de transporte metropolitano de Vigo, Pontevedra e Ourense, e para incorporar novos concellos nas áreas metropolitanas xa existentes.

Despois de catro anos desde a posta en marcha do novo Plan de transporte metropolitano, o proxecto está plenamente consolidado. Constitúe un exemplo de boa xestión e de colaboración administrativa. E afrontamos agora unha nova etapa na que o Plan se redimensionará dando cabida aos concellos nas áreas de Vigo e aos de Ourense e de Pontevedra. Duplicaremos concellos, duplicaremos poboación beneficiada e duplicaremos, por suposto, os nosos esforzos. Unha nova etapa moi ilusionante e na que espero contar co apoio das distintas administracións e persoas implicadas, porque iso repercutirá no beneficio dos cidadáns, que realmente é o obxectivo que perseguimos os responsables políticos co noso traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, a verdade é que o primeiro que teño que dicirlle en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é que, desde a Xunta de Galiza, loitan e defenden o transporte público coa mesma contundencia coa que loitan contra a corrupción e defenden a transparencia –como acabamos de ver hoxe pola mañá–. E o primeiro que debería de pedirlle, señora conselleira, é que a súa consellería faga público o contido dese Plan de transporte metropolitano. Porque eu fixen un esforzo por buscar na páxina web da Consellería e supoño que teño un problema grave pero é imposible acceder a ese documento e, polo tanto, vir a este Parlamento facer unha avaliación de se os obxectivos que realmente se pretendían con ese plan se cubriron. Porque cando vemos as presentacións que vostedes foron facendo de cada un dos plans que se foron implantando o que vemos é que houbo moita propaganda na presentación deses plans que logo non se verifica cos datos.

Estaría moi ben que nos dixeran se realmente se cumpriron os obxectivos que estaban marcados para a área da Coruña, para a área de Santiago de Compostela, para a área de Lugo ou para a área de Ferrol. Porque máis ben comprobamos como en todo isto do transporte metropolitano hai moita propaganda e hai moitas carencias, señora conselleira, que vostede debería de coñecer. E invítoa a que probe a baixar un día do coche oficial, ou unha semana, a utilizar o transporte público durante unha semana, e a viaxar por Galiza durante unha semana, e verá as dificultades que teñen moitísimos cidadáns. Porque vostede falaba, por exemplo, de que se pode ir do Corgo a Lugo, pero saberá tamén que hai unhas necesidades moi importantes, por exemplo, de mobilidade nesa área de Lugo. E é curioso que un dos concellos máis poboados e que ten unha relación máis importante con Lugo, como é Sarria, non estea dentro dese plan. Ou pode vostede tamén ir a Tui e acompañar os veciños e veciñas de Tui a viaxar a Vigo, e verá cal é a dificultade, as deficiencias e os problemas que hai nese ámbito. Porque é curioso –eu diría que é un exercicio de sarcasmo por parte do Goberno– que veñan aquí dicirnos que é un éxito un plan no que o 85 % dos concellos non teñen ningún tipo de participación, no que máis da metade da poboación galega non ten ningún tipo de servizo, e cando vemos como desde que governa o Partido Popular se reduciron todos os fondos que teñen que ver co apoio ao transporte no noso país en máis dun 77 %. Desde logo, estas non son as cifras que falen dun éxito, senón que son as cifras que falan dun fracaso e tamén dun

goberno que vive nunha atalaia onde todo é marabilloso, que se esquece dos problemas dos cidadáns e de que, ademais, non teñen vostedes ningún tipo de estratexia neste sentido.

Miren, vostedes non teñen unha análise sobre cales son as necesidades de mobilidade global que hai no noso país. Nin analizaron os modelos de crecemento, que foron absolutamente ilóxicos pero que crearon novas dinámicas e necesidades de mobilidade, e puxeron en marcha un plan de transporte adaptado a estas necesidades, senón que, máis ben, van facendo apaños –que, por outro lado, nos levan reanunciando o mesmo plan en reiteradas veces sen que realmente haxa un avance real– e carecen de todo tipo de estratexia, de análise, e mesmo hai descoordinación coas propias políticas que diseña a Xunta de Galiza.

Seguro que moitos dos deputados e deputadas que están nesta Cámara lembran que se aprobaron unhas directrices de ordenación do territorio, que nos venderon como a panacea dun cambio na ordenación territorial no noso país e na coordinación e na integración de diferentes políticas. ¿Que din estas directrices de ordenación do territorio? Por exemplo, que os sistemas de transporte e mobilidade alternativa son eidos de actuación de natureza transversal, polo que en cada unha das súas consideracións deberá atenderse ás determinacións de cada un dos anteriores grupos de infraestrutura, que a Xunta de Galiza elaborará plans de transporte metropolitano nos ámbitos das rexións e áreas urbanas co obxectivo de dotar de solucións de transporte accesibles e sostibles espazos con crecentes demandas de mobilidade e riscos de conxestión.

Sen embargo, vemos como as áreas do transporte metropolitano non se corresponden coas áreas que están definidas nas directrices de ordenación do territorio nin hai ningunha planificación nin impulso real da Xunta de Galiza en relación con este ámbito. ¿Un espazo significativo? Pontevedra-Vigo, dúas cidades, 22 quilómetros de distancia, no que vostedes non contemplan a integración das relacións de mobilidade que hai dentro deses dous ámbitos urbanos senón que o ven como dúas illas, as cidades deste país son illas nas que só flutúan concellos ao seu redor. E esa non é a realidade das necesidades que hai neste momento de mobilidade no noso país.

Tamén se fala nestas directrices de ordenación do territorio de potenciar o transporte de ría, e xa vemos como potencian

vostedes o transporte de ría: desatendendo totalmente ese servizo e deixando que vaia empeorando cada vez máis. Por certo, un servizo que sería moi importante para desconxectar o tráfico que sofre esa vía e os embotellamentos que se dan na entrada de Vigo; e que ademais sería un transporte moito máis barato, máis ecolóxico e máis sustentábel desde todo punto de vista. Mais ¿que fai a Xunta de Galiza neste ámbito? Unha política que claramente o que pretende é que ese servizo vaia esmorecendo, porque non o potencian nin nesa ría nin en ningunha das outras rías.

Señora conselleira, é curioso que vostede se olvide de que Galiza é un país no que existe unha poboación rural moi importante, unha poboación moi envellecida. ¿Que solucións ten a Xunta de Galiza para este ámbito? Recórdolle que as directrices de ordenación do territorio que aprobou o seu goberno, que aprobou o partido que sustenta este nefasto goberno, di que teñen que darse solucións específicas que concilien as necesidades da poboación rural. Absolutamente nada teñen feito vostedes nese territorio e abandonan a unha parte moi importante da poboación. Mesmo cunha política que o que está facendo é que cada vez os servizos estean máis lonxe e, polo tanto, que as necesidades de mobilidade aumenten. E, se non, cando acabe de asesorala o portavoz do Grupo Popular tamén vostede —confían moi pouco en vostede e no seu criterio, teño que dicirlllo, señora conselleira— poderá comprobar como, por exemplo, non ten sentido que se pechen servizos de médico no rural, ou que se pechen escolas no rural, que o único que fai é incrementar as necesidades de mobilidade e, polo tanto, de desprazamentos que hai no noso país. Un problema que é grave, señora conselleira, desde o punto de vista económico, desde o punto de vista social e desde o punto de vista ambiental.

Non sei se coñece unha investigación que fixeron na Universidade de Santiago de Compostela que o que nos vén dicir é que nós temos unha pegada ecolóxica por consumo de produtos petrolíferos no noso país que é de 0,66 hectáreas per cápita, é dicir, o 30 % do compoñente enerxético da pegada galega. E esa pegada ecolóxica tan elevada nunha parte moi importante débese a que a maior parte do transporte que se fai en Galiza, tanto de persoas como de mercadorías, faise polas estradas; e non se está, polo tanto, fomentando esa intermodalidade da que tanto nos fala vostede. Un aspecto, señora conselleira, que nos preocupa moito e que vemos como non se corrixe. E estaría ben que nos dixera qué

vai facer por fomentar o transporte a través de ferrocarril, que é tamén unha das cuestións que en teoría están marcadas nesas directrices de ordenación do territorio que, como digo, só deberon servir para que se gastaran moitos cartos na súa elaboración e para que vostedes as metan nun caixón.

Nós, señora conselleira, cremos que o Goberno galego ten unha gran débeda en materia de transporte público, que é unha desgraza que non teñan unha visión de país, que non teñan unha visión de que o transporte público non pode ser só o transporte por estrada, que hai que poñer en marcha servizos de proximidade de ferrocarril e aproveitar o transporte de ría. E, polo tanto, realizar realmente un plan que non dependa dunha serie de acordos que na política tarifaria se poidan levar a adiante entre algúns concellos. Porque ten que darse conta de que a maior parte da poboación galega está excluída do transporte metropolitano, de que non hai un estudo real de cales son as demandas e os fluxos de mobilidade en Galiza, que non se dan só no contorno das cidades senón que tamén se dan entre as cidades e vilas moi importantes, e nese ámbito vostedes non teñen nada. Están permitindo que se deterioren cada vez máis os servizos de ferrocarril, imos ter unha liña de alta velocidade que na práctica incomunica a maior parte das vilas galegas e que, polo tanto, ese é un problema gravísimo desde o punto de vista da articulación do noso territorio. Porque cremos, señora conselleira, que hai que atender as necesidades que ten o rural. Porque estaría moi ben tamén que nesta materia vostedes contemplaran as persoas que están en paro como beneficiarias mesmo dun transporte público de carácter gratuito. E porque sería, señora conselleira, imprescindible que houboese unha aposta real neste ámbito, non propaganda e fume, que é o que nos veu máis unha vez hoxe vender a este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Esta comparecencia, realmente, debería ter acontecido unha vez que rematara o traballo aquí da Comisión sobre a Segu-

ridade Viaria, porque aquí compareceron diferentes axentes sociais protagonistas do tecido asociativo, que achegaron eivas, que denunciaron situacións e que mesmo nos deron solucións, solucións á situación actual viaria e que, loxicamente, ten que ver co transporte público.

Vostede o que fixo aquí –para nós– foi simplemente enunciar unhas liñas que figuran moi mal conceptualizadas na súa páxina web. Ao consultar a páxina web agardabamos poder atopar ese novo Plan de transporte metropolitano, polo menos as novas implementacións, pero non atopamos nada. Atopamos que a última nova é do 30 do 12 de 2013. Loxicamente aí vemos claramente como entenden vostedes esa transparencia da que fan vostedes sempre gala nas súas palabras, pero que, desde logo, é inexistente cando un quere acceder aos documentos e quere acceder ás novidades. Loxicamente non atoparemos nesa páxina web ningunha das múltiples denuncias e críticas que sobre o Plan de transporte metropolitano existente se levan facendo desde que se puxo en marcha.

Polo tanto, vostede aquí non trouxo realmente un plan, trouxo unhas liñas, unha propaganda, facer unha foto, que sairá mañá moi ben ambientada nos medios de comunicación, para anunciar eses 8,6 millóns de euros que, desde logo, son insuficientes para termos realmente transporte público en Galicia, para que sirva para cohesionar o territorio, para que sirva como elemento de cohesión social. Vostede falou de cartos, logo volveremos a ese tema.

Está claro que falamos de dúas concepcións diferenciadas. Por unha parte, a idealidade –quizás habería que chamarlle “utopía circulatoria”– que apela á redución do uso do coche, do automóbil, cuxos beneficios son incalculables: medioambientais, desde o punto de vista acústico, contaminante, lumínico, enerxético, e que incide, loxicamente, no cambio climático; desde o punto de vista da saúde mental: menos agresividade, menor impacto emocional ante os atascos e retencións, mellor calidade de vida; e, sobre todo, importante enfoque en seguridade viaria, como unha concepción global de mobilidade transversal: a menor circulación, menores posibilidades de sinistros, nada mellor que un transporte público para previr, precisamente, a sinistralidade. A menor saturación, loxicamente, cumprírase o obxectivo da puntualidade horaria, e, polo tanto, o servizo do transporte público cumprirá o seu obxectivo principal nese tema laboral, que

moitas veces é o que se usa para precisamente desincentivar o uso do transporte público.

O uso do transporte privado, polo tanto, ante o desleixo das administracións públicas, segue sendo de emprego maioritario. Iso é unha realidade. No día a día son centos de milleiros de vehículos que entran nas grandes cidades, 60.000 vehículos diarios na Coruña; en Compostela, outro tanto. É dicir, un caos totalmente absoluto. En Santiago vostedes fan gala de que existe un plan de transporte metropolitano, pero ese plan de transporte metropolitano o único que ten son eivas, eivas. Os únicos que se benefician directamente aquí son as empresas, que acaban levando un diñeiro público pero que non adaptan os autobuses, non incrementan as liñas, os horarios non figuran nas marquesiñas, nalgunhas paradas mesmo non hai marquesiña, e o mobiliario que acompaña as marquesiñas, desde logo, é deficitario. E as marquesiñas son inaxeitadas para a climatoloxía galega. Porque un pode estar nelas coma se estivese debaixo da choiva directamente.

Polo tanto, non é certo que sexa un éxito isto do transporte metropolitano, porque as empresas non están cumprindo a súa parte ao recibir o diñeiro público. Polo tanto, a mobilidade pública galega déixase en mans do sector privado e dos seus intereses. E, loxicamente, ¿que quere unha empresa privada? Buscar beneficios, nada máis e nada menos. E non é de estrañar, porque no fondo esa idea de beneficio e de competitividade é a que emana dos propios textos que vostedes expoñen. No Plan MOVE fálase, en primeiro lugar, da mellora da competitividade da economía. O mesmo acontece coa memoria da Dirección Xeral de Mobilidade para este 2015, onde a palabra “competitividade” aparece nos catro primeiros parágrafos. Esa é a realidade, non aparecen dereitos de cidadanía, dereito a un servizo público de calidade, que para nós debería ser gratuíto, e xestionado directamente pola Xunta de Galicia a través dunha empresa pública. Claro, aí non queren meterse, é preferible dar diñeiro a empresas privadas.

Porque vostedes non teñen clara a concepción do transporte como servizo público. De aí as súas numerosas eivas, de aí tamén que a concepción que se ten. Por exemplo, os aparcadoiros disuasorios, non falou diso; pero é unha realidade descontextualizada e que perde a súa primeira función, que é precisamente non usar o transporte privado. Vostedes instálanos nos cintos das grandes cidades, pero, claro, resulta

que os desprazamentos se fan dos extrarrádios. Por exemplo aquí, poñamos por caso, de Cacheiras, de Ames, de Bertamirás, de Milladoiro..., que son os que se desprazan a Santiago. ¡Ah!, entón o transporte privado entre localidades, ese non importa. Se non se fomenta de forma clara que ese aparcadoiro disuasorio estea fóra, estea xa nos núcleos de onde procede a xente, e aí existan autobuses con suficientes frecuencias... Entón si que tería uso ese aparcadoiro disuasorio, porque así non disuade absolutamente nada, son simplemente lugares onde aparcar. E se é a prezo cero, moito mellor, loxicamente, que é o que pasa aquí debaixo da Pontepedriña. Ben, polo tanto, dubidamos do seu enfoque.

A intermodalidade. Seguimos insistindo: vostedes non teñen clara a intermodalidade, desde ningún aspecto. Porque, desde logo, agora aparece nos orzamentos a intermodalidade asociada ás estacións de autobuses, cando todo o mundo pensa, os expertos, que, cando hai unha estación de tren, a intermodalidade debe producirse na estación de tren, aí é onde deben facerse as obras para que funcione realmente o concepto de intermodalidade.

Vostedes teñen un plan director de mobilidade alternativa de Galicia. Non falou del, e está profundamente relacionado co Plan de transporte metropolitano, porque o Plan director de mobilidade alternativa de Galicia fala da bici como elemento de transporte. Aquí non se fala, non se falou en ningún momento. ¿Que infraestruturas teñen vostedes pensado implementar con este orzamento para que saiamos do 1 % de mobilidade diaria en bicicleta, para que sexa realmente un medio de transporte empregado?

Os fluxos intermunicipais non se teñen en conta, os fluxos intermunicipais son importantísimos para cohesionar un concello, por exemplo, e aí debe actuar a Xunta de Galicia cos concellos para que realmente exista transporte público. As persoas teñen necesidade de desprazarse dentro do propio concello, dentro dun gran concello, non só para ir á gran cidade. Vostedes desatenden, por exemplo, as zonas rurais das áreas metropolitanas, sobre todo os que están nos concellos de segunda liña. Están desatendidos totalmente.

E non falemos do tren, vostedes desmantelaron o tren de proximidade, liñas, frecuencias, peches de estacións..., en nome do suposto e sacrosanto progreso que achega –din os apóstolos da velocidade– o AVE.

Son innumerables as eivas, teño aquí eivas en Santiago, en itinerarios, accesibilidade, autobuses en mal estado... Este señor subiu no autobús metropolitano, e sobe durante moito tempo, e quedou retido costa arriba en rotondas porque os autobuses son vellos, non están adaptados, señoras co carriño de bebé que teñen que pregar o carriño do bebé porque o carriño do bebé non pode subir, bicicletas non hai... É dicir, non se están facendo absolutamente as cousas que hai que facer en adaptabilidade.

E simplemente vou rematar que para nós o ideal sería o que se está facendo no Pays d'Aubagne et de l'Etoile, no sur de Francia, preto de Marsella, unha conurbación, unha aglomeración, de 12 comunas de 103.000 persoas onde desde o 15 de maio de 2009 se instaurou a gratuidade dos transportes públicos para todas as persoas, cun enfoque ecolóxico e social, liñas regulares, servizos escolares e o transporte baixo encargo, todo gratuíto para todas as persoas, non se pide absolutamente nada para entrar no autobús. En só seis meses houbo un incremento do 70 % de pasaxeiros e pasaxeiras, catro anos despois xa era un 173 %, e o nome do proxecto reflicte o compromiso cidadá: “liberdade, igualdade e gratuidade”. As consecuencias non se fixeron agardar: reapropiación do centro da cidade por persoas que vivían nas marxes da cidade, os comercios do centro da cidade beneficiáronse desa afluencia de persoas; polo tanto, a economía ao servizo das persoas e non ao revés. Os espazos de sociabilidade e lecer son máis usados, e aínda que a dependencia do transporte privado sempre é unha cuestión de mentalidade que custa máis mudar, os aparcadoiros do centro da cidade experimentaron un descenso de entre o 15 % e o 20 % –polo tanto, tamén redución–; plan ciclista encadrado dentro desa visión; préstamo de bici durante tres meses renovable unha ou dúas veces para incentivar o seu uso; o Plan “camiñemos cara á escola”, creación de itinerarios escolares para non usar o transporte privado...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...nin o público; é dicir, para ir camiñando incluso dentro da cidade.

É dicir, é unha concepción global, o que hai é que artellar unha concepción global que non deixe fóra a ningunha persoa, e que non deixe fóra a ningún dos transportes existen-

tes; e sobre todo os colectivos, os menos contaminantes e os máis sociais. E para nós, desde logo, iso tense que facer cunha empresa de transporte público, tense que facer coa idea do transporte como un servizo público para ofrecelo con garantías, con calidade. E para aqueles que dirán o de “claro, vostedes falan tal, pero non hai diñeiro, estamos en crise...”, neste lugar púxose en marcha o financiamento, e o financiamento faise a través dos impostos. E as propias persoas enquisadas do Pays d’Aubagne sabían perfectamente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...que era gratuíto, pero que non era a custo cero, senón que viña dos impostos, que é de onde ten que vir, precisamente, todo o que serve para financiar servizos públicos. Pero con vostede sabemos perfectamente que iso da fiscalidade progresiva tamén é unha entelequia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Bos días, señora conselleira, o Grupo Socialista quérelle dar a benvinda despois da obrigada comparecencia, e alegrámonos da súa visible recuperación.

Saberá que foi vostede protagonista pasiva no debate de interpelación o 29 de outubro de 2014, hai exactamente quince días. Con respecto a este asunto, o Grupo Socialista, a través do seu voceiro, amosou o máis profundo respecto á súa situación, tal e como se pode comprobar no *Diario de Sesións*, ao non facer ningunha mención, comentario ou insinuación que puidera interpretarse como unha alusión a vostede. Mesmo na réplica, e despois das insidias do señor Rueda, o señor Méndez Romeu mantivo un exquisito talante de respecto cara á súa licenza por maternidade e cara á conciliación, aínda sabendo que aquel día e a aquela hora

estaba vostede de visita nunhas instalacións dependentes da Xunta de Galicia. Nin unha palabra do señor Méndez Romeu ao respecto.

Pola contra, foi o señor conselleiro de Presidencia, tal e como se reseña na acta da sesión, o que inventou con pouco fondo e peores formas un debate innecesario...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fernández, imos á cuestión.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e ausente na intervención do señor Méndez Romeu.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Todos nos congratulamos de que estea aquí xa a señora conselleira, recuperada do feliz acontecemento (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, á cuestión. Imos á comparecencia. Non era este o motivo da comparecencia da señora conselleira. Agradecemos o interese do que dixo, pero non era esta a cuestión.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Era unha substanciación da interpelación, polo tanto continuamos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fernández, prégole que vaia á comparecencia da señora conselleira.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Xa remato con este asunto, señor presidente, é simplemente para facer algunha aclaración.

Nós rexeitamos con contundencia o proceder do señor Rueda, que accedeu a esta tribuna visiblemente molesto, a desgusto, avinagrado, ausente, e seguramente (*Murmurios.*) máis preocupado de tapar as fugas dos cursos de formación que de dar conta do labor do Goberno. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, lamentamos que tivera sucedido isto, e desexámoslle que as súas obrigas lle permitan conciliar axeitadamente, polo seu ben e o da súa familia.

Señora conselleira, sabe vostede que comparece hoxe obrigada por exclusión ante a negativa do Grupo Popular a aceptar que comparezan outros membros do Goberno por petición do Grupo Socialista. Este feito amosa o talante

antidemocrático do Partido Popular mais tamén a irrelevancia na que se está a converter esta consellería en termos políticos.

Señorías, a provisionalidade é o sinal de identidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na presente lexislatura, da que xa transcorreu a metade. Esta consellería, con abundantes competencias, foi concibida no inicio da lexislatura como unha macroconsellería que reflectira a imaxe e a faciana do Goberno galego encarnado no señor Feijóo. Hoxe, dous anos despois, só quedan restos. De tal forma que o goberno da Consellería só está ocupado na interinidade dos cargos nomeados, é unha consellería só ocupada no relevo de cargos. En dous anos, dous conselleiros/as, dous directores/as da Axencia Galega de Infraestruturas, dous presidentes/as de Augas de Galicia, unha secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo imputada, tres directores/as xerais de Mobilidade, dous decretos de estrutura orgánica da Consellería. A imaxe transmitida non resulta, desde logo, a máis beneficiosa para a propia Consellería. É unha consellería que ten abandonada a contratación e a xestión.

Señora conselleira, cando falamos de transporte metropolitano non podemos obviar o concepto de intermodalidade, temos que falar de todos os modos de transporte. ¿Cal é a bagaxe deste goberno nos modos de transporte que nos permita avanzar eficazmente na intermodalidade?

Transporte terrestre. Redución masiva de liñas e frecuencias do transporte de viaxeiros por estrada co consentimento do Goberno galego autorizando a modificación das concesións. As dificultades xa as puxo de manifesto no ámbito rural e extraurbano o anterior voceiro. Inexistencia de transportes alternativos: transporte á demanda, Noitebús, etc.

Transporte ferroviario de curta e media distancia. O Goberno galego compartiu e colaborou coa aplicación do Plan de racionalización do transporte ferroviario deixando sen servizo a miles de galegos que viven en aldeas, pobos e vilas.

De longo percorrido: as infraestruturas que deben dar soporte ao AVE atópanse nunha situación de paralización, ralentización e incluso de indefinición por parte do Goberno central sen que o Goberno galego amose o seu máis mínimo interese ou preocupación.

Tren de cercanías: permanentemente en estudo.

Transporte marítimo. O Goberno galego mantense á marxe e despreocupado do efecto negativo que o actual transporte de ría está a ter para as veciñas e veciños de Cangas, Moaña e Vigo.

Transporte aéreo. Máis alá de contadas reunións formais ou informais, a Consellería permanece impasible e inactiva ante a decrecente utilización das tres terminais galegas.

Señora conselleira, o transporte público en Galicia está en claro retroceso. A Consellería non parece ter nin a convicción nin a decisión nin a intención de converter o transporte público na plataforma de mobilidade de Galicia.

Señorías, tres directores/as xerais de Mobilidade en dous anos. ¿A alguén lle estrañan os resultados que temos en transporte público? Teñen unha relación moi directa con dimisións/nomeamentos, tamén no transporte metropolitano. Non me vou estender nos implementados, A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo, só lembrar que todos se implantaron antes do 1 de xaneiro de 2011. Quedan por implantar Ourense, Vigo e Pontevedra, tal como xa manifestou vostede. No caso de Ourense simplemente recordar os últimos tempos sabendo que é un proceso que vén desde antes de rematar o século. Mire, os anos 2010, 2011 e 2012 foron absolutamente perdidos para dar un paso adiante no transporte metropolitano de Ourense. A principios do ano 2013 reiníciáanse as negociacións sendo director xeral o señor Bugarín, e a parte económica quedou practicamente pechada. Ante a insistencia do Concello de Ourense intensifícanse as reunións técnicas un ano despois; en febreiro do 2014, producíndose importantes avances. O Concello de Ourense pide á Consellería ese principio de acordo en papel, en marzo de 2014, e nunca máis se soubo nada. Desconexión total e absoluta por parte da Consellería. O Concello de Ourense ten amosado con claridade en repetidas veces, incluso con intensidade, o intento de ter novas reunións que permitan avanzar. O Concello de Ourense ten a firme vontade, sempre a tivo -tiña-, de asinar en 2014 para reflectilo xa nos orzamentos de 2015.

No caso de Vigo a utilización do transporte metropolitano como arma política por parte do Partido Popular a través da actuación do señor ex conselleiro don Agustín Hernández foi

escandalosa. O señor Hernández substituíu as reunións de traballo por roldas de prensa incendiarias contra o alcalde de Vigo. As poucas reunións convocadas pola Consellería estaban permanentemente baleiras de contido, só perseguían unha escenificación mediática. A aportación de Vigo variaba en cada reunión sen un soporte de estudo económico que o xustificara. O señor Hernández accedeu a ter unha entrevista co señor alcalde despois de reiteradas peticións para que desbloqueara a situación. O Concello de Vigo quere o transporte metropolitano coa única condición de ter unha aportación pechada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Xa remato, señor presidente.

E namentres todo isto sucede, señora conselleira, vostedes seguen co xogo político electoral, sen resultados, sen avances, desde o ano 2010.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira de Medio Ambiente.

Señorías, se vostedes lle botan unha ollada á orde do día deste pleno, a comparecencia di taxativamente que é unha comparecencia da señora Vázquez para informar sobre a evolución, situación actual e as previsións do transporte metropolitano de Galicia. E non acabamos de entender como se pode mesturar este informe de evolución e situación dos metropolitanos no noso país co ditame que estamos a consensuar, ou que tentaremos consensuar, entre as catro forzas políticas sobre o Plan de seguridade viaria. Son dúas cuestións completamente distintas, e entendemos que tamén, señor Ron, cuestións complementarias.

A señora Pontón curiosamente aludiu a cuestións de normativa. É na única afirmación na cal nós podemos dicir que

coincidimos, xa que dende este Grupo Parlamentario Popular estamos absolutamente convencidos, porque así o dixemos sempre, de que o sector do transporte de viaxeiros tamén require dun axeitado corpus normativo para exercer as competencias de dotación e control do transporte para promover prestacións de servizo máis atractivas para os usuarios. E, señorías, sen dúbida ningunha, baixo esta máxima política podemos afirmar que toda a lexislación autonómica en materia de transportes é autoría e froito de gobernos do Partido Popular.

E teño que dicirlle, señora Pontón, en nome do meu grupo parlamentario, que as directrices de ordenación do territorio non son unha normativa básica para a implantación dos transportes nin a regulación dos transportes no noso país. E o que máis nos chama a atención, señora Pontón, agora que alude e invoca a vixencia das DOT, é que resulta que vostedes, cando se constituíu aquí unha comisión para consensuar as directrices de ordenación do territorio, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, levantáronse e racharon co consenso en materia de ordenación territorial para o noso país. E si este grupo parlamentario, a forza política que sustenta este goberno, é o autor tamén das directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral.

E, señora Pontón, voulle eu relatar normativas que foron aprobadas por gobernos do Partido Popular que si afectan concretamente o sector do transporte de viaxeiros por estrada, porque este é un debate de viaxeiros por estrada no noso país. Mire, a Lei de 1996, de coordinación de servizos de transporte urbano e interurbano por estrada de Galicia, o Decreto 323/2003, coñecido como “decreto de solapes”, que permite optimizar recursos, facilitando o uso dun mesmo vehículo para prestar servizos que corresponden a distintas concesións; o Decreto do transporte público nocturno para os lugares de lecer, o Noitebús, que vostedes tanto atacan e que está en servizo. E, señorías, como vostedes lembrarán, na lexislatura pasada aprobamos a Lei do taxi, que tentamos consensuala coas tres forzas políticas e que non foi posible conseguilo nun cento por cento dos seus artigos.

Pero tamén, señorías, vostedes se esqueceron de falar da famosa Lei de modernización do sector do transporte público por estrada, que tivemos que aprobar antes do remate do ano 2009 na primeira lexislatura que voltamos ao Goberno en Galicia. Vostedes lembrarán que no ano 2009, señorías, a

situación das nosas concesións era absolutamente calamitosa. O 40 % das concesións que estaban en Galicia nese momento en servizo estaban caducadas, señorías. E a señora Pontón agora vén a darnos leccións sobre o que ten que ser a aplicación das normativas e a defensa normativa do sector do transporte público, cando eles aprobaban –iso si, pola porta de atrás– a prórroga dese 40 % das concesións vía disposicións adicionais da lei de orzamentos do Goberno bipartito. Iso si que era legislar e pensar nos intereses xerais dos cidadáns e dos servizos públicos de transporte neste país.

E, señora Pontón, vostede lembrará que foron incapaces, vostedes e o grupo co cal gobernaban Galicia, que era o Grupo Parlamentario Socialista, de establecer un documento para evitar a aplicación do Regulamento 1370 para evitar precisamente a quebra da metade do transporte público en Galicia. Vostedes o único que presentaban eran borradores de leis que finalmente nunca chegaban a bo porto porque eran leis que ían en contra dos intereses do sector, eran leis onde non se escoitaba o sector, onde vostedes lle querían impoñer *manu militari* un sistema de xestión de transportes públicos que non era o acorde coa realidade normativa nin a realidade social nin económica de Galicia. E claro, despois vostedes criticaron que tiveramos que aprobar aquí por lectura única unha lei para evitar a quebra do 40 % do sector, lei que, por certo, vostedes votaron en contra e lei que precisamente tamén permitiu, señorías, abaratar un 10 % os custos do transporte escolar –tema do cal aquí non se falou–, cando somos a comunidade autónoma que máis gastamos en escolares; e tamén nos permitiu aprobar un plan de modernización da nosa frota de transporte de vehículos por estrada, plan de modernización, señorías, que vai rematar a súa implantación total no ano 2018, un plan de modernización que, como ben dixo a señora conselleira, para o ano vai implantar o SAE, que vai ser controlado dende o Centro de Control de Mobilidade de Galicia e que vai permitir precisamente optimizar os servizos que actualmente están en Galicia.

Pero, señora conselleira, o que máis nos chama a atención é que a señora Pontón combine o concepto “corrupción” co concepto “transporte público”. Non sabemos qué ten que ver unha cousa coa outra. A corrupción é algo que existiu sempre, por desgraza, e que é absolutamente lamentable, é unha perversión. Pero ¿o transporte público, señora Pontón? ¿Que ten que ver corrupción con transporte público? Semella que

vostede carece dun discurso real nesta comparecencia. Semella que vostede está descolocada porque os datos que deu a señora conselleira son positivos para Galicia. Semella que vostede está confundindo o que é o contido do Plan de transporte metropolitano de Galicia coa súa implantación. O plan segue sendo o mesmo, señora Pontón. Foi aprobado por un goberno do Partido Popular no ano 2005, foi, ademais, renovado con senllos convenios na Coruña, Santiago, Ferrol e en Lugo. En Lugo implantouse no ano 2012.

O señor Fernández fala do transporte metropolitano de Ourense. Benvido, señor Fernández. Hai un acordo que se firmou no ano 2012 e que esperamos, con base en solucións técnicas de onde ten que ir o intercambiador en Ourense, implantalo na cidade de Ourense. Polo tanto, benvinda a implantación do transporte metropolitano en Ourense.

E, señorías, o señor Fernández laiose de que os anteriores conselleiros só utilizaban o transporte metropolitano para atacar o señor alcalde de Vigo, o señor Caballero, para torpedealo. ¡Home!, precisamente o señor Caballero non se caracteriza por ser politicamente un señor institucionalmente moi correcto. Debería de falar mellor vostede cos seus compañeiros, co señor Gallego Lomba e co señor Losada, para que dunha vez por todas o señor Caballero asine o convenio para a implantación dos metropolitanos en Vigo, porque vai beneficiar a máis de 490.000 persoas e vai supor aforros nos metropolitanos en máis de 1.000 euros polos usuarios ao ano, señor Losada e señor Gallego Lomba.

Polo tanto, ao señor Caballero non é que o torpedee ningún, é que o señor Caballero torpedea os intereses de Vigo e da súa área metropolitana; (*Aplausos.*) torpedéaos sistematicamente, señorías, e vostedes deberían de convidalo a sacar este tema para adiante, porque é positivo para Vigo.

Falábase aquí do transporte da ría de Vigo. ¡Pero, señorías, se o transporte da ría de Vigo o afundiron vostedes!, e afundírono vostedes, señor Gallego Lomba, dende o momento en que liberalizaron a portaxe do Morrazo. E mire, o transporte metropolitano de Vigo, da área de Vigo, vai servir precisamente para viabilizar o transporte da ría de Vigo, e vostedes seguen en contra. ¡Home!, xa que está a piques, só falta asinar o convenio. Prégolle ao señor Gallego e ao señor Losada que falen co seu alcalde –ao que ben lle chama o señor presidente o “Aló Caballero”– para que asine finalmente ese

convenio, porque é positivo para Galicia e é positivo para a principal área metropolitana, señorías. Polo tanto, agardamos a posición política na súa resposta sobre este tema.

Falouse de plans sectoriais. Claro que están aprobados os aparcadoiros disuasorios e o de mobilidade alternativa, e claro, señorías, que falar de transporte metropolitano, señor Ron, implica falar de intermodalidade, e, se non é intermodal e non pode ser intermodal ou metropolitano, ¿como é posible que no 2010 existan servizos de autobuses entre a cidade de Santiago e o aeroporto de Lavacolla, ou que si exista servizo de autobuses entre a cidade da Coruña e o aeroporto de Alvedro? ¿E como é posible, como anunciou a señora conselleira no seu debate de orzamentos, que se vaia implantar, xunto co Ministerio de Fomento, o billete combinado, precisamente para aproveitar a posta en servizo no ano 2015 da LAV Vigo-A Coruña cos servizos de transporte de viaxeiros que están nos concellos circundantes a esas estacións onde van circular as liñas de alta velocidade, ou de velocidade alta?

Polo tanto, señorías, darnos leccións sobre o que se leva feito durante estes seis anos, con deficiencias orzamentarias moi importantes, a este grupo parlamentario, a este goberno, é francamente difícil, nin sequera en tema de ceses, señor Fernández, porque unha cousa é que os directores xerais marcharan por cuestións persoais e outra cousa é que os cesaran. Vostedes cesáronos por incompetencia en xestión; tres tamén, señor Fernández...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: E voulle recomendar tamén a algún voceiro, neste caso á señora Pontón, que cando fale de descensos orzamentarios na partida de servizos de transporte lea os orzamentos do ano 2015 porque incrementan nun 42 % os transportes metropolitanos para Galicia, nun 42 %; e debería ler a señora Pontón o último convenio que asinou a señora conselleira de descontos do 20 % ao 50 % para familias numerosas, porque, señorías, nós si que estamos a traballar por defender os intereses xerais dos cidadáns de Galicia e por xerar unha auténtica política social de infraestruturas, iso que a vostede non lle gusta, que é o Grupo MATI.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Réplica.

Señora conselleira de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, señor presidente.

Señorías, a comparecencia de hoxe é para falar do Plan de transporte metropolitano. Eu, dende logo, veño falar do Plan de transporte metropolitano, pero máis que nada quero facerlle un inciso ao señor Raúl Fernández. Teño unha irmá xemelga que é empregada pública da Xunta de Galicia. Entón, saiban todos que teño unha irmá xemelga que tamén traballa e é empregada pública na Xunta.

En canto ao transporte metropolitano, é unha iniciativa clave do día a día dun millón de galegas e galegos, onde as administracións subvencionan con máis de 30 millóns de euros, dos que levamos investidos, como xa dixen, 8,6 millóns, e para o ano que vén supón un incremento do 42 % e que o plan poida chegar a que o utilicen 800 persoas.

Señora Pontón, os que teñen que escoller se queren estar ou non no plan son os propios concellos non é a Xunta; os concellos poden adherirse, solicítano á Xunta de Galicia, e poden adherirse á área metropolitana correspondente. E tamén lle aseguro que son usuaria do transporte metropolitano e do autobús; iso tamén llo podo asegurar.

E, señorías, do que estamos hoxe a falar aquí é dunha mobilidade máis económica, máis limpa e máis moderna da que xa desfrutan os cidadáns de catro áreas de Galicia e que estamos decididos a estender a Vigo, Ourense e Pontevedra, como reflicte o incremento do orzamento do ano que vén. Deste xeito, a ampliación do Plan de transporte metropolitano ás sete principais cidades galegas beneficiará a arredor de 1,8 millóns de habitantes, é dicir, a metade da poboación de Galicia; é máis do dobre da poboación que hoxe ten acceso a el.

Señora Pontón, eu creo que cumprimos perfectamente os obxectivos e teño que volver reiterar que o seu éxito está

acreditado. Non entendo as críticas que están a facer: un millón de viaxes que subvencionamos cada mes; un cuarto de millón de tarxetas repartidas, que indican que un de cada catro habitantes das áreas en marcha é usuario do plan; e os incrementos medios do 20 % do número de usuarios. Polo tanto, creo que os obxectivos están máis que cumpridos, e todo iso nun período de recesión económica, cuestión que, como saberán, incide negativamente no número de desprazamentos rexistrados en calquera medio, pero no transporte metropolitano non porque as persoas están vendo os beneficios diarios que lles ofrece para ir traballar, ir de compras ou simplemente para lecer, porque os servizos de transporte son o esqueleto sobre o que se constrúe unha gran cidade.

E como analizamos o transporte de forma global, por iso continuamos con novas propostas, como é o billete combinado, porque a Xunta e o Goberno central estamos traballando nel e estamos vendo o mellor xeito de impulsar a conectividade terrestre cos aeroportos a través dun sistema de intermodalidade que permitirá adquirir o billete combinado bus-tren, accedendo con maior facilidade ás terminais, e para logralo o primeiro paso será asinar o acordo con Aena-Renfe-Adif para ir conseguindo unha progresiva mellora da información para os cidadáns e dos servizos para os cidadáns que faciliten unha verdadeira intermodalidade combinando desprazamentos de curto percorrido cos de longa distancia.

E, ademais, continuamos con outras actuacións complementarias que melloran a mobilidade dos viaxeiros, porque analizamos o transporte dunha forma global, que son o Plan de aparcamentos disuasorios e tamén o de itinerarios peonís e ciclistas, para unha mobilidade alternativa, sustentable e segura, e coordinada, tamén por suposto, con transporte por autobús.

Pero o noso reto a curto prazo reside no transporte metropolitano de Vigo; un reto que estamos convencidos de que imos conseguir, porque queremos que preto de medio millón de persoas da primeira cidade de Galicia se beneficie tamén do plan, e en Vigo a necesidade está constatada polo descenso de 1,5 millón de viaxeiros. Por iso agora é o momento de que as administracións públicas nos poñamos de acordo.

Este sistema metropolitano fará que os cidadáns da área de Vigo poidan pagar a metade polos seus desprazamentos; un

feito que, segundo os estudos realizados, produce un efecto chamada que pode incrementar as viaxes no primeiro ano ata un 20 %. E o máis importante é que estimamos que deixarán de circular máis de 6.480 vehículos diarios na cidade de Vigo e o seu contorno, o que se traduce en diminuír as emisións de CO₂, de dióxido de carbono, á atmosfera en máis de 660 toneladas ao mes.

Nós estamos convencidos de que o modelo de transporte metropolitano ten que ser único para Galicia, e a proba é a súa idoneidade, que está nas catro áreas que hoxe están en marcha e que comezaron os alcaldes socialistas nas súas cabeceiras; alcaldes que asumiron a súa responsabilidade e deixaron de lado os seus intereses partidistas na procura do mellor servizo para os seus veciños.

E na área de Vigo podo confirmar que hoxe respondín á carta que me remitiu o alcalde do Concello de Vigo, mantendo a postura de que o plan é igual para todos, pero que ofrecemos reducir a súa vixencia e que estamos convencidos de que podemos chegar a un acordo polo ben dos cidadáns de Vigo e tamén polo da área metropolitana.

Con respecto ás Directrices de ordenación do territorio, teño que dicir que as Directrices de ordenación do territorio avalan os modos de transporte metropolitano como sistemas de xestión e tarifarios unificados, e teño que dicir que o avalan.

En canto ao transporte da ría, que comentan vostedes, pois o próximo Proxecto de lei de mobilidade de transportes de Galicia que estamos a elaborar e que esperamos traer a esta Cámara o ano que vén incluírá unha nova regulación do transporte marítimo de augas interiores. Actualmente, os servizos de transporte marítimo, como saben, na ría constitúen servizos totalmente liberalizados, e esta liberalización provén da execución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de marzo de 2006, que obrigou ao fin do sistema concesional e á liberalización do sector. Con esta nova lei que estamos preparando o transporte da ría gozará de garantías xurídicas e responderá ás verdadeiras necesidades dos viaxeiros.

E, por suposto, tamén pensamos no rural. A Lei do solo é unha proba, ou os orzamentos desta consellería son tamén proba diso, e tamén en materia de transportes; en materia de transportes porque aínda que o noso programa máis destacado agora mesmo sexa o transporte metropolitano, grazas ao

Plan de modernización das concesións de Galicia, estamos mellorando todo o transporte de viaxeiros por estradas. Grazas a este plan, o servizo mellorará substancialmente con medidas como a plataforma tecnolóxica, que porá á disposición de todo o mundo a información da situación dos autobuses en tempo real, e que tamén axudará a detectar puntos de demanda descoñecidos ata o de agora. Polo tanto, hoxe falamos de metropolitano, pero estamos mellorando todo o transporte de viaxeiros de Galicia.

Señor Fernández, en Ourense, pola información que teño eu, o problema plantexouno o propio concello, ao limitar de forma inadmisibile as paradas de autobús metropolitano no concello.

Xa para rematar, señorías, sei que se podería avanzar máis e máis rápido, pero para iso serían necesarios recursos que non temos. Non renunciámos ao metro lixeiro, ás cercanías e a outro tipo de actuacións que poden plantexar, pero cando a situación económica mellore. O importante é que se está prestando un servizo de moi boa calidade a un millón de habitantes e o obxectivo principal ten que ser tentar chegar cando menos ás sete grandes cidades de Galicia. Cando consigamos iso, continuaremos cos obxectivos como os que nos están plantexando hoxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu non sei se vostede se dá conta de que a súa propia intervención hoxe aquí é a constatación do fracaso nas políticas de transporte público en Galiza. Vostede reconece que o 75 % da poboación galega está fóra do ámbito de actuacións de políticas de transporte público no noso país. Polo tanto, non pode vir aquí, en pleno ano 2014, dicirnos que o obxectivo ambicioso que ten Galiza nesta materia é que a ver se non sei se dentro de un, dous, tres, catro, cinco

ou seis anos –porque é o tempo que vemos que levan vovedes reiterándose sobre promesas– pode estar implantado no ámbito das cidades. A verdade é que é un obxectivo moi pobre que demostra o atraso que temos en materia de transporte público en Galiza, que nos alonxa do que pasa nos ámbitos máis desenvolvidos no noso entorno e que demostra como isto non ten sido nin é neste momento unha prioridade por parte do Goberno galego. Porque, mire, que vostede, que lle vai perdoar a unha concesionaria da autovía da Costa da Morte o que tiña que pagar en relación cunha autovía e que están facendo unha modificación de lei fraudulenta para beneficiar unha concesionaria nos veña dicindo que non se pode gastar o que non ten e que non hai recursos para poñer en marcha transporte público en Galiza, a verdade é que é unha tomadura de pelo e demostra ata que momento, ata que punto, vovedes o que teñen é xa a consideración de que todos e todas os que estamos aquí pois non nos enteramos absolutamente de nada, nin os cidadáns. Hai recursos para o que vovedes queren. Vovedes teñen recursos para privilexiar unha construtora, pero dinnos que non teñen recursos neste momento para poñer en marcha o transporte público. Non nos tome o pelo, señora conselleira.

Mire, nós falamos na nosa intervención de que non hai planificación e non hai impulso, e vostede séguese dicindo. Seguen concibindo o transporte público dunha maneira illada. Primeiro, como se só houbera necesidades no ámbito das cidades, e non tendo en conta os fluxos reais e as necesidades que neste momento ten a poboación, que van alén do ámbito concreto das cidades.

Falounos, señora conselleira, de intermodalidade. Pero, ¿que intermodalidade, se vovedes están desmontando –ou desmontaron xa– os servizos de proximidade que había en Galiza no ámbito do ferrocarril; se, a pesar de que o acordaron e o prometeron en reiteradas ocasións, se negan a poñer en marcha un servizo de cercanías en Galiza, que o habilita o propio Estatuto de autonomía; se renunciaron a facer calquera política que sexa alternativa neste terreo, e están condenando a moitas vilas do noso país a ter peores servizos de ferrocarril que hai cincuenta ou sesenta anos; se vovedes teñen un ámbito, como é A Coruña-Ferrol –que se fala del nas directrices de ordenación do territorio–, que está discriminado no que é a modernización do ferrocarril que se está levando, no que se están suprimindo constantemente servizos, e non nos di absolutamente nada de todo iso?

Penso que iso sería o que lle daría credibilidade á hora de vir aquí a intervir e dicir que vai facer algo, non simplemente a ver se un concello quere asinar ou non un plan, e vir e xustificar unha comparecencia nese sentido. Porque mire, se no Concello de Vigo non actúan, ¿por que non o fai a Xunta de Galiza? Demostre que vostede ten unha preocupación nese ámbito e abandone ese pim, pam, pum inútil, que o único que fai é que, efectivamente, os cidadáns se vexan prexudicados porque non actúan as administracións públicas e porque, ao final, todo parece un xogo por arriba e non lles importa absolutamente nada o que pasa neste terreo.

Tampouco nos diga que a solución ao transporte de ría vai vir da man dunha futura lei, porque vostedes xa puideron actuar no ámbito do transporte de ría. Hai un marco que hoxe permite que ese transporte de ría se poida declarar de interese público. Hai unhas compañías que non están cumprindo cos servizos mínimos, e vostedes nin inspeccionan nin sancionan.

Como tampouco vostede, señora conselleira, debería ignorar que o transporte onde está funcionando tamén ten problemas: hai problemas en Ferrol coa compatibilidade da tarxeta no FEVE; hai problemas coa accesibilidade dos buses; hai problemas porque se están suprimindo liñas en moitos ámbitos; hai problemas co funcionamento do servizo porque non están vostedes cumprindo nin o que estaba establecido nos convenios en materia de modernización dos lugares onde se colle o autobús. Polo tanto, hai problemas por abaixo que vostedes ignoran. Non hai unha aposta real porque o transporte metropolitano supoña realmente un incremento das liñas dos servizos e que, polo tanto, aí exista un ámbito.

Mire, os últimos datos publicados sobre o transporte público din que en global no noso país diminuíu o número de viaxeiros e viaxeiras. Debería de preocuparlle por que está pasando iso, porque é o síntoma de que, nun momento en que hai menos recursos económicos, a mobilidade dos cidadáns estase vendo condicionada, e nin tan sequera no ámbito que debería de ser máis accesible, como é o transporte público, iso está solucionado.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pode vir vostede aquí, señora conselleira, a vendernos os éxitos que sexan, pero a realidade

de segue sendo a mesma; e a realidade é que a maior parte da poboación galega non ten servizos de transporte público de calidade, que a maior parte da poboación galega o recurso que ten é o vehículo particular, e que vostedes non están realmente apostando por superar esa situación, senón simplemente por mantela.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bos días de novo.

Realmente, vostede reiterou o mesmo que na súa primeira intervención. Reiterou e falou incluso de moi boa calidade do servizo que lles están ofrecendo vostedes aos veciños e veciñas de Galicia que usan o transporte metropolitano.

Vostede, realmente, ao mellor non usou nunca o transporte metropolitano, porque, se o usa a diario para vir traballar, por exemplo, a este Parlamento, enteraríase perfectamente do estado no que están os autobuses, que poden quedar avariados no medio dunha rotonda; autobuses nos que non poden subir os carriños dos bebés; autobuses nos que as bicis non teñen entrada; autobuses que non cumpren o horario, porque se tarda para chegar de Brión a Santiago entre corenta e corenta e cinco minutos e, polo tanto, no serve para o obxectivo que se deseña; autobuses que non melloraron os seus horarios, seguimos igual, non están adaptados ao horario nocturno, non están sequera adaptados ao horario de tarde, vespertino, cando un ten unha reunión que acaba ás dez e media da noite; non están adaptados aos tempos de lecer das fins de semana, dos festivos, dos tempos vacacionais; non se melloraron itinerarios... Deuse diñeiro. Parece que xa, dar diñeiro... ¡jala, xa está, xa chega, xa cumpro! Pero non, porque esas empresas non fixeron absolutamente nada: non se melloraron itinerarios, non se incrementaron liñas, non se incrementaron as paradas. Segue todo igual pero con outra máscara, empeorando, pero con diñeiro público. Se antes era simplemente transporte privado, que pagabas directamente á empresa, agora beneficiase esa empresa dunha redución que afecta e beneficia á cidadanía. De acor-

do, ese é o único punto, pero o servizo non mellorou, o servizo segue sendo deficitario. Ese é o tema.

Por exemplo, ¿cobren as necesidades reais das persoas, os itinerarios e as frecuencias, os horarios establecidos? ¿Fíxose ese estudo? Non, non se fixo, iso seguro.

Mobiliario. Fagan un repaso, unha inspección, do mobiliario existente no transporte metropolitano e vexa como está.

Logo, ademais, vostedes sempre falan de que son moi dialo-gantes, moi transparentes. Insisto, houbo e hai plataformas cidadás que se atopan co obstáculo da Administración que vostedes representan porque vostedes non escoitan a veciñanza, que é a que sabe realmente por onde vai haber máis uso, por onde hai necesidade de que vaia o transporte, por que rutas ten que vehicular e transitar, e cales son as necesidades que experimenta esa comunidade de veciños e veciñas para que o servizo teña realmente utilidade. Polo tanto, non é certo.

Intermodalidade. Mire, falou o voceiro do PP de que non era o mesmo. Pois é o mesmo, ten que ver, non son cousas distintas. O ditame estaba enfocado coa participación do tecido da cidadanía, asociada en diferentes colectivos da administración de distintos tipos competenciais, e tiña a intención de recoller unha serie de recomendacións con vistas a incidir no Executivo, nas políticas de mobilidade, nas políticas de seguridade viaria. A seguridade viaria ten un enfoque transversal que, loxicamente, ten que ver cos plans de transporte metropolitano, porque o que se pretende é precisamente reducir o uso do automóbil, do transporte privado. Polo tanto si ten que ver, si ten que ver, está fondamente relacionado.

Intermodalidade é unha palabra que vostedes empregan pero que é inaplicable, non a están aplicando. E a planificación que están facendo vostedes de relacionala unicamente con obras nas estacións de autobuses é un erro. En Santiago é un erro non vinculala á estación de tren, por exemplo. A intermodalidade ten que partir precisamente de onde se produce a maior reunión de transportes de distinto tipo, e iso é na estación de tren.

Por exemplo, falaban vostedes da conectividade. ¿Sabem vostedes que Pontevedra non ten conexións directas con Peinador, Lavacolla ou Alvedro?, ¿cos aeroportos? ¿Existe un

plan de coordinación aeroportuaria para conectar a través dos plans de transporte? Pois dígaos. Se ten vostede un turno final, que supoño que si, pois dígaos aquí.

Pero, desde logo, o que nós defendemos é un servizo público de transporte. Servizo público, financiado a través dos impostos, e non precisamente isto, que parece ser que é unha ofrenda que fai a Administración pública e que se una a aquel concello que... Iso non é unha administración pública vertebradora, que cohesione todo o territorio galego e toda a sociedade. Hai que elaborar as cousas ben elaboradas, e non que pareza unha ofrenda e que, cada quen se adhira, ben. Non é isto, nós falamos dun servizo público que debería de ser xestionado, titularizado, a través dunha empresa pública de transporte público para todos os galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu percibín con toda claridade que a súa comparecencia nesta sesión foi forzada. A verdade é que comparece vostede para salvarlle os mobles ao Goberno, para que non se diga que este Goberno non comparece no Parlamento, que está desaparecido, e a pesar da vaga de escándalos que o acorralan, para actuar de parapeto do señor Feijóo, permitíndolle conformar un relato.

Polo demais, todo parece seguir igual. Na súa consellería sen proxectos, sen convicción, sen ilusión, parece que a apatía e o pasotismo xogan a ser ocupas na súa consellería. Señora conselleira, non aportou na conta de resultados da consellería que vostede preside ningún dato positivo referido ao transporte nos dous últimos anos; nin no transporte ferroviario de corta e media distancia, nin no transporte ferroviario de longo percorrido, nin no tren de cercanías, nin no transporte aéreo, nin no transporte marítimo, nin no transporte terrestre, nin os transportes alternativos, nin no transporte metropolitano.

Vai para catro anos –cumpríranse en decembro– que non asinan nin un só convenio, e algúns deles, ademais, son convenios obrigatorios despois de cinco anos de vixencia. Tampou-

co nos presentou un programa de actuacións, con cronograma e orzamento que resulte crible. Non percibimos que teña interese en converter a teoría da intermodalidade en feitos. ¿Cal é a situación real, con orzamentos e datas, das estacións intermodais programadas en Ourense, Santiago, A Coruña e Vigo?

Señora conselleira, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ostenta as competencias e a responsabilidade en transportes, nomeadamente no transporte metropolitano, para avanzar na implantación do transporte metropolitano mediante convenio, e, polo tanto, acordo das partes. Fai falla humildade, predisposición ao acordo, constancia, flexibilidade, estudos técnicos, estudos económicos, respecto e razóns. E non se trata de buscar quen ten a razón ou de presumir quen ten a razón, trátase de compartir razóns para compartir tamén obxectivos comúns.

No horizonte máis próximo aparecen asequibles as áreas metropolitanas, e polo tanto o transporte metropolitano, en Vigo e en Ourense. Permítame, con respecto a estas dúas cidades, que lle faga algunhas preguntas.

¿Cal foi a razón para incorporar novos concellos á área de Vigo? ¿Por que quedou excluído da área de Vigo o concello de Vilaboa, único excluído desa área de Vigo? ¿Hai algún tipo de razón política? ¿Cando vai tratar a negociación con Vigo baseada no respecto? ¿Cando lle vai concretar ao Concello de Vigo a súa proposta de aportacións? ¿Que horizonte temporal se marca para implantar o transporte metropolitano na área de Vigo? ¿Cando pensa remitir ao Concello de Ourense o principio de acordo solicitado polo Concello repetidamente desde antes do verán? ¿Cando pensa retomar as conversas co Concello de Ourense interrompidas misteriosamente pola súa consellería en marzo de 2014? ¿Cando será posible que a directora xeral de Mobilidade conteste as chamadas da concelleira de Mobilidade de Ourense? ¿Cando contestará a directora xeral de Mobilidade os reiterados emails da concelleira de Mobilidade do Concello de Ourense, que só teñen a intención de retomar o proceso de diálogo e avanzar no proceso? ¿Por que se abandonou a vontade compartida da anterior directora xeral e do Concello de Ourense para asinar o convenio en 2014?

E xa remato, señor presidente, coa demostración de compromisos. Mire, a evolución do orzamento do transporte metropolitano da consellería, de 2010 a 2014, reflicte un 35 %

menos na súa execución. O orzamento de 2014 ten ademais un presuposto de 6 millóns menos que o orzamento de 2010; é dicir, o 48 % menos de orzamento. E, mire, falando de compromiso das administracións, en 2014 as cinco cidades que teñen transporte urbano...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...pagaron oito veces máis que a consellería en catro metropolitanos. Soamente Vigo aporta case o triplo que a Xunta de Galicia en toda a comunidade para o transporte. Dígame cales son, por favor, os compromisos de cadaquén.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Gómez Alonso.

Déanlle voz ao escano do señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira. Señorías.

Señor Ron, antes de falar en nome do meu grupo parlamentario preocupeime de preguntarlle á conselleira se a súa irmá é xemelga; dígollo porque como vostede fai estas afirmacións tan alegres de que a señora Ethel nunca colleu un transporte metropolitano, ou non é usuaria do transporte metropolitano, pois aconséllolle que vostede sexa máis humilde, porque igual vostede recibe informacións da súa xemelga e non da que é conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque hoxe está a que é conselleira, non a que é xemelga, e que ademais tamén é *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* funcionaria da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

Eu sei que ao señor Fernández iso lle provocou que tivera unha pequena metedura de pata. Pero non pasa nada, señor Fernández, sabemos que vostede non o fai con mala fe, queda desculpado.

Pero, señor Ron, mire, voulle dicir outra cousa máis. Vostede fala de que o transporte metropolitano é un servizo defi-

citario. (*Murmurios.*) Se é un servizo deficitario, señor Ron, ¿como é posible que se incremente ano a ano o número de usuarios dos transportes metropolitanos en Galicia? ¿Como é posible, señor Ron, que se incrementen as solicitudes de concellos que se queren adherir a estes transportes metropolitanos? E pónolle un exemplo. Eu son do interior de Galicia, e hai concellos do interior de Galicia –como é o caso, se mal non recordo, da Estrada e Vila de Cruces– que se queren incorporar ao transporte metropolitano de Santiago. Polo tanto, estáselle a ver unha utilidade funcional aos transportes metropolitanos moi importante.

Fala vostede de intermodalidade, señor Ron. Estou de acordo con vostede, é importante potencia; o actual transporte potencia a través dos servizos que se están a prestar dende os aeroportos cos servizos de transporte metropolitano ou urbanos nas cidades. E tamén se vai potenciar a través do billete combinado unha vez que se poña en servizo a liña Vigo-A Coruña. (*Murmurios.*)

E, home, claro que vostede ten razón en que a seguridade viaria é moi importante, pero o noso documento de seguridade viaria vai ir implementado no Plan de seguridade viaria 2015-2020, e iso terá os seus efectos, como é normal, na evolución da implantación do transporte metropolitano.

E a señora Pontón, coma sempre, deulle unha reviravolta máis ao tema da corrupción e os transportes. Agora volveu falar da Costa da Morte. Non quedaron satisfeitos cos argumentos que lles demos no debate de orzamentos. (*Murmurios.*) Non quedaron satisfeitos cos argumentos que lles demos na Lei de medidas urxentes. E tampouco quedarán satisfeitos cos argumentos que imos seguir dando no debate da moción que imos ter esta tarde. E parécelle pouco, aínda por riba, que o 65 % da poboación teña un servizo de transporte metropolitano, di que o 35 % non ten nada. Home, señora Pontón, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu son de Soutelo de Montes, e en Soutelo de Montes temos escolares, regulares e 061; e esperamos dentro de pouco ter transporte a demanda. (*Murmurios.*) Polo tanto, señora Pontón, esperamos seguir tendo servizos nesta materia.

E, home, señor Fernández, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*) –se me deixan acabar, moitas grazas–... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor Losada, 065. Ía falar agora con vostede. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ten vostede razón.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Losada. Silencio, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: Lapsus. Moitas grazas, señor Losada. (*Murmurios.*)

Ben, no tocante ao voceiro do Partido Socialista, ¿quere o señor voceiro, o señor Fernández, falar do transporte metropolitano de Ourense? Dígalle ao seu actual alcalde onde implantamos o intercambiador. Dígallo, trasládello á conselleira, e está implantado o transporte metropolitano de Ourense, que ademais fai moita falta. ¿Ou é que quizais con tantos imputados neste momento non teñen cabeza para pensar niso? (*Murmurios.*) Pénseno e trasládenlle o tema do intercambiador. (*Murmurios.*)

E, home, non falou nada da actitude do señor alcalde de Vigo (*Murmurios.*) respecto de implantar o transporte metropolitano, señoría. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio.

O señor GÓMEZ ALONSO: Non, non falou nada. (*Murmurios.*) Non falou nada. Non falou nada do que ten que facer o señor Caballero para implantar... (*A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Quintas, por favor, silencio.

O señor GÓMEZ ALONSO: ...o transporte metropolitano. (*A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio.

O señor GÓMEZ ALONSO: ¿Como é posible, señor Fernández...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. Por favor, están no uso da palabra e vostede non está no debate.

O señor GÓMEZ ALONSO: ¿Como é posible, señor Fernández, (*Murmurios.*) que o señor Bugallo chegara a un acordo co PP para implantar os metropolitanos en Santiago, que o señor Irisarre chegara a un acordo co PP para implantar os metropolitanos en Ferrol, e que o señor Orozco fixera o mesmo en Lugo? ¿Que pasa co señor Caballero? ¿Por que é tan especial o señor Caballero? (*Murmurios.*) ¿Por que ao señor Caballero hai que facerlle un convenio ad hoc cando a Xunta de Galicia aporta o 80 % dos recursos, pregunto eu? (*Murmurios.*)

E o señor Losada –que lle agradezo esa corrección do 065–, el, que ten moita influencia co señor Caballero, debería de convidalo a asinar ese convenio –igual que o señor Gallego Lomba– porque é beneficioso para os usuarios de Vigo, vai supor aforros de máis de 1.000 euros ao ano para os usuarios de Vigo. (*Murmurios.*) Vai evitar, precisamente, os problemas que existen nos servizos do transporte marítimo da ría de Vigo, (*Murmurios.*) transporte que vostedes afundiron, señorías, cunha Lei de augas interiores na cal vostedes estableceron un rexistro de ofertantes do servizo e, polo tanto, estableceron a barra libre. ¿E agora botan as mans á cabeza porque hai problemas no transporte da ría de Vigo, cando vostedes o afundiron, e este grupo parlamentario solicitaba autorizacións?

E, home, señor Fernández, o mesmo que lle dixen á señora Pontón díggollo a vostede, pense en volver reler os orzamentos da consellería MATI, porque os orzamentos para transportes metropolitanos se incrementaron nun 42 %. (*Interrupcións.*) ¡Nun 42%! Relea o convenio que se firmou coas familias numerosas, señor Fernández, porque é moi útil.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: Relea as partidas que se van dedicar para o incremento gradual da intermodalidade. Si, si, señor Fernández, queda moito por facer, quédanos un longo percorrido, pero non teña ningunha dúbida de que o percorrерemos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Turno de peche. (*Pausa.*)

Señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, señor presidente. Señorías.

Bueno, eu comparezo nesta Cámara, a petición propia, para informar dun dos plans clave deste Goberno.

E por facer un inciso, señora Pontón, en relación coa autovía da Costa da Morte, como sabe, mañá acudiré a esta Cámara e darei toda a información que acredita que non só é unha decisión perfectamente legal, senón que é a mellor para as contas da Xunta e, polo tanto, para os cidadáns. (*Interrupcións.*) É a alternativa que fai viable executar esa autovía. (*Murmurios.*)

E como veño para falar do transporte metropolitano, pois continuarei falando do transporte metropolitano, que é o obxecto desta comparecencia.

Un dos indicadores máis claros sobre a calidade de vida das cidades e das súas áreas de influencia vén dado polo nivel de desenvolvemento do seu transporte público. E un transporte público debidamente planificado e coordinado facilita o desprazamento diario das persoas, abarata os seus custos, reduce as emisións contaminantes e fai as cidades máis transitables.

A señora Pontón falaba do ferrocarril, pero nós apostamos por mellorar a mobilidade dos cidadáns nas cidades galegas no ámbito das nosas competencias, atendendo a criterios de demanda e sendo coherentes coa necesidade de priorizar o destino dos cartos públicos; é dicir, un investimento socialmente xustificable. E coido que nese sentido é indiscutible que a posta en marcha en 2011 do Plan de transporte metropolitano de Galicia nas áreas da Coruña, Ferrol e Santiago, e a posterior implantación en Lugo, marcou un cambio no transporte público da nosa comunidade.

É certo que os 33 millóns de euros que as administracións públicas levan investidos desde entón para garantir o funcionamento deste plan supuxeron un gran esforzo en tempos

de crise económica e restricións orzamentarias. Fórono, desde logo, para a Xunta de Galicia, que achegou 27 millóns de euros dese total; é dicir, máis dun 80 %. Pero tamén é verdade que a rendibilidade social acadada co transporte metropolitano xustifica con creces este gasto realizado, porque, como dicía antes, estamos a falar dun proxecto que funciona, que é útil e que afecta directamente aos petos dos galegos e das galegas. Unha auténtica aposta por unha mobilidade sostible que ofrece aos cidadáns unha alternativa eficaz fronte ao uso do vehículo e as súas preocupacións derivadas: os atascos, a busca de aparcamento e o prezo do combustible; que recupera o espazo público para os peóns e que ofrece como principal incentivo aforros económicos reais nas áreas nas que está implantado, reducindo á metade o gasto necesario para os desprazamentos habituais nas áreas metropolitanas. (*Murmurios.*)

Os beneficios do transporte metropolitano de Galicia son extensos, pero coido que a mellor forma de expresalos é a través dunha cifra: a de un millón de viaxes que se realizan cada mes ao abeiro deste programa nas áreas da Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo.

Axudar os cidadáns a facer fronte ás súas necesidades diarias é unha obriga de todas as administracións públicas, pero cando ao facelo ademais contribuímos a mellorar a calidade ambiental e social do noso territorio é obvio que avanzamos no bo camiño, e hai que seguir avanzando e seguir mellorando. Por iso os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2015 representan unha aposta definitiva para acadar que o transporte metropolitano sexa unha realidade nas sete cidades galegas. A metade do orzamento da Dirección Xeral de Mobilidade para o ano 2015 destinámolo a manter e ampliar este sistema de mobilidade, que acredita diariamente o seu éxito, con 8,6 millóns de euros, que supoñen o 42,5 % de incremento con respecto a este ano. E tamén á intermodalidade; e como sabe, señor Ron, hai proxectos específicos contables no orzamento da Dirección Xeral de Mobilidade para o ano 2015 para as estacións intermodais.

E con respecto ao Comité de Coordinación Aeroportuaria, que espero se reúna proximamente, teño que destacar que por proposta da Xunta de Galicia se incorpora a este comité o clúster do turismo de Galicia, como axente directamente interesado na boa xestión aeroportuaria. É certo que nos gustaría facer máis cousas en materia de mobilidade; é

certo que, se houbera máis recursos, tamén abordaríamos algúns dos proxectos que vostedes están trasladando hoxe, e incluso máis. Non é que non nos preocupen estas cuestións –por suposto que nos preocupan–, e non as eliminamos da nosa programación nin do noso traballo, pero este forte impulso do Plan do transporte metropolitano prevé o mantemento dos catro sistemas de transporte metropolitano existentes, a integración de novos concellos e a implantación de novas áreas en Vigo, Ourense e Pontevedra, de acordo co obxectivo sempre declarado de levar o transporte metropolitano ás sete principais cidades de Galicia. Pensamos que agora é o momento de dar o salto e que este plan estea á disposición da metade da poboación de Galicia, señorías. Para iso teño que pedir a colaboración de todas as administracións, para que a súa posta en marcha poida ser unha realidade nos vindeiros meses, porque por enriba dos intereses territoriais debe de estar o obxectivo do servizo ao cidadán.

Facilitar a posta en marcha do transporte metropolitano supón ollar máis alá dos límites municipais para mirar coa perspectiva do cidadán que debe desprazarse para estudar, para traballar, para ir ao médico e para ir á praia. E no caso de Vigo os beneficios están fóra de toda dúbida, tanto para os cidadáns do concello-cabeceira como dos seus veciños da área metropolitana, con aforros anuais que poden chegar ata os 1.000 euros. É esta a diferenza de contar co plan ou non contar co plan; un plan pensado, polo tanto, para os cidadáns, con descontos por uso habitual, con descontos para as familias numerosas que entra en vigor o 1 de decembro, e tamén con tarifas sociais. Un plan cuxa posta en marcha e desenvolvemento ten o meu recoñecemento aos anteriores xestores, que o fixeron posible. E, como dicía, supón para min unha especial satisfacción poder contribuír á súa consolidación e ampliación.

Estou segura de que o Plan de transporte metropolitano seguirá a ser un auténtico exemplo de éxito, baseado na colaboración das distintas administracións e as empresas do transporte e co apoio masivo dos cidadáns, sen dúbida os auténticos responsables de que o plan funcione.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as cuestións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axudar o sector industrial galego a saír da crise e a crear emprego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non se presentaron emendas a esta moción.

Para formular a mesma, ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías.

Hai mañá quince días desenvolveuse neste Parlamento unha interpelación ao conselleiro de Economía e Industria por parte deste voceiro sobre as estratexias de política industrial en termos de reactivación económica e creación de emprego que o Goberno galego estaba a desenvolver. A verdade é que naquel momento manifestei o meu escepticismo, manifestei o enfoque absolutamente propagandístico da intervención do conselleiro, a absoluta desconexión da realidade económica, social e laboral deste país, e, lamentablemente, os datos que apareceron nestes quince días continúan a darnos a razón.

Eu mostrei aquí os datos do índice de produción industrial dos cinco últimos meses. Desde entón, publicouse o dato dun mes máis, concretamente de setembro: continuamos na cola de España. O dato interanual é que, mentres que no conxunto de España a produción industrial medra un 3,6 %, en Galicia diminúe un 2,3 %. Eu creo que xa levamos sete meses consecutivos na cola de España. O discurso do ciclo económico, da conxuntura de se chove moito, de se a enerxía xoga un papel relevante no indicador, eu creo que perde peso a pasos axigantados.

Por unha parte, sen ningunha dúbida, a produción, e, por outra –e é un dato absolutamente relevante, tendo en conta a situación social do país–, emprego. Eu sempre lle digo ao conselleiro que prefiro utilizar a enquisa de poboación activa, e, efectivamente, reconecía aí que no último ano se tiñan creado 1.800 empregos no sector industrial en Galicia, mentres que se perderan, desde que governa o señor Feijóo, 50.000 empregos. El empéñase en utilizar os datos do paro

rexistrado, e, polo tanto, de afiliacións á Seguridade Social. Aquí os datos son un pouco máis escuros, hai que estar ás duras e ás maduras. Nos datos de afiliación á Seguridade Social, na industria perdéronse, no último ano, 2000 afiliados no conxunto de Galicia.

A verdade é que se recordan vostedes, señorías, o discurso do señor conselleiro: unha comunidade autónoma cun 23 % de desemprego, con máis dun 20 % de poboación en situación de pobreza ou en risco de exclusión social, por debaixo da media da renda do conxunto de España. O señor conselleiro falounos fundamentalmente da industria 4.0. Eu, a verdade, é que tomei a molestia nestes quince días de investigar un pouco sobre o tema, porque recoñezo que me colleu un pouco de novas, por dicilo dalgunha maneira. E a verdade é que agora hai programas informáticos moi interesantes que te permiten introducir artigos de carácter científico, de carácter técnico, de carácter político e que sacan as palabras, os ítems, máis repetidos nese conxunto de artigos. Tomei a molestia de facelo –e vou ler solemnemente, porque creo que paga a pena, e especialmente paga a pena para os cidadáns que escoiten esta lista e que teñan problemas económicos serios neste país, que son moitos–, e de que estamos a falar, cando falamos de industria, de 4.0.

Os ítems que máis aparecen son: interfaces, produto individual que determina como debe ser producido; terceiro, sistema ciberfísico; cuarto, sensores con chip de identificación por radiofrecuencia; quinto, integración óptima dos mundos reais e virtuais; sexto, reempazar as ferramentas de aceiro polo *mouse* –o *mouse* é o rato–; sétimo, procesos interconectados pola internet das cousas e dous i20T; o seguinte –xa perdín o número, creo que é o oitavo–, fabricación aditiva; noveno, robótica colaborativa; décimo, realidade aumentada; once, *cloud computing* –aproximadamente a nube–; doce, *big data*; trece, máquinas que aprenden.

Esta é a industria 4.0. O titular de onte da prensa era 80.000 galegos levan dous ou máis anos parados sen cobrar prestacións. Eu creo que estas dúas cuestións reflicten perfectamente o mundo real que hai aí fóra e as historias e as milongas que consultoras de non se sabe moi ben onde, que cobran moitas pelas, basta con ver os orzamentos do ano 2015, e ver os estudos e informes internos. Estanse forrando con, non vou dicir tonterías, pero estou dicindo que en Alemaña a única empresa que está empezando a traballar sobre

isto é Siemens, a única polo de gora. En Estados Unidos, un pouco; no resto do mundo están mirando e parece que o apóstol da industria 4.0 é o señor Francisco Conde.

Eu de verdade que son un pouco máis realista, e, desde logo, pídlle a este Goberno e pídlles aos deputados do Partido Popular un exercicio de realismo. Pídlles isto, primeiro, polos desempregados. Segundo, ¿de que país estamos falando?, ¿con que país queremos construír esta industria 4.0? Pois queremos construíla cun país que inviste en I+D+i 180 euros *per cápita* ao ano; Alemaña, 700; Estados Unidos, 1.020. Falo, insisto, dos dous únicos países do mundo que teñen ata o de agora estratexias gobernamentais explícitas aprobadas sobre a industria 4.0, nin sequera Suecia, Israel, Holanda, etc. Co cal, evidentemente, en publicidade e en propaganda, lideramos. É no único que lideramos. A proba de que é no único que lideramos e a proba de que a descoñexión da realidade é brutal no discurso político do Goberno do Partido Popular son os datos das persoas con baixos niveis educativos. Porque a min me gustaría –lamento que non estea aquí– que me contara o señor conselleiro quen vai desenvolver a industria 4.0. A min gustárame que me contara quen a vai desenvolver, salvo que haxa, insisto, cuartas dimensións que eu descoñezo.

Os datos son que no conxunto de España as persoas con baixos niveis educativos –e enténdese aí, segundo a OCDE: analfabetos, educación primaria, FP básica ou garantía social– son en España o 44,5 % da poboación entre 14 e 65 anos; en Galicia, o 48,7 %. É dicir, case a metade da poboación desta comunidade autónoma en idade laboral ten este nivel educativo. No conxunto da Unión Europea, a metade xusta que en Galicia, o 24. E quero recordar que aí están Bulgaria, Romanía, Eslovaquia, Lituania, Letonia, en fin... E Alemaña, un 6 % de poboación con educación básica, o que se entende por educación básica.

Eu creo que é un exemplo perfecto –volvo repetir– da descoñexión da realidade. Tamén é verdade que o señor conselleiro mostrou boa vontade. Empezou falando de man tendida. Eu entendo, polo tanto, que, na medida en que o Grupo Popular non presentou ningunha emenda, van votar a favor, despois desa man tendida do conselleiro.

Pero, mire, dous documentos recentes: un máis académico, a pesar da miña desconfianza radical do servizo de estudos

do BBVA, teño que dicilo, *Desafíos de la reindustrialización*, 30 de outubro deste ano, nin unha palabra sobre industria 4.0. Suplemento do diario *Expansión* –pouco sospeitoso de marxismo-leninismo, como vostedes ben saben, do Grupo Unión Editorial, en fin, *El Mundo*, “Motores del crecimiento económico”, nin unha soa palabra da industria 4.0. A min gustárame que alguén me dixera quen foi –porque a verdade é que o fixo ben– a consultora ou o traballador da consultora que conseguiu convencer o conselleiro para que nos viñera aquí contar unha historia absolutamente descoñectada, xa non só da realidade de Galicia, senón da realidade dos países da OCDE, que estamos literalmente na fronteira do coñecemento. Iso si, co 50 % da poboación en idade activa e cun nivel de cualificación baixo ou moi baixo; co cal, hai dúas cousas: ou non se entera –e eu quero presuporner que se entera–, ou pensa que os demais somos imbéciles; o cal, evidentemente, non é certo.

A moción que presento é unha moción que recolle temas moito máis terrealis, e vou deixar fóra a ciencia ficción, a realidade virtual, e falo, primeiro, de políticas económicas, que se teñen desenvolvido na maior parte dos países occidentais para buscar saídas axeitadas ás crises de demanda. Non hai inventos novos baixo o sol, incrementando a masa monetaria para diluír a débeda e, polo tanto, devaluar o euro e aumentar as exportacións. Ese si que é un plan de internacionalización, o que pasa é que a Alemaña non lle interesa, pero ese é o plan de internacionalización: que esa axenda de reindustrialización de Galicia se traia ao Parlamento non para vir contala aquí, senón para que os grupos parlamentarios poidamos facer aportacións con tempo e con capacidade de reflexión suficiente. Eu creo que é moi importante, especialmente tendo en conta que estamos tan na vangarda tecnolóxica, e eu creo que teñen que darnos un pouco de facilidades para *aggiornarnos*, para actualizarnos nestas cuestións.

Logo, tres cuestións relevantes na política industrial en toda Europa, fóra do 4.0 –somos máis humildes, quedamos no 3.0–: un programa de calidade social e laboral nas empresas, especialmente nas que reciben fondos públicos; un plan de racionalización no financiamento empresarial, nun momento en que o financiamento privado está literalmente paralizado, o financiamento público ten que optimizar os escasos recursos que ten, e, polo tanto, hai un marco financeiro europeo que, desde logo, debería ser respectado –remato, señor

presidente— de maneira forte, de maneira sólida; un programa de sostibilidade enerxética para as empresas e para as familias. E, dende logo, está ben falar de plans de biomasa, de plans de xeotermia, etc., pero trátase de aplicarlos e trátase de que teñan efectos multiplicadores sobre o resto da economía, por exemplo, no tema da sustentabilidade do monte e no tema da innovación.

Volvo ao tema da innovación, porque pechamos o círculo: ¿como o conselleiro de Economía dun goberno que dedica á innovación un nivel como o de Ucraia e Turquía pode vir aquí sen poñerse colorado a falarnos de industria 4.0? Volvo repetir: ou non se entera —e eu creo que se entera—...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...ou pensa que os demais somos imbéciles; e o peor, non lle importa absolutamente nada o que pasa aí fóra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

A Consellería de Industria dividiu esta lexislación en dúas propagandas: a primeira, coa palabra emprendemento; a segunda, industria 4.0. Durante dous anos escoitamos o conselleiro de Industria en reiteradas ocasións —e tamén o Partido Popular— falar do emprendemento. Asemade, a Consellería de Economía e Industria, coñecida polas campañas de publicidade que licita todos os anos, mínimo dúas —iso é a media que leva ata agora—, tamén encheu as rúas de Galiza coa publicidade: “Se tes unha idea, emprende”, e ao mesmo tempo os xornais, tamén coa mesma publicidade: “Se tes unha idea, emprende”, como se o problema do desemprego fora que as persoas non teñen ideas.

Despois da aprobación da Lei do emprendemento, ¿que é o que temos, segundo o último informe das empresas creadas emprendedoras en Galiza? Que o 60 % delas teñen unha persoa; ou sexa, que a propia persoa se autoemprega; é dicir,

que non teñen empregados, e que a tecnoloxía desas empresas é nula nun 90 % das mesmas. É dicir, que foi tal cal un búscate a vida como poidas e vai montando un negocio. Esa foi a primeira parte da lexislatura a respecto do emprendemento.

Na segunda parte temos unha nova palabra, un novo concepto, que o señor Losada acaba de explicar agora e que nós temos que escoitar en reiteradas ocasións tanto neste Pleno como na propia Comisión de Industria, ou ultimamente tamén na comparecencia dos orzamentos: industria 4.0. Supoñemos que traerá as súas campañas de publicidade para as vallas publicitarias, para os xornais, e todo o mundo se preguntará iso da industria 4.0. Aí xa non é se ti tes unha idea, é que as máquinas teñen ideas. Claro, como temos poucas máquinas nas empresas, hai que, parece ser —explicounos o conselleiro—, buscar esa realidade máis virtual. Mais os datos son claros: perda clarísima de emprego industrial, 50.000 empregos. ¿Obxectivo da Consellería de Industria para o 2020, segundo a última comparecencia do conselleiro? Aumentar 50.000 empregos. É dicir, en 2020 ter os mesmos empregos industrias que en 2009. Ese é o obxectivo que ten a Consellería de Industria. ¿E que ferramentas pon enriba da mesa? Un Igape absolutamente anémico, sen ningunha capacidade para ser un motor de crédito. Xa o temos defendido tamén desde e a necesidade de dedicación radical do Igape: que se converta nun instituto de crédito e de investimento para este momento no que non existe ese crédito necesario para a pequena e a mediana empresa, ou se asuma dende a Administración; temos a negativa clarísima do Partido Popular, incluso cando debatemos unha lei ao respecto.

O segundo aspecto que debería asumir a Consellería de Industria é o problema enerxético que vive Galiza. Sendo Galiza unha nación produtora de electricidade, excedentaria, a realidade é que os seus prezos son elevadísimos; temos o prezo máis caro para o consumo familiar e o sétimo máis caro para o consumo industrial e, polo tanto, iso leva a unha situación, como saben vostedes, nas empresas na cal pagar a factura da luz se converte nun dos grandes problemas.

Pero, a maiores, o que estamos vendo é que dende a Consellería de Economía e Industria, cando se fala de Industria 4.0, asumen como normal que todas as auxiliares do naval ou que as auxiliares da automoción rebaixen os salarios, que cheguemos a unha situación na cal sexa normal que ese esta-

leiro que foi vendido, regalado ou agasallado –como queiran– a Pemex decida que non lle gustan que existan convenios, que os convenios laborais son algo do pasado. Porque todos sabemos e todas sabemos que na Industria 4.0, como non hai traballadores nin traballadoras, non hai dereitos laborais e, polo tanto, son innecesarios os convenios.

E, así, esas empresas auxiliares que quere Barreras, quere que non teñan convenios, que veñan, que se poidan cobrar 500, 600 ou 700 euros por traballar nelas para facer o famoso flotel. E, ante iso, a Consellería de Economía e Industria cala cando se lle pregunta directamente como fixemos, e respóndenno que eles están pola Industria 4.0. O que están, señoras e señores do Partido Popular, a través da Consellería de Economía e Industria, é desindustrializando este país. As industrias están marchando e vostedes están mirando, e o exemplo máis claro, clarísimo, é o naval; e as que fican é pedindo reducións salariais e perda de dereitos salariais. Non hai plan na Consellería de Economía e Industria; buscan palabras, facer a suficiente propaganda para saír nos medios de comunicación a esgalla, como sae o conselleiro, pero realmente é unha tristeza cada vez que temos que escoitar o conselleiro de Economía e Industria, porque o que non hai son ideas. El si que podía emprender e emprender, ter unha idea e poñela en marcha.

Nada máis, e, dende logo, que imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Dende Alternativa Galega de Esquerda imos votar favorablemente esta moción, xustamente porque cremos que esta moción o que fai é incorporar un debate que emenda á totalidade a política inexistente industrial da Xunta de Galicia. Temos que dicir que o desleixo por parte da Xunta de Galicia é tal que nin sequera cumpren as formas para que hoxe estea

alguén do Goberno, poida estar aquí hoxe, escoitando as pretensións que ten o compañeiro Abel Losada e o grupo propoñente respecto dunha materia substancialmente importante para Galicia. Pero, insisto, nin sequera formalmente vostedes están aquí para escoitar unha iniciativa que é fonda, que é de calado e que, ademais, seguramente de xeito transversal, abrangue moitos dos aspectos da industria do noso país.

Se tiveramos que facer unha fotografía fixa do que acontece en Galicia, diríamos que estamos diante dun proceso de desertización industrial; diríamos, ademais, que dende que goberna o Partido Popular –xa case preto dun sexenio– estamos diante dunha perda de emprego industrial do 26 %; diríamos, ademais, que estamos diante dun país minguante, no que o Goberno da Xunta de Galicia non ten proxecto industrial, non sabe do que estamos a falar; e diríamos, ademais, que renuncian á capacidade de actuación nun sector fundamental que debería, ademais, desenvolver o noso país.

Efectivamente, señor Losada, vostede pide cousas relevantes nesta iniciativa. A primeira delas, a que ten a ver xustamente con demandas de políticas, con demandas agregadas ou políticas expansivas. É imposible, señor Losada. Calquera que lea os orzamentos da Xunta de Galicia que estamos a debater nestes días verá como non soamente non son orzamentos expansivos, senón que son orzamentos de axustes, son orzamentos contracíclicos; non soamente non van axudar, senón que, sen lugar a dúbidas, non damos saído desa espiral diabólica na que nos teñen metido. Por tanto, son orzamentos que van contraer aínda máis a economía e que van xerar aínda máis paro. Por tanto, unha primeira cuestión que vostede pide e que nos parece relevante, pero que vai ser, efectivamente, imposible con estes orzamentos.

En segundo lugar, incorpora un debate máis que interesante e profundo a iniciativa, no apartado 1.b), efectivamente, no que atinxe ao papel que xoga o Banco Central Europeo. Miren, o primeiro que temos que ter claro é que ningún banco pode ser independente. O constructo da Unión Europea produciuse xustamente sobre unha ferramenta que é o Banco Central Europeo que dende o principio os teóricos da Unión Europea quixeron –e despois afondaron os teóricos da construción do sistema euro– que fora independente.

Ben, o que estamos a vivir son as consecuencias dese Banco Central Europeo, que, como está a ser denunciado todos os

días por todos os economistas e as economistas con sentido común, non soamente non actúa na economía, non intervén, senón que, ademais, especula co diñeiro de todos e todas; especula en termos de que, como ben saben, el ofrece o diñeiro ao 1 % e, como estamos a destacar despois, efectivamente, especula cos países no sistema débeda nada máis e nada menos que, como mínimo, a un 5 %. Por certo, nesta parte da cadea é na que estamos a dicir que parte do que está a acontecer no sistema débeda e que parte da débeda que temos no noso país, en Galicia, e no conxunto do Estado, claro que é ilexítima e que debe de ser repudiada. Por tanto, un debate profundo que, dende logo, entendemos, señor Losada, e que combatemos.

Efectivamente, despois, todo o que abrangue á iniciativa respecto dun novo modelo que pon o acento sobre as contratacións, sobre todo nas pemes e, dende logo, a referencialidade que temos do mapa social galego; non o digo eu, é que o di o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, no que o sinal de identidade é o rostro da pobreza e da precariedade; un rostro, dende logo, que é –insisto– o sinal de identidade do noso país. Por tanto, moi interesante o que se sinala respecto da necesidade de incorporar digamos que a modo de medidas de discriminación positiva que exixan novas condicións ou condicións dignas de traballo nesas empresas que –insisto– están precarizando o mesmo.

Despois, para pasar rapidamente ás cuestións que teñen a ver co programa de sostibilidade enerxético para empresas e familias, a primeira das iniciativas que xa discutimos aquí en moitas ocasións co señor Fariñas respecto do que supón a mudanza da lei actual, pois, efectivamente, non soamente non temos que penalizar o autoconsumo eléctrico, senón que debemos de favorecelo. Por tanto, o que pide a iniciativa, que haxa liñas de apoio xusto nese sentido, parece que é de sentido común e debería ser o normal, e facer todo o contrario do que fai a normativa estatal nesta cuestión. Porque, xa digo –e remato–...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: E, finalmente, a última das iniciativas que avanza respecto dos incrementos orzamentarios para propiciar un novo modelo digamos que de cualidade, de valor engadido, de I+D+i no noso país, pois parece que tamén é de sentido común.

Eu remato como a señora Adán empezou, cunha parte do sector naval. Se algo ten o sector naval é que xera un altísimo valor engadido. Se algo ten –e falo xa do sector naval público– de grandeza é que levamos pedíndolle, como sabemos, como saben os deputados e deputadas do Partido Popular, que na comarca de Ferrolterra se traballe directamente coa universidade, que temos ademais alí dirixida a estas materias, para xusto avanzarmos na produción de alta tecnoloxía nesta cuestión. E non soamente non queren facelo, senón que repudian esta posibilidade.

Por tanto, efectivamente, fronte ao que está a facer o Partido Popular, señor Losada, isto é unha emenda á totalidade, por suposto con algún matiz respecto da biomasa e algunha cuestión menor, e Alternativa Galega de Esquerda vai votar favorablemente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente, señorías.

Paréceme que hai que concretar exactamente cal é a proposición da moción; é dicir, que se nos insta a votar; exactamente, sobre que temos que pronunciarnos. Porque aquí se dixeron moitas cousas de política económica, de política industrial..., exactamente o que aquí o Grupo Socialista nos di.

Si, nós aprobamos un pronunciamento do Parlamento galego para trasladar ao Parlamento do Estado o seguinte: que comparta unha concepción da crise económica como un problema de crise de demanda, de crise de demanda agregada, que para iso instrumento políticas de crecemento e de estímulo, que cambie a concepción de funcionamento do Banco Central Europeo e que se vaia a unha política de incremento de masa monetaria para devaluar o euro, e, entre elas, ás primeiras partes do que se nos propón. É dicir, eu non vin que se discutira, que se entrara en detalle de temas tan importantes. Realmente, as súas señorías en xeral cada un terá, loxicamente, a súa concepción, pero non chegamos neste punto a un debate tipicamente importante e complexo, significativo, sobre estes aspectos. Que non necesariamente vexo... Nin sequera a nivel europeo hai unha claridade e unha uniformidade no Partido Socialista respecto deste tipo de medi-

das e de políticas. Paréceme que este non é exactamente o marco, porque non estamos sobre ese punto.

Logo dise que se fai unha desviación da política industrial da Xunta de Galicia dicindo que dalgún xeito non temos política económica. É dicir, que dalgún xeito a política industrial na Xunta de Galicia é exclusivamente o revestimento dunha epígrafe, dun apartado, que xa se criticou, o subprograma Industria 4.0 dentro da política de industria que xa vimos no debate de trámite de presentación de presupostos na Comisión de Economía. Alí díxose concretamente cales eran exactamente as prioridades, a estratexia e a concepción da política industrial galega. ¿E por que digo concreta? Porque se dicían as cantidades que se van adicar a cada partida. É dicir, aquí non existe.

E logo teremos que ver a verdade da política industrial. É dicir, hai, como todos vostedes saben, señorías, unha fase, un procedemento posterior, no que se farán emendas, pero concretas, e dirase: aquí hai que sacar isto do fondo dispoñible para situalo noutro lado. E veremos se cambian realmente as prioridades da proposta da política industrial da Xunta de Galicia actual. Aínda non o sabemos, aínda non se chegou a isto. É dicir, isto, a proposición, despois é un cuestionamento para dicir que hai que elaborar un programa de calidade e sostibilidade laboral, que hai que facer un novo plan de financiamento empresarial, programas de estabilidade, temas de innovación e desenrolo para o ano 2017... É dicir, nos pronunciamentos xenéricos, fan unha crítica con respecto a algo que non se menciona, pero que está xa especificado e concretado, que consiste en que a nosa política industrial e económica é fundamentalmente unha política de apertura, é dicir, de competitividade de Galicia cara a fóra, basicamente iso, de nova instrumentación de todos os xeitos. Pero nós debemos mirar a competitividade para exportar, para desenvolvernos no resto do mundo claramente, que é o que estamos dicindo. Entón, asígnanse instrumentos, mecanismos, partidas, etc. E aquí esquécese todo iso. Trátase de crear unha simplificación dun dos puntos de todo o conxunto da política industrial ou do presuposto para industria, e dáenos como alternativa basicamente, primeiro, que nos pronunciemos e digamos á Administración central: cambien vostedes a política económica cun diagnóstico que a min me parece simplificado. É moi discutible que agora haxa que ir para unha devaluación do euro e que incluso nós debamos ter ese tipo de pronunciamento. Non sei se é a política e non escoitei o novo

Partido Socialista dicir que se vaia trasladar aos responsables do Banco Central Europeo para que digan: devalúen o euro. Aínda non o vin. ¡Vamos ver!, non o vin como postura oficial. Que se nos propoña isto aquí non me parece serio.

É dicir, a política do Partido Socialista nos derradeiros anos con respecto á política financeira non é a mesma que se está dicindo agora aquí. En fin, por esta razón e non por outra nós nin fixemos emendas, porque me parece que din: apártense vostedes. Nós dicimos que deberían facerse así hoxe as cousas: modelo xeral, xeneralizacións sen concretar en temas concretos de política económica... Esa é a nosa política; loxicamente, isto non é emendable, hai outra cousa. Nós temos outra política alternativa e deberán vostedes, en calquera caso, concretar; terán unha posibilidade de facer concrecións pertinentes no próximo trámite de elaboración presupostaria no Parlamento cando se alteren modificacións substitutivas co compromiso de dicir: retiramos aquí para poñer noutro lado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Arias.

Grupo autor da moción, señor Losada.

Déanlle voz ao escano do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, certamente, a política do Partido Popular é tender a man, como ben dixo o conselleiro. Pois, efectivamente, señor Arias, trátase de avaliar o euro, porque o euro, os niveis do euro, estaban concibidos para un nivel de inflación en torno ao 3 %, e neste momento hai unha situación de deflación en practicamente, non digo todos, pero a maior parte dos países de Europa, e desde logo nos países menos avanzados de Europa hai unha situación de deflación, e, como vostede ben sabe –seguro que o sabe–, iso xera máis desemprego. E se a iso lle unimos unha caída da demanda e uns problemas serios de financiamento, por moito que os altavoces mediáticos do Partido Popular falen dunha incipiente recuperación, vostede sabe perfectamente que iso é falso, que non é posible recuperar a actividade económica sen financiamento e sen demanda, que en economía non hai milagres e que non estamos falando de teoloxía, señor Arias.

A min o Partido Popular encántame, de verdade, porque son capaces de combinar sen pestanexar a Industria 4.0 co feito absolutamente vergoñento de que neste país, en Galicia –un país membro da OCDE, un país do mundo desenvolvido–, se estean asinando convenios fóra do convenio sectorial ou provincial, convenios de empresa das auxiliares do naval en Beiramar, en Vigo. Son capaces, sen pestanexar, de falar das dúas cousas. Igual que son capaces de falar sen ningún problema de que é máis eficiente a libre asignación de factores de produción, capital e traballo, coa existencia de conseguidores ben pagados por empresas intimamente relacionadas co poder para conseguir facturación. Son perfectamente compatibles todos os obxectivos, son perfectamente compatibles todas as perspectivas metodolóxicas, son perfectamente compatibles ao final co obxectivo. E o obxectivo é que vostedes gobernan para algúns, e eu volvo ao de sempre: o señor Botín –que en paz descanse– dixo que estaba moi contento coa política económica do señor Rajoy, e o beneficio do Banco de Santander medrou no último trimestre un 32 %. ¿Como coño non vai estar contento (*Murmurios.*) –perdón– o señor Botín –agora a súa filla– coa política económica do Goberno de España se lle permite medrar nos seus beneficios un 32 %, cando estamos nunha situación social e economicamente dramática? Eu supoño que vostede, que é unha persoa ben informada, viu o último informe de Credit Suisse sobre a riqueza no mundo e a concentración da riqueza. ¿Sobre iso tampouco o Partido Popular ten nada que dicir? ¿E iso non ten nada que ver coas políticas industriais, verdade?, ¿nin ten nada que ver cos contratos sociais vinculados ás subvencións públicas nin coa calidade do mercado de traballo? ¿Non ten nada que ver con iso? Ten que ver coa teoloxía, polo visto.

Entón, mire, eu creo que convén, efectivamente, tender a man, pero, desde logo, creo que non descualificar propostas que teñen primeiro un fundamento ideolóxico –por suposto, porque eu si son de esquerdas–, pero, desde logo, sen ningunha dúbida, unha situación social e económica claramente obxectivable, máis alá das ideoloxías. Un 25 % de poboación en pobreza e en risco de exclusión social non é ideoloxía, señor Arias, non é teoría económica sequera, é o que hai aí na rúa. E mire, haino aí na rúa e están tan desconectados da realidade que, cando este voceiro na Comisión 6ª...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor. Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...–remato, señor presidente– dixo que fomos pensando neses hipotéticos –pero non é que eu teña unha fe cega– 300.000 millóns do plan juncker –que a esta comunidade autónoma lle tocarían 1.500 millóns en tres anos– díxosenos que estaban facendo política-ficción, e vostedes votaron en contra. Ou sexa, ¿vostedes quérenme explicar de que están falando –e xa non tanto do que están falando senón de que queren falar–? ¿Que país queren?, ¿de verdade cren que con estes mimbres se pode falar aquí de Industria 4.0?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Por que non empezamos por abaixo e empezamos por demanda, financiamento e innovación –por certo, como vostede ben sabe, como empezaron todos os países que agora lideran a economía internacional, señor Arias–? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a xestión dos recursos públicos dirixidos a cursos de formación

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¿Perdón?

Perdón, non hai outras vacas que gardar. De momento, aínda podemos esperar, aínda pode ir esta moción. Tranquilidade, digo eu.

Non se presentaron emendas.

Abrevie o tempo, se pode, señora Prado, cando queira. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Non, o tempo que teña. Ela ten o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Bueno... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Por se quedaba algunha dúbida, é evidente que o Partido Popular... (*Murmurios.*) Eu présa non teño... Ben.

Decía, por se quedaba algunha dúbida, que é obvio que o Partido Popular non ten ningún interese en que se debata con

normalidade neste Parlamento a situación de corrupción xeneralizada no Partido Popular. Son horas de xantar, mais díxenlle o outro día á conselleira de Traballo e Benestar que ningunha manobra do Partido Popular ía facer desistir ao Bloque Nacionalista Galego de pedir responsabilidades polo escándalo da trama fraudulenta arredor dos recursos públicos que tiñan que ir destinados á formación e foron parar aos petos de empresarios, ao enriquecemento de persoas vinculadas co Partido Popular, ao peto de militantes do Partido Popular e ao financiamento ilícito do Partido Popular. Diso é do que vai a moción que presenta hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego.

Estamos a vivir unha situación de alarma social sen precedentes a respecto dos casos de corrupción. Segundo a última enquisa do CIS, a corrupción ocupa o segundo lugar na preocupación da xente, só por debaixo do desemprego, e a pesar de que esa enquisa se fixo antes dos últimos –polo momento– casos escandalosos de corrupción nos que están vinculados fundamentalmente o Partido Popular e gobernos do Partido Popular. E resulta tremendo observar, asistir, a que diante desa preocupación o Partido Popular actúa inversamente proporcional e non toma medidas para solucionar esa situación.

Dicíalles á mañá o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, preguntáballes, se non son conscientes da enorme indignación que hai na sociedade. Se non son conscientes, teñen un grave problema, señoras e señores do Partido Popular, e, se o son, están vostedes actuando con total inconsciencia. Se coidan que poden liquidar o tema baixo a cuestión de que fomos os primeiros, de que foi a Consellería, de que foi o Goberno galego o primeiro en actuar, ou de que os mecanismos funcionan, pois, dende logo, señor Tellado, creo que vai ser que non, que vai ser que eses dous paraguas que vostedes pretenden quitar non lles van funcionar.

E isto non vai de pedir perdón tampouco, señor Tellado. Eu xa sei –e dixó unha vez unha pensadora– que os cristiáns e os católicos tiñan unha ventaxa porque pasaban polo confesionario, alí lavaban as súas culpas e podían volver ao mesmo. Os que non pasan polo confesionario pois teñen que asumir as súas responsabilidades. E aquí do que vai é disto, non é de pedir perdón, é de asumir responsabilidades e de asumir responsabilidades políticas, porque as hai, hai responsabilidades políticas de altísima gravidade.

Dicía vostede, señor Tellado, pola mañá..., intentou convencernos de que veu aquí a señora Mato dar explicacións, e non é certo. A señora Mato no pasado pleno veu aquí burlarse deste Parlamento. Diante das preguntas do Bloque Nacionalista Galego o que fixo a conselleira de Traballo e Benestar foi ler as ordes de axudas, as ordes de subvencións, o mesmo que fixera no ano 2010. O Bloque Nacionalista Galego preguntou por que estaba pasando e contestou por escrito –escrito que lle deixei á Presidencia do Parlamento o outro día– o mesmo, pasou por escrito o contido das ordes de axudas; unha burla máis a este Parlamento e a todos os cidadáns de Galiza que están representados aquí con nós.

Sería bo que deixaran de dar ese espectáculo lamentábel de aparentar normalidade, de que non pasa nada, onde si está pasando e o que hai é corrupción e indecencia. Sería bo que deixaran de botar tinta de lula no lugar de dar explicacións sobre este gravísimo caso de fraude e de negar o que é unha realidade a gritos.

O sumario da operación Zeta non fala de hipóteses, non fala de que todo está ben; revela conversas telefónicas, correos electrónicos, mensaxes, que evidencian relación dos principais imputados, neste caso con altos cargos da Xunta, con políticos destacados e políticas destacadas do Partido Popular. Insisto, non o di o BNG, díno un sumario xudicial; un sumario xudicial que cualifica o tema como estafa, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias e falsidade documental. E iso non se soluciona pedindo perdón. Esas cuestións teñen que ter unha asunción de responsabilidades políticas. O sumario, nas súas conclusións finais, recolle que esta trama ilícita –señor Tellado, lémbrollo, creo que non ten moito interese en escoitalo porque vostede con vir aquí e repetir o tran tran do seu argumentario xa zafa–, que ese sumario, di que a trama ilícita xirou permanentemente desde o inicio en torno a unha fraude premeditada, e tamén di que a ese tronco central defraudatorio hai que engadir a inacción do control levado a cabo polos órganos administrativos; inacción tanto á hora de conceder como de controlar as subvencións destinadas a un fins moi específicos, o cal puido ter a súa orixe no incumprimento por parte de varios responsables públicos das obrigas legais.

Ou sexa, que hai máis que responsabilidades. É preciso asumir e están máis que demostradas esas relacións privilexiadas cos principais implicados na trama, co señor Crespo,

co presidente de Confederación de Empresarios, e responsabilidades da conselleira, por iso pedimos a súa dimisión. E responsabilidades porque estaban en nómina da trama corrupta persoal do seu departamento e non eses funcionarios aos que vostede pola mañá quixo meter aquí no saco dicindo que son os que conceden as subvencións.

¿Sabe o que di o sumario, señor Tellado? Di que había concursos públicos presuntamente amañados, que a nula actividade controladora lle permitiu falsear todo o necesario para cometer os delitos e di no sumario que as responsabilidades as tomaban os cargos políticos da consellería, non o funcionario de a pé ao que vostede quixo responsabilizar pola mañá. Di o sumario que as decisións as tomaban os e as neste caso responsables políticos da consellería. Entón, a conselleira, por ter esas relacións, porque tiña en nómina da trama corrupta a persoal do seu departamento –nomeado polo Consello da Xunta, non por oposición, senón nomeado polo Consello da Xunta–, a conselleira, a responsable –porque a trama fixo pagos ao Partido Popular, fundamentalmente na provincia da Coruña, da que ela é vicepresidenta –responsabilidade dobre, polo tanto–... A tinta de lula non tapa nin as hemerotecas nin os sumarios nin a memoria da xente, señoras e señores do Partido Popular. Hai indicios máis que razoables de que ampararon, encubriron e permitiron por acción ou por omisión unha rede fraudulenta de malversación de fondos públicos. Permitiron a apropiación indebida de recursos pertencentes a todos os cidadáns de Galiza, de recursos dos impostos dos galegos e das galegas, permitiron que eses cartos que tiñan que ir para a xente, para as persoas que necesitaban esa formación para mellorar a súa empregabilidade, para facilitarlles acadar traballo, en vez de ir para iso, foran para os petos de –insisto– militantes do Partido Popular, para persoas moi próximas ao Partido Popular, para empresarios e para financiar o Partido Popular. E a conselleira, que se atreveu a declarar diante dos medios de comunicación que non sabía por que dimitían os seus altos cargos, que non sabía a que era debido a dimisión do director xeral, que mantivo aquí en sede parlamentaria que con ela non ía, resulta que agora, con esa mesma tranquilidade, asume todo o contrario, e asume que a dimisión de altos cargos da Consellería ten que ver coa trama corrupta da operación Zeta. ¡Como se pode ter a desvergoña de dicir unha cousa e a contraria!, e vostedes manter que non pasa nada e que non hai que asumir responsabilidades políticas. A verdade é que resulta vergoñento.

Por iso presentamos esta moción, onde pedimos a dimisión da conselleira, que se cese a conselleira, onde pedimos que o Parlamento de Galiza inste o Goberno para que deixe de facer un uso clientelar e arbitrario dos fondos que teñen que ir para a formación e onde pedimos que se poña á disposición deste Parlamento toda a documentación relacionada con esa trama corrupta.

Parécenos que, se o Partido Popular non quere simplemente facer que facemos, se non quere facer algún tipo de medida seria e real en contra da corrupción, debería por dignidade, por hixiene democrática, votar a favor desta iniciativa. Porque o resto é demagogia, é palabrería barata. Non valen as declaracións de intencións, o pobo galego exige responsabilidades, e exige dun goberno que está á fronte dos recursos dos galegos e das galegas que tome medidas. E as medidas non son palabras baratas nin son vir aquí a acusar a oposición, senón exercelas, e exercelas é dimitir, asumir responsabilidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día de novo.

O noso grupo vai apoiar a proposta, que ten que ver bastante co que se debateu hai poucos minutos nesta mesma Cámara. Decía o señor Feijóo, malabarista da palabra, dos sobres e das amizades, que sen dúbida hai que pedir perdón pero hai que facelo actuando. Claro, o problema é: cando din “actuando”, ¿a que se refiren? Cando din “actuando”, ¿refírense a non aceptar unha comisión de investigación? Cando din “actuando”, ¿refírense a non poñer enriba da mesa a documentación ou se refiren a non exixir a inmediata dimisión da conselleira? Parece que os niveis de actuación do señor Feijóo nada teñen que ver cos da maioría social deste país.

E aquí do que estamos falando...

Se me permite, é que non me escoito a min mesmo co jaleo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Eu non percibo aquí gran distorsión, pero... ¡silencio!

O señor FAJARDO RECOUSO: Unha vez máis, o árbitro [...] *(Por orde do señor presidente, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións)* non percibe a distorsión, pero a un difícilíllale...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Iso [...] queda retirado se vai por min eh!, e chámoo á orde. A min ninguén me compra de momento.

O señor FAJARDO RECOUSO: Está ben recoñecer o “de momento”...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Unha chamada á orde, señor Fajardo, prosiga, se quere, co seu discurso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Digo que está ben recoñecer “de momento”. Quere dicir que vostede non pon a man no fogo coma outros..., seguramente sabe que terá un prezo

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non vaia por ese lado porque o volvo chamar á orde. Xa lle dixen o que lle tiña que dicir.

O señor FAJARDO RECOUSO: ¿Como?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Non provoque, por favor!

O señor FAJARDO RECOUSO: Eu non estou provocando nada, pero quero intervir.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois siga o seu discurso, por favor, siga o seu discurso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Plantexabamos que un dos problemas do actual estado de desfalco dos cartos públicos para engordar empresas privadas, familiares, amigas, cercanas ao Partido Popular, ten que ver co que ten denunciado o Consello de Contas ¿non?, coa falta de transparencia e de control deses cartos públicos, a inexistencia de mecanismos que garantan que os cartos son destinados ao que son ou ao que deberían ser destinados. É tanto así que nós denunciámos—pero hoxe podemos comprobar como un dos imputados así

o relata— que a única intervención da Xunta de Galicia ao respecto desta actuación se fixo para tratar de aparentar unha fiscalización dos cursos que non eran tal.

E quero explicalo, porque a min paréceme absolutamente grave o que está acontecendo. Dicía hai poucos minutos o señor Tellado que eles foron os que incentivaron a denuncia, e que ademais non se van interpoñer nunha actuación xudicial. Claro, eles interpóñense para avisar os acusados de que están sendo escoitados, esa é a intervención da Xunta de Galicia que se deduce dos propios papeis do sumario. Pero ademais interveñen para implantar preocupación.

E dicía antes que o ía explicar, e creo que hai que explicalo porque ten a súa gravidade. Cando ten coñecemento a Xunta de Galicia, a señora conselleira outorga contratos a dedo ás empresas da trama, para despois dicir que vai fiscalizar eses contratos que sabe que non se van realizar. Polo tanto, a conselleira era coñecedora dos mecanismos incluso antes do inicio do expediente. E nós preguntámonos: ¿por que non se actuou con celeridade cando xa se coñecían as tramas moito antes de que se presentase a denuncia por parte das traballadoras de empresas da trama.

Isto quere dicir que existía conivencia, isto quere dicir que había un mecanismo de desfalco do público, e que o único obxectivo era dotar de cantidades de diñeiro importantes a empresas que logo parece ser que dotaban de sobres o Partido Popular.

Polo tanto, esta trama merece solucións, e merece respostas do Goberno. A primeira resposta é asumir responsabilidades políticas, e os máximos responsables da Consellería teñen que asumir responsabilidades políticas deixando a Consellería.

Pero, dende logo, debemos de introducir criterios de control sobre esta actividade. Porque se é tremendamente grave que se persiga os traballadores que están sen emprego e que reciben un subsidio e en cambio se deixa facer a aqueles que xestionan cartos públicos de todos e de todas, o máis grave é que non exista nin sequera ningún mecanismo de control ou ningún criterio que diga claramente cales deben ser os cursos ou as accións a determinar. En moitos casos as decisións deste tipo de accións para onde tirar son decisións arbitrarias. E é esta decisión arbitraria a que permite que se dean casos de absoluta corrupción na entrega destes cursos.

Polo tanto, nós non podemos estar máis de acordo coa proposta do Bloque Nacionalista Galego: primeiro, a asunción de responsabilidades políticas, incremento dos niveis de control e, dende logo, de xustificación dos cursos e dos seus gastos; pero sobre todo tamén introducir criterios e obxectivos, parécenos absolutamente necesario que esta política de formación teña que ter uns obxectivos, e que estes obxectivos poidan ser avaliábeis. Porque se existise un mecanismo de avaliación dos obxectivos da formación, poderíamos descubrir que aquelas empresas que son fantasmas e que soamente serven para nutrir a aíns do Partido Popular non cumpren obxectivos e, polo tanto, ese sería xa un sinal de alarma. Cando non se colocaba o sinal de alarma, era porque había convivencia cos obxectivos finais desta trama, que insisto que non era outra que favorecer os entornos do amigo do presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados.

Señor Tellado, conceder dentro dunha convocatoria legal e no uso das súas facultades cursos de formación non é ningún delito, non sei se vostede é consciente diso. Dígollo porque, mire, que un goberno lle dea cursos de formación a un militante do PP, e ademais lle dea moitos porque cumpre coa lexislación, eu creo que incluso debería de ser motivo de loanza máis que de crítica. O que é un delito –e por iso se está investigando– é utilizar os recursos públicos que se dan para estes cursos de formación para integrar laboralmente a persoas con especiais dificultades ou a parados de longa duración, iso si que é delito, que é o que se está investigando, ¿entende vostede?

E o señor Crespo non di que o señor Ricardo Varela lle dá cursos para financiar o Partido Socialista, a ver se o ten claro, iso non o dixo. Eu non llo escoitei, polo menos. Pero si o din os empregados deste señor, e el queixase amargamente, incluso cando aterriza o señor Negreira na Coruña: *“Que es que yo llevo desde los dieciocho aquí, y ahora me viene este y me deja tirado, con lo que yo os ayudé.”* E hai unha empregada que di que apartou cartos para levarlle ao Partido Popular, e aquí ningún dá explicacións, ¿entende?

E, por certo, o señor Crespo non dixo que tiña no Goberno bipartito a un seguidor que durmía en Monte Pío, cando en Monte Pío durmía tamén o señor Touriño. Diferenza substancial, ¿entende?, substancial. Polo tanto, aquí fálouse da tinta de calamar e non vaian vostedes por aí, porque iso, de verdade, non lles fai ningún favor a vostedes e, xa llo dixen antes, tampouco llo fai ao sistema.

E, en todo caso, se vostedes a defensa que alegan é esa, e traen aquí un escrito que un día como hoxe, por exemplo, seguro que varias decenas de cidadáns neste país dirixiron a calquera administración para interesarse polos seus asuntos, é que vostedes están convencidos de que o interese sempre é perverso, por algo será. Ter un coche non é un delito, o que é un delito é se temos un coche e saímos á estrada e atropelamos a todo o que se nos poña por diante, non respectamos ningunha regra e, por encima, roubamos o coche para regalárllo a aquel que nos fai un favor. Ese é o delito.

Por certo, eu teño discrepancias coa señora Beatriz Mato, é evidente, por iso tamén militamos en sitios distintos. Pero nunca pensei que era unha covarde política. Hoxe dona Beatriz Mato debería de estar aquí. Non está. Porque hoxe, e ademais neste pleno, estamos falando de asuntos moi serios, asuntos que poden poñer en perigo incluso o sistema. Xa llo dixen na anterior intervención, eu creo que vostedes non son conscientes.

Eu chamo –se isto fora un proceso– aquí a unha voz moi cualificada –abro comiñas–: *“¿Que ten que pasar para que alguén dimita ou o cesen?”* –fin de la cita–. Feijóo, 5 de setembro de 2006 nun debate con Emilio Pérez Touriño. O señor Feijóo pediu nesa lexislatura a dimisión da conselleira de Pesca, da conselleira de Cultura, da conselleira de Sanidade –¡que manda truco, que manda truco, eh!–, Política Territorial –e ademais lévana ao xulgado nunha denuncia firmada por un tal Luís Bárcenas, non sei...–, Traballo, Presidencia... O de Pesca, o de Pesca, incluso por unha cuestión bastante desgraciada como foi un naufraxio, que tamén é aproveitar a cousa daquela maneira. O do vicepresidente, todos coñecemos a historia: se es dos Peares e vas de paseo cun narco, pido desculpas. Se es de Allariz e vas de paseo cun honrado empresario, *tiene que dimitir. (Murmurios.)* En fin, en fin, en fin..., vostedes mesmos xulguen.

Nós imos apoiar esta moción, pero, señora Prado, perda toda esperanza, porque non vai saír. Pero díxeno antes,

cando a porquería se acumula e se acumula, ademais, de mala maneira, non para facer compost senón para facer unha cañeira, acaba cheirando que apesta. E ao final, dunha maneira ou doutra, haberá que sacala porque contamina todo o sistema.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Pois si, feliz, permítame que comece celebrando a desimputación do alcalde de Ferrol, que estivo imputado dende o mes de xuño e ata novembro por un erro xudicial. E hai uns minutos coñeciamos a súa desimputación, noticia que nós desde o Partido Popular celebramos. Mágoa que grupos sentados nesta Cámara, como o Bloque Nacionalista Galego ou Alternativa Galega de Esquerda, pasasen por aí, por ese lugar, a presunción de inocencia e pediran directamente a súa dimisión. Eu agardo que aproveiten este pleno (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para pedirlle desculpas ao alcalde de Ferrol pola súa actuación, claro que si (*Aplausos.*) Porque, por riba da lameira política na que vostedes queren converter Galicia, están as persoas, por riba da lameira política.

Señora Prado, permítame que amose a sorpresa do Grupo Popular ante o feito de que vostedes pidan no mesmo pleno unha comisión de investigación e, a renglón seguido, pidan a dimisión da conselleira; polo tanto, para que querían a comisión que pedían hai apenas unha hora se vostedes xa tiñan condenada a conselleira de Traballo (*Aplausos.*)

Vostedes son xuíz, son parte e, ademais, xa ditaron sentenzas firmes. Agardo que lles pase o mesmo que co alcalde de Ferrol. Vostedes demostran con esta iniciativa que o que non queren é escoitar a xustiza. O que non queren é que actúe a xustiza. Vostedes o que queren é instrumentalizar politicamente esta causa porque –repite– a Xunta é a denunciante e as empresas investigadas son as denunciadas. Practican vostedes a teoría aquela de que a verdade non lles estropee a estratexia de oposición ao Goberno galego.

Falaba vostede, señora Prado, das enquisas. Eu ínsto a que lean ben as enquisas do pasado domingo. Vostedes baixan á metade. Porque parece que aquí en Galicia pois vostedes non as leron ben, vostedes baixan á metade. Non lles vai demasiado ben con esa estratexia de enlamar a política galega.

Señorías, a Xunta foi quen denunciou ante a Fiscalía en marzo de 2012 por iniciativa propia. E a Xunta non coñeceu as denuncias das traballadoras das que vostedes falan ata xuño de 2012, tres meses despois, cando a policía xudicial solicita a ampliación da documentación remitida. Polo tanto, a Xunta actuou con determinación, a Xunta actuou con firmeza e a Xunta actuou –por moito que a vostedes lles moleste– por iniciativa propia. Primeiro, inspeccionando os cursos e, despois, trasladando as irregularidades detectadas á Fiscalía. E temos que dicirlle que esas irregularidades que se detectaron foi grazas a mecanismos de inspección creados por este Goberno, non polo seu, por este Goberno.

Sorpréndeme que non falen vostedes do Informe do Consello de Contas, que é algo que obviaron en todas as súas intervencións. Un Informe do Consello de Contas referido ao ano 2010 e 2011, referido aos sindicatos e patronal, que detecta anomalías –¡ollo, anomalías non fraudes!– que hoxe grazas ao incremento das medidas de control xa non se producen. E no mesmo informe recolle unha serie de recomendacións que a día de hoxe en boa medida xa están postas en práctica pola Xunta de Galicia, antes de coñecer o informe. Supoño que o BNG non se sentirá moi orgulloso ao comprobar como a central sindical que depende do seu partido ten boicoteado o traballo do Consello de Contas e se negou a colaborar nesa inspección referida aos cursos dos anos 2010 e 2011. Que, por certo, en cada ano a CIG recibiu 8 millóns de euros, 8 no 2010 e 8 no 2011.

En relación coa iniciativa, no primeiro punto vostedes piden o cese da conselleira de Traballo e Benestar. Xa lles adianto que o Grupo Parlamentario Popular respalda integramente a actuación da conselleira en relación con esta causa. Xa lles digo que o que vostedes denuncian hoxe, novembro de 2014, a conselleira de Traballo e Benestar o denunciou en marzo de 2012, con dous anos de adianto a estas cousas que vostedes din agora. Polo tanto, claro que non apoiaremos esta proposta.

No segundo punto vostedes afirman que a Xunta xestiona os fondos de formación de forma clientelar. Temos que dicirlle

que os fondos de formación os asinan os sindicatos, asociacións empresariais, as entidades sen ánimo de lucro e os concellos a través de ordes debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, e que establecen criterios obxectivos, cuantificables e medibles; ordes que funcionan a través de concorrencia competitiva, con baremos razoables e razoados coñecidos por todo o mundo. Polo tanto, o que afirman vostedes é sinxelamente falso. Ao mellor era así cando gobernaban vostedes, iso eu non llelo podo negar.

No terceiro punto vostedes piden que a Xunta poña á disposición dos grupos parlamentarios toda a documentación relacionada coa causa. Nós si apoiamos este punto se vostedes acceden á votación por puntos. Porque o Goberno da Xunta de Galicia non ten nada que esconder neste caso, porque o Goberno da Xunta de Galicia non ten nada do que arrepentirse. E, polo tanto, transparencia por parte do Goberno da Xunta e do Grupo Popular, toda; colaboración coa xustiza, toda. Pero demagogia oportunista, leccións de moralidade por parte do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado, non llas aceptamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tella-do.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor Tella-do, é vostede un [...] (*Por orde do señor presidente, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións*). por vir aquí soltar... (*Murmurios.*) A lameira é a que fai vostede.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Prado, queda retirada esa palabra.

A señora PRADO CORES: A lameira é a que fai vostede.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, queda retirada esa palabra...

A señora PRADO CORES: Indecente é aquel que actúa con indecencia, e indecencia é facer referencia aquí a un informe do Consello de Contas que só fai referencia a cuestións

administrativas e vostede quere poñelo ao mesmo nivel de corrupción pura e dura, que é do que estamos falando aquí. (*Aplausos.*) E iso é ¡indecente! (*Aplausos.*) ¡Indecente!

¿A que se refire co da non colaboración da CIG? ¿A este informe selado o 29 de abril, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a unha petición da Consellería do 15 na que se debe posicionar respecto da petición do Consello de Contas e que a CIG contesta en quince días? ¿Refírese a iso? ¡Non ten nome o que vostede é, señor Tella-do! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aquí o ten, por se o quere, aquí o ten.

Mire unha cousiña, nun momento de crise, coas taxas de desemprego máis altas da historia deste país, cos mozos emigrando a miles e nunha situación de pobreza, de exclusión; vostedes, o Partido Popular, responsables do Partido Popular, permitiron e ampararon que os cartos públicos destinados ás persoas en desemprego foran parar aos petos de militantes do Partido Popular e a tramas corruptas que vostedes ampararon. Dío aquí o BNG facéndose eco do que di un sumario xudicial. Eu píddolles rectificación, e non pasa nada. Igual que o Partido Popular acaba de rectificar despois de ter votado en contra da petición do Bloque Nacionalista Galego de que se fixera público o concerto con Povisa, e resulta que agora acaba de pedilo o Partido Popular por escrito –rectificar é de sabios–, eu píddolle rectificación, que sexan capaces de asumir diante da sociedade galega que ese non é o camiño, que sexan capaces de asumir diante da sociedade galega que ampararon a xente corrupta e que iso non é o camiño, e que desde o Goberno galego se toman medidas. O resto son simples accións de maquillado. E o pobo galego xa non permite, non admite, máis accións de maquillado, señoras e señores do Partido Popular, pide auténticas respostas, pide que se actúe. E actuar é que os responsables políticos asuman esas responsabilidades políticas.

Eu non sei qué é o que non poden votar vostedes da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. ¿Que non poden votar, que a máxima responsable do departamento onde está residiendo o núcleo gordiano da corrupción asuma esas responsabilidades? ¿Iso é o que non poden votar? ¿Que non poden votar, que non se siga a usar os fondos públicos dun xeito partidista e partidario? ¿Iso é o que non poden votar? Demostrado, dezaseis sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza onde falan dun uso arbitrario e onde lles

din que teñen que repetir... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Entregueillas á presidenta da Mesa o outro día, señor Tellado, o que pasa é que a vostede só lle gusta ler o que lle apetece.

¿Que non poden votar que se poña á disposición deste Parlamento...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...a información toda? ¿Que é exactamente o que non pode asumir o Partido Popular? Bueno, pois se non son capaces de asumir un mínimo de responsabilidade, entón non son capaces de asumir un mínimo de responsabilidade diante do nivel de podredumbre que se agocha detrás de todo este caso de corruptela e entón é que non son merecentes de estar neste Parlamento representando o pobo galego. Non o son. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Suspendemos a sesión ata as 16.45.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión coa moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras públicas.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras públicas

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1) A esixir do Goberno do Estado o remate nos prazos establecidos e coas características orixinais os proxectos xa iniciados de liñas ferroviarias de Alta Velocidade que garantan a seguridade dos tramos que se poñan en funcionamento.

2) A reactivar a construción do proxecto de estacións intermodais pendentes.

3) A presentar, no actual período de sesións, un cronograma sobre as actuacións dependentes nas principais áreas do noso país.

4) A rescindir os contratos de colaboración público-privada nos casos en que non se cumpran as condicións do mesmo e afrontar a construción de infraestruturas con financiación pública.

5) A priorizar na política de infraestruturas e mobilidade a planificación racional, a sustentabilidade ambiental, o transporte público colectivo, o tren como xeito de articular Galicia, o tren de cercanías nas áreas Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol, e outros xeitos de mobilidade que reduzan o consumo enerxético, a contaminación e os impactos paisaxísticos causados por un modelo baseado en exclusiva no transporte individual por estrada.

6) A presentar unha estratexia integral aeroportuaria galega, con criterios de racionalidade económica, de país, sociais, de integración cos outros medios de transporte existentes e que cuantifique economicamente os custes/beneficios da alternativa elixida.)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a moción, don Raúl Fernández Fernández, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, boas tardes a todas e a todos.

É evidente que o meu acento non axudará a que vostedes esperen, pero, en todo caso, intentaremos tomar conciencia da moción que imos debater, e, polo tanto, comezamos xa.

Bueno, a moción que imos debater substancia a interpelación xa debatida na sesión plenaria celebrada o 29 de outubro de 2014. Durante o debate da interpelación, o voceiro do Grupo Socialista aportou abundantes datos que reflicten con claridade a política do Goberno do señor Rajoy no que respecta ás infraestruturas: orzamentos minguentes e inexecución clamorosa dos mesmos. Semella que o señor Feijóo utiliza os orzamentos como publicidade.

A semana pasada tamén descubrimos que dos 722,15 millóns de euros destinados a Galicia en materia ferroviaria nos orzamentos xerais do Ministerio de Fomento só executaron 363,7 millóns de euros. É dicir, arredor do 50 %. ¿Onde están, polo tanto, os que clamaban día si e día tamén contra os agravios do señor Blanco con Galicia? Señores do Partido Popular, aínda non escoitamos, a día de hoxe, nin ao señor presidente nin ao señor vicepresidente nin á señora conselleira clamar por estes incumprimentos. Hai arredor dun mes, a Asemblea do Fondo Monetario Internacional fixo un chamamento para redobrar os investimentos en infraestruturas coa finalidade de axudar á reactivación económica. Poucos días despois, o G20 fixo declaracións públicas na mesma dirección. E non lles falta razón, din os expertos que por cada millón de euros investidos en infraestruturas se crean 12 empregos directos e 6 indirectos. Isto está asegurado, claro, coa única premisa de que todo o orzado vaia destinado á execución da infraestrutura na súa totalidade, non a outras cousas. Neste caso, a garantía de creación de emprego é certa, e a calidade da infraestrutura tamén é certa. Só resta por saber se a planificación da actuación respondía a unha necesidade real da poboación e da economía.

Neste senso, no criterio de necesidade e no obxectivo de creación de emprego parece que o Goberno do señor Feijóo non ten claro –ou si– que todo o orzamento da adjudicación dunha infraestrutura sexa o xusto e necesario e que se utilice unicamente para a actuación adjudicada. A proba máis evidente e coñecida de que o Goberno do Partido Popular ten ou non ten claro que todos os diñeiros son para facela obra son as actuacións que levaron a cabo na autovía da Costa da Morte. O Goberno do señor Touriño adjudicara 60 quilómetros de autovía por 580 millóns de euros; 9,7 millóns

de euros por quilómetro. O Goberno do señor Feijóo anulou o concurso e adjudicou 42 quilómetros, 18 quilómetros menos, desa autovía por 979 millóns de euros; é dicir, 23 millóns de euros por quilómetro. Diante da alarma social e as protestas, rectificaron e volveron adjudicar a 17,7 euros por quilómetro. Agora, modifican de novo o contrato, sen concurso, e adjudican 27 quilómetros, 33 menos do inicial, ao prezo de 22,8 millóns de euros por quilómetro.

Comparativamente o Goberno do señor Feijóo reduciu os quilómetros adjudicados do señor Touriño nun 55 %, de 60 quilómetros a 27 quilómetros, e multiplicou o prezo do quilómetro nun 235 %, de 9,7 millóns de euros/quilómetro a 22,8 millóns de euros/quilómetro. ¿Alguén nos pode explicar como é posible que o quilómetro de autovía da Costa da Morte lle custara 9,7 millóns de euros ao señor Touriño e agora custe 22,8 millóns de euros/quilómetro ao señor Feijóo? Para colmo o Goberno anuncia que hai que indemnizar a empresa con 40 millóns de euros polos traballos feitos en zona que agora non se adjudica, e que consistiron en desfacer camiños, pistas, accesos das facendas dos veciños e que agora, como galegos, tamén participan desa indemnización.

Señorías, despois de cinco anos de anuncios, promesas sempre incumpridas, ¿pódese ter máis desprezo á paciencia e cordura dunha comarca e dos seus veciños? Na autovía da Costa da Morte só cumpriron un compromiso, e ademais de forma inmediata: rachar o contrato de adjudicación do señor Touriño, que utilizan como coartada para non facer a dita autovía.

Señorías, se este é o longo e penoso proceso da autovía da Costa da Morte e lle aplicamos o código ético de transparencia e conduta do señor Baltar –que non está libre de culpa– moitos cargos públicos do Goberno do Partido Popular terían que deixar de selo inmediatamente.

A política desta consellería vida a menos tense caracterizado nestes cinco anos por anuncios, frustracións, propagandas e incumprimentos, incumprimentos dos anuncios, incumprimentos dos compromisos e incumprimentos dos orzamentos. Nos últimos cinco anos o Goberno orzou 8.441 millóns de euros para investimentos, dos que só foron executados 4.969, menos do 60 %. Catro de cada dez euros non foron executados. Neste ano 2014 só está executado arredor do 26 % do orzamento, un dos peores datos de todas as comunidades

autónomas, segundo o Ministerio de Facenda. No Plan move, dos 4.265 millóns de euros previstos, tres cuartas partes non foron executadas. Este goberno creou unha axencia de infraestruturas que no ano en curso adxudicou obra por 22 millóns de euros, menos que moitas consellerías sen organismos semellantes. A promoción de vivenda social está desaparecida. Incumprimentos manifestos do orzamento dunha consellería que naceu como macroconsellería e que se converteu nunha microconsellería, unha minconsellería, semellante a unha xestoría. Non se tiña producido tanto abandono das infraestruturas en xeral e das nosas estradas en particular.

Incumprimentos orzamentarios máis tamén incumprimentos de anuncios e compromisos. A moción que presentamos vai nesa dirección, tendo en conta a necesidade das actuacións que plantexamos, e consta de tres puntos:

No primeiro plantexa un cronograma de actuacións dependentes da Xunta de Galicia que afectan as áreas do noso país máis poboadas, ademais da execución das autovías do Morrazo e da Costa da Morte.

Un segundo punto plantexa instar o Goberno central respecto de actuacións paralizadas e ralentizadas necesarias para o noso país nos eidos da rede ferroviaria e das estradas: a liña de alta velocidade Madrid-Galicia, con características de alta velocidade, a liña de alta velocidade do eixo atlántico, a conexión Vigo-Madrid, a conexión Lugo-Ourense, e reactivar as estacións intermodais. Na rede de estradas: Pontevedra-Vigo; a A-76, Ponferrada-Monforte-Ourense; a A-82, San Cibrao-Barreiros; e a conexión aos portos de interese xeral: Vigo, Marín Vilagarcía, A Coruña, Ferrol e San Cibrao.

E un terceiro punto que ten o significado de potenciar as distintas rutas dos aeroportos galegos, Lavacolla, Peinador e Alvedro.

Trátase, polo tanto, de activar recursos no eido das infraestruturas...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...coa implicación dos gobernos do Estado e da Xunta, para mellorar a competitividade do noso país e xerar emprego. Trátase de que o Gober-

no galego exerza as súas competencias e xogue o papel dinamizador que lle reclamamos: mellores infraestruturas, mellores servizos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...máis actividade e máis emprego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Por Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes a todos e a todas.

Estamos de acordo en parte do relatorio de peticións da execución de infraestruturas que presenta o PSdeG, pero non na súa totalidade. E nós presentamos unha emenda porque cremos que ten que haber, en política de infraestruturas, un punto e á parte. É necesario encetar un debate sobre que modelo de mobilidade queremos como país. Iso si, partindo do principio de que se rematen os proxectos en marcha, nomeadamente as liñas de AVE, coas condicións de seguridade e as características propias deste tipo de liñas. Só hai que pensar no acontecido en Angrois para coñecer o que custan os recortes en seguridade como o acaecido a raíz do cambio do proxecto orixinal, retirando un sistema de seguridade propio de liñas de alta velocidade, como era o RTMS, e deixando sen seguridade de respaldo os viaxeiros e viaxeiras só á posibilidade dun erro humano.

Isto a pesar de que manifestamos o noso desacordo co modelo ferroviario baseado no AVE e na conexión coa Meseta, por insostible, por non estar pensado dende Galicia e porque abandona a posibilidade de vertebrar o noso territorio dun xeito sostible a través da conexión entre as nosas principais cidades e vilas por medio do tren e de dotar as áreas da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, pola súa dimensión poboacional, de tren de cercanías.

Nós cremos que hai que debater e propoñer un novo modelo, porque o desenvolto nos últimos trinta anos é insostible

ambiental, económica e socialmente. Foi fundamentalmente deseñado dende as propias empresas de construción de infraestruturas e para o seu beneficio, non hai política de transporte, senón de construción de infraestruturas, caia quen caía; os plans non tratan de xestionar a mobilidade atando ás prioridades os criterios da construción das infraestruturas, senón ao revés. O que hai son plans de investimento en infraestruturas que tratan de contentar a avidez do lucro das grandes empresas construtoras.

Esta foi a tónica xeral das administracións públicas neste país. Estes plans saídos de escuros conciliábulos identifican e propoñen o investimento en infraestruturas de costas á cidadanía, mostrando a escasa calidade da nosa lamentable democracia.

Nós cremos que é necesario que se fixen novos criterios que de xeito estrito establezan os obxectivos de rendibilidade social para as nosas infraestruturas. E as medidas adoptadas, en coordinación con outras administracións, deben dirixirse prioritariamente á redución das necesidades de transporte, ata a estabilización e posterior diminución do volume de tráfico motorizado actual. E hai que ter en conta –ao noso modo de ver– para o futuro as cuestións ambientais. O planeta ten límites ambientais e eses límites están sendo sobardados polo desenvolvemento insostible de modelos de sobredose de infraestruturas de estradas para desprazamento individual. Só o transporte en vehículos particulares supón o 67 % do transporte neste país.

O custo de oportunidade. Os recursos non son infinitos tampouco, son limitados, e se dedicamos os recursos públicos a estradas de difícil xustificación, estámolos detraendo doutros ámbitos que deberían de ser máis prioritarios, como o gasto social, gasto en educación, sanidade, promover a economía local, o desenvolvemento de sectores produtivos. Por exemplo, esa proxectada variante de Portosín. ¿É rendible ou é lóxico gastar 37 millóns de euros para unha circunvalación de 7 quilómetros que rodea a un núcleo de 700 habitantes? Para nós é un disparate, sobre todo tendo en conta o que poderían dar estes 37 millóns de euros na zona de Portosín no fomento do cooperativismo, no autoconsumo enerxético que reduza a factura eléctrica dos fogares, na mellora dos servizos sociais, etc. É dicir, hai que romper coa actual tendencia ao predominio dos modelos de transporte máis impactantes, reequilibrando a actuación das administracións

públicas e os investimentos en favor de modos máis ecolóxicos.

E niso é no que se basea a nosa emenda, en repensar este modelo. Xa sabemos que evidentemente non vai ser atendida, porque o Partido Popular defende tamén o modelo do monocultivo do ladrillo e do cemento. Pero nós si que cremos que hai que mudar, porque non se pode só aplicar a austeridade a subirlle impostos á cidadanía e a baixar servizos sociais, senón que tamén hai que aplicar a austeridade na construción de infraestruturas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde.

Non sei se lembran unha data as súas señorías, que é o 21 de xullo de 2009. Eu estou certa de que si. Ese día o señor Núñez Feijóo pronunciaba un discurso do que hoxe me gustaría aquí repetir algúns fragmentos, non porque eu o teña como unha cita intelectual, senón porque creo que desde un punto de vista político ten interese para o debate que hoxe temos aquí.

Pois ben, dicía o señor Feijóo neste discurso: “É evidente que as persoas distorsionamos a linguaxe ata reducir a simples fórmulas diplomáticas o que deberían de ser frases reservadas a xornadas coma esta. Hoxe é un día histórico para Galiza, un día no que transmitimos á cidadanía unha forma distinta de facer política baseada na unión de esforzos. Un día histórico nun escenario histórico, esta praza do Obradoiro, cun simbolismo sen parangón en Galiza, que inspira este acordo institucional ao máximo nivel. Inspirannos aqueles canteiros que deron nome a esta praza e que, sen dúbida, son exemplo de constancia e de traballo duro. Penso que ese é o espírito que remata neste Pacto do Obradoiro que presidiu as conversas entre o presidente do Goberno e eu mesmo o pasado 15 de xullo no que dicimos pasar das vacilacións ás concrecións, e

presidiu tamén o encontro posterior entre os que hoxe asinamos este acordo. Penso que de aquí podemos extraer a primeira conclusión: con vontade política é posible desbloquear, primeiro, e blindar, despois, a alta velocidade en Galicia en pouco máis dun mes. E, en segundo lugar, quero chamar a atención sobre a magnitude deste acordo que soamente conta cun precedente en Galiza, vinte anos despois do pacto entre Felipe González e Manuel Fraga para impulsar as autovías”.

Como supoño que xa deduciron as súas señorías, estas palabras pronunciounas Feijóo o día que se asinou o famoso Pacto do Obradoiro. Un Pacto do Obradoiro no que, como moi ben se recordaba aquí, se comprometía á chegada do AVE a Galiza no ano 2015 e no que o propio Feijóo se facía garante do cumprimento dese pacto.

Nós nese momento denunciámos, señorías, que estabamos ante un “pacto fraude”. De feito, Guillermo Vázquez, que daquela era o noso portavoz nacional, dicía que estabamos ante un novo retraso na construción do ferrocarril galego e destacaba que ademais había incumprimento xa nese pacto que asinaban, no que non se contemplaba ningún tipo de conexión, a conexión con Portugal ou tampouco a conexión entre Ferrol e A Coruña –polo tanto, xa se estaba excluindo a Ferrol do denominado eixo atlántico–, e vaticinaba que non íamos ver o AVE nas datas que estaban prometidas, nin tan sequera no 2016 nin no 2017. Realmente non é que don Guillermo Vázquez fora un profeta, senón que estabamos vendo como estabamos asistindo máis unha vez a unha política reiterada, á política de prometer unha serie de investimentos no noso país que logo nunca se chegan a verificar, de ver como se permite a discriminación de Galiza neste caso cun pacto que era unha fraude desde o seu principio, asinado polo presidente da Xunta de Galiza, que despois el mesmo desmentiu e que agora claramente avala unha política que está realizando o Goberno central que claramente segue sendo discriminatoria para Galiza.

O grave é que neste caso e nestes puntos vemos como se repite un proceder que do noso punto de vista é un dos graves problemas que temos no desenvolvemento de infraestruturas no noso país, que nin se planifican ben e que despois, cando chegan aquí, chegan sempre con anos de retraso.

E, por desgraza, o punto segundo desta moción é, digamos, a acusación de como os gobernos centrais de diferentes sig-

nos políticos manteñen unha política discriminatoria para con Galiza.

Nós, desde logo, cremos que hai moitas obras que sería necesario realizar no noso país, mais tamén nos parece que hai aspectos que hai que modificar desa política, que hai cuestións polas que non podemos seguir dicindo que o único problema que hai neste país é a falta de infraestruturas, ou que non haxa que dotar de certa racionalidade tamén ese debate sobre as infraestruturas. Porque cremos que hai que ir a outros modelos, a ampliar e revisar algúns criterios.

Podemos estar de acordo na parte que se fala da necesidade de revisar e de ter un cronograma claro sobre as infraestruturas que se fan no noso país, pero tamén temos distancia sobre esa concepción que en certa maneira hai nesta moción a respecto de que parece que se trata simplemente de facer un relatorio de incumprimentos. Pensamos que habería que darlle tamén racionalidade desde un punto de vista ambiental, desde un punto de vista social e de cales deben de ser as prioridades que hai neste momento no noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular.

Déanlle voz, por favor, ao escano do señor Gómez Alonso.

Ten a palabra.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, está claro que a oposición quere converter nun lodazal a adxudicación da Costa da Morte precisamente para ocultar as súas vergoñas en materia de obras públicas. O señor Fernández, que foi durante catro anos delegado da extinta Consellería de Política Territorial, lembrará perfectamente que as poucas obras que vostedes tramitaron durante catro anos dende a Xunta de Galicia o único que eran pois era unha auténtica ditadura dos trazados. E, se non, dígallo aos veciños de Noia, aos veciños de Sanxenxo, aos veciños de Narón, aos veciños de Nigrán... É dicir, vostedes alí onde tentaban executar algún proxecto construtivo, ben sexa de seguridade viaria ou de enorme envergadura, como era a

variante interior de Noia, xeraban un enorme problema. O resto dos proxectos vostedes metéronos nun caixón, e vostede sábeo perfectamente: 11 proxectos construtivos da Xunta de Galicia cunha acumulación dun retraso medio de tres anos, señor Fernández. E vostede sábeo e quizais por iso quere montar un lodazal coa Costa da Morte, porque non teñen forma de xustificar con autoridade moral para defender o que é o cumprimento dos compromisos asumidos en infraestruturas.

Vostedes agora lémbrense do que son as altas infraestruturas do Ministerio de Fomento. ¿Que pasou coa A-57 e a A-59? Eran obras sen financiamento. ¿Que pasou coa autovía A-54 Santiago-Lugo? Fáltannos máis de 426 millóns de euros cando chegou a ministra Ana Pastor ao Ministerio de Fomento. ¿Que pasou coa autovía A-56 Ourense-Lugo? Que a anularon, señor Fernández. ¿Que pasou co ferrocarril? Díxoo moi ben a señora Pontón. Vostedes, que fixeron o Pacto do Obradoiro, incumprírono sistematicamente. Os anuncios de 2012-2015 quedaron en simples anuncios, señor Fernández. E, claro, vostedes agora lémbrense das infraestruturas. Pero, iso si, para meter o debate da Costa da Morte. ¡Home!, señorías, eu penso que neste grupo parlamentario pensamos que existen grandes diferenzas entre a actual ministra de Fomento e a actual conselleira de Medio Ambiente e os anteriores responsables en materia de obras públicas do Partido Socialista. Vostedes tan só comparen os orzamentos de Fomento do Partido Socialista cos últimos orzamentos da ministra de Fomento, que con 4.700 millóns de euros menos vai investir en Galicia, no ano 2015, 1.159 millóns de euros. É dicir, un 155 % máis que a media nacional. Somos a segunda comunidade autónoma no investimento en ferrocarrís e somos a terceira comunidade autónoma en investimento por estradas, incrementándose este ano a partida nun 5,1 %. E supoño que as súas señorías non considerarán un tema menor a posta en servizo de Vigo-A Coruña no ano 2015 e a redución dos tempos de viaxe coa Meseta tamén no ano 2015, que nos vai permitir conectar con Madrid en menos tempo que o que se fai cun vehículo privado.

Pero como vostedes queren entrar no lodazal da autovía da Costa da Morte, imos pór os puntos sobre os is. Aquí críticámosos outra vez porque tivemos que volver adxudicar a autovía da Costa da Morte na pasada lexislatura. ¡Home!, sábeno vostedes perfectamente, foi por problemas de finan-

ciamento das concesionarias. Tivemos que cambiar o canon á dispoñibilidade polo canon á demanda.

¿Cal é a situación actual ou o grao de execución da autovía da Costa da Morte? O 49 % executado en movemento de terras, unha execución global dun 20 % e un investimento de 40 millóns de euros. ¿Cal é a reprogramación que agora se vai executar? ¿Que é o que vai permitir? Que no ano 2016 o 85,78 % da poboación afectada ou pola que pasa este trazo se vexa beneficiada. E vaise reducir o orzamento en 127 millóns de euros. Polo tanto, señorías, o escenario que vostedes pintan non é tal. É máis, a nova adxudicación ten informes favorables da Intervención Xeral do Estado e está amparada por esta famosa Lei de acompañamento, ou de medidas fiscais e financeiras, que vostedes tanto criticaron.

Pero imos ver cal foi a adxudicación socialista. ¿Señor Fernández, pódenos explicar por que cando vostedes adxudicaron a Costa da Morte non estaba aprobado o plan económico e financeiro polas entidades concesionarias? ¿Pódenos explicar por que da súa adxudicación e da renuncia tivemos que pagar todos os galegos 1.000 millóns das antigas pesetas? ¿Pódenos explicar vostede por que o señor Méndez Romeu licitou unha obra por 935 millóns e a acabaron adxudicando nunha baixa temeraria dun -53 %? ¿Pódenos explicar as negociacións que tiñan vostedes pola porta de atrás coa anterior empresa concesionaria, señor Fernández? Se nolo explica, agradeceríamosllo. Porque, señor Fernández, todo se sabe.

E, claro, hai estrañas coincidencias, xa que a vostedes lles gusta falar de tramas gürtelianas. Home, estraña coincidencia, estraña coincidencia, é que a concesionaria que vostedes adxudicaron en Carballo-Berdoias era a mesma do corredor Brión-Noia. E vostedes xustamente lle aprobaron un proxecto modificado complementario no último Consello da Xunta de Galicia de 5 millóns de euros. E foi a unha desas empresas desa concesionaria á que lle adxudicaron as famosas obras...

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: ...do Consello da Xunta de Galicia.

E, señor Méndez Romeu, vostede defendeu esta interpelación. ¿Pódenos dicir para que quería 300.000 euros en mobi-

liario na súa consellería? ¿Pódenos dicir como se poden xustificar 4 millóns de euros en obras nas salas de reunións do Consello da Xunta de Galicia? ¿Queren que lles diga o que pensamos de verdade, señorías?

A señora PRESIDENTA: Señor Gómez Alonso, remate, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: Vostedes, de licitación de obra pública, ningunha; agora, de licitacións de cadros de mando para naves aeroespaciais, sen ningunha dúbida, desas levan todos os méritos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra don Raúl Fernández Fernández.

Déanlle voz, por favor, ao escano do señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor Gómez, se vostede quere converter a adxudicación da Costa da Morte nun exemplo de eficacia, eficiencia e austeridade do Goberno do señor Feijóo, alá vostede. A realidade é que estaban contratados 60 quilómetros por 540 millóns de euros, e vostedes adxudican 27 por 617. É dicir, menos da metade de quilómetros e máis custo. Bueno, pois parece que ese é o seu exemplo. Pois alá vostedes.

E con respecto ao delegado provincial en Ourense, mire, cando eu entrei de delegado en Ourense –lémbroo ben, finais de agosto-setembro de 2005– non había nin un só proxecto para a provincia de Ourense sendo conselleiro o señor Núñez Feijóo. Nin un só proxecto redactado. Xa non digo contratado ou xa non digo fiscalizado para poder contratar. Nin un só.

E se quere un exemplo de eficacia e eficiencia –póño sempre, ademais, porque é sencillo–, mire, gobernaron vostedes co señor Fraga durante quince anos en Galicia, o bipartito estivo catro anos –exemplo de exercicio e de compromiso coa terra e coas infraestruturas–. No río Miño en Ourense, en quince anos do señor Fraga, construíuse unha soa ponte atra-

vesando o Miño, E voulle dicir, ademais, cómo. Primeiro fíxose a ponte, o proxecto, e logo buscouse onde colocala, a ponte do Milenio. Catro anos de Goberno bipartito: tres pontes en Ourense, tres pontes novas, facilitando a permeabilidade das dúas orillas do Miño en Ourense. Iso foi parte da nosa xestión.

Mire, o que estamos a falar, a moción que presentamos, a moción que é consecuencia da interpelación anterior, ten que ver con outras cuestións. E ten que ver fundamentalmente coa suma de esforzos de todas as administracións para que Galicia teña as infraestruturas que necesita para poder competir en igualdade con outros territorios. Tamén para dinamizar a propia economía e tamén, e fundamentalmente, para conseguir emprego. Polo tanto, a iniciativa vai nese senso, vai no senso de ser capaz de sumar sinerxías para que os galegos teñamos as infraestruturas que necesitamos, e que, mentres tanto, sexamos capaces de crear emprego e mesmo de superar a crise con eses investimentos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Perdón.

Sobre a emenda presentada polo Grupo de Alternativa...

A señora PRESIDENTA: E que xa agotou o tempo que era onde tiña que dicir o da emenda. A ver, trinta segundos, é que o segundo turno era para falar da emenda, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Non imos aceptar a emenda aínda que coincidimos con varios dos puntos que propón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA: Entón, pasamos á votación das mocións. Pechamos as portas.

Comezamos coa votación da primeira das mocións do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor Losada, á que non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axudar o sector industrial galego a saír da crise e crear emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a segunda das mocións, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado.

Señora Prado, eu teño aquí anotado que se pediu a votación do último punto por separado da súa moción, ¿acepta a votación por separado?

A señora PRADO CORES: Non, non.

A señora PRESIDENTA: Ben, pois entón votamos a moción tal e como foi presentada.

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a xestión dos recursos públicos dirixidos a cursos de formación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor Fernández, que dixo que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Polo tanto, votámola tal e como foi presentada.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de execución das obras públicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día, co punto 5, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Fomento para o emprego do investimento destinado á ampliación da autoestrada do Atlántico (AP-9) en Vigo para educación e sanidade

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1.-O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de reclamar a paralización do proxecto de ampliación da ponte de Rande e estudar alternativas que dean resposta ás necesidades de mobilidade e que inclúan unha aposta por alternativas que teñan en consideración a intermodalidade e o transporte público.

2.-O Parlamento insta á Xunta de Galiza a incrementar os fondos destinados a ensino e educación e a reclamar ante o Goberno central un cambio do modelo de financiamento, de xeito que non só se cubran as necesidades de ensino, edu-

cación e atención á dependencia e cubra carencias e discriminacións que o actual modelo ten con Galiza.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde a todos.

É fermoso intervir despois de comer, co cambio de árbitro. Non sei como vai ser na súa interpretación do Regulamento, sabemos que esas cousas depende moito do comité de árbitros, e parece que o comité de árbitros ten que establecer algún mecanismo de igualdade.

A nosa proposta –tranquilos, señores do PP, xa vou á cuestión– ten que ver co que para nós é a política de prioridades, aquelas cuestións que son fundamentais e as que poden ser accesorias. E nesta situación na que o país está a vivir, con necesidades fundamentais en temas tan acuciantes como a educación, a sanidade, os servizos sociais, cremos que malgastar cartos de todos para que ao final os únicos beneficiarios sexan as empresas privadas non é de recibo. E nós apostamos por que eses investimentos sirvan para solucionar os problemas máis graves da sociedade galega, que son, de forma moi evidente, a pobreza, o desemprego, unha sanidade de baixa calidade polos recortes e uns servizos sociais escasos para a situación na que vivimos.

Fronte a isto, nunha situación tremenda para a maioría social, respecto da AP-9 temos que denunciar unha absoluta aberración: dende o 2000 ata o día de hoxe incrementouse nun 68 % o custo das peaxes para os usuarios desa autoestrada. Un 68 % que supón unha auténtica aberración e que en moitos casos –eu diría que en todos– non concorda cos incrementos dos ingresos dos usuarios desta infraestrutura. O cal demostra que esta infraestrutura non está creada para satisfacer as necesidades deste país senón para satisfacer o ánimo de lucro das empresas que o explotan.

E por iso nós nos opoñemos á ampliación da AP-9 en Rande, por varias cuestións. A primeira, porque é unha hipoteca para este país, porque supón blindar os pagos desas peaxes para as empresas privadas vinte anos máis. Porque parece que ao Partido Popular non lle chega co espolio do bolsillo dos galegos e das galegas que todos os días teñen que utilizar a autoestrada senón que se plantexa prorrogar esa actua-

ción vinte anos máis. ¿Que quere dicir? Que moitos de nós morreremos pagando o timo da AP-9. E iso é unha situación tremendamente inxusta e que non podemos compartir.

Sobre todo porque, incluso se falamos das intervencións necesarias nesa autoestrada, temos claro que a intervención sobre a ponte de Rande non vai solucionar os problemas de atasco que vostedes ou que os técnicos achacan a esa desviación para O Morrazo, pero temos que denunciar que dende o 2002 nesa autoestrada non se ten realizado ningún reasfaltado integral do conxunto da autoestrada. Polo tanto, priorizamos un negocio fronte á seguridade incluso dos usuarios.

Primeiro denunciámos que queda claro que se trata dun timo, de continuar drenando cartos de todos e de todas as empresas privadas.

En segundo lugar, que ademais, existindo necesidades perentorias nesa autoestrada, como pode ser a seguridade viaria, esas obras non se acometen e si se acomete unha obra que ten moitas deficiencias sobre todo na afectación que ten que ver co seu contorno. Unha vez máis, fronte a unha decisión das administracións a espaldas dos contornos afectados, parece xa que vai sendo hora de que neste país se tomen decisións para que, cando se faga unha infraestrutura que afecte directamente a vida de veciños e veciñas, estes sexan directamente informados e claramente plantexadas as súas necesidades. Fronte a esa realidade, foron estes veciños os que se tiveron que mobilizar para, cando menos, seren escoitados, o que supón unha ruptura do seu modo de vida actual.

Vostedes coñecen coma min que algunhas das actas de ocupación desta nova infraestrutura se están a pagar a 8 euros o metro cadrado. Vostedes coñecen coma min que se van afectar casas que van ser destruídas ou derruídas por esta infraestrutura e que os seus usuarios en moi poucas ocasións van poder compensar esa perda. E non só iso, que as afectacións desta nova infraestrutura non só teñan que ver con propiedades privadas que están sendo infravaloradas e pagadas a prezo de risa, senón con infraestruturas sociais fundamentais. Vaise derrubar parte de colexios, vanse derrubar parques infantís; e non serei eu quen o defenda, pero tamén se vai destruír o aparcamento dunha igrexa. Polo tanto, estamos ante unha infraestrutura que, lonxe de aliviar os problemas, vai crear moitos máis problemas dos que en realidade

se pretende solucionar.

Pero, ademais, esta infraestrutura non ten os plantexamentos e os estudos sobre os seus impactos que nós consideramos fundamentais. En primeiro lugar vaise actuar sobre unha Rede Natura, sobre unha ría, que é fundamental tamén para o desenvolvemento e para sostemento económico de decenas de miles de veciños. As afectacións non teñen nin sequer analizado como as novas escorrentías, como os novos procesos de construción, van afectar, por exemplo, os bancos marisqueiros ou, por exemplo, as concesións de mexillón que nese entorno se atopan.

E parece realmente inaceptable que, cando se van gastar 173 millóns que imos pagar todos e todas con incrementos das peaxes durante vinte anos, non se teña feito unha análise concreta e seria sobre as afectacións para a economía dos produtores de primeiro nivel desa ría que van ser afectados. Falamos de marisqueo, falamos de pesca e tamén falamos de acuicultura do mexillón. Ningún deses estudos está contemplado.

Na ría de Vigo xa hai problemas pola afectación das obras do AVE. Xa a día de hoxe hai concesións marisqueiras pechadas por parasitos que teñen moito que ver cos produtos utilizados nas obras do AVE. E fronte a esta realidade, cando se vai establecer unha infraestrutura moito máis impactante nese entorno, non hai ningunha intervención no sentido de analizar cales poden ser as futuras problemáticas desa realidade.

Pero, ademais, hai un impacto medioambiental brutal, un impacto que ten que ver coa personalidade deste país. Todos reconecemos xa a ría de Vigo polo que significa a súa ponte de Rande. Todos coñecemos a ría de Vigo polo que significa na historia de Galicia e polos conflitos bélicos de hai moitos anos. Todos coñecemos a existencia do Castelo de Rande, pero todos parece que ignoramos que esta infraestrutura vai acabar con esa parte da personalidade da ría de Vigo. ¿Como vai afectar a personalidade e, polo tanto, a capacidade de vender a nosa calidade dende a ría de Vigo unha obra como esta, unha obra que, por exemplo, vai acabar co pouco que queda do castelo de Rande. ¿É que alguén considera que podemos perder un elemento tan importante da nosa historia como ese castelo? ¿É que alguén considera que podemos perder unha referencia como é a propia infraestrutura tal e

como está hoxe sobre a nosa economía e sobre o noso turismo? Esas cuestións son para nós, dende logo, absolutamente fundamentais, e ningunha delas está contemplada nese proxecto.

Pero fronte a iso hai unha realidade que se pon encima da mesa que é necesario aclarar: tamén sobre a ampliación da AP-9 está o caso Bárcenas. Tamén a corrupción está encima da AP-9. Todos sabemos que a única notificación do ex tesoureiro do Partido Popular cando era senador por Cantabria respecto das súas actividades extraparlamentarias naquel momento tiñan que ver con ser presidente do sindicato de obrigatoristas de Autopistas do Atlántico, de AUDASA. Todo leva á corrupción neste país. Cando falamos de investimentos, todo conleva a que os señores equis do Partido Popular sempre están revoloteando por aqueles sitios en que reciben os tratos de favor, os investimentos e os beneficios dos diferentes gobernos tamén do Partido Popular.

Polo tanto, detrás disto, estamos falando de afectacións medioambientais, afectacións económicas, afectacións á vida das familias, para unicamente conseguir maiores beneficios para unha empresa que xa está timando o cen por cento dos galegos e das galegas.

Unha vez máis, antepóñense os intereses da empresa privada aos intereses da colectividade deste país. E, ademais, faise cunha dobre intención: estanse garantindo os usuarios. ¿Por que se están garantindo os usuarios e se mantén como única alternativa á AP-9 unha vía que é, sinceramente, un camiño medieval? Esa é a política de infraestruturas do Partido Popular: garantirlle o negocio a aqueles que no seu momento tiveron que ver coa aportación de diñeiro negro ao Partido Popular.

Polo tanto, unha infraestrutura que provoca serias dificultades, que non vai solucionar ningún problema porque volve concretarse en cuellos de botella antes e despois da ampliación desta infraestrutura, que ademais ten serias afectacións sobre a nosa personalidade, sobre o noso medio ambiente, cremos que non é de recibo implantala nestas condicións.

Nós plantexamos —e así se dixo nesta Cámara moitas veces— que é necesario o rescate da AP-9, que temos que garantir que sexa unha vía pública absolutamente gratuíta, e non podemos continuar agardando a que se condene durante

vinte anos o conxunto da cidadanía a pagar unhas peaxes abusivas por unha infraestrutura nun penoso estado a pesar da actuación neste último tramo.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, o noso grupo ten denunciado en múltiples ocasións, non só nesta Cámara senón tamén no Congreso dos Deputados, a estafa continuada que significa a AP-9, unha estafa que ademais é a mostra dun trato discriminatorio do Estado para con Galiza. Fíxense, señorías, en que nós temos as autopistas máis caras do Estado, a pesar de que os galegos e as galegas teñen os salarios máis baixos de todo o Estado español. Unha mostra de en que se traduce esa solidariedade, en que se traduce esa política unitaria. Xa vemos que para o Goberno central o papel que cumpre Galiza pois é o de pagar neste caso unha das autoestradas máis caras de todo o Estado, que ademais ten o agravante de que constitúe un dos eixos centrais de comunicación da parte máis dinámica do noso país, co lastre que iso supón para o desenvolvemento económico e co lastre que isto supón para milleiros de cidadáns que realmente están condenados a pagar unhas peaxes absolutamente abusivas ou, por outra parte, a utilizar infraestruturas, estradas, que están en moí mal estado e que non son as óptimas para poder comunicarse, e tampouco nunha parte importante están ben atendidas a pesar de seren estradas que dependen do Estado.

En todo caso, hoxe entendemos nós que o debate no que se centra esta iniciativa ten moito máis que ver cunha cuestión moito máis concreta, que é o reiterado debate sobre a ampliación na ponte de Rande. Nese sentido o Bloque Nacionalista Galego pois ten unha posición clara, temos presentado alegacións desde o inicio da tramitación deste proxecto, temos rexistrado tamén iniciativas diversas, porque

entendemos que esta ampliación non ten sentido, porque non vai ter eficacia para solucionar o problema de colapso que se produce na entrada de Vigo, senón que mesmo o pode agravar. E porque lonxe de ser unha solución para iso, vai provocar novos problemas. En concreto, vai provocar un problema importante de mobilidade na propia comarca do Morrazo, e, polo tanto, nós entendemos que aquí se vai facer unha ampliación que carece absolutamente de ningún tipo de xustificación.

Por outro lado, hai unha afectación cultural –como xa se dixo aquí– a un valor importante, hai tamén unha afectación relevante do punto de vista ambiental e económico; e, polo tanto, cremos que o Goberno central debería de entrar en razón, atender a demanda que hai neste sentido e non continuar adiante cunha ampliación da ponte de Rande que, por certo, aínda non sabemos quen a vai financiar. Nós entendemos que, tal e como está a lexislación, non é posible seguir ampliando a concesión, e, polo tanto, moito tememos que o que pode producirse é un incremento das peaxes que se van pagar, ou ben os usuarios e usuarias desta zona ou ben a propia Xunta de Galicia trasladándoo a un incremento das peaxes noutras zonas. Supoñemos que isto, ao mellor, neste momento xa nolo pode aclarar o Partido Popular. Porque é curioso que no ano 2011 o voceiro de infraestruturas do Partido Popular –o señor Gómez Alonso– denunciaba insistentemente e preguntáballe ao Ministerio de Fomento neste Parlamento quen ía pagar a ampliación da ponte de Rande. Estaría ben que fora aclarado este extremo, dado que ata o momento tampouco se clarificou esta cuestión no propio Congreso dos Deputados.

Nós agardamos que tamén o grupo da AGE poida aceptar a nosa emenda, porque entendemos que tal e como está formulada inicialmente esta iniciativa é un pouco confusa, porque, como se vota a parte final, realmente pois non sabemos moi ben a que infraestrutura concreta se está referindo. E tamén nos parece importante aclarar –aínda que sexa nun minuto, polo menos vouno dicir telegraficamente– que cremos que estaría ben non mesturar algúns debates. Nós cremos que o problema que hai de financiamento do sistema sanitario en Galiza e do sistema educativo ten que ver, por unha parte, cunha opción ideolóxica do Partido Popular, que está claramente recortando en dereitos fundamentais nos recortes a través da sanidade e da educación. Mais tamén hai que ter en conta que temos un sistema de financiamento que

discrimina a Galiza, un sistema que negociou e pactou o Partido Popular, que nós criticamos e que criticamos desde o seu inicio. E mesmo en tempos –agora xa non se fala diso– neste Parlamento tññase recoñecida a débeda histórica que o Estado tiña con Galiza por unhas transferencias mal realizadas. E polo tanto tamén sería importante que esta cuestión quedara clara, e nós intentamos, polo menos, deixar nese sentido fixado nesa segunda parte que cremos que o problema do financiamento da sanidade, da educación e dos servizos públicos non ten tanto que ver coa ponte de Rande, senón cun problema estrutural moito máis profundo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista, o señor Fernández ten a palabra.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Parece claro que a AP-9 segue a ser un motivo de controversia entre os diferentes grupos parlamentarios, que non facemos, ademais, outra cousa máis que trasladar a opinión e os diferentes puntos de vista da cidadanía a esta Cámara referidos a este asunto.

Dende logo, o Grupo Socialista ten claro que a autopista de peaxe AP-9 resulta ser a principal estrada de Galicia, e ademais por moitos motivos. Primeiro, porque, aínda que non sexa unha vía transeuropea, si que se achega aos parámetros de utilidade europea, porque nos abre, ademais, as portas dun país diferente, como é Portugal, porque nos acerca á cornixa Cantábrica, paso preliminar para introducirse na Unión Europea. En definitiva, porque ten vocación de permeabilizar o noso país polo norte e polo sur. Mais tamén resulta fundamental polo soporte que dá ás relacións intraautonómicas. Está asentada no ámbito da residencia de arredor do 50 % da poboación galega, de galegos e de galegas, conecta directamente cinco das sete grandes cidades de Galicia: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. Ademais, discorre polo espazo xeográfico da fachada atlántica, onde está asentado o maior dinamismo económico e empresarial do noso país. Cremos, polo tanto, que ten as condicións para ser un elemento vertebrador de Galicia e un elemento de cohesión territorial, económico, empresarial e

social. Mais tamén pensamos que non ten desenvolvido todo o seu potencial para identificarse polas galegas e os galegos como unha oportunidade para Galicia.

Efectivamente, a percepción social de que sexa esa oportunidade para Galicia, para as persoas e para as empresas, mudou, por decisións políticas, nunha oportunidade exclusivamente económica para a empresa concesionaria. Nós tamén estamos convencidos deste feito, cremos que todo o valor engadido que xera a AP-9 vai parar á concesionaria da autopista, e non aos galegos e galegas.

O acontecido neste verán, acumulado ao que vén acontecendo nos últimos anos, só pon de manifesto e permite visualizar o exclusivo interese económico da concesionaria fronte a calquera outro tipo de interese social e dos galegos e galegas. Nembarrantes, cremos que a AP-9 debe desenvolver todas as súas potencialidades para xogar o papel dinamizador e de valor engadido para Galicia, para iso naceu e para iso debe vivir. Por iso pensamos que se deben acometer accións cuxo obxectivo final debe acadar o rescate da concesión e a súa transferencia á Comunidade Autónoma. Creo que somos quen para todo ese potencial redistribuílo entre a economía galega.

Namentres, débense aumentar os controis por parte dos poderes públicos en relación coas obrigas que ten que cumprir a concesionaria. Tamén diminuír os prezos e establecer descontos na utilización da mesma, mesmo acadar a participación da Xunta –do Goberno galego– nos asuntos que se refiren á concesión da autopista.

Mais mentres iso non se produza, é preciso acometer actuacións de mantemento, de mellora de déficits estruturais que ten a AP-9 e que están localizados nos accesos á Coruña, no contorno de Santiago, en Curro e no contorno de Rande.

Señorías, cremos que é necesario acometer intervencións estruturais na autopista AP-9 paralelamente á negociación de rescate e transferencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Popular, ten a palabra o señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: Boas tardes, señorías.

Benvidos tamén moitos rapaces que están hoxe aquí vendo a sesión deste Pleno.

A PNL, a iniciativa que nos ocupa nestes intreos, é unha mestura de cousas moi estrañas, é un popurrí que eu quixera cualificar como demagóxico. E digo que é demagóxico porque fala de dúas cuestións que non son intercambiáveis. Unha primeira cousa é que é un investimento extraorxamentario, un investimento extraorxamentario sobre unha vía de alta capacidade sobre a cal a titularidade é do Estado, e que ten unha concesionaria. Por outra banda, fala dun investimento orxamentario, neste caso, de dous servizos básicos, como son a sanidade e a educación, e que neste caso van a cargo da Xunta de Galicia pola transferencia competencial.

Polo tanto, isto non ten sentido, esta iniciativa é pura demagogia, e non ten ningún tipo de iniciativa máis que a de incrementar a demagogia do discurso dalgúns de vostedes.

As obras que se van executar son obras necesarias. Tanto a ampliación de Rande como a circunvalación de Santiago na AP-9 necesitan unha ampliación, unha ampliación da súa capacidade, unha ampliación da súa seguridade.

Como dicía antes a respecto do investimento que se vai facer, que son máis de 180 millóns de euros, tanto na ponte de Rande como na circunvalación de Santiago, estamos a falar de dúas partidas que non se van retrotraer de ningún outro sitio, porque son a cargo dunha concesionaria. É dicir, é un investimento produtivo para Galicia que non vai ser a cargo de ningún orzamento público, senón que neste caso vai correr a cargo da concesionaria, que é Audasa.

Como dicía antes, mestura vostede dúas cuestións, que é a educación e a sanidade coa ampliación da AP-9. Pois ben, o gasto en educación e sanidade non se vai mellorar nin se vai ampliar por iniciativas demagóxicas, porque o gasto en educación, sanidade e en servizos sociais son o 80 % dos recursos que vai ter o orzamento da Xunta de Galicia no ano 2015, o 80 % dos gastos non financeiros que vai ter o orzamento da Xunta de Galicia. Isto é imposible encontralo en ningún outro goberno na historia de Galicia, imposible.

E, polo tanto, nós, ademais de protexer e de potenciar os servizos públicos, somos quen tamén de apoiar –cando sexa necesario– a ampliación de infraestruturas importantes para o noso país, como é o caso da AP-9. Nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, apoiamos unha política clara que leva a Xunta de Galicia respecto da AP-9, que é, en primeiro lugar, asumir a súa explotación, e, en segundo lugar, homoxeneizar as peaxes a nivel nacional, porque cremos que ningún galego ten que pagar máis por ningunha peaxe que ningún outro cidadán doutra parte de España.

Agora ben, hai que saber unha cousa, e é que vostede, señor Fajardo, se equivoca de inimigo neste caso. Ten que saber que o convenio polo cal se vai a ampliar a AP-9 non é froito dunha sinatura do Partido Popular, senón que é froito da sinatura do ministro José Blanco, corenta e oito horas antes das eleccións xerais do ano 2011, que firmou –eu diría que en circunstancias dubidasas– sen darlle oportunidade ao goberno entrante de poder modificalo. É dicir, que o Goberno de España actual non tivo máis que acatar o convenio que xa fora aprobado no último Consello de Ministros antes das eleccións xerais.

Polo tanto, isto tamén forma parte da herdanza recibida, a famosa herdanza recibida, que neste caso corenta e oito horas antes nos modificaron.

E a pregunta é a seguinte, señor Fajardo, se vostede di que Bárcenas está na ampliación da AP-9, a miña pregunta é a seguinte: señores socialistas, ¿que interese teñen vostedes en común co señor Bárcenas para firmar este convenio corenta e oito horas antes das eleccións xerais? (*Protestas.*) (*Prónuncianse palabras que non se perciben.*)

Pero, en fin, a cousa é a seguinte, o compromiso noso é o seguinte: hai que remodelar con urxencia os accesos á cidade de Vigo, ten que facerse a ampliación da AP-9 neste caso na ponte de Rande porque xa o firmou o señor Blanco. Pero tamén ten que facerse porque é a nosa prioridade ampliar e facer a A-57.

Estamos de acordo en que hai reducir ao máximo as afectacións. Con respecto ao colexio de Redondela direille que Audasa se comprometeu a facer un novo colexio con mellores prestacións. Con respecto a Teis e Chapela direille que

nós tamén apoiamos neste Parlamento un acordo parlamentario para que poida reducirse ao máximo a afectación a eses núcleos poboacionais.

E, por suposto, estamos de acordo en rebaixar as peaxes, como xa fixo a señora Ana Pastor, negociando sen ningún tipo de contraprestación unha rebaixa na peaxe entre Vigo e Pontevedra para que a volta lle poida ser gratis a quen fan esa viaxe.

Pero todo isto do que estaba falando non é incompatible con mellorar a capacidade de tráfico da AP-9. Hoxe, esta mañá, os parlamentarios que pasaron por alí –como é o meu caso– vimos como había un atasco quilométrico para entrar en Vigo. Iso non o podemos permitir.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Dorado, por favor.

O señor DORADO SOTO: É verdade, señor Sánchez, (*Murmurios.*) iso non o podemos permitir. E, polo tanto, nós non imos apoiar unha medida que o que fai é ralentizar o progreso de Vigo. Vigo vai sufrir unha transformación infraestructural moi importante: a ampliación da ponte de Rande, a chegada da alta velocidade...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: ...a apertura do hospital público Álvaro Cunqueiro...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor DORADO SOTO: ...o saneamento da ría, (*Murmurios.*) a posta en marcha do transporte metropolitano e a construción da Cidade da Xustiza. E todo isto é necesario e ningunha iniciativa vai paralizar estas cuestións.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, ten a palabra o señor Fajardo. Se non lles importa, o señor Fajardo ten a palabra para a súa intervención.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, señor Dorado, eu non podo máis que darlle as grazas por todas as cousas tan benditas que nos trouxo hoxe aquí. Se fose algunha verdade, estaríamos de acordo. O problema é que vostede vén aquí a lucirse perante os futuros membros do Partido Popular, está na súa carreira para seguir crescendo no Partido Popular. Algún compañeiro meu que agora está exiliado xa lle explicou que era para nós un referente en canto a crecer dende a nada dentro dunha organización política. Pero cando un vén aquí, á parte de lucimento interno, ten que tratar de poñer encima da mesa cousas que sexan certas.

Primeiro, vainos no salario a todos aguantar o que aquí se di dun lado e doutro, parece que a vostede non. Pero eu voulle plantexar algunha cuestión. Vostede primeiro dime que plantexaron un acordo para reducir as peaxes. Estoulle dicindo: 15,35 euros custa hoxe a peaxe, algo moi accesible para calquera traballador. É tanto así que ese acordo de redución no tramo Vigo-Pontevedra soamente é para unha parte, para todos os que fagan todos os días ese traslado e nun horario concertado, non para calquera viaxe de ida e volta; polo tanto, non é certo.

Fala vostede da confianza en que Audasa reduza as afectacións. ¡Pero vostede está de coña!, ¿non?, está de coña. ¿Vostede sabe que incrementaron as afectacións dos veciños do contorno? ¿Vostede sabe, por exemplo, que hai corenta familias en indefensión porque non foran notificadas no seu momento de que tiñan as súas propiedades afectadas e agora esas corenta familias están afectadas? Vostede vén aquí, le un papel que lle dan, e intenta facer o teatro o mellor posible para ver se pode chegar a onde está o actual voceiro do Partido Popular, pero esquecese de ver a realidade. E a realidade é a seguinte: primeiro, corenta familias máis afectadas das que o estaban, cada un dos afectados ten máis terreo afectado que antes, pero, ademais, nin unha soa resposta ás preguntas concretas deste grupo.

Non vai solucionar os problemas de accesibilidade de Vigo, pero ademais vai provocar outros. ¿Que vai pasar coas concesións marisqueiras? Vostede sabe unha realidade, vostede sabe como afectan as infraestruturas aos fondos que despois son utilizados por moitas persoas para gañar o seu salario.

Vostede sabe, por exemplo, que se están solidificando os fondos do Ulla, e ten que ver moito coas obras do AVE. O mesmo que está pasando en zonas de Cesantes, que se vai agravar coa situación desta obra. ¡Nin un só informe dese impacto! Vostede tamén debería de saber que non hai nin un só informe do impacto de como os novos acuíferos que van chegar á ría, que van incrementar a porcentaxe de auga doce nesa ría, van afectar, por exemplo, as plantacións ou as explotacións de mexillón. Diso non se fala. Vostedes, iso si, fíanse do que lles di a empresa, e encima engánannos. Di que o vai pagar a concesionaria. Claro, as concesionarias como nos regalan todo... Calquera concesionaria sabe que non vai regalar nada. ¿Sabe canto nos vai custar iso? A cada usuario un incremento todos os anos do 1 % por encima do IPC durante vinte anos máis.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Fajardo, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: De aquí a que eu me poida xubilar –se é que existe xubilación daquela– van incrementarse todos os anos as peaxes. E iso por accións como a de vostede, que está simplemente para agradar o seu partido e servir a aqueles que lles pagan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar coa seguinte proposición non de lei, quería comentar que, co coñecemento e aprobación dos distintos grupos parlamentarios, saben vostedes que a iniciativa que agora tocaría substanciar do Grupo Socialista, de don Pablo García García, se substanciará mañá no último lugar do punto das proposicións non de lei. Polo tanto, agora continuamos coa que estaría a continuación.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o sector do transporte de mercadorías por estrada

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non se presentaron emendas. Polo tanto, para formulala ten a palabra o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista xa se teñen debatido nesta Cámara senllas iniciativas na Comisión 3ª e mesmo en sesión plenaria baseadas na difícil situación pola que atravesamos o sector do transporte de mercadorías por estrada en España e singularmente en Galicia.

Hoxe volvemos traer este debate en forma de proposición non de lei, que parece acaído a teor dos acontecementos e manifestacións da Administración e do sector nos últimos días, acontecementos e manifestacións que escenifican publicamente por desencontros e fundamentalmente pola incomunicación e a incapacidade do Goberno para valorar a situación do sector e ser quen, mediante o diálogo, de buscar vías de encontro.

A consecuencia da inactividade do executivo, tomada como afronta polo sector, resulta preocupante para os cidadáns a día de hoxe. Os transportistas teñen convocado un paro do sector do transporte de mercadorías para os días 17, 18 e 19 de novembro en toda España. No escenario está incluso a posibilidade de facelo indefinido. As consecuencias dese paro serían demoledoras para a economía e para a vida diaria das persoas. Desabastecemento de produtos de alimentación, desabastecemento de gasolinas –hai que lembrar que estas só teñen reservas para 24-48 horas–, paro no sector da automoción, inactividade nas empresas que dependen do transporte como vía de desenvolver as súas economías.

Señorías, estamos ante unha situación preocupante, de consecuencias imprevisibles, que nace e fundamentalmente medra pola desconsideración e desprezo que os gobernos do Partido Popular teñen cara ao sector do transporte de mercadorías por estrada, un sector que xa vén reivindicando dende hai tempo diálogo e negociación sobre os aspectos fundamentais que os manteñen nunha situación límite: merma da actividade, merma da marxe de beneficios, suba nos carburantes, suba das peaxes, suba do IVE, suba de impostos, competencia desleal, intrusismo, menor acceso ao crédito, maior inseguridade por accións de pillaxe, presión dos grandes operadores lóxicos sobre as súas actividades, maiores exigencias nas cargas e descargas que conlevan maiores custos para cada empresa e para cada transporte, suba do imposto de hidrocarburos ata o máximo permitido en Galicia –do

1,2 céntimos de euro por litro ata 4,8 céntimos de euro por litro, catro veces máis—.

Ante esta exposición de motivos promovida polo sector coa mellor das vontades para a súa análise, estudo e posible acordo, só recibiron silencio e desconsideración, e unha falta de vontade total dos gobernos do Partido Popular para explorar e promover liñas de actuación concertadas. O desenlace en forma de folga era previsible e só era cuestión de tempo. E a data marcouna o señor Rajoy a través do señor ministro de Hacienda, o señor Montoro, incendiando no último mes o sector coa tramitación e xestión da devolución do chamado “céntimo sanitario”. Neste punto convén lembrar a historia recente do chamado “céntimo sanitario”.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou o 27 de febreiro de 2014 que o céntimo sanitario imposto sobre carburantes vulnera a lexislación comunitaria. Os xuíces sinalan que —e leo textualmente— *“no procede limitar en el tiempo los efectos de esta sentencia ya que el Gobierno español no obró de buena fe al mantener este impuesto en vigor durante más de diez años”*. Isto significa que España debería devolver aos transportistas arredor de 13.000 millóns de euros ilegalmente recadados entre os anos 2002 a 2012. O chamado céntimo sanitario —convén aclarar que a súa denominación era o imposto de vendas de determinados hidrocarburos— estivo implantado en trece comunidades autónomas ata xaneiro de 2013, e oscilou entre 1,2 e 4,8 céntimos de euro por litro de carburante. Dende o 1 de xaneiro de 2013 e co obxectivo de corrixir as deficiencias xa investigadas daquela polo Tribunal da Unión Europea, este céntimo sanitario —utilizado supostamente para financiar a sanidade e con fins medioambientais— foi corrixido e quedou integrado no imposto especial de hidrocarburos. Imposto especial de hidrocarburos que está composto de tres tramos: tipo autonómico, tipo estatal xeral e tipo estatal especial. Aos tipos impositivos hai que engadirilles o 25 % de IVE. En canto á súa aplicación non é uniforme nas diferentes comunidades autónomas: Aragón, Navarra, País Vasco e A Rioxa non o aplican. Navarra teno reducido á metade, Castela-León devolve o cen por cento no 2014 e xa anunciou rebaixa do tributo para 2015. O Goberno galego do señor Feijóo, en contra do que lle dixó ao sector, decidiu elevar o imposto ao nivel máximo, de 1,2 céntimos de euro a 4,8, catro veces máis, nos orzamentos de 2014. O Goberno do Partido Popular aprobou esa suba de costas ao sector e rexeitando emen-

das do Grupo Socialista que ían na dirección da proposta de acordo que plantexamos nesta iniciativa.

O señor Feijóo e a señora conselleira de Facenda quixeron xustificar machaconamente esa subida alegando que o céntimo sanitario é para financiar a sanidade pública. A realidade foi que nin as contas de sanidade reflectiron ese ingreso nin —como dixó o Tribunal Europeo— afectan á protección da saúde nin do medio ambiente. Outra vez vivimos a historia de traizóns e enganados do señor Feijóo, traizóns nas contas públicas —á sanidade e ao medio ambiente— e enganados á Unión Europea, ao Parlamento e aos transportistas.

Para o ano 2015 o Goberno galego ten anunciado o reintegro do cen por cento do tramo autonómico do imposto especial de hidrocarburos, chamado céntimo sanitario. Tomou a decisión de reintegrar coas mesmas formas que tomara a decisión de subilo, sen mediar palabra co sector —fondo e formas do pasado para retractarse—. O que que non di o Goberno é que esta medida de reintegro é forzada, consecuencia da subida anterior.

Efectivamente, e tal e como anunciaron os transportistas, a subida ía producir unha caída do consumo de carburante, coas conseguíntes baixadas de facturación. En Galicia baixou o consumo o 3 %, namentres en España medrou o 2,1 %. Por certo, o maior aumento de consumo produciuse nas autonomías que non aplican o imposto.

Señorías, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, 27 de febreiro de 2014, foi contundente respecto á vulneración da lexislación comunitaria no cobro indebido do chamado céntimo sanitario, e tamén sobre o reintegro do mesmo aos afectados. Non cabía, nin cabe, interpretación da sentenza, pero o Goberno leva oito meses poñendo trabas.

Señorías, con esta proposición non de lei pretendemos darlle recoñecemento ao sector do transporte de mercadorías por estrada, que está nun momento complicado, e por iso a nosa proposta de acordo afecta varios aspectos: recuperación inmediata do que ilegalmente tiveron...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...que adiantar —xa terminado, señora presidenta—, rebaixa dos custos de actividade,

abrir un proceso de diálogo para revitalizar o sector, protexer os profesionais e a súa actividade.

Creemos que é posible, e en todo caso resulta desexable que o sector reciba unha mensaxe de preocupación e...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...de debida resolución por parte das forzas políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor portavoz do Grupo Socialista, coincidimos con vostede no que se refire á preocupación que mantén pola situación do transporte, que hoxe se traslada aquí a través desta iniciativa, e entendemos que, efectivamente, o sector do transporte é un sector moi importante para Galiza, por dous aspectos: polo que representa economicamente, directamente, estamos falando do 5 % do produto interior bruto galego, 20.000 empregos directos; mais tamén porque ten unha conexión clara cunha parte moi importante do noso tecido produtivo.

E como falabamos hoxe pola mañá, unha moi boa parte das mercadorías, na súa distribución interna e externa, teñen o sector do transporte en Galiza nunha peza fundamental, polo tanto, o que lle pasa ao sector do transporte ten relevancia non só para o propio sector, senón polo que supón para o conxunto do noso tecido produtivo.

Un sector que, efectivamente, está tocado pola crise, tocado non só porque haxa un baixón importante na actividade económica, senón tamén porque se están adoptando decisións que claramente lesionan e van en contra do conxunto do sector, máis particularmente do sector galego, que é un sector

conformado, nunha parte importante, por moitas pequenas e medianas empresas, e, polo tanto, que tamén ten particularidades, e como veremos hai algunhas decisións que se están adoptando e que son lesivas.

A primeira, e fundamental –e que hoxe é a motivación dunha queixa importante de todo o sector, que mesmo ten convocada unha folga para o día 17 de novembro de 72 horas, como unha expresión do seu fartago ante unha situación intolerable–, é que o Goberno central claramente está dilatando todo este procedemento para non levar adiante a devolución do céntimo sanitario.

Nós xa dixemos que a devolución do céntimo sanitario non se lles tiña que facer só aos profesionais do sector, senón que tamén se lle tiña que facer ao conxunto da poboación á que se lle cobrou dunha maneira inxusta e ilegal, segundo un tribunal. Vemos como había fórmulas para poder facelo sen ter que presentar ningún tipo de factura, mais o Goberno central optou por un proceso moi farragoso para intentar non devolver unha parte do cobrado de maneira ilegal. Polo tanto, todo o noso apoio nesa iniciativa.

Tamén nos parece que o Goberno galego adoptou medidas lesivas, como ese incremento do céntimo sanitario, que, fronte ao que dicían o ano pasado, comprobamos como era falso que se lle fora devolver todo o que puidera recuperar este sector económico pola súa particular situación, todo o céntimo sanitario, senón que, tal e como estaba xa configurado nos orzamentos, unha parte moi importante do sector do transporte galego estaba excluída na devolución deste céntimo sanitario.

E se é gravoso xa para a economía de calquera persoa no noso país, pois moito máis para un sector que depende directamente do consumo de gasóleo ou gasolina, e que supón un incremento exponencial do que ten que pagar a final de ano en custos de funcionamento ordinario, e que, polo tanto, ao final tamén vai repercutir na distribución e na competitividade dos produtos do noso país.

Estamos de acordo, tamén, témolo denunciado en múltiples ocasións, e hoxe mesmo volvíamos falar, sobre os problemas coas políticas de peaxes que hai na Galiza, e que particularmente, ademais, no caso do sector do transporte non só, digamos, é un gravame máis sobre algunha actividade eco-

nómica, senón que é un problema tamén de seguranza diaria, dado que hai moitas estradas secundarias polas que están circulando neste momento camións de grande tonelaxe que non poden acceder a ela.

Podemos poñer un exemplo moi cercano aquí, sería lóxico que a AP-9 funcionara como circunvalación entre Santiago, por exemplo, e Padrón, e non pasar unha parte moi importante do tráfico pesado por unha vila como Padrón, cos problemas de seguridade viaria que iso ten, mais nada disto preocupa ao Goberno galego, que segue vivindo nesa ilusión de que todo vai marabillosamente ben no noso país.

Tamén poderíamos falar doutro tipo de situacións, como ese novo regulamento que está preparando o Goberno central en materia de autorizacións de transporte, que claramente vai en contra de que se manteña o sector tal e como está configurado neste momento en Galiza, en relación con ser un sector de pequenas e medianas empresas, de autónomos, xa que se vai nunha regulación que claramente beneficia as grandes empresas do transporte fronte o propio sector galego.

O grave é que fronte a isto non hai goberno galego que defenda o sector do transporte, é máis, é clamoroso que a estas alturas o presidente da Xunta siga sen reunirse con este sector, siga sen poñerse á fronte dunha demanda que debería preocuparlle, polo que significa en termos de emprego e pola repercusión que ten no noso sistema económico. Bueno, supoñemos que está moi ocupado niso das mil e unha noites de Monte Pío.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes, outra vez.

Temos que falar de céntimo sanitario, de imposto de hidrocarburos, da AP-9, do prezo das peaxes en Galiza, e cun terreo de xogo que nos pretenden reducir ao máximo. Cada vez que dicimos unha verdade sobre a política do PP e a súa implicación cos casos de corrupción, estamos tratando de converter isto nun *lodazal*. Parece que os argumentarios veñen de Madrid, porque estaba mirando antes, consultando, e *lodazal* non existe en galego, parece que vén de Madrid

este argumentario que pretende limitar a nosa liberdade de expresión.

Porque lles debería dar que pensar, señores do Partido Popular, que cada vez que falamos de algo que fai o Partido Popular para vostedes iso é converter o terreo de xogo nun *lodazal*. Debería darlles que pensar que seguramente vostedes están metidos nunha gran lameira, e é por iso que cada vez que falamos de vostede nos metemos nós, tamén, na lameira. Pois iso da lameira é do que está falando aí fóra toda a xente. Polo tanto, isto se ten que ser un reflexo da sociedade, hai que falar da corrupción, e vostedes deberían empezar por falar da corrupción que está instalada no seu partido.

Ben, temos un modelo de transporte de mercadorías moi escorado cara ao transporte por estradas. O 82 % das mercadorías móvense por estrada; pouco desenvolto o transporte de mercancías por ferrocarril, e, polo tanto, nós cremos que este modelo hai que mudalo. O que si é certo é que a mudanza deste modelo leva tempo, e mentres se muda este modelo, os traballadores están a sufrir moitas dificultades para poder levar unha vida digna. E, polo tanto, hai que tomar medidas que palién este sufrimento e que lles permitan aos traballadores vivir dignamente.

Por iso nós imos apoiar esta iniciativa que presenta o Partido Socialista de Galiza, porque cremos que axudará a sobrelevar esta crise. As consecuencias da crise levan directamente a un empeoramento das condicións de vida dos traballadores e á súa explotación, baixada de prezos do servizo de transporte, falla de crédito, escalada dos prezos do combustible, o céntimo sanitario, a desregulación que provoca a competencia desleal e o intrusismo, e, por último, neste país, en Galiza, a estafa a AP-9.

En canto ao céntimo sanitario, aplican vostedes, a sabendas, ilegalmente un imposto, xa que o ditame do avogado xeral da Unión Europea suprimiu os impostos especiais do Estado, pero entendemos que os fundamentos xurídicos son extensibles ao que aplica a Xunta de Galicia, dado que o que se cuestiona, en realidade, é que mediante un imposto sobre hidrocarburos se financien actuacións distintas da protección do medio ambiente, tratándose de ingresos tributarios afectados ao gasto sanitario. Polo tanto, vostedes saben que o están a aplicar mal, pero tratan de gañar tempo.

Os traballadores do sector do transporte e as empresas do sector do transporte teñen que traballar nun país coa desvantaxe de ter que transitar por unha autopista que vai de norte a sur deste país e que esa viaxe custa nada máis e nada menos que 77 euros, que é o 20 % do servizo. Unha AP-9 que foi custeada con diñeiro público de todos e de todas, que foi privatizada, que foi rescatada pagando a correspondente factura, que foi, posteriormente, privatizada no ano 2003 por ese Goberno, do cal o 75 % dos seus ministros están imputados, outra vez metidos no *lodazal*. Privatizada a prezo de amigo, posto que sen facer ningunha inversión, aos poucos anos, milagrosamente, se vendeu con multimillonarias plusvalías. É evidente que era prezo de amigo cando se lle vendeu a Sacyr, e, polo tanto, Sacyr ten que estar moi agradecida, por iso tamén aparece como os donantes do Partido Popular de Galicia.

Polo tanto, preocúpanos a situación deste sector que dá emprego a máis de 35.000 persoas neste país, e preocúpanos a explotación que están a sufrir estes traballadores, que –como ben se dixo aquí– implica tamén posibilidades de incremento na seguridade viaria, na propia seguridade da vida destas persoas.

Tamén botamos en falta unha vixilancia seria aos grandes infractores que hai no sector, á competencia desleal, ao intrusismo; falta unha priorización dos esforzos da inspección do transporte en Galicia sobre control de grandes infractores.

E no sector do transporte xa é famosa a expresión esta de que se está producindo a rumanización do transporte,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...é dicir, sufrindo debido ás políticas liberais de desregularización a competencia de países europeos que non teñen as mesmas condicións fiscais e laborais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Alonso.

Déanlle voz ao escano do señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señorías, dende o Grupo Parlamentario Popular tamén coincidimos coas afirmacións feitas polo señor Fernández, voceiro do Grupo Parlamentario Socialista, de que os transportes de mercadorías teñen un enorme peso na economía do noso país, xa que as mercadorías, como ben dixo o voceiro do Partido Socialista, aportan en torno ao 4 % do produto interior bruto de Galicia.

No ano 2013 daban unha ocupación directa a máis de 26.000 persoas, e o consumo de gasóleo ascendeu a finais do ano 2013 a máis de 575 millóns de litros, o cal sumou un importe superior aos 747 millóns de euros. E a isto, ademais, hai que engadirlle o feito de que o 81 % das mercancías que discorren polo noso territorio se transportan, evidentemente, por estradas.

Señorías, tamén coincidimos co señor Fernández en que as mercancías, o sector do transporte das mercancías, está a sufrir, dun xeito moi especial, a actual crise económica; motivados, entre outras moitas razóns, por oscilacións do prezo do cru, o descenso da demanda no sector, que é superior ao 26 %, xunto cos problemas que xa todos coñecemos de falta de liquidez no mercado, falta de crédito para as empresas.

Pero o certo, señorías, é que desde o ano 2008 pecharon máis de 2.000 empresas dedicadas a este sector en Galicia. Pero, señorías, tamén temos un sector con problemas estruturais, e é importante pólos enriba da mesa, enriba deste debate. Un destes é o envellecemento do sector; outro deles é a dispersión empresarial; outro deles é a atomización. Hai que ter presente que o 54 % das nosas empresas non supera un só vehículo e que o 95 % non supera os tres vehículos. E a isto hai que sumarlle os problemas de competitividade que, evidentemente, se xeran pola nosa situación periférica. Isto trouxo como consecuencia estes problemas estruturais: que se deran de baixa máis de 4.000 vehículos dos transportes das mercadorías dende o inicio da crise.

O señor Fernández tamén nos anunciou –ou nos recordou– que está anunciado un paro de mercadorías para o presente ano, o cal non é un tema menor. Pero o certo é que, señor

Fernández, vostede lembrará que non é o primeiro paro das mercadorías nin que discorre en Galicia nin que discorre a nivel nacional, xa o tivemos no ano 2008 e foi un paro bastante..., o suficientemente grave, e que xerou moito desabastecemento. Ese paro foi xerado polos famosos incrementos do cru do ano 2007; e dende as bancadas da oposición pídesenos diálogo e comprensión co sector.

Eu quero dicirlle, señoría, que dende este grupo parlamentario, dende hai moitos anos, temos unha interlocución directa co que é a Federación Galega de Transportes de Mercadorías de Galicia. Somos coñecedores permanentemente de todas e cada unha das súas demandas: demandas en materia de infraestruturas, demandas en materia de novas tecnoloxías. Sabemos, porque así nolo reiteran constantemente, das peticións de axuda que nos solicitan para renovar a frota, para reestruturar o sector. E tamén somos conscientes das continuas demandas para apoiar o abandono da profesión, que está en torno aos 58 anos, dos apoios que nos solicitan para as melloras de formación e a potenciación das xuntas arbitrais de transporte que hai en Galicia.

E as últimas que nos levan trasladado, señor Fernández, son a creación dunha ventanilla única, a mellora da actividade inspectora, a compensación ou supresión do céntimo sanitario que vostede aquí manifestou e a posta en marcha do Observatorio de custos de transporte en Galicia.

Señor Fernández, supoño que vostede tamén coincidirá con este grupo parlamentario en que estes problemas estruturais e esta crise conxuntural requiren tamén de instrumentos de planificación. Nestes momentos, os únicos instrumentos cos cales contamos veñen do Ministerio de Fomento, o anterior Ministerio de Fomento: o Plan Petra 1 e o Plan Petra 2. Cecais habería que abordar aquí a elaboración, xa dunha vez por todas, do noso propio plan de transportes de mercadorías de Galicia, o noso Petragal, do cal había un borrador do anterior Goberno.

E, señor Fernández, supoño que vostede tamén saberá que, aínda que non cumprimos con todo e nos falta moito traballo por facer, o certo é que a Xunta Arbitral de Transportes en Galicia reduciu notablemente os tempos de tramitación das reclamacións dos transportistas; que a Xunta Arbitral de Transportes en Galicia está a denunciar e se está a implicar na eliminación e no castigo dos intrusismos da competencia

desleal no noso sector; que se está a elaborar o Observatorio das mercadorías e dos custos en Galicia; que nas peaxes da AP-9, pese a que son moi elevadas, tamén se van aplicar descontos para os transportistas no ano 2015; ...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: ...e que se vai proceder á devolución do céntimo sanitario a través do gasóleo profesional. Polo tanto, sabemos que son moitos os retos que temos por diante, pero pouco a pouco, supoño que da man de todos, irémolos sacando para diante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Boas tardes outra vez.

Grazas, en principio, aos grupos de AGE e do BNG polo seu apoio a esta iniciativa, que non é máis que un apoio ao sector do transporte de mercadorías, e así o entendemos.

Señor Gómez, parece que hai comunicación co sector, eu sei que a hai. Loxicamente, a Consellería ten que ter, o Goberno galego ten que ter comunicación co sector. E parece que coñecen as súas necesidades e que, na medida do posible, intentan solucionarlas. Pero a min hai algunha cuestión que non me coincide e díxeno xa na intervención inicial.

É verdade que o ano pasado se subiu do 1,2 ao 4,8 sen falar co sector. É máis, non soamente non se falou co sector senón que o sector o tomou como unha traizón por parte do señor presidente da Xunta, porque un mes antes lle dixo que coñecía as súas dificultades, que era consciente da necesidade de non facelo e que, polo tanto, non ía mover nada. E cando se enteraron da suba foi a través dos medios de comunicación.

E tamén sucede isto neste mesmo ano: entéranse da devolución do céntimo precisamente a través dos medios de comunicación e non a través, neste caso, do Partido Popular, se é que hai esa interlocución permanente.

En todo caso, catro datos nada máis para recalcar a importancia do sector en Galicia, porque creo que debemos coñecerlos todos perfectamente: 7.000 empresas; 20.000 empregos directos; máis de 20.000 vehículos; en torno ao 5 % do produto interior bruto –catro e pico–; a saída das mercadorías da produción galega hacia o exterior de Galicia faise a través do transporte en máis do 80 %. Temos ademais –debemos coñecerlos todos– unha desvantaxe competitiva co transporte doutras comunidades autónomas, dada a nosa situación periférica, que se engade a unha falta de... ben, corrixida nos últimos anos, pero durante moitísimos anos a esa desvantaxe competitiva pola nosa periferia uniuse a desvantaxe de non ter unhas infraestruturas axeitadas para a circulación destes vehículos pesados. Debemos saber tamén que a vida útil da cabeza tractora dos vehículos en 2007 era de 4,9 anos e hoxe a vida útil está en 7,8, é dicir, subiu practicamente tres puntos pola imposibilidade do sector de poder recuperar ou poder investir no seu material de traballo.

En todo caso, soamente ler dúas cousas. Mire, o Comité Nacional de Transporte fixo un manifesto que di claramente: “A Axencia Tributaria, tras dilatar inutilmente o proceso, tratou de enganar o sector do transporte coa única intención de escamotear o exacto cumprimento da sentenza, apropiándose dun diñeiro que está obrigada a devolver”. Esa é a relación do sector co Goberno, e como está sendo visto polo propio sector.

E remato. O sector non desconvoca a folga namentres non vexa o acordo por escrito, xa que os antecedentes non axudan a crer no propio Goberno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P.dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 27037).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva pola que segue:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar un proceso leal de diálogo e colaboración coas universidades galegas para analizar en profundidade e de forma global o Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia. Neste análise se integrarán valoracións cualitativas sobre as titulacións e as necesidades de Galicia, permitindo que sexan as universidades as que o lideren e dean as respostas adecuadas sen interferencias da Consellería de Educación.

2. Ter o máximo respecto pola autonomía universitaria, cesando as continuas interferencias das consellerías de Educación e Facenda nas decisións das universidades.

3. Derrogar o artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e facer constar no citado decreto que se manterán as titulacións de oferta única en Galicia e aquelas orientadas ao desenvolvemento de sectores estratéxicos que contribúan a especialización dos campus galegos.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 27037).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza para que no proceso de reforma do mapa de titulacións universitarias teña en conta para a súa avaliacións seguintes aspectos:

1º.-*O respecto total á autonomía universitaria e a derogación do artigo 6 do decreto 222/2011.*

2º.-*A necesidade de implementar máis fondos para bolsas que garantan o acceso á universidade do alumnado con menos recursos económicos.*

3º.-*A Colaboración co SUG de cara a poder ofertar, na Galiza, un mapa completo de titulacións de grao e posgrao.*

4º.-*Que o deseño do mapa de titulacións non pode estar presidido pola vontade de seguir recortando o ensino universitario e debe ter presente a necesidade de salvaguardar as necesidades científicas, culturais e sociais da sociedade galega (mesmo con débil demanda) e tamén estar conectada coa potencialidade dos seus sectores produtivos.*

5º.-*O mapa de titulacións debe estar acompañado de políticas públicas de emprego, de impulso ao I+D e de activación do tecido produtivo que favoreza a absorción dos titulados e evite a emigración dos mozos e mozas formados no sistema universitario galego.”*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quixera comezar a miña intervención lendo unha reflexión publicada hai moi pouco nun medio de comunicación de Galicia dun profesor, colega de facultade, que é o señor de Ourense Fernández Prieto, que creo que encaixa perfectamente co que aquí se vai plantexar.

Dinos este profesor: “Temos tres universidades competitivas, ben dotadas, e que en conxunto cumpren razoablemente ben a súa función principal: formar titulados universitarios á altura dunha sociedade europea actual. As universidades galegas están á altura da sociedade e defendelas significa reestruturalas ambiciosamente e a fondo, rachando perigosas inercias, e isto é máis necesario no asunto das titulacións, o de máis importancia e visibilidade social, onde hai carreiras que ninguén escolle ano tras ano, hai carreiras novas que son

un fracaso e hai outras moi demandadas en universidades españolas que non aparecen no sistema educativo galego”.

Digo isto porque se engarza perfectamente coa reflexión que vou plantexar a continuación, onde, obviamente, a universidade, como servizo público educativo, evoluciona á par da sociedade. A universidade galega de hoxe –tres universidades, sete campus– obviamente é moi diferente á de hai 35 ou 40 anos. E, obviamente, a de dentro de 35 ou 40 anos tamén será moi diferente á que temos hoxe.

Sen ir máis lonxe, estamos en pleno aniversario, hai vinte e cinco anos que se aprobou a lei que desenvolveu o SUG, que deu lugar á creación das universidades de Vigo e da Coruña, e, obviamente, nestes anos houbo unha dinámica evolutiva, unha dinámica de cambio, unha dinámica de transformación, de adaptación do propio sistema educativo universitario ao que ten que ver coa sociedade.

Temos por diante unha transformación –queirámolo ou non– onde interveñen diferentes variables. Temos un proceso, por dicilo dalgún xeito, multivariable, onde nos imos atopar con factores conxunturais e con factores estruturais: factores como o financiamento, factores como a gobernanza, como a propia estrutura organizativa da universidade; factores e variables moi importantes, como as propias dinámicas demográficas, que, queirámolo ou non, van condicionar notablemente o ensino universitario; as propias tendencias e cambios do mercado de traballo; a importancia e o pulo progresivo que están a ter ofertas educativas complementarias, tamén de nivel superior, como pode ser a FP de nivel superior; e, por suposto, o modelo social no cal estamos inmersos, onde, queirámolo ou non tamén, imos ter unha competencia e unha globalización que en gran medida vai atinxir e vai impactar no noso conxunto universitario.

O diagnóstico da situación actual..., creo que podemos compartir todos o diagnóstico, outra cousa é que compartamos as solucións, pero todos sabemos que temos unha caída de estudantes nos últimos anos –de 100.000 hai 15 ou 20 anos a 65.000 aproximadamente hoxe–, que temos unha oferta dun Mapa de titulacións onde hai moitas duplicidades; onde hai tamén axustes económicos e orzamentarios derivados da situación actual, como compete e corresponde a unha institución que se nutre de fondos públicos; temos unha moi débil cultura de cooperación; temos tamén unha débil conec-

tividade da sociedade civil coa propia universidade; residen-
cias de gobernanza, etc. etc.

Pero tamén temos, señorías, grandes valores. E un destes grandes valores que ten a nosa universidade é a existencia dun número amplo de titulacións. Temos máis de 130 titula-
cións no SUG, temos sete campus universitarios, o cal posi-
ibilitou unha gran accesibilidade da sociedade civil, da pobo-
ación, dos estudantes, ao ensino universitario. Favoreceu
tamén unha democratización do ensino universitario. Pero
tamén non é menos certo que estes campus universitarios
carecen da necesaria especialización para posibilitar un des-
envolvemento no futuro cada vez máis acaecido.

No anterior período de sesións este grupo plantexou nesta
Cámara –por certo, sen apoio ningún da oposición– unha
iniciativa que estaba orientada a desenvolver, a analizar, a
potenciar o cambio cara a un novo mapa de titulacións. Un
novo mapa de titulacións que, obviamente, debe facerse de
acordo coas universidades, debe facerse tendo en conta e
respectando a autonomía universitaria, e que debe partir,
como dicíamos naquel momento, dun documento marco
pactado, consensuado entre as universidades e a propia
Xunta de Galicia, que é o Decreto 222 do ano 2011, cuxos
obxectivos son coñecidos supoño que por vostedes: evitar
duplicidades, reestruturar aquelas titulacións con débil
demanda, favorecer a especialización dos campus, etc. etc.
Decreto que, por certo, lles recordo que tivo un consenso
practicamente absoluto, un consenso absoluto, entre as tres
universidades, entre o sistema universitario e, neste caso, a
Administración educativa.

E queremos, nesta liña, dar un paso máis, queremos fixar
unha postura política onde se marque que neste proceso de
reforma do Mapa de titulacións, que, queirámolo ou non,
imos ter que abordar a curto prazo, se introduzan tamén, de
xeito complementario aos principios do Decreto 222, aspec-
tos de carácter cualitativo como poden ser que se teñan en
conta dous factores: o primeiro, a existencia de titulacións
de oferta única dentro do SUG, é dicir, aquelas titulacións
que se ofrecen só e exclusivamente nun dos nosos campus
ou nunha das nosas universidades; e tamén se teña en conta,
en segundo lugar, aquelas titulacións que teñen un papel
importante, complementario, naqueles sectores estratéxicos
da sociedade galega, dos sectores produtivos, que contribú-
an á especialización dos campus universitarios.

¿E por que pensamos que isto é de interese? Pensámolo
tamén por dous motivos. O primeiro, para ter unha oferta o
máis ampla posible dentro do SUG das titulacións universi-
tarias, para que ningún galego ou galega que así o desexe
teña que ir buscar unha oferta educativa universitaria fóra de
Galicia. Obviamente, non é o mesmo unha titulación de
vinte ou trinta alumnos que poida estar repetida, replicada en
diferentes campus que unha titulación de vinte ou trinta
alumnos que só haxa nun campus. Iso creo que é algo abso-
lutamente de caixón, ¿non? Non é o mesmo unha titulación
como pode ser, pois Dirección e Xestión Pública ou Publici-
dade e Relacións Públicas, que a hai na Universidade de
Vigo, que onte tiveron ocasión de visitar, ou algunha enxeñe-
ría ou algunha filoloxía, que é a única que existe en Galicia,
e aí quizais haxa que pór en valor esa característica, esa sin-
gularidade de ser unha titulación única dentro do noso Siste-
ma universitario que outras que, obviamente, poden estar
replicadas en diferentes campus. Entendemos que é un valor
cualitativo que debermos ter en conta para calibrar e para
aplicar as medidas a desenvolver por parte das universidades
ou por parte da Administración educativa.

E, obviamente, tampouco é o mesmo unha titulación que
poida ser moi especializada, que teña un número cativo de
estudantes, pero que poida servir ou poida complementar a
especialización estratéxica dun campus. Eu sempre digo, e
seguro que a señora Burgo estará de acordo comigo, que o
Campus de Lugo é un campus intelixente, é un campus espe-
cializado, pois nun sector produtivo do país, do contorno,
que é –digamos– o sector agropecuario, pois non é o mesmo
unha carreira que ao mellor non chega aos parámetros que
existen neste Decreto 222 que se é unha carreira que contri-
búe a reforzar a oferta educativa e a complementar esa espe-
cialización do campus, que neste caso son titulacións moi
vencelladas ao sector agrario.

Por iso, neste proceso de reforma da oferta de titulacións,
¿que teremos que facer? Pois terémolo que facer e teremos
que estar todos involucrados: as universidades, a Adminis-
tración, os consellos sociais e, en xeral, o conxunto da cida-
danía, e que, si ou si, teremos que afrontar; debemos adap-
talo á realidade e debemos adaptalo ás necesidades de Gali-
cia, e debemos ter unha oferta o máis ampla posible de
titulacións. Por iso a importancia de manter as titulacións
únicas merece un tratamento diferenciado. Pero tamén
temos que valorizar e temos que pór en valor a existencia de

sete campus, que deben camiñar, e así se están enfocando todas as políticas universitarias, cara a unha crecente especialización da oferta educativa deses campus para que poidan competir en igualdade de condicións con outros.

En definitiva, señorías, –e xa remato– debemos movernos, debemos avanzar cara a ese futuro que vai ser diferente ao presente e debemos ter en conta que non podemos ter titulacións sen alumnos, pero tampouco podemos ter alumnos sen titulacións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodríguez.

Grupo emendante, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señoras e señores deputados.

Efectivamente, é a segunda vez que debatemos unha proposición non de lei que fala, segundo o señor Rodríguez, de transformar as titulacións do Sistema universitario galego. Faltoulle por dicir que esas duplicidades ás que el alude, e que obrigan a recortar, son froito das propostas do Partido Popular e do propio e actual señor conselleiro de Educación. Faltoulle por dicir iso.

O BNG entende que chove sobre mollado. Estamos ante un documento imposto pola Consellería de Educación con base no decreto ao que fixo referencia o señor Rodríguez, o 222, pensado basicamente para recortar e deteriorar o Sistema universitario galego, para someter este Sistema universitario a un documento no que o Goberno galego propuxo o recorte ou fusión de vinte e oito carreiras. Proba clara dunha nova intromisión na autonomía universitaria que eles din defender e da incapacidade da Xunta para deseñar un Mapa de titulacións atractivo e completo para o noso país en colaboración coa propia universidade.

Dese documento enviado no mes de decembro ás universidades cando traballaban na configuración dun novo Mapa de titulacións e na especialización das propias universidades

por indicación da propia Xunta, ao BNG o que lle chama a atención é que non se respecte a autonomía da universidade, que é quen ten a responsabilidade e o coñecemento sobre as fortalezas e debilidades do Sistema universitario galego, de cara a propoñer os cambios do Mapa de titulacións universitarias que Galiza precisa. É a segunda vez que falamos das titulacións. Na primeira, lembrarán que, amparándose no artigo 6 do Decreto 222, se imponía practicamente a obriga de que os graos universitarios debían contar como mínimo con 50 alumnos nos campus de Santiago, Vigo e A Coruña, 45 en Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, e os másteres debían contar con 20 alumnos de novo ingreso.

O Grupo Parlamentario do BNG naquel intre xa manifestou que o número de alumnos non debiera ser o único criterio para establecer as titulacións que o Sistema universitario galego precisa. Falabamos de que nos atopamos ante unha grave crise económica, que fai que moita xente non poida pagar os prezos do grao e moito menos os dos mestrados, que son moito máis caros. En segundo lugar, dicíamos que os mestrados aínda teñen unha matrícula moi baixa, porque están a saír as primeiras fornadas de graduados, e habería que agardar cando menos dous ou tres anos para saber cal é a demanda real. E en terceiro lugar, dicíamos que había moitas especialidades nas que non se pode manter vinte mestrados todos os anos porque é imposible.

Polo tanto, o BNG entende que non se deben suprimir neste momento mestrados ou graos que poidan deixar coxa unha oferta de Mapa completo de titulacións do Sistema universitario galego. Hoxe fálanos o señor Rodríguez dun proceso de reforma no Mapa de titulacións universitarias que, ao noso entender, segue a recortar e a reducir a oferta universitaria, o que implicará, por suposto, unha boa cousa para o beneficio da universidade privada.

Señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario do BNG sempre defendeu claramente a defensa da universidade pública, o dereito de toda a cidadanía a poder acceder a ese Sistema universitario, independentemente da carteira que cada quen teña. O BNG defende a universidade como servizo público de educación superior en beneficio da sociedade galega, non das grandes empresas económicas.

E nese termo, para garantir un Mapa de titulacións atractivo, nós presentamos unha emenda, que non é a primeira vez que

o facemos –o que pasa é que ao PP non lle convén–, que fala de, primeiro, respectar totalmente a autonomía universitaria, derrogar o artigo 6 do Decreto 222, que só fala de números; en segundo lugar, garantir máis fondos para bolsas que garantan o acceso á universidade do alumnado con menos recursos, unha colaboración clara da Xunta coa universidade para o establecemento deste Mapa de titulacións. Un deseño de mapa que non debe ser presidido pola vontade de recortar, senón de poñer a universidade ao servizo dos sectores estratéxicos do noso país.

Agardamos que acepten a emenda do BNG para non recortar e non privatizar o noso Sistema universitario. Agardamos a aceptación desta emenda para que os nosos estudantes non teñan que seguir emigrando polo mundo adiante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Eu estou de acordo con vostede, ¿como non?, señor Rodríguez, en que a reforma do Mapa de titulacións é un proceso fundamental tanto para o Sistema universitario galego como para toda a sociedade galega, e por iso precisamente é un proceso que merece unha fonda reflexión e unha análise estratéxica a medio e longo prazo. Iso é fundamental tamén. Nós non estamos, por moito que vostede o dixera en múltiples ocasións, en contra dunha reforma ou cambio no Mapa de titulacións, porque Boloña así o permite e porque, dende logo, nós non estaremos nunca en contra de que aumente a calidade das nosas universidades.

A pesar de todo, hai que recordar que os títulos que hoxe temos, os graos que están en marcha, teñen de vida tan só tres ou catro anos, é dicir, que hai moitos deles que é bastante difícil saber como pode ser o seu futuro. E hai que lembrar tamén unha cousa: que todo o proceso de Boloña implica clases de moi poucos alumnos, para que sexa realmente unha metodoloxía nova e tendente aos obxectivos que se

poden lograr, non clases, como se están dando agora, de cen e máis de cen alumnos onde é imposible facer nada do que propón o proceso de Boloña.

Por iso dicimos que non estamos en contra, o que si estamos en contra é de que este proceso se leve coa frivolidade, coa inoperancia e ineficiencia da que fixo gala en todo el o Goberno galego, e, nomeadamente, a Secretaría Xeral de Universidades.

A verdade é que a proposición non de lei que vostede trae a este pleno –e xa por segunda vez tratamos este tema– é proba clara desa ineficacia, de que sempre a Consellería de Educación está a poñer parches nada máis. Porque vostede está a dicir aquí que se utiliza realmente unha emenda á totalidade do Decreto 222/2011 que está a rexer todo este proceso. E neste decreto –como vostede di– soamente hai elementos cuantitativos, é dicir, 50 alumnos en primeiro, 45 alumnos nos campus periféricos; non hai criterios cualitativos. E vostede, seguramente vostede e alguén máis –entendo–, pero, dende logo vostede, deuse conta de que isto non podía ser así, que isto levado ao extremo resulta que fai anular Filoloxía Clásica, Filosofía, Xeografía, titulacións que teñen unha longa tradición, grandes investigadores, grandes profesionais e que iamos tirar todo pola borda. Como isto non podía ser, pois vostede trae isto a este pleno, é dicir, danse conta de que todo o que fixo a Consellería estaba simplemente como un parche e feito con moita frivolidade. Frivolidade e inoperancia da Consellería e da Secretaría Xeral de Universidades, que se ve tamén na proposta de modificación do Mapa de titulacións que así, sen previo aviso, presentou de forma unilateral ás universidades en decembro do 2013 e que foi rexeitada por todas as universidades e polo Consello de Universidades.

Esta proposta, non soamente é unha proba de frivolidade, de inoperancia e de que a Xunta non coñece ben este problema e, polo tanto, debería estar fóra deste problema, máis alá das súas competencias. Esta proposta ten un gravísimo problema, non presenta tan só unha reforma do mapa, presenta unha reforma do sistema de modelo do Sistema universitario galego. Vostedes queren que tres universidades funcionen como se foran unha soa. E, señor Rodríguez, se vostedes queren ter unha soa universidade galega, teñen que dicilo dunha vez. Esa é unha postura política lexítima, pero teñen que ter a valentía de dicilo, porque todo o que está facendo

a Consellería de Educación, con tanto falar de cooperación, con esta nova proposta de creación de graos interuniversitarios, de titulacións con poucos alumnos, pero tamén de fusións de titulacións con moitos alumnos, leva a ese cambio de modelo. Entón, o que son, son tres universidades, que poden cooperar, que poden ter recursos compartidos, e o que non poden funcionar nunca é como unha soa universidade.

Polo tanto, terminemos coa inoperancia e terminemos coa frivolidade; poñamos este proceso en mans de quen ten que levalo, que son as universidades; mandemos que a Consellería sexa leal con esas universidades, e fagamos desaparecer ese criterio numérico que levado ao extremo é absurdo. Porque vostede nunca me respondeu, señor Rodríguez, que ten de bo unha titulación de 50 alumnos en primeiro e que ten de malo unha titulación de 47. Porque, claro, levado ao extremo, isto é un absurdo. Como non queremos absurdos, como queremos que este proceso remate coa mellor calidade posible para todas as universidades, queremos que estea liderado polas universidades e queremos que a Consellería respecte dunha vez a autonomía das universidades.

Hai unha emenda que vostede coñece perfectamente e que creo que mellora notablemente o texto que vostedes presentan. Se é así, por suposto, diremos que si, pero se non hai esa aceptación de autonomía das universidades e de liderado das universidades, nós non podemos apoiar o que é simplemente lavar a cara dos erros da Consellería de Educación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

A verdade é que este asunto do Mapa de titulacións comeza a semellarse a aquel conto da boa pipa, ¿non? Unha vez tras outra témolo que debater, parece que non o dá arreglado o Goberno, non o dá arreglado o grupo que sustenta o Goberno. Sen dúbida, o asunto está estancado –iso si mo recoñe-

cerán– porque unha iniciativa moi semellante se debateu en pleno, no pleno do día 4 de abril concretamente, onde trouxeron esta iniciativa, e, como é lóxico, o Grupo Popular aprobouna por maioría. E estamos pois diante dun caso inaudito de que non é quen de sacar adiante unha iniciativa que o propio Grupo que sostén o Goberno aprobou, algo, dende logo, que pon de manifesto a ineficacia do Goberno galego. Supoño que pretenden unha vez tras outra, de xeito reiterado, conseguir a complicidade da oposición en sacar adiante algo que podería semellar lóxico: modificar o Mapa de titulacións, mellorar o Mapa de titulacións, algo ao que dificilmente alguén se podería opoñer.

Previamente a esa iniciativa que presentaron o día 4 de abril, vostedes xa presentaron un documento que causou –como aquí se dixo– bastante escándalo no sector universitario, porque implicaba a fusión de vinte e oito graos universitarios, sen estudo académico, sen estudo económico, sen escoitar a comunidade educativa, sen convocar a Mesa de Universidades, que leva sen ser convocada anos, e sendo desautorizada esa proposta polo propio Consello Galego de Universidades. Tiveron que paralizar esa proposta, gardala no caixón e despois –como dicía– no mes de abril trouxeron unha proposición de lei neste Parlamento que vostedes mesmos aprobaron.

Naquel entón o que propoñían era adaptar o Mapa de titulacións ao Decreto 222/2011, que basicamente se centra en establecer unha exixencia, un número mínimo de alumnos para poder manter un grao: 50 alumnos nos campus da Coruña, Vigo e Compostela; 45 en Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol. Novo escándalo diante desa proposta, porque podería implicar que titulacións como o caso do grao en Lingua Galega desaparecera por non ter un mínimo de alumnos, e agora traen unha nova proposta na que eliminan esa referencia ao Decreto 222/2011 –non sei se teñen pensado derrogalo– e despois establecen un novo criterio, unha excepción, que é adaptarse a criterios estratéxicos das titulacións, é dicir, o que demanden as empresas. ¡Ah!, nese caso dá igual o número de alumnos, se unha empresa nolo pide nós concedémosllo.

Dende logo, xa lles adianto que a complicidade deste grupo non a van ter por moito que traian unha e outra vez esta iniciativa ao Parlamento. Non, porque sabemos que detrás desta neolinguaxe: de optimización da oferta académica, de

racionalización das titulacións, o que se esconde realmente é un novo intento de recorte. Un novo recorte que se acompaña dun impresionante recorte orzamentario –50 millóns dende que vostedes gobernan–, un sistema de financiamento sometido a resultados que non garante a suficiencia financeira da universidade, un endurecemento das condicións de acceso ás bolsas de estudo –hai xa milleiros de estudantes que teñen que solicitar préstamos bancarios para poderen pagar a matrícula–, a conxelación das plantillas do profesorado universitario, a baixada das axudas para a investigación no sector universitario –case cincuenta grupos de investigación menos, máis de mil investigadores menos no noso Sistema universitario–.

E detrás desa fachada da optimización, ¿que é o que realmente se agocha? Esa necesidade de reducir a oferta de titulacións e esa necesidade de xustificar unha maior eficiencia do Sistema universitario, dando xa por sentado que é absolutamente ineficaz. Recortan o número de titulacións para evitar a duplicidade; é a nova palabra. Duplicidade que, por outro lado, non teñen ningún reparo en establecer cando autorizan titulacións privadas, que ofertan títulos que xa se están a ofrecer no noso Sistema universitario público. Polo tanto, nós non lle atopamos sentido a eses criterios de eficiencia, non lle atopamos ningún tipo de sentido.

Ademais, rematou o señor González cunha expresión moi curiosa: dixo que non querían titulacións sen alumnos, nin alumnos sen titulacións. Estas son desas frases slogan que tanto triunfan no caso do Partido Popular. Pódenlle dicir vostedes iso ao caso do campus de Ourense, onde vostedes lle pecharon a licenciatura de Físicas, deixárono sen esa titulación, e os tribunais tivéronlles que dicir: oian, ese peche desa titulación non se axusta a dereito. Agora a comunidade educativa pídelles que abran o grao de Enxeñería Física, e vostedes din que non, que non é posible porque non se adapta o nome da titulación –digamos– ao marco de referencia.

Polo tanto, –insisto– non busquen a nosa complicidade para os seus apaños. Se vostedes queren recortar a oferta de titulacións do Sistema universitario de Galicia, fágano por vostedes mesmos, pero terán que asumir vostedes sós a súa responsabilidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, vostedes falan de autonomía, vostedes respectan a autonomía universitaria; parto desa base, ¿non? Se vostedes respectan a autonomía universitaria respectarán un decreto que responde precisamente á autonomía universitaria.

Vostedes poden chamar os reitores seguramente igual que poden chamalos eu, pregúntenlles se están de acordo, se consensaron, se pactaron todos e cada un dos puntos deste real decreto, incluído o artigo número 6. E se aínda así seguen pedindo que se derogue, seguen vostedes falando da autonomía universitaria. Pero a autonomía universitaria consiste en respectar o que se pacta entre as universidades, e isto é algo pactado e consensado coas universidades. Por iso, –insisto– chamen vostedes os reitores, pregúntenlles se están a favor ou en contra, se consensaron ou non este decreto, e verán como están equivocados e como é xustamente o que están pedindo o que non están facendo nin respectando vostedes.

Señor Pombo, aquí non se trata... Creo que colleu mal o sentido da miña exposición, ao mellor expliqueime mal, ao mellor estou perdendo cualidades docentes, non o sei. Pero aquí non se fala de reducir nin de recortar nada, é que é xusto ao revés. Aquí fálase de que aquelas titulacións únicas dentro do Sistema universitario, e aquelas titulacións que son complementarias en campus que tenden á especialización e que teñen que ver cos sectores estratéxicos desa especialización, con independencia de que teñan ou non o número mínimo de alumnos que se fixa neste decreto, poidan terse en consideración e poidan manterse, porque son importantes máis alá do número cuantitativo que fixa o decreto. Por certo, sempre hai que fixar uns decretos cuantitativos, é inevitable, é inevitable facelo. Agora ben, pódese tamizar con aspectos cualitativos como son os que aquí pedimos.

Señora Burgo, vostede falaba de que queremos unha universidade única en Galicia. Mire, vostede igual ca min non

sabemos dentro trinta ou corenta anos se en Galicia haberá unha universidade, se haberá tres, se haberá sete, non o sabemos. O que si sabemos –e nós defendemos– é que é necesario que se potencie, que se impulse a cooperación e a coordinación e a procura de sinerxías, e que o Sistema universitario galego si que funcione como tal, que non funcionen tres illas autónomas. Poden cooperar, colaborar e buscar sinerxías en moitísimos elementos, académicos e de xestión, e nós apostamos claramente por iso. Vostede parece que lle dá reparo en que as universidades cooperen entre elas, nós realmente entendemos que iso é fundamental para o futuro, é fundamental para o futuro porque non fondo as universidades están xestionando recursos públicos.

Señor Vázquez, vostedes cuestionan o sistema polos resultados, nós entendémolo moi positivo, ¿por que? Porque é un estímulo á produción académica, é un estímulo á produción investigadora e é un estímulo á calidade, e serve para dar contas á sociedade. Son modelos diferentes, vostedes entenden que non, pódeno defender, nós entendemos que iso é fundamental.

E, por certo, falaba de financiamento, eu voulle dar un dato que vostede seguro que coñece...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...o sindicato Comisións Obreras fixo un estudo moi recentemente e fixo un informe sobre o financiamento universitario, e veu dicir que Galicia entre o ano 2010 e o ano 2013 é a Comunidade Autónoma que mellor garantiu o financiamento público das universidades. Non o di o Partido Popular, dio neste caso Comisións Obreras, que sei que vostede coñece.

E respecto ás emendas –xa remato, señor presidente–, hai cuestións nas cales estamos absolutamente de acordo no que plantexan; iso si podémolo transaccionar, pero hai cuestións que non podemos aceptar. Vostedes parten de que existe unha interferencia da consellería neste proceso, (*Murmurios.*) a consellería simplemente está executando as súas competencias, non pode non facelo, porque senón estaría facendo deixacións de funcións.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate. Posiciónese sobre as emendas, diga si ou non.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Tranquilidade, o tempo foi repartido equitativamente, (*Protestas.*) que este presidente sabe moi ben como controlar o tempo, por este lado e por este lado, por ambos lados.

Polo tanto, señor Rodríguez, conclúa sobre as emendas: si, ou non.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Remato, señor presidente,

É unha lástima que os señores da oposición non queiran escoitar.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Ás emendas.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Simplemente lles estou ofrecendo unha transacción onde se teñan en conta que non hai interferencias e que respectemos todos a autonomía universitaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodríguez.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D^a María do Carmen Adán Villamarín e tres deputadas máis, sobre as medidas e actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de loita contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G.P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Rosa Oubiña Solla, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar o orzamento destinado para 2015 ás axudas económicas para as mulleres vítimas da violencia de xénero e que siga a ser unha partida ampliable dentro dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma en 2015.

2. Instar o Ministerio de Xustiza para que adopte as medidas oportunas que permitan o marco lexislativo axeitado para a creación de xulgados exclusivos de violencia sobre a muller nas cidades de Galicia con extensión da súa xurisdición aos partidos xudiciais próximos segundo o aconselle o volume de asuntos de violencia de xénero ingresados.

2.1. Promover a creación de Oficinas de Asistencia ás Vítimas con persoal e medios materiais suficientes nos termos que determine o Proxecto de Lei Orgánica de Estatuto da Vítima do Delito segundo o permitan as disponibilidades orzamentarias.

2.2. Acondicionar os xulgados para evitar que a vítima comparta sala de espera co seu agresor e se adopten as medidas precisas para evitar o devandito contacto nos termos que determine o Proxecto de lei orgánica de Estatuto da vítima, cando sexa posible segundo a capacidade actual das infraestruturas.

3. Seguir tendo en conta aos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero á hora de determinar os importes das axudas económicas á mulleres vítimas da violencia machista e seguir sendo beneficiarios/as directos do programa de atención psicolóxica así como doutros programas de apoio específicos.

4. Convocar anualmente, tal e como se está a facer, ordes de axudas e subvencións destinadas ás asociacións de mulleres para promoción de accións de prevención da violencia de xénero así como de atención.

5. Continuar a desenvolver medidas preventivas e actividades formativas, informativas e de abordaxe da violencia de Xénero para a súa atención integral, desde os dispositivos do Servizo Galego de Saúde y dirixidas aos seus profesionais.

6. Seguir mantendo a condición de colectivo prioritario para as mulleres en todas as ordes de emprego, así como, a seguir potenciando a igualdade no ámbito laboral.

7. Constituír a Comisión Asesora de publicidade non sexista, dependente do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que aparece recollida no Decreto 157/2012 do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

8. Esixir a rectificación con carácter inmediato e, de non producirse, proceder ao cesamento de calquera cargo público que faga declaracións con contidos sexistas, xenófobos ou homófobos.

9. Elaborar unha nova guía sobre o tratamento axeitado da violencia de xénero nos medios de comunicación e a publicidade non sexista, dirixida aos profesionais da comunicación, e que supoña unha mellora e posta ao día do actual manual de estilo e recomendacións na materia”.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Hoxe, unha muller foi asasinada, presentada denuncia vinte veces; agardaba polas administracións, agardaba que o medo non fora a meta da súa vida. Para a súa memoria e a de todas aquelas que non se resignaron a vivir no medo e no silencio, quero ler un texto, un mito fundacional da cultura occidental: “Tereo, rei de Tracia, sendo el un semibárbaro, casou con Procne, filla do rei de Atenas. Respondendo á petición da súa esposa —a cal tiña morriña da súa irmá Filomena— foi a Atenas para recollela. No camiño de volta violou a Filomena e cortoulle a lingua para impedir que o denunciara. A pesar do mesmo, Filomena compuxo o relato da súa historia en forma de tapiz historiado. Procne comprendeu o drama e coa axuda da súa desafortunada irmá matou a Itis, fillo nado da relación con Tereo. Este converteuse en gabián, que perseguiu e persegue o reiseñor Procne e a andoriña Filomena.” Violencia e silencio é o espazo confinado para as mulleres, pero é que as mulleres foron quen de modificar.

Fronte ao medo e o silencio, consideramos coa filósofa Ana de Miguel que é necesario chegar a redefinir a violencia con-

tra as mulleres como un elemento estrutural do poder patriarcal e un grave problema político e social, e que a visión tradicional, patriarcal deste tipo de violencia oscilou e oscila entre a súa consideración como o normal, predicible no sentido do natural, e a súa consideración como algo patolóxico. Violencia contra as mulleres foi considerado o habitual, o natural, o normalizado, o invisible. Mais, señoras e señores deputados, segue a considerarse así, segue considerándose o natural, o habitual, incluso o invisible.

Rachar co código do silencio, da ocultación, do confinamento no privado, enfrontarse á vergoña, ao medo, á morte, ao terror, á culpa, denunciar en definitiva as violencias específicas das mulleres, é un dos logros fundamentais do feminismo na segunda metade do século XX. Nos anos setenta e oitenta, conseguindo que se fixera visible, que se falara, que saíra do ámbito do privado. Nos anos noventa, conseguindo o recoñecemento no ordenamento internacional das figuras das violencias contra as mulleres, baixo o concepto de violencia de xénero. No Estado español, no ano 2004, coa aprobación dunha lei que recoñece a violencia contra as mulleres no ordenamento xurídico; no 2007, coa aprobación da lei galega, que indo un paso máis alá recoñece medidas, recursos, sen a necesidade da presentación da denuncia para poder acceder a eses recursos. Mais o certo é que isto non chega. Hoxe mesmo podemos preguntarnos: a violencia contra as mulleres, ¿é unha inxustiza social? Non é un problema particular, non é un problema moral, é un problema de xustiza social. Por iso hoxe debemos preguntarnos se a violencia contra as mulleres é ou non é sistemática, se a práctica social das violencias contra as mulleres está ou non está normalizada. Eu creo que si. Hoxe vimos defender aquí que está normalizada, que é sistemática e que é unha práctica social, e que, polo tanto, é unha inxustiza social que debemos modificar a través das institucións e as prácticas sociais cotiás. Porque o certo é que fan especialmente vulnerables as mulleres e, polo tanto, no risco de convertérense en vítimas.

E ¿se todos e todas –pregunto– estamos de acordo en asumir que non é algo dentro do fogar, que non é algo que reduzamos á privacidade, que non é algo que reduzamos ao ámbito da moral, senón que é necesariamente algo do ámbito da xustiza social e da política, estaremos de acordo na necesidade de cambios, de avaliar as leis e de modificar cousas?

Hoxe presentamos dez puntos, que non son dez puntos elaborados polo BNG, que son dez puntos entregados xa no seu momento ao propio vicepresidente da Xunta a través desta deputada, mais tamén a través de rexistro neste Parlamento, dez puntos concretos elaborados por un grupo de mulleres que nos fixeron chegar o día que xustamente o vicepresidente Rueda comparecía nesta Cámara en setembro para falar da violencia de xénero, mais que non deu un paso adiante para novas medidas, para novos compromisos coa violencia de xénero. Estes dez puntos teñen unha parte claramente de prevención, un plan xeral de coeducación. ¿Por que é acaso a escola mixta coeducativa –logo debateremos unha iniciativa a este respecto–? Non, non o é. Non estamos educando en igualdade os nenos, as nenas, os mozos e as mozas. De feito, temos informes como a mocidade utiliza os diferentes elementos electrónicos –o móbil, as tablets...– para controlar as mozas, é dicir, reproducen os estereotipos do control e da violencia a través das novas tecnoloxías. Polo tanto, preocupados e preocupadas deberíamos estar por este tema.

Tamén pedimos que se cumpra a normativa sexista. Estamos fartas de escoitar que se vai crear unha comisión asesora do Comité Asesor para o Observatorio... Non, hai unha normativa sobre a publicidade sexista que non se cumpre, e que incluso na publicidade institucional non se cumpre, que xere ademais exemplaridade dende as forzas políticas, porque as mulleres estamos absolutamente fartas, efectivamente, de que se nos titorice ou que se nos trate como menores de idade constantemente. Non, estamos fartas. Polo tanto, non hai nesa iniciativa ningún tipo de compracencia, calquera que sexa a forza política debe rexeitar comportamentos e expresións machistas.

E tamén un protocolo de actuación a respecto do tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación. Teño aquí unha noticia de hoxe, de ser hoxe realmente..., e ante esta noticia na cal imos outra vez ver como os estereotipos sexistas se reproducen e se reproducen nos medios de comunicación, como volvemos falar das parellas, de como volvemos falar dos veciños e as veciñas como fonte. Non, existen xa compromisos deontolóxicos para que os xornalistas e as xornalistas fagan un tratamento das noticias de violencia de xénero máis acaído á necesidade informativa, e non buscar o trasfondo da noticia, –imos dicilo en palabras coloquiais– o morbo. Polo tanto, nós tamén pedimos ese protocolo de actuación.

Asemade, xulgados de violencia específicos diante de 5.174 denuncias o ano pasado en Galicia, 5.174 denuncias. E isto é a punta do icerberg –como todas e todos sabemos– daquelas mulleres que deron o paso a denunciar. Seguimos todavía escoitando como o Partido Popular non é capaz de reclamar os xulgados de violencia de xénero, a formación do persoal e que os xulgados mixtos realmente dean contestación rápida e efectiva ás mulleres que están nesa situación.

Prestación económica. Volvemos co tema da prestación económica. Foi minorada no tempo de crise económica, exixindo uns niveis de renda menores que antes do 2010. É moi fácil o que aquí se recolle: que eses niveis de renda se equiparen ao 2010, que se estude a ampliación a dezaioito meses ou prorrogable a vinte e catro meses e, sobre todo, que as mulleres poidan acceder a esta prestación durante todo o ano. A min que non me digan que é un crédito ampliable; coñecemos o que significa un crédito ampliable. Ese non é o problema. O problema é cando a orde de subvencións non está aberta e non se pode pedir esa axuda.

Apoio aos menores e ás menores que sofren a violencia de xénero. É que neste momento temos datos alarmantes a respecto da súa incorporación aos programas de tratamento psicolóxico, moi por debaixo do índice dos menores que están a sufrila. A formación de todo o persoal, o apoio ao asociacionismo e, por último, un plan de emprego feminino. Porque se a Lei do traballo en igualdade das mulleres obriga a un plan de emprego feminino e se ademais o señor Feijóo, bueno, prometía antes este plan, polo menos prometeuno no ano 2009, agora é un tema absolutamente esquecido, hai unha fenda salarial entre homes e mulleres aumentando, unha precarización laboral das mulleres aumentando, unha vulnerabilidade maior do traballo feminino. E o que temos por resposta nos orzamentos do Goberno galego é un 0,15 % do orzamento, é o que se dedica a igualdade. Isto é algo absolutamente ridículo, é algo ridículo. Hai aquí dez medidas asumibles e que se poden poñer en práctica.

Chega o 25 de novembro, e é verdade que, en xeral nos cargos institucionais, deputados e deputadas tenden a poñerse un lazo morado...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...Pero é que os lazos morados non se poñen o 25, pónense todos os días do ano. Hoxe é ese día, ou sexa, teñen que votar esta iniciativa, porque aínda que o mérito é das mulleres, que sempre souberon rachar co silencio para rachar coa violencia de xénero, como o fixo Filomena, o caso é que nós temos unha responsabilidade no futuro e vostedes, como grupo que apoia o Goberno, unha responsabilidade moito maior para que non teñamos que lamentar máis mortes por violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Popular, grupo autor da emenda, señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLÁ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Lamentar tamén novamente que se teña producido unha nova vítima de violencia machista.

Compartimos, señorías, a necesidade de visualizar a violencia sobre a muller, a violencia que estivo silenciada no tempo, como froito dunhas relacións baseadas na desigualdade, e que, como ben vostedes saben e todos sabemos, é difícil de acadar unha solución porque, sinxelamente, maníftase no ámbito privado das persoas.

Presentamos a este texto, señorías, unha emenda de substitución, unha emenda que cremos que é realista, que mellora e que amplía o texto que vostede, señora Adán, hoxe trae aquí. Porque creo que debemos abordar este tema dende o rigor, cunha mensaxe clara ás vítimas, na que se lles ten que dicir que as administracións poñen á súa disposición todos os mecanismos de axuda para saír desta terrible situación.

No primeiro pleno de setembro sabe vostede que comparecía nesta tribuna o vicepresidente da Xunta de Galicia para dar conta das medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia na loita contra esta lacra. Estamos de acordo en que dez anos despois de que se aprobara a lei estatal, e logo de sete anos de que se aprobara a lei galega, debemos analizar

o grao de cumprimento. Neste sentido, estes dous marcos normativos xa están sendo avaliados na Comisión non Permanente de Igualdade.

E é positivo, polo tanto, tratar de acadar novas vías de traballo que aporten solucións, señora Adán, pero cremos que non é de recibo utilizar a violencia, a lacra social da violencia machista, para facer un ataque sempre ao Goberno. Porque esta cremos que é a loita de todos e que os culpables son os maltratadores e non os que loitan contra eles. E non o digo porque vostede fixera referencia aquí, senón que eu lle vou contestar á iniciativa que vostede presentou.

Creo que os gobernos do Partido Popular xa teñen demostrado o seu compromiso cando hai máis dunha década puxo ao servizo das mulleres a Rede de centros de información á muller, que hoxe conta con oitenta centros espallados por toda Galicia. E foi un Goberno novamente do Partido Popular o que foi capaz de incorporar unha nova infraestrutura de atención e coordinación, como é o Centro de Recuperación Integral. Polo tanto, o que é medible pode ser opinable, pero, dende logo, non é cuestionable.

E son moitos os puntos desta iniciativa, non me vai dar tempo a intervir en todos. Quero dicir que cando vostede fala de incluír, por exemplo, os menores, persoas ao seu cargo, como vítimas de violencia machista e garantir as prestacións económicas, a lei galega xa así o contempla; xa inclúe tanto os menores como as persoas dependentes da vítima como vítimas de violencia de xénero, que garante o acceso aos servizos de asistencia e recuperación integral.

Galicia, sabe vostede, señoría, que é pioneira na articulación de medidas económicas para as vítimas de violencia. E sinto que non lle guste que lle repitan a mesma cantinela, pero ata hai uns meses eramos a única. E a partir do ano 2011 xa se incorporan ademais outras circunstancias persoais, como é a discapacidade dos seus fillos e fillas, o que supón, sen lugar a dúbidas, un incremento nese tipo de prestacións. É máis: dende o 2006 ao 2013 sabe que se dispuxo dun orzamento de máis de 19 millóns de euros.

Na súa iniciativa fala de fixar un tempo máximo de resolución desas axudas, e diso tamén quería falar, porque vostede non o falou nesta intervención pero si que o ten nela. ¿Sabe canto era o tempo medio que tardaba vostede cando era vos-

tede responsable das políticas de igualdade en resolver estas axudas? No 2006 foron cinco meses e medio, no 2007 foron sete meses, no 2008 oito meses. ¿Sabe cal é o tempo medio no que tarda o Goberno do Partido Popular en resolver estas axudas no día de hoxe? Un mes e vinte días. Entón, gustaríanos saber cal é o seu modelo, se o do Goberno do Partido Popular, dun mes e vinte días, ou o modelo que tiña o Bloque Nacionalista Galego, que era de oito meses de espera.

Estou xa a rematar o tempo que teño para esta exposición pero tamén fala vostede do emprego feminino. E nestes últimos segundos, dicirlle que para a Xunta de Galicia as mulleres son colectivo preferente e prioritario en todas as ordes de emprego da Xunta de Galicia. Ademais doutras destinadas a potenciar a igualdade no ámbito rural, e así o recolleemos no punto 6 da nosa emenda. Polo tanto, nese sentido creo que forman parte de todos os plans de emprego da Xunta de Galicia, ademais como colectivo preferente e prioritario.

En relación cos xulgados –dos que vostede falou tamén aquí–, os xulgados de violencia de xénero, esta sabe vostede que é...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora OUBIÑA SOLLA: ...–remato, señor presidente– unha competencia do Estado. Aínda así nós presentamos na emenda o punto número 2, onde instamos a creación de novos xulgados exclusivos en materia de violencia de xénero contra a muller, e aínda imos máis alá coa creación das oficinas de asistencia ás vítimas.

Como o tempo xa se me remata, vostedes teñen o texto que nós presentamos con nove puntos, onde a loita da violencia de xénero sobre as mulleres creo que é incuestionable para o Partido Popular e para o Goberno de Galicia. Esperamos que acepte vostede a emenda que presentamos de substitución, que recolle, sen lugar a dúbidas, a vontade de consenso deste partido en relación coa violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Oubiña.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas.

O feminismo como tal nace a finais do século XVII cando as mulleres tomamos conciencia de grupo oprimido e excluído polo sistema heteropatriarcal. Confórmase así como un proxecto político-social que se traduce na teoría dunha sociedade igualitaria, corresponsable e xusta. A loita feminista –das máis antigas e continuístas da humanidade– foi quen de non derramar unha soa pinga de sangue no camiño para acadar os seus obxectivos, e, polo tanto, é/somos un movemento pacífico e pacifista.

Porén, a sociedade machista que construímos si se materializa en violencia contra as mulleres. Aquí facémola visible no día de hoxe porque a consideramos insoportable, inxustificable e punible, a todos os niveis. E temos unha lexislación que, aínda sendo mellorable, serve nalgúns casos para protexer estes dereitos. Non ocorre o mesmo en países chamados democráticos, como a India, pero pertencentes ao grupo que demos en chamar en Occidente do Terceiro Mundo. Así, existen países a dúas horas de avión nos que as mulleres carecen dos dereitos fundamentais máis básicos e seguen a ser propiedade ou mercadoría do patrimonio familiar. Non debemos esquecer como mulleres a loita global que nos protexa a todas, descartando a variable aleatoria do azar do nacemento nun país, tribo, rexión, familia ou relixión que ampare a discriminación, case sempre argüíndo motivos tradicionais, que non son máis que motivos económicos.

Di Marcuse que o movemento feminista actúa en dous niveis: un, o de lograr a igualdade completa no económico, no social e no cultural; outro, máis aló da igualdade, que ten como contido a construción dunha sociedade na que quede superada a dicotomía home-muller; unha sociedade cun principio da realidade nova e distinta. Isto díno no seu libro *Marxismo e feminismo*.

Entende esta deputada que a batería de propostas que inclúe esta iniciativa do BNG se sitúa en ambos os dous niveis e que dende o privilexio que nos confire ter nacido nun país no que as mulleres temos dereito á igualdade, á voz, ao voto, á

acción lexislativa, debemos facer uso constante deses dereitos para protexérmonos e defendérmonos, entendendo que esta loita tamén é a loita na procura dunha sociedade máis xusta, sen esquecer a loita universal que supere o ámbito nacional nunha globalización igualitaria, esta si positiva e non destrutiva.

Polo tanto, esta deputada apoia esta iniciativa e desexa con toda a súa forza que a apoiem o resto dos grupos parlamentarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vaia por diante que imos apoiar esta proposición non de lei.

Vimos denunciando tamén dende a nosa entrada no Parlamento a falla de medidas reais, a ausencia dun plan orzado correctamente e, en xeral, todas e cada unha das medidas sociais e económicas que están a tomar este Goberno e o Goberno central, que o único que están é a afondar máis na desigualdade entre homes e mulleres.

Hai moitos puntos na iniciativa, tratarei de tocar algúns dos máis importantes. Educación. A iniciativa propón avanzar na coeducación, ou máis ben iniciar o camiño, porque o que leva facendo o Partido Popular é retroceder ao mínimo que había de avances educativos, cunha LOMCE que permite o financiamento da segregación, da educación diferenciada, antítese da igualdade e da coeducación, cunha lei que elimina a posibilidade de contidos educativos de coeducación e cun recorte de 389 millóns de euros en Galicia en educación dende o ano 2009; a ausencia total de políticas de educación sexual regrada, e iso si, obviamente, ano 2013: 175.000 euros de financiamento para colectivos antiabortistas.

Todo isto cando incluso dende o Parlamento Europeo, fundamentalmente conservador, emitiron unha resolución neste ano 2014 da Comisión de loita contra a violencia exercida

sobre as mulleres, que solicita aos estados membros concibir, aplicar e avaliar plans globais incluíndo educación pública con formación do profesorado e dos outros profesionais. Nada do que se está a facer aquí. O 19 de maio de 2014, en comparecencia, dixo o señor Rueda: hai que aumentar as accións no eido educativo. Supoñemos, polo tanto, que non terán problema en aprobar esta iniciativa.

Prestacións. Garantir as prestacións para as mulleres vítimas de violencia machista durante todo o ano, que posibiliten a independencia real. Evidentemente, necesario; imposible independizarse dun maltratador sen axudas económicas, sen emprego, sen nada, sobre de todo se hai fillos, se hai fillas ou dependentes polo medio.

Xunta de Galicia, pois ¿que pasa? Diminución do salario da liberdade, diminución do Plan Aluga, diminución das beneficiarias das axudas periódicas; vén no informe. E sobre a risga, por exemplo, que sofre meses de retraso a pesar das iniciativas aprobadas neste Parlamento, aquí non sabemos absolutamente nada, porque na Comisión de Igualdade é evidente que segundo a lei a concesión ás vítimas é prioritaria, e, polo tanto, debería estar a facerse antes, pero na Comisión de Igualdade, curiosamente, preguntamos polo prazo que se estaba a demorar, e non se nos dixo nada, non se nos contestou, nin se nos deu os datos que pedimos. Como habitualmente, esa comisión, a verdade, é que polo de agora, salvo algunha comparecencia, está tendo nula utilidade.

Emprego. Pois menos mal que é prioritario, señora Oubiña, porque esta resolución –a que antes mencionei do Parlamento Europeo– precisamente indica algo que semella obvio, pero que o Goberno despreza. No seu apartado E indica que a extrema pobreza incrementa o risco de violencia e a explotación impide a plena participación das mulleres en todos os ámbitos da vida. O apartado F da resolución europea dinos que reformando a independencia, a participación económica e social, se reduce a vulnerabilidade ante a violencia de xénero. ¿E que temos? Reforma laboral con despedimento, descolgues de convenios, paro, precariedade laboral, feminización da pobreza, medias xornadas como única alternativa laboral, destrución do emprego público, onde somos tamén maioría as mulleres.

Menores, importantísimo.

Sanidade, esencial. Cada vez menos persoal, menos tempo para a atención e, polo tanto, máis dificultade na detección de casos de violencia de xénero.

Xustiza. Dez anos da lei, ¿que avaliación fan vostedes da aplicación? Solicita a proposta unha dotación de xulgados especializados e melloras nos protocolos de actuación e nos medios humanos e materiais. A memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...do ano 2013 destaca, precisamente, que no ano 2013, igual que no 2012, dada a precaria situación orzamentaria, non se creou ningún órgano novo xurisdiccional, que non se cobren prazas vacantes nos xulgados e, sobre de todo, licenzas por enfermidade do persoal auxiliar. Con estes mimbres, señorías... Na Comisión de Igualdade o director xeral de Xustiza reflectiu, ademais, a amortización de prazas en xulgados civís e de paz denunciando a redución do cadro de persoal. Mención á parte merece a grave situación do Imelga, con fallo de persoal, a situación das gardas, do rexistro de casos e das listas de espera.

Non me queda moito tempo. Asociacionismo, moi importante. Comunicación, moi importante. Non sabemos por que se seguen financiamento hoxe en día medios de comunicación que promoven a trata cos seus anuncios de prostitución. Incúmprense os artigos 13 e 14 da Lei 7/2004, galega de igualdade. Linguaxe non sexista, non se cumpre, etc., etc.

Resumindo: o Goberno obvia que a violencia e a desigualdade son inherentes tamén ás políticas que están a predicar, e, polo tanto, as mulleres seguimos dobremente explotadas, como sempre, polo neoliberalismo e tamén polo patriarcado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Bueno, é obvio que as vítimas da violencia de xénero están incrementando e, ademais, que as mulleres son asasinadas incluso despois de ter denunciado. Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista somos moi críticos co Goberno Feijóo, e non se trata de utilizar as vítimas contra ninguén, contra ningún Goberno, pero si de sinalar que todo isto se está producindo nun contexto de retroceso e de recortes en igualdade, baixo un indolente pasotismo do vicepresidente, que é o responsable desta área. E mentres dende o Grupo Parlamentario Popular emendan unha iniciativa como esta, presentada por un colectivo de mulleres, pedindo seguir na mesma, aínda que o adornan dicindo que se trata de mellorar e ampliar a proposta.

Pero como un exemplo vale máis que mil palabras, eu hoxe quero contar un caso real. Un caso do que ademais fun testiga directa, non sei se testigo ou testiga, pero vivino moi de cerca. Como dicimos en medicina a propósito dun caso: imos comprobar como fallan os protocolos de violencia de xénero, especialmente se se trata dunha fin de semana e dun caso no rural. E así entenderemos, seguro, señorías, por que as mulleres seguen morrendo, as seguen matando despois de denunciar.

Un venres pola mañá, unha muller, que foi no seu día vítima de violencia, recibe no seu teléfono unha mensaxe cifrada doutra muller que coñecera nun cursiño. Dada a súa experiencia persoal, comprende que se trata dunha chamada de auxilio, polo que inmediatamente pide axuda a unha asociación de vítimas de violencia de xénero da que forma parte. Dende alí inician unha investigación e descubren, non sen grandes dificultades, que esa muller, efectivamente, está pedindo axuda, porque a súa parella sentimental a ten secuestrada dende hai varios días nunha afastada casa do rural santiagués. Con esa sospeita avisan o teléfono da muller, e nin caso. Entón, avisan a Emerxencias, o 112, que si é moito máis receptivo e ponse en contacto coa Garda Civil. Á Garda Civil custoulle máis entrar, pero a forza de insistir decide investigar o que está a ocorrer nese domicilio, que visita sobre as nove da noite, é dicir, dez horas despois de terse efectuado o aviso. Alí, efectivamente, atopan unha muller retida e ferida, tanto que debido ás lesións que presentaba a meten nunha ambulancia do 061 e a mandan a un centro hospitalario de aquí de Santiago; por certo, a ela soa. En canto ao maltratador, lévano detido despois de comprobar tamén que nese domicilio había unha pistola, que, por certo, non confiscaron. A muller maltratada foi atendida,

efectivamente, nas urxencias hospitalarias e dada de alta sobre as tres e media da mañá, así como estaba, como fora introducida na ambulancia, sen cartos, sen nada e soa. Entón, volve chamar á muller que a axudou nun primeiro momento. Esa muller e esa asociación da que forma parte conseguen recoller a vítima no Servizo de Urxencias e lévan-na a un domicilio que tiña ela, un piso na Coruña. Alí déixana descansando sen pensar que esa decisión podería enxendrar ningún perigo, pois tiñan claro, ou parecían ter claro, que o maltratador estaría detido.

A muller, dende o primeiro momento, explicou claramente que en canto lle dixo ao seu compañeiro sentimental que marchaba, porque estaba farta de maltratos, el colleu e encerrouna na casa, pegáballe de vez en cando e dicíalle: é para que non me delates e se me delatas voute matar e voute tirar ao pozo que temos aquí diante, na mesma casa. O que ninguén esperaba, señorías, é que o agresor fora levado ao xulgado de garda e inmediatamente posto en liberdade cunha palmadiña no ombro dicíndolle: Pórtate ben e volve o luns pola mañá.

Menos mal que a asociación de vítimas, moi avezada nestas lides, foi quen de enterarse desa posta en liberdade e foi correndo e retirou a vítima do seu domicilio, do piso onde vivía antes de ir vivir co maltratador a esa casa do rural. Por certo, piso e domicilio que o maltratador coñecía moi ben. Foi esa asociación a que amparou a vítima, a que amparou esa muller e a protexeu.

Eu, a verdade, é que esa mesma asociación me avisou a min, e eu tratei de denunciar o que estaba ocorrendo, de trasladar a denuncia que eu recibira. Teño que dicir que con moi pouco éxito. Chamei ao teléfono da muller, nin caso; chamei ao xulgado, nin caso; non localiceí a ninguén. Ao final, utiliceí o 112 para avisar o delegado do Goberno, para que comprobara se, efectivamente, era verdade esa denuncia que a min me chegaba, se esa muller estaba nesas circunstancias...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Se me permite, pídlle permiso para acabar o relato porque penso que é moi interesante que todos o saibamos.

O 112 púxome inmediatamente, despois de identificarme como deputada, en contacto co delegado do Goberno, máis

ben co gabinete, co persoal de gabinete do delegado, e ao dicirlle que se trataba dunha urxencia dixéronme que inmediatamente me ían poñer en contacto, pero, ¡casualidade!, non tiña cobertura nese momento. Tranquilizáronme, non se preocupe, é cuestión de segundos, en canto recupere a cobertura o delegado do Goberno chámame. Isto vai alá un mes. O señor Juárez segue fóra de cobertura, eu non sei se xa naceu así.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, remate. Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Si, si, non tivo oportunidade...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señora Acuña. Remate.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...de coñecer a situación —remato— en que se encontrou esa muller.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señorías, esta é a realidade, e podemos facer dúas cousas: apoiar a iniciativa que plantea o Partido Popular, para seguir exactamente igual, ou votar a favor do que propón esa asociación de mulleres en loita.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Vostedes decidirán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, grazas, presidente.

Señora Oubiña, sinto tela decepcionado e non ter criticado suficientemente o Goberno, pero quería escoitar se vostedes eran capaces de votar algunha iniciativa que supuxera dar un paso adiante na loita contra a violencia de xénero. Xa me

quedou claro que non. Polo tanto, eu simplemente quero recordarlle dúas cousas:

Mire, non é unha cuestión privada. Por favor, deixe de dicir que é unha cuestión privada, porque levamos anos intentando concienciar de que non é unha cuestión privada, que é unha cuestión política e estrutural, que rematará cando se acade a igualdade. Polo tanto, se non se traballa en igualdade non se acabará co machismo, que, efectivamente, mata.

Segundo, señora Oubiña. Cando menos pouco elegante neste debate o que vostede dixo a respecto do salario da liberdade. Hoxe sabemos, porque soamente hai que falar coas traballadoras dos centros de información ás mulleres, que hai ata cinco-seis meses de retrasos no salario da liberdade. Que vostede veña aquí e diga aquí “un mes e vinte días”, de verdade, señora Oubiña, é que dan ganas non de enfadarse, dan ganas de incluso de ter unha actitude violenta. ¿Que quere que lle diga? Porque non é certo. Porque calquera traballadora sabe que non é certo. Entón, ¿por que non asumen —eu non lle fixen unha crítica antes—: imos mellorar os prazos, imos pensar unha medida? Efectivamente, esa medida foi pioneira, pero que sexa pioneira non significa que non se poida mellorar, haberá que melloralas todos os días, porque hai meses nos cales non se pode acceder, porque mentres se amplía o crédito non se pode acceder, e vostede sábeo, e as mulleres que están nesta situación non poden pedilo. Iso, por unha banda.

E despois a respecto, por exemplo, dun caso práctico que se nos acaba de poñer aquí, pero que ocorre todos os días, e que vostedes, que ademais acabaron coas redes de mediadoras e que non fixeron unha rede de mediadoras alternativas e podíamos falar dos programas de voluntariado, coñecen e saben perfectamente, porque durante anos foron as mulleres do asociacionismo e das redes de mulleres as que as acompañaron cando... Si, despois dunha paliza estás fóra, e non hai ninguén que te acompañe, e non tes cartos e non tes as chaves da túa casa, e xa non che digo se tes nenos e nenas o momento de terror, desesperación que estás vivindo. E estas son as situacións cotiás que viven miles de mulleres. Daba igual que fora unha, pero son miles, porque non é unha cuestión privada, é estrutural.

Entón, eu o que non entendo é que se vostede di que a súa proposta amplía e mellora a que aquí se presenta, ¿por que

non votan a que aquí se presenta? Nós imos manter esta iniciativa. Traeremos aquí todo o debate que faga falta sobre o tema de violencia de xénero. Mais eu si que pido para próximos debates que non veña aquí presupoñendo que nós con iso queremos criticar o Goberno, queremos que se melloren... Sabemos que é difícil, pero queremos que se melloren. E necesítase vontade e recursos; primeiro, vontade e, despois, recursos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Arias Veira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego á Administración tributaria estatal relativa á consideración do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto dos pactos sucesorios de mellora e apartación no IRPF

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Tereixa Paz Franco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a que demande da administración tributaria estatal que teña en conta os pronunciamentos do TSXG en relación coa natureza xurídica de transmisión causa mortis dos pactos sucesorios de mellora e apartación realizados ao abeiro da lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galiza, aos efectos da súa atribución no imposto da renda das persoas físicas.”

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

“2.- Demandar da administración tributaria que aos efectos da liquidación do imposto de sucesións e doazóns dos galegos emigrados e con residencia nun país estranxeiro se considere como lugar de residencia o do seu último domicilio no padrón ou aquel no que figura inscrito do censo de residentes ausentes, para evitar unha discriminación no tipo de tributación ao que se lles somete.”

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

“2.- O Parlamento insta da Xunta de Galicia a que, á vista da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea do pasado 3 de setembro, se dirixa ao goberno do Estado aos efectos de introdución das medidas legislativas oportunas dirixidas a evitar a discriminación na tributación dos emigrantes e residentes ausentes, dentro das cales debe incluírse unha nova redacción dos arts. 32 e 48 da Lei 22/2009, de 18 de decembro, do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas, coa debida salvagarda da competencia autonómica na materia.”

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, todos somos conscientes de que se percorremos os avatares históricos de institucións sociais como son a lingua ou o dereito podemos comprender o difícil que lle resultou a un país como Galicia acadar o seu recoñecemento como realidade política autónoma no conxunto dos pobos que forman parte doutra realidade que é España. Todos sabemos tamén que en Galicia non arraigou o sistema de dereito civil na Idade Media, un sistema propio de dereito. Non é Galicia

unha comunidade foral como foron Aragón, Navarra ou Cataluña, entre outras cousas, polo proceso de esvaecemento do poder político coa caída do Reino Suevo, que levou a que en Galicia as relacións entre as distintas clases sociais se basearan sobre todo en vencellos de carácter señorial, especialmente os eclesiásticos, e que a propiedade en sentido moderno, e, polo tanto, o sistema xurídico que acompaña o uso da propiedade, non experimentara avances ata as desamortizacións do século XIX, como entre outros ten demostrado Otero Varela.

En Galicia, polo tanto, os campesiños pobres van exercendo a súa liberdade cando se vai descompoñendo o vello réxime, na medida en que poden acceder a pequenas propiedades desgaxadas dos vellos señoríos, e formando un pequeno patrimonio vencellado á casa, que pasa a ser o eixe fundamental do desenvolvemento do dereito civil de Galicia. Pero moitas veces en fricción co centralizado Código civil, que non comprende a realidade rural galega baseada nesas pequenas propiedades, e que fai que o dereito civil se desenvolva fundamentalmente por vía consuetudinaria e moitas veces coa cooperación de axentes como os notarios, que van rexistrando institucións que dan lugar a figuras como o petruciado, o testamento mancomunado ou os pactos sucesorios.

E así pasa en todos os esforzos que seguiron despois. O Código civil previa os apéndices e o Código civil a finais xa do século XIX incorporaba ideas historicistas de conservación do dereito que emanaba do pobo, pero fracasaron. Despois o seguinte paso é no Congreso do Dereito Civil do ano 46 do século pasado, no que comeza o novo sistema, que é en vez dos apéndices as compilacións, que dá lugar á compilación escasa, incompleta e dissociada coa realidade galega do dereito civil de Galicia do 1963. E, por fin, atopa o dereito civil expresión do pobo e dos pactos entre particulares que se elevan a escritura pública polos notarios na Constitución, cando no artigo 149.1, número 8, establece que a competencia do Estado é exclusiva na lexislación civil, salvo a parte da conservación, modificación e desenvolvemento —subliño “desenvolvemento”— polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, onde existan, que é incorporada inmediatamente ao Estatuto de autonomía, que no artigo 27 atribúe esta competencia con carácter exclusivo á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso, no ano 1987, este Parlamento adopta, integra a compilación aprobada do ano 1963, incorpóraa ao noso ordenamento xurídico, co cal se dá un paso fundamental, que é converter o dereito galego en dereito común de Galicia, de aplicación preferente ao que establece o Código civil para o conxunto de España, que ten o seu desenvolvemento na segunda Lei de dereito civil de Galicia, do ano 1995, que é importante porque adopta o criterio autonomista fronte ao criterio máis foralista ou máis restritivo de cosificar as institucións xurídicas de Galicia, co cal se fai unha actualización que estende a cento setenta artigos a vella compilación incorporada á lexislación autonómica no 1987, e que ademais crea a Comisión superior para o estudo e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, que é a que fai a continua avaliación e desenvolvemento do noso dereito civil. Ata o punto de que no ano 2006 se aprobou nesta Cámara, por unanimidade de todos os que formaban parte dela, a nova Lei de dereito civil de Galicia, que estende a trescentos oito o que son as normas propias xurídicas civís de Galicia.

Durante todo estes anos sempre houbo unha constante, que foi o recoñecemento da liberdade de quen testa, de quen establece a súa sucesión, e fáino a través de melloras como a de labrar ou posuír ou a do apartamento, que son auténticas xoias constantes na nosa lexislación e na nosa práctica xurídica desde tempos medievais, que xa están recollidos na Compilación de 1965 e que son, entre outras, a expresión desa vontade creativa do noso pobo. Concretamente, a mellora de labrar e posuír consiste en que a través dela o titular dun lugar acasado ou dunha explotación agrícola, comercial, industrial ou fabril a mantén indivisa na súa sucesión hereditaria mediante atribución dela a un dos seus descendentes, artellándose en virtude dun pacto de mellora por ese obxecto, que adoita ter o que se chama a entrega de bens, é dicir, que se fai en vida do causante deste negocio xurídico. E o apartamento, outra xoia do noso dereito civil propio, que o que fai é un pacto entre o causante e o herdeiro, polo cal se exclúe irrevogablemente un lexitamario e toda a súa liñaxe da condición de herdeiro forzoso na sucesión do apartante a cambio de bens concretos, que tamén lle son adxudicados por este e son dados en vida. Polo tanto, o apartado recibe a súa herdanza lexítima por adiantado e a cambio el e a súa liñaxe renuncian a calquera dereito hereditario do causante. Ben, da importancia cuantitativa destes pactos de mellora e de apartamento eu non era consciente ata que no Colexio de Notarios de Galicia me certificaron ou informa-

ron de que desde o ano 2006 de aprobación da última lei de Galicia en Galicia se fixeron un número de 51.315 contratos sucesorios con transmisións de bens no presente.

E o problema que temos é que neste tipo de negocios a Facenda do Estado entende que existen dous tipos de ganancias patrimoniais. Loxicamente, a do herdeiro, que recibe unha ganancia patrimonial polo importe da mellora ou polo importe do patrimonio que se lle aparta para el, e que tributa polo tanto polo imposto de sucesións e doazóns; pero tamén existe unha ganancia patrimonial para quen fai a herdanza, que neste caso é ficticia e polo de valor de adquisición con relación ao valor de mercado que ten no momento da entrega. O problema é que o Estado entende que é unha transmisión *inter vivos* e non *mortis causa*, e líquídalle a quen fai a herdanza a plusvalía correspondente e incorpóraa nunha comprobación ou nunha inspección ao imposto da renda da persoa física do causante.

As consecuencias son dúas: a primeira é que quen recibe esa notificación de Facenda ten que recorrer e remata por gañar sempre no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, porque se entende que está exenta por ser *mortis causa* e non unha transmisión *inter vivos* como ocorre, por exemplo, nas doazóns; e a segunda cuestión é que evidentemente cada vez que vai a un notario unha persoa que di que quere apartar un fillo e o notario a advirte de que pode ter un problema que implica recursos ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para non tributar no IRPF, o problema é que se retraen moitas persoas de facer este apartamento.

Todo isto ademais conleva gastos. A Facenda autonómica deixa de ingresar como consecuencia de que hai persoas que non fan o apartamento ou a mellora, e a Facenda do Estado perde cartos nos recursos que presentan os particulares.

O feito é que tanto o Tribunal Económico Administrativo Rexional como a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio como a Avogacía do Estado defenden que, como é unha transmisión, aínda que teña a súa causa na morte, que se fai *inter vivos*, se produce esa ganancia patrimonial para aquel que fai a apartación ou a mellora.

Pois, en definitiva, señorías, con esta iniciativa, que esperamos que sexa apoiada por unanimidade, ¿que pretendemos? Aferrar molestias aos contribuíntes, conflitos innecesarios e que o Estado respecte a autonomía da vontade tal e como a

recoñece o noso dereito. Tamén pretendemos defender, como é natural, os intereses da facenda galega, porque insisto que son moitos os que renuncian a afacer este tipo de pactos sucesorios como consecuencia das implicacións que ten. Pero sobre todo, e non en último lugar senón no lugar máis importante, tamén para que quede clara a manifestación e o compromiso desta Cámara na defensa do que é unha das evidencias máis claras do noso existir como pobo, que son as institucións xurídicas incorporadas á Lei de dereito civil de Galicia, que é a expresión da creatividade de todos cantos formaron e formamos parte do noso pobo e das circunstancias históricas que acompañaron o noso devir pola historia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

¿Ve, señor Puy, como os españois non nos entenden, non? Parece que a facenda española non é capaz, nin o Estado español, de entender o noso dereito consuetudinario elevado a rango de lei, efectivamente, por este Parlamento na última ocasión no ano 2006, cando se aprobou a modificación da Lei de dereito civil de Galiza.

Parece que, a pesar das múltiples e numerosas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a pesar dos numerosísimos posicionamentos doutriniais por parte de moitísimos estudosos no ámbito do dereito civil e do dereito civil de Galiza, concretamente, parece que nin o Tribunal Económico Administrativo nin a Axencia Tributaria son quen de entender que estamos ante pactos sucesorios, a pesar de que curiosamente na propia Lei de dereito civil de Galiza, na Lei 2/2006, tanto a mellora como a apartación se regulan dentro do capítulo que esta lei destina á regulación dos pactos sucesorios por causa de morte.

Efectivamente, aquí a única discrepancia que parece existir entre a Axencia Tributaria e a interpretación que fai o Tribu-

nal Superior de Xustiza, e desde logo cal é a interpretación que figura tanto na literalidade pero sobre todo tamén no espírito e na práctica do dereito civil galego con carácter histórico, está en que se trata dunha relación contractual que nace como consecuencia do falecemento do testador ou de quen fai esa disposición de carácter sucesorio, con independencia de que se realice ese pacto antes de que esta se produza. Non estamos, en ningún caso, ante unha relación contractual *inter vivos*, porque, desde logo, ten a súa causa na morte do testador. E, polo tanto, cremos que é absolutamente oportuno trasladar desde o Parlamento de Galiza esta petición á Axencia Tributaria, mesmo ao Goberno do Estado, para que, de ser necesario, introduza con carácter taxativo que as transaccións con carácter de pacto sucesorio que se realicen ao abeiro do establecido nas regulacións de dereito civil propio das comunidades autónomas teñan a consideración que nas ditas leis se lles dá, que neste caso é a de *causa mortis*.

Nós presentamos unha emenda á súa parte resolutiva que non altera creo que no máis mínimo o que vostedes formulaban, simplemente por unha cuestión de eficacia. Xa que o único que se publica das iniciativas que aquí aprobamos é a parte resolutiva, para que quede claro que efectivamente o que estamos nós defendendo da xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza é que o carácter destas transmisións é precisamente o de por causa de morte dos pactos sucesorios de mellora e apartación realizados ao abeiro da Lei de dereito civil de Galicia. É polo que pedimos que iso se poña expresamente na parte resolutiva da iniciativa que hoxe imos aprobar e que, desde logo, votaremos favorablemente.

Tamén cremos que hai outra cuestión que colateralmente ten que ver con este asunto, non co dereito civil galego pero si coa liquidación dos impostos de sucesións, e que trae causa da situación de discriminación que viven as persoas galegas residentes no exterior, que, como consecuencia de que non se lles aplica a lei autonómica –polo tanto, non se lles aplican tampouco os descontos ou as, digamos, melloras fiscais autonómicas en materia de impostos de sucesións–, se ven obrigados a tributar polo valor real e total dos bens que herdán, no caso das sucesións, cun tipo que oscila entre o 7,65 % e o 34 % dese bens, tal e como establece a normativa básica de carácter estatal. A nós parécenos que é altamente discriminatorio que, en caso de falecemento dos pais, un irmán que viva en Galiza ten o 99 % desa herdanza exen-

ta de tributación e que o outro irmán teña que tributar polo cen por cento, e ademais cun tipo moi superior. E, polo tanto, nós o que formulamos con esta emenda de adición que lle presentamos é que se traslade á Axencia Tributaria a necesidade de contemplar que os galegos residentes ausentes poidan acollerse á tributación do imposto de sucesións...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...conforme a lexislación galega nesa materia, tomándose como referencia o último domicilio coñecido no noso país ou, no seu defecto, o domicilio no que figure inscrito no censo de residentes ausentes.

Hai que dicir –e remato, señora presidenta–...

A señora PRESIDENTA: Si, remate xa, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...que se nós non lle facemos esta petición ao Goberno, o que vai acabar pasando é que en aplicación da sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza aínda nos van acabar cercenando a competencia que temos nesa materia, porque precisamente o fondo do que cuestiona o Tribunal de Xustiza da Unión Europea é que en Galiza teñamos a capacidade para regular esta materia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Alguén ten que facer o traballo sucio, por iso me encargan a min apoiar esta iniciativa do partido Popular. (*Risos.*) Ben, pouco que dicir. Esta é a mellor demostración de que eu teño un trato discriminatorio no meu grupo.

Pouco que engadir, estamos de acordo coa proposición. É correcta. E nós, por dar unha volta de tuerca respecto da emenda do BNG, cremos que a emenda do BNG vai no sentido correcto porque insta a Administración tributaria pero cremos que hai que ir máis alá e hai que instar á modificación da normativa legal. Polo tanto, a nosa emenda di que “o

Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, vista a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea do pasado 3 de setembro, se dirixa ao Goberno do Estado para os efectos da introdución das medidas legislativas oportunas dirixidas a evitar a discriminación na tributación dos emigrantes e residentes ausentes, dentro das cales debe incluírse unha nova redacción do artigo 32.48 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, do sistema de financiamento das comunidades autónomas, coa debida salvagarda da competencia autonómica na materia”.

Dito isto, esperamos que se teña a ben en apreciar, e nada máis. Só dicir, por non quedar con mal corpo, que se o criterio do entendemento da nosa Lei de dereito civil vai ser a mesma que o entendemento que teñen cara ao sentimento do pobo catalán, pois non nos vai ir moi ben con este goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Socialista, ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Moi boas tardes.

Grazas, presidenta.

A iniciativa que propón hoxe aquí o Partido Popular di que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que demande da Administración tributaria estatal que teña en conta os pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a tributación dos pactos de mellora e apartación no IRPF. Evidentemente, nosoutros tamén imos apoiar esta iniciativa, non pode ser doutra maneira. E ademais o Partido Socialista, sempre que vostedes propoñen calquera iniciativa que vemos lóxica e boa para os cidadáns, coma esta, sempre a apoiaremos, e poden vostedes apelar ao consenso. Claro, o que non apoiaremos é se o que queren é maquillar o que fai a proposta de iniciativa. Non é o caso; polo tanto, terán o noso apoio.

Non fixemos emendas, e non fixemos emendas porque entendemos que desta maneira, deste xeito, supoño que o Partido Popular intentará que isto prospere na Administración do Estado e que a Axencia Tributaria pois corrixa isto que están a ter que corrixir os tribunais, como ben dicía o señor Puy.

¿Por que apoiamos esta proposta? Porque esta proposta que está a pedir é unha consecuencia dunha lei nosa, a Lei de dereito civil de Galicia, unha lei do ano 2006. E nós, evidentemente, defendemos o autogoberno e tamén defendemos as iniciativas que se aproban aquí neste Parlamento. Polo tanto, entendemos que temos que defender o que nela hai.

Tamén hai que dicir que é bo que vostedes fagan esta iniciativa para aclararlle ao Goberno as distintas sensibilidades territoriais que hai, dado que ultimamente parece que tamén teñen algún problema con estas cousas.

Tamén a apoiamos porque, de non facelo, entendemos que se estaría a tratar de forma desigual –fiscalmente falando– unha persoa que aparta a un herdeiro en vida que se o fai no seu falecemento. Evidentemente, o problema aquí xorde, como se explicou, co apartante, non co apartado, que tributa polo imposto de sucesións e doazóns. Desde o noso punto de vista ¿onde está o problema? Pois en encaixar xuridicamente unha figura que se regula na lei, a da apartación, que recoñecendo que é unha figura xurídica *sui generis* entendemos que se trata dun pacto sucesorio. ¿Por que? Porque entendemos que é un pacto de non suceder, é aquí onde está a clave. Xa que o apartado recibe en vida uns bens a cambio de que, cando faleza, pois quedar fóra da herdanza, como herdeiro forzoso.

Polo tanto, entendemos que a Axencia Tributaria ten que modificar o seu criterio. E ¿por que falo de criterio? Porque creo que podería interpretar ben a norma. E dígoo xa que, se se aplica o artigo 33 da Lei do IRPF, onde se regulan as ganancias patrimoniais, evidentemente o que ocorre aquí é que, se non falece o apartante, o que a Axencia Tributaria entende é que hai unha valoración dos bens que son da persoa que se aparta. Para entendernos, se unha persoa lle deixa ao apartado un ben que comprou por 100 e a Axencia Tributaria interpreta que agora vale 150, ten un incremento de valor de 50. ¿Que ocorre? Se isto mesmo ocorrera na morte do apartante co mesmo ben, exactamente nas mesmas circunstancias, esta persoa non tería que tributar polo IRPF. Evidentemente a declaración non a faría el, que a farían os seus herdeiros.

Polo tanto, entendemos que o que ocorre é que a Axencia Tributaria interpreta mal o artigo 3.b), do punto 33, onde di

que “*están exentos de la ganancia patrimonial con ocasión de las transmisiones lucrativas por causa de muerte del contribuyente*”. Entendemos –aínda que non fixemos así a emenda porque entendemos que vostedes o farán– que habería que incluír neste apartado 33.3.b) que tamén sería no caso de pactos de mellora ou de apartación. Non obstante, deixámolo a xuízo seu e da Axencia Tributaria, esperando que se deixen de producir os problemas que está causando este tema.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Se non se me malinterpreta, ao señor Sánchez quixera demostrarlle que aos do Partido Popular nos gusta o cine, e ten vostede que recoñecer que lle fixemos unha oferta que non pode rexeitar con esta proposición non de lei.

Dito isto, eu agradezo o apoio de todos os grupos, porque creo que é moi importante que a Axencia Estatal Tributaria, que o único que está a facer é seguir consultas vencellantes da Dirección Xeral de Tributos que non respectan o dereito civil de Galicia, ten que deixar de aplicar ese criterio de entender que un pacto sucesorio, porque se realice en vida daquel que fai a apartación ou en vida de quen fai a mellora, con entrega de bens, constitúe o que non é, unha transmisión ou unha doazón *inter vivos*, senón que é unha figura específica do dereito civil de Galicia. Por iso tampouco diría eu que é como dixo o portavoz do Grupo Socialista, unha figura *sui generis*. É unha figura explícita, específica, do desenvolvemento do dereito propio de Galicia.

En relación coas emendas, eu tamén coincido co señor Sánchez –e gústame máis a redacción da súa emenda en relación coa modificación normativa para que os residentes ausentes en Galicia tributen polo imposto de sucesións e doazóns de Galicia e non polo estatal– en que eu creo que o que hai que facer é unha modificación da normativa do IRPF. E sobre iso –eu supoño que non o saben–, a raíz da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que dicía que había unha discriminación porque había un trato

desigual aos residentes ausentes na tributación do imposto de sucesións, o Grupo Popular presentou na tramitación actual da reforma da Lei do IRPF no Senado unha emenda na que directamente se di que será o que di vostede, o último domicilio, a referencia da tributación no imposto de sucesións, co cal hai igualdade na tributación. Sen embargo, hai outro problema que vostedes non dan na súa emenda, que é quen queda con esa recadación. Porque non queda a Xunta, é o Estado, que esa é a cuestión. Ese é un tema de financiamento autonómico, que eu creo que merece outra proposición non de lei, e que merece un pronunciamento deste Parlamento para cando se produza a reforma do sistema de financiamento autonómico.

Eu, en todo caso, estou disposto a falar do texto da iniciativa, do noso texto, se cre que é preciso, eu non teño ningún inconveniente en que o falemos. Agora, eu penso que é conveniente neste momento, sobre esta cuestión, mandar unha mensaxe clara á Administración tributaria. Outra cuestión é a da reforma legislativa que está en marcha, e teremos que falar dela cando falemos do financiamento autonómico.

En todo caso, estou disposto a falar cos grupos para os efectos de concretar a redacción final, agradecendo unha vez máis o apoio unánime dos grupos a esta proposición non de lei, que ten, creo, relevancia política polo que implica de defensa dos contribuíntes, de defensa dos intereses da facenda galega e, sobre todo, do respecto ao dereito civil propio de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Resolución pola que se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña de alta tensión entre O Irixe e Lalín

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Adán.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a paralizar a resolución pola se autoriza o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal LAT 132 kV O Irixo-Lalín para modificar a afección á Fraga de Casas Vellas e o rego da Quintela. Dita modificación asumirá o estudo do soterramento entre Catasós e Moneixas seguindo o trazado da N-525 como opción preferente. Asemade, demandarase do Concello de Lalín o inicio do expediente para a declaración das Fragas de Casas Vellas e rego de Quintela, continuación do Monumento Natural das Fragas de Catasós, de Espazo Natural de Interese Local.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa noite.

Permítanme, dado que posiblemente sexa a última cuestión que se debata no día de hoxe, que faga un recoñecemento e un recordo, porque hoxe fai sete anos da morte, do asasinato, de Carlos Palomino polos fascistas en Madrid. E creo que é bo recordar nestas cámaras estas situacións. *(Aplausos.)*

Antes, o meu compañeiro Antón falaba do traballo sucio de defender unha proposta do Partido Popular, pero era unha estratexia, unha estratexia que ten como obxectivo que o señor Román –que é veciño de Lalín– entenda que é necesario votar a favor das propostas da oposición que pretenden acabar con esta barbarie.

Hoxe traemos a debate unha proposta que xa foi substanciada nunha comisión deste Parlamento para tratar de paralizar o que para nós é un atentado, non só contra a biodiversidade, contra o medio ambiente, senón contra a memoria do noso pobo. E iso é a intención de que unha liña de alta tensión, O Irixo-Lalín, pase polo medio da fraga de Casas Novas. Entrarán na política ao peso que fai o Partido Popu-

lar de discutir se se van afectar 2.000 carballos, 3.000 ou 200. Eu creo que non se debe de afectar ningún, non é unha cuestión de cantidades, senón da calidade do que vai ser afectado.

E diríxome ao señor Román porque el non hai moito tempo, alá polo 2009 cando se falaba da necesidade de preservar o entorno de Barcia, dicía claramente que era un entorno irreplicable, que era un símbolo da comarca e de Galicia, que era necesario que en Lalín se crease unha rede de espazos naturais que fomentasen o coñecemento da natureza e mellorasen o turismo, e que, ademais, naquel entorno, aínda que xa estaba protexido polo plan xeral, era bo que se dera un paso adiante.

Bueno, eu pídlle que asuma estas verbas que vostede dixo no 2009 sobre o tema de Barcia para plantexalas sobre a fraga de Casas Vellas, a situación é exactamente igual. E vostede na comisión dicía que había dous intereses contrapostos, e dixo unha verdade coma un mundo: o interese na preservación do noso, do noso entorno, do medio ambiente, ou o interese económico dunha multinacional; unha multinacional privatizada que o único que quere é reducir custos. E por iso vostedes, que están a soldo das multinacionais, pois prefiren defender o interese desta multinacional que defender o interese do conxunto dos veciños, que están a pedir que se conserve un entorno único e privilexiado.

Por iso nós lle estamos plantexando que non só é necesario senón imprescindible que esta actuación non se leve a cabo. Porque é xa un dos poucos exemplos de bosque autóctono perfectamente conservado, que ten o seu valor natural, pero tamén etnográfica. Os que tivemos a oportunidade e a sorte de visitar o lugar, temos que recoñecer que é un lugar único, un lugar único pola súa beleza natural, pero tamén polas historias e a vida que alí existe. Todos puidemos coñecer a fermosa historia da pedra da serpe, ou da casa da serpe, todas esas cuestións que tamén están hoxe en perigo, simplemente porque unha multinacional pretenda aforrar uns poucos cartos.

E ademais dígoos –igual que falo da hipocrisía, que pode existir se non se acepta esta proposta por parte do Partido Popular a respecto do que dicía no 2009 e o que din agora– desta multinacional, Unión Fenosa. Unión Fenosa, que ten estes días ese indecente anuncio que di aquilo de “hai verbas

que significa moito, como un apelido”. Fala da nosa forma de ser, dos nosos valores, dos nosos apelidos, Fenosa comprometése con... ¿Con que se compromete Fenosa? Cos cartos, co beneficio, dálle igual absolutamente todo. O peor é que teñan gobernantes que sexan capaces de defender eses intereses por encima dos intereses do futuro da súa comarca.

Porque seguro que é necesaria unha nova liña de alta tensión para Lalín, seguro que é necesario que esa liña permita que a estación de Lalín teña dous accesos de enerxía e non un só. De seguro que é verdade. Pero iso sería realidade se non existise alternativa, pero existe unha alternativa, a alternativa de que a liña sexa soterrada por onde está a carretera nacional. ¿Cal é o problema desa actuación? Que é máis custosa, simplemente ese é o problema da actuación. Non hai ningún documento que determine que esa alternativa que propoñen os veciños e a maioría social de Lalín sexa inviable. A única problemática desa actuación é que é máis cara que esa liña recta por encima dun valor natural incalculable, incalculable.

É certo que nós cometemos algún erro na redacción da proposta, é certo, non llo vou negar porque sei que vai vostede vir por esa liña. Pero a realidade é que o maior erro que se pode cometer é acabar cun espazo que ten unha historia irrepitible, xa acabaron vostedes con moitos sitios de personalidade no entorno. Todos sabemos o que pasa, por exemplo, co castro de Catasós. O outro día, cando visitabamos a fraga, dicía alguén que en vez dun castro parecía un “castro tecnolóxico”, porque é o único castro que ten todo tipo de conexións: telefónicas, de wifi..., absolutamente asolagado pola modernidade, que fai que a súa riqueza histórica quede nun segundo plano.

Foron vostedes tamén, e outros gobernos, os que permitiron que en moitos entornos desa comarca sexa imposible visitar unha fraga, un bosque, nin sequera un espazo natural, sen observar as aberracións dos viadutos do AVE. Son vostedes tamén os que permiten que en entornos únicos deses lugares as construcións ilegais campen ás súas anchas porque os seus gobernos son como son neses entornos.

Por iso, non podemos consentir este novo ataque, por iso non só é Alternativa Galega de Esquerda, son decenas, miles de veciños que lles están dicindo a día de hoxe que non se pode consentir esa aberración, máis de 2.631 firmas dixitais

e preto de mil e pico absolutamente físicas en folios están xa no poder da plataforma que defende que outra alternativa é posible para esa liña de alta tensión.

Deberán vostedes explicar por que non aceptan esta cuestión. E deberán explicar a eses veciños de Lalín, onde vostedes tamén teñen responsabilidades de goberno, cómo é posible que, entre defender os veciños e defender unha multinacional, vostedes plantexen defender unha multinacional.

E dicíao na comisión: este é un proxecto que leva moitos anos encima da mesa, é un proceso que ten que ver coas necesidades de demanda enerxética de Lalín. ¿Pero cal é a situación industrial a día de hoxe de Lalín? ¿Por que Lalín está esmorecendo industrialmente? Polas políticas económicas do Partido Popular. E precisamente agora, cando seguramente haxa menos interese de demanda desta enerxía, é cando vostedes poñen o acelerador para sacar adiante esta infraestrutura, que é un auténtico atentado e unha aberración contra a memoria. Estaremos acabando coa memoria, pero tamén estaremos acabando con aquilo que lles podemos deixar ás xeracións futuras. Cando xa no conxunto do país, na nosa costa, en moitos lugares do país, non existe xa ningún tipo de bosque autóctono, non podemos permitirnós que se acabe con aqueles que teñen un valor singular como este; un valor singular pola súa cantidade, pola súa calidade, polo número de especies únicas, incluso, na comarca, que se atopan nel. Apenas hai un pino manso en toda a comarca, e atópase nesta fraga.

Polo tanto, vostedes dirán cal é o interese que pretenden defender con esta actuación, e vostedes explicarán por que non é posible que esa proposta dos veciños de que se faga pola carretera nacional saia adiante.

Unha vez máis, vostedes teñen que poñerse diante dos electores e decidir a quen defenden, as multinacionais, os poderosos, ou a maioría social. Claro que, cando os que gobernan están moi pendentes das portas xiratorias, cando dende os consellos de administración ao goberno e desde o goberno aos consellos de administración é moi fácil transitar, o que hai detrás é un interese por defender os criterios económicos e non defender a necesidade da sociedade.

O capitalismo está exercendo violencia contra a xente, pero tamén contra o medio. E este é un exemplo de como o capi-

talismo vai acabar con este país, acaba coas persoas, pero tamén co medio que as acolle.

Eu espero que teñan un pouco de dignidade e non tomen esa decisión. E se é difícil esa decisión, pídolles que, como xa fixemos moitos, e como fixeron aqueles que son da comarca –eu tamén o son, aínda que a medias–, visitemos ese entorno. Porque estou convencido de que, se queda un pouco de humanidade nos corazóns dos membros do Partido Popular deste Parlamento, soamente con pasar media hora nese entorno, entenderán que ese entorno non pode ser atacado, que ese entorno está gritando que o defendan, que cada unha desas árbores ten unha historia que contar e que, polo tanto, este país non vive só dos resultados económicos das multinacionais. Porque, ademais, ¿cal vai ser a contraprestación desa multinacional aos veciños de Lalín? ¿Vailles saír máis barato o recibo da luz ou van continuar pagando a luz a uns prezos desorbitados a cambio de acabar co seu entorno?

Temos a oportunidade –seguro, ademais– de que, se esta fin de semana imos todos xuntos coller unhas castañas á fraga de Catasós, seremos capaces de volver aquí e dicirlle a Unión Fenosa que non, que por moito que sexa unha multinacional non pode pasar pola nosa historia, non pode pasar por encima dos nosos veciños, e non pode pasar por encima do territorio que nos sustenta e que nos dá a vida.

Por iso apelo a esa conciencia de que o que é xusto hai que votalo, como imos facer nós coa proposta anterior, para que voten a favor desta proposta. E se non lles gusta a redacción, se cren que hai un erro na propia redacción, dámoslles a oportunidade de aceptar a emenda, por exemplo, do BNG, ou aceptar calquera outra proposta que permita que iso non saía adiante. E, se non, dende logo espero que lles pasen factura, e sobre todo ao portavoz do Partido Popular, que é de Lalín...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...e coñece o que significa este atentado contra o medio ambiente. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boa noite, señoras deputadas, señores deputados.

Hoxe traemos aquí unha emenda a unha iniciativa que xa no seu espírito, como comentou o voceiro que me precedeu, foi debatida a semana pasada en comisión. É un tema moi importante, un tema moi importante para Lalín, pero é un tema moi importante para Galiza polo que significa simbolicamente falar das poucas fragas que quedan. Calquera que coñeza a comarca do Deza, sabe perfectamente cales foron as barbaridades que se fixeron e o impacto medioambiental que tiveron. Xa que vostede ri, señor Román Rodríguez, eu recordo, cando se fixo Lalín 2000, unhas afirmacións do Partido Popular sobre que as árbores non son industrialmente produtivas. Mágoa que anos despois tampouco foran industrialmente produtivas moitas das naves que alí se construíron.

Pero iso xa é historia, hoxe miremos para o futuro. Temos diante un problema. Xustamente á beira dun monumento natural, como son as fragas de Catasós, neste momento pode pasar unha liña de alta tensión. Temos que resolver ese problema. As propostas que hai enriba da mesa por parte de Unión Fenosa e que está valorando neste momento o Concello de Lalín son que se eleve máis o tendido eléctrico, o cal ten un impacto semellante porque queda afectada completamente toda a zona e aínda cun impacto visual maior, ou que haxa un soterramento parcial pola fraga, o cal xa a propia Unión Fenosa di que non pode ser.

Entón, ¿cal é a posibilidade que ten neste momento enriba? –eu tráioo aquí, seguramente que vostede coñece todo o *dossier de Non á destrución do patrimonio natural*, da plataforma Salvemos Catasós–. É o soterramento seguindo a N-525. No debate que tivemos en comisión, vostede, señor Rodríguez, dicía que iso significaría a paralización completa e a volta a iniciar todo o proceso. Despois de informarnos, o que se nos di é que non, que é posible paralizar esa resolución que deu a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que se analice o trazado que neste momento está a debate polo seu impacto medioambiental, que se analice a posibilidade de que sexa soterrado todo o que sería dende Catasós, seguindo o trazado, ata Moneixas, ata que sae do soterramento na entrada de Lalín. E nós incluímos a emenda para dar unha protección maior, que o concello analice a posibilidade de

declarar as fragas de Casas Vellas e o rego da Quintela, que son a continuación natural das fragas de Catasós, como un espazo natural de interese local.

Claro, é que coas leis que temos na man, efectivamente, se entendemos que este é o linde do monumento natural das fragas de Catasós, non podería pasar un tendido eléctrico, non podería. Efectivamente, non podería pasar ese tendido eléctrico –vostede asentía coa cabeza–. Hoxe nós presentamos unha emenda que cremos que pode dar un texto, un texto transaccionado, como o que fixemos na comisión o outro día, que mostre se o Partido Popular ten vontade de modificar o trazado ou de marear os veciños e veciñas de Lalín. Porque vostede di que realmente lles preocupa, que queren o menor impacto medioambiental, que queren manter intactas as fragas. Pois entón ¿por que non someter a Fenosa a posibilidade de que se soterra a liña? ¿Porque é máis caro para Fenosa? Non será un problema do Concello de Lalín, non será un problema da Dirección Xeral de Minas, dende logo que non será un problema deste Parlamento, a conta de beneficios de Gas Natural-Fenosa, que por moito que nos diga que ten apelido galego o único que ten neste momento é ganas de espoliar o pobo galego, e así quero dicilo. Porque os seus beneficios están en grande parte sendo a custa do medio ambiente galego, ben sexan hidráulicas, ben sexa neste caso cos seus trazados das liñas de alta tensión. Por iso, nós temos, dende o Bloque Nacionalista Galego, verdadeira preocupación polo que ocorra neste Parlamento a respecto da fraga de Casas Vellas.

Señor Rodríguez, o que si que está mal é dicir que estamos buscando solucións facilonas –literalmente cítoo, porque é o que lin na prensa–. Non, non queremos solucións facilonas, queremos solucións que garantan a pervivencia das fragas, que garantan a pervivencia. En ningún momento dende o BNG se dixo que se volvera comezar o expediente, senón que se busque... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Entre paralizar e comezar o expediente hai unha diferenza moi grande, e vostede sábeo. Por iso nós pedimos hoxe un texto que mostre se vostedes teñen vontade de revisar de verdade o tendido das liñas de alta tensión e apostar por soterralo ou vostedes están de parte

de Fenosa. Teñen que decidir, de parte das fragas e dos veciños e veciñas que as defenden...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...ou de parte de Fenosa. A decisión é de vostedes. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra don Pablo García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar esta iniciativa sexa nos termos que sexa, tanto se se acepta esa emenda coma se non. E concordamos co que aquí se ten dito. Eu non vou reiterar, nin sequera reproducir frases históricas que se dixeron, nomear a poetas que escribiron baixo eses castiñeiros, a Emilia Pardo Bazán, que foi ao pazo... Non, vou intentar desvincularme diso e plantexar o tema o máis obxectivo posible.

Coincidimos, señor Román, en que o trazado da liña de alta tensión O Irixo-Lalín destrúe esa fraga. E non vou contabilizar se son tampouco 200 nin 500 nin 600, nin se son máis carballos ca robles, nin se cantos anos teñen os carballos ou os robles, tampouco. En todo caso vostede e mais eu sabemos que son uns carballos e uns robles enormes e que levan alí moitísimos anos. Deixámolo aí.

E imos á orixe do problema. No ano 2007 plantéxase este proxecto, preséntase este proxecto onde se di que se van gastar 10 millóns de euros –no ano 2007–. Cando se retoma este proxecto no ano 2012 dise que só hai 5 millóns de euros, 4,6 millóns de euros. E esa é a orixe do problema, non lle deamos máis voltas, esa é a orixe do problema. Son uns 22 quilómetros de lonxitude, 20 aéreos e 2 que van soterrados. E ese proxecto tamén xa sufriu modificacións, de feito tivo que apartarse dun castro, no proxecto inicial, tivo que apartarse tamén porque se cruzaba co camiño da Vía da Prata. E o 10 de setembro fanse os primeiros traballos de levantamento de actas previas.

E aínda que en Lalín ou aos que somos da zona ou coñecemos a zona nos toca dalgunha maneira máis o corazón –podémoslle poñer todo o sentimentalismo que queiramos–, pero sacando a parte afectiva, este é o *modus operandi* de

Unión Fenosa en Galicia ao longo de toda a súa historia. E calquera que tiveramos a desgraza de atoparnos cos intereses enfrontados a Fenosa sabemos como operou Fenosa ao longo da historia neste país; e no rural moito máis, señor Román, ¿ou é que algunha vez...? Aquí aínda estamos falando de que vai pagar algo, ou a canto paga. A maioría dos tendidos eléctricos deste país puxéronse gratis, con arbitrariedade total, onde Fenosa quixo, cando Fenosa quixo e como Fenosa quixo. Ese foi o *modus operandi* na maioría dos casos ao longo deste país e ao longo desta historia. Por suposto, sen ningún tipo de contraprestación nin de dereito nin de defensa nin de absolutamente nada.

Este é o *modus operandi*, e un *modus operandi* que sempre necesita duns cómplices, en calquera atraco é moi importante os que quedan no coche para arrancar, (*Risos.*) fundamental. E neste caso neste atraco hai dous cómplices que quedaron no coche, que son claramente a Xunta de Galicia e o Concello de Lalín, que foron os que esperaron no coche, así de claro. ¿Onde estaba o Concello de Lalín cando na fase oportuna, como administración local, puido realizar as alegacións oportunas? Non estaba. ¿Onde estaba o Concello de Lalín na fase de exposición pública, cando, no ano 2012, houbo moitos afectados que fixeron alegacións? Non estaba. ¿Onde estaba o Concello de Lalín cando daquela tamén outro grupo de veciños e unha asociación interpuxeron un recurso de reposición ante a Consellería de Industria? Non estaba. ¿Como fai a Xunta de Galicia os informes e as declaracións de impacto ambiental? Porque hai unhas declaracións de impacto ambiental e uns informes de Industria que din que esa liña vai moi ben por encima desa fraga. Nalgún sitio ten que dicilo, porque, se non, non se podería facer. Entón, ¿con que criterios están elaborando os informes de impacto ambiental e os informes da Consellería de Industria? ¿Quen os fai? ¿Quen é o señor que os firma? Non sei, haberá uns informes que digan que efectivamente o mellor trazado é ir polo medio e medio da fraga de Casas Vellas, porque, se non, non se explica.

E, señor Román, eu do que me sorprendín foi de que non trouxera aquí a emenda que vostede propoñía. Leo textualmente: “Instar a Xunta a dirixirse a Fenosa para que non comecen os traballos ata que estean avaliadas alternativas para o trazado ou variación da dita liña co fin de minimizar a súa incidencia ambiental”. ¿Pero non se supón que iso xa está avaliado? ¿Ou é que a Xunta de Galicia concedeu todos

eses permisos sen avaliar ese impacto ambiental? Só lle faltou engadir “polo menos ata que pasen as municipais”, que é o que vostede verdadeiramente queredes emendar. É o que vostede e o seu alcalde lles dixeron hai un minuto na reunión ás asociacións, que aquí o tema é: A ver, imos esperar a ver se pasan as municipais. E ese é o problema, señor Román.

Entón, a nós válenos calquera fórmula, salvo a súa, que é non iniciar a obra ata que pasen as municipais. A nós esa non nos vale, o resto válenos: derrogar o proxecto, mirar alternativas, retomar o que xa está..., salvando que haxa que volver empezar o proceso...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor García, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: O que non nos vale, señor Román, e do que vostede hoxe non pode escapar é, efectivamente, non pode dicir unha cousa en Lalín e outra aquí. E só hai dúas opcións, ou está do lado de Fenosa ou está do lado das fragas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Non hai máis opcións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Fajardo, obviamente eu creo que vostede tocou aquí de oídas, fixérono tocar de oídas, porque lle escribiron unha partitura onde a letra está mal. Porque, mire, vostede na súa exposición de motivos di literalmente que o proxecto pretende invadir parte do monumento onde se sitúan os castiñeiros máis grandes de Europa. E vostede, na súa parte resolutive, di “pola súa afección á fraga de Catasós”. E vostede, unha vez que foi aí –foi aí un día– sabe perfectamente que este espazo delimitado é o ámbito da carballeira da fraga de Catasós. E estamos a falar dunha liña que pasa a máis dun quilómetro e que non conforma unha unidade funcional nin

morfolóxica nin paisaxística. Podería ser, pero, bueno, se falamos así poderíamos falar practicamente de todo Lalín. (*Murmurios.*) Estamos falando de que hai unha carreteira nacional, de que hai unha agra, e que mesmo a fraga que vostedes plantexan ten prados no medio, non ten unha continuidade física, etc. Co cal, se se toca de oídas coa intención de maximizar o problema, pois o resultado chega a ser ese.

Miren, falan vostedes da nosa emenda. Nos presentámola a semana pasada, e vimos que non tiñan ningún interese en preservar o arborado autóctono. Entonces non a presentamos a conciencia neste caso, porque sabemos que non a van aceptar. Porque vostedes realmente teñen outras intencións, intencións políticas, e lícitas, pero realmente vostedes non están por buscar unha situación de consenso.

¿Espazo irrepertible? Por suposto, Lalín ten moitos espazos irrepertibles: a fraga de Catasós, a de Barcia, a da Crespa, a do Rodo...; hai máis de 6.000 hectáreas de arborado autóctono, señor García. E aquí non se trata de enrocarse nunha soa postura, aquí hai que defender os intereses ambientais e dos veciños, por suposto. Os intereses ambientais hai que defendelos, por suposto, pero tamén hai que defender non a Fenosa senón os 20.000 veciños de Lalín e gran parte da comarca, as máis de 17.000 familias que teñen enganches que dependen dunha subestación; 17.000 enganches que dependen dunha subestación que ten só unha entrada enerxética, que non está anillada. E hai un risco de que haxa un problema, porque xa os houbo no 2006. E vaian vostedes a Lalín a dicirlles que, bueno, que é mellor que non estea anillada porque “no pasa nada, no hace falta porque las empresas van mal”. Vaian vostedes dicírllelo como o dixeron aquí.

E aquí non se defende a Fenosa, deféndense os intereses daqueles veciños que están interesados en preservar a calidade ambiental e o arborado autóctono –e nós estámolo–, pero tamén daqueles outros, de todos os veciños, que dependen enerxeticamente dunha infraestrutura que, queirámolo ou non, é necesaria.

E, señor Fajardo, eu pódolle dicir con toda a tranquilidade do mundo que eu non estou a soldo de Fenosa; é máis, eu págolle a Fenosa relixiosamente todos os meses. ¡Todos os meses lle pago a Fenosa, como supoño que farán vostedes!, como para dicir que estamos a soldo.

Miren, nesa reunión que citou o señor Pablo García –non sei quen o informou– eu estiven nela. Non sei quen o informou a vostede malintencionadamente, pero eu estiven nela e sei o que se dixo aí. E voulle dicir o que dixo Fenosa aí, a proposta que fixo Fenosa nesa reunión. Propón unha elevación da estrutura do cableado que vai afectar a seis árbores, a seis carballos –non a 2.000 nin a 700, a 6 carballos– situados entre o poste 54 e o 56, nos bordes xusto da masa arbórea. ¡Seis carballos, seis! E ademais Fenosa comprométese a plantexar un convenio, co Concello, coa Consellería de Medio Ambiente e cos afectados, no cal non vai talar ningunha das árbores autóctonas que hai debaixo da liña. Iso díxose nesa reunión onde eu estiven e non se falou nin de municipais, nin de intereses ocultos de Fenosa, nin de nada. Falouse de modificar a estrutura... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Falouse de modificar a estrutura que afecta a seis carballos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se a partir de aí vostedes me din que, claro, que isto non é unha solución... Mire, eu vivo aí, non vou de paseo un día, eu vivo aí. E, miren, vostedes poderán ter igual de cariño, preocupación, admiración por esta fraga –a mesma que teño eu, máis non creo, a mesma, eu xa non me poño por encima, teremos a mesma preocupación–. Pero, mire, sería moi irresponsable dicirlles a todos os veciños de Lalín e de parte da comarca, dentro duns anos, se hai un incidente ou se hai un accidente na liña de subministración de Belesar á subestación, que non fixemos nada para intentar compatibilizar ambos intereses, a preservación do arborado autóctono –repito, seis, ¡seis!, carballos–....

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...coa subministración enerxética a unha subestación que realmente está nunha situación de certo risco, porque de fallar a alimentación de Belesar, hai o risco (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), como xa pasou no ano 2006, de deixar a todos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Pero, ¡quen está a falar!

Remate, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Respecto do que vostedes plantexan, eu o que lles pido é que sexan racionais, que

sexan racionais. (*Murmurios.*) Só se afectan seis árbores autóctonas, só se afectan seis carballos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Si, remato, señora presidenta, só un segundo.

A señora PRESIDENTA: Remate xa, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: O que vostedes plantexan de soterramento, se se preocuparan de mirar o Real decreto 1048/2013 e o Real decreto 1955/2002, saberían que tecnicamente é inviable, e que implicaría...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...deixar a...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...Lalín (*Murmurios.*) en risco dunha subministración...

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez, remate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor García, faga o favor. ¿Quere que o chame á orde acabando a tarde? ¡Faga o favor!

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que poida fallar. Vostede e mais eu somos de aí (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez, remate xa, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Vostede e mais eu somos de aí...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Rodríguez!, ¡Señor Rodríguez, xa rematou! (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Rodríguez, chámoo á orde, ¡faga o favor!

(*Aplausos.*)

Eu pido, por favor, que se respecten os turnos da xente, nada máis. É o único que pido.

Ten agora a palabra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Pontón, a vostede tampouco lle pedín opinión.

Ten a palabra o señor Fajardo.

¡Señora Pontón, deixemos a tarde en paz!

Señor Fajardo, ten vostede a palabra.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, a verdade é que o que menos pensaba é que o pouco orixinal señor Román utilizase aquí o enfrontamento histórico Lalín-Silleda para dicir que eu toco de oídas. Son de Silleda, pero coñezo Lalín e a fraga perfectamente. Polo tanto, debería vostede ter coidado coas cousas que di.

Mire, primeiro, eu detecto en Lalín, cada vez que paseo por alí, que hai unha alarma social, non hai veciño de Lalín que non me pare preocupado polo aliñamento da subestación de corrente. E tanto é así que o que vostede non explica é que, que non pase pola fraga, non significa que non se poida facer por outro lado, que é o que lle estamos plantexando, e que non hai ningún informe técnico –e, se existe, póñao encima da mesa– que diga que iso non sexa posible, salvo por unha cuestión económica.

Pero, mire, levan vostedes hoxe aquí todo o día mentindo. Todos os portavoces do Partido Popular soben aí e empezan a mentir como cosacos. Voulle dar un dato. Di vostede que afecta soamente esa proposta de bombeiro a seis carballos. (*Murmurios.*) Mire, iso é onde se colocan os postes, pero as servidumes debaixo do tendido afectan a todos os carballos. E vostede, se é tan intelixente, e visita tanto eses entornos, dígame un só espazo, xa non lle digo de toda Galicia, dígolle do Deza, onde exista unha liña de alta tensión por riba de masa arbórea na que debaixo haxa árbores, dígame un só se é capaz de dicilo. Non existen, porque iso non é así, porque a realidade é que por onde pasa a liña, por debaixo, tamén se cortan as árbores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non nos conte aquí películas.

Por certo, vostede sabe coma min que o que hoxe dixo aquí está gravado e que, polo tanto, vostede terá que explicarlles aos seus veciños cal é a súa decisión. E a súa decisión, unha vez máis –e é a primeira vez que lle chaman á orde dende a Mesa–, foi defender as multinacionais antes que aos veciños. Foi tan belixerante vostede que foi capaz de deixar que o chamaran á orde, porque vostedes están a salario das multinacionais. No Partido Popular e nos gobernos non mandan os veciños ou os que en teoría representan aos veciños, senón que son as multinacionais quen decide o futuro do seu entorno. E vostede será responsable de que se acabe cunha parte da historia de Lalín, porque aí, nesa fraga, hai unha parte da historia de Lalín. É absolutamente inaceptable que continuemos co espolio, coa destrución do noso entorno natural. Cando xa non quede nada, poderemos trazar por calquera sitio as nosas liñas de alta tensión. Pero agora que apenas temos espazos coma ese que conservar, que no conxunto de Galicia se poden contar por centos, e non son demasiados, non é de recibo que vostedes aquí antepoñan o interese económico que outro. Poñan encima da mesa o informe real, o informe que determina a diferenza de custo entre que esa liña vaia pola carretera ou que vaia por encima

dos carballos. Poñan ese informe e o que vostedes defenden. Seguramente despois veremos como se fan campañas por parte do Partido Popular con grandes recursos económicos que virán, seguramente, daqueles que aforraron cartos con decisións políticas que van en contra da maioría social. Seis carballos onde van os postes, e por debaixo todos os que están na servidume. Non engane a xente. Cando os corten, irei eu con vostede e recordareille: seis carballos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: : ...¡seis carballos!, recordareillo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás 10.00 horas.

Boas noites.

Suspéndese a sesión ás oito e media da noite.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25